

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 94

Sesión plenaria
27 de setembro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do Proxecto de lei de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde (doc. núm. 41316, 11/PL-000015)

1.2 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, do Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia (doc. núm. 35140, 11/PL-000014)

Publicación do Ditame da Comisión, BOPG nº 381, do 16.09.2022

Publicación dos votos particulares, BOPG nº 381, do 16.09.2022

Punto 2. Comparecencias

2.1 41345 (11/CPP-000104)

Do presidente da Xunta de Galicia, por petición propia, para informar dos principais eixes e liñas estratéxicas dos orzamentos da Xunta de Galicia para o vindeiro ano 2023

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

2.2 40969 (11/CPP-000101)

Da conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta dos retos aos que se enfronta o sector do mar ante as últimas decisións da Comisión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

2.3 41266 (11/CPP-000102)

Da conselleira do Mar, por petición dos 19 deputados e deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar as accións que se van levar a cabo no futuro inmediato e as medidas que prevé adoptar fronte ás consecuencias da decisión da Comisión Europea anunciada o pasado día 15 de setembro sobre o peche de 87 zonas do Atlántico Nororiental para todas as artes de fondo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

Punto 3. Mocións

3.1 41085 (11/MOC-000111)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María

Sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios forestais (Moción a consecuencia da Interpelación doc. núm. 37467, publicada no BOPG núm. 376, do 8 de setembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 13 de setembro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022



3.2 41254 (11/MOC-000112)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre a política do Goberno galego respecto da autonomía e suficiencia financeira das entidades locais (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 16979, publicada no BOPG núm. 376, do 8 de setembro 2022, e debatida na sesión plenaria do 13 de setembro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

3.3 41255 (11/MOC-000113)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio**

Sobre o plan extraordinario de contratación de persoal sanitario nos meses de verán (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 35884, publicada no BOPG núm. 376, do 08.09.2022, e debatida na sesión plenaria do 13 de setembro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

3.4 41256 (11/MOC-000114)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a situación sanitaria en Galicia, especialmente da atención primaria (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 39779, publicada no BOPG núm. 376, do 08.09.2022, e debatida na sesión plenaria do 13 de setembro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

Punto 4. Propositions non de lei**4.1 5278 (11/PNP-000603)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa demora que existiran os informes do Instituto de Medicina Legal de Galicia e a insuficiencia dos seus centros e da súa dotación de persoal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

4.2 27682 (11/PNP-002442)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que defenda o sector do arrastre de fondo dos ataques que está a sufrir por parte da Comisión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 259, do 19.01.2022



4.3 35461 (11/PNP-003144)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e as que debe solicitar ao Goberno do Estado para garantir a función pública dos activos inmobiliarios de uso residencial en mans da Sareb

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

4.4 39622 (11/PNP-003384)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa prevención e extinción de incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 31.08.2022

4.5 39774 (11/PNP-003399)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para axilizar e complementar a atención primaria co desenvolvemento das competencias do persoal de enfermaría

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

4.6 40524 (11/PNP-003448)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das axudas destinadas aos sectores agrarios afectados pola situación económica derivada da guerra de Ucraína

Publicación da iniciativa, BOPG nº 379, do 14.09.2022

Punto 5. Interpelacións**5.1 40049 (11/INT-001967)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e dous deputados/as máis**

Sobre o servizo de transporte público por estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

5.2 40146 (11/INT-001970)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e tres deputados/as máis**

Sobre as políticas de prevención de incendios do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 379, do 14.09.2022



5.3 40462 (11/INT-001976)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre o sistema de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 379, do 14.09.2022

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 41325 (11/POPX-000077)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a valoración da xestión dos fondos covid destinados a sanidade logo dos informes do Consello de Contas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

6.2 41329 (11/POPX-000078)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a xestión dos recursos públicos dos galegos e das galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 37537 (11/POP-005421)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do compromiso do Goberno central con relación ao financiamento dos proxectos estratéxicos que ten Galicia no eido industrial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 02.08.2022

7.2 40585 (11/POP-006192)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis**

Sobre o concerto do cantante C. Tangana en Vigo patrocinado pola Xunta de Galicia dentro da programación de concertos do Xacobeo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 379, do 14.09.2022

7.3 41320 (11/PUP-000276)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel**

Sobre o impedimento por parte da Xunta de Galicia do exercicio do deber parlamentario de control da acción de goberno pola falta de resposta ás solicitudes de información dos deputados e das deputadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022



7.4 39521 (11/POP-006114)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis**

Sobre a consideración do Goberno galego respecto do que pretende o Executivo central coa reforma do Regulamento de Costas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 31.08.2022

7.5 41324 (11/PUP-000277)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre os fondos para financiar por parte da Xunta de Galicia o desconto do cincuenta por cento nos prezos no transporte metropolitano

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

7.6 39604 (11/POP-006119)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre a decisión da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de non cubrir as baixas por xubilación de tres docentes no Instituto de Ensino Secundario Virxe do Mar, de Noia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 31.08.2022

7.7 39616 (11/POP-006121)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis**

Sobre a supresión de trece docentes para o curso 2022-2023 no Instituto de Ensino Secundario A Sangriña, da Guarda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 31.08.2022

7.8 40118 (11/POP-006152)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre a regulación das familias monoparentais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 379, do 14.09.2022



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor presidente abre a sesión, informa de que non se xustificaron ausencias e dá paso á orde do día. (Páx. 12.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica que nesta sesión hai unha alteración da orde do día, que consiste en tramitar a comparecencia do señor presidente da Xunta de Galicia que figura no punto segundo. (Páx. 12.)

Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por petición propia, para informar dos principais eixos e liñas estratéxicas dos orzamentos da Xunta de Galicia para o vindeiro ano 2023. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. presidente da Xunta de Galicia (Rueda Valenzuela). (Páx. 12.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 25.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 30.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 33.)

Réplica do Goberno: Sr. presidente da Xunta de Galicia (Rueda Valenzuela). (Páx. 37.)

A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 42.) Nesta rolda interveñen o señor Álvarez Martínez (S) (Páx. 42.), a señora Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 44.), o Sr. Puy Fraga (P) (Páx. 47.) e o Sr. presidente da Xunta de Galicia (Rueda Valenzuela). (Páx. 50.)

Proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do Proxecto de lei de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en Ciencias da Saúde do Servizo Galego de Saúde. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente informa do acordo da Mesa, logo da audiencia favorable da Xunta de Portavoces, na reunión do 20 de setembro de 2022, relativo a proporlle ao Pleno da Cámara a tramitación polo procedemento especial de lectura única deste proxecto de lei, de conformidade co disposto no artigo 134.1 do Regulamento. (Páx. 53.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 53.), Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 56.) e Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 58.)



Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, do proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este proxecto de lei que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 60.)

Presentación do ditame: Sra. vicepresidenta da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo (Sanz Arias). (Páx. 61.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Seco García (S) (Páx. 62.), Sra. Fernández Gómez (BNG) (Páx. 68.) e Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 71.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sr. Seco García (S) (Páx. 76.), Sra. Fernández Gómez (BNG) (Páx. 77.) e Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 79.)

Rolda do Goberno: Sra conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 82.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da Proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única, do proxecto de lei de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en Ciencias da Saúde do Servizo Galego de Saúde: aprobada por 40 votos a favor, 32 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 82.)

Votación das emendas 18, 19, 22 e 27 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia: rexeitadas por 14 votos a favor, 58 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 83.)

Votación das emendas 11, 23, 25, 26, 55, 60, 61, 62, 63 e 65 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia: rexeitadas por 14 votos a favor, 40 votos en contra e 18 abstencións. (Páx. 83.)

Votación das restantes emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia: rexeitadas por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 83.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia: rexeitadas por 18 votos a favor, 40 votos en contra e 14 abstencións. (Páx. 84.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia: aprobado por 54 votos a favor, 18 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 84.)



Interpelación de D. Pablo Arangüena Fernández e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as políticas de prevención de incendios do Goberno galego. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Arangüena Fernández (S). (Páx. 84.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez). (Páx. 88.)

Réplica do autor: Sr. Arangüena Fernández (S). (Páx. 92.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez). (Páx. 94.)

A señora presidenta (Candia López) rógalle ao señor Arangüena Fernández (S) que, en aplicación do artigo 105.1, retire certas acusacións que fixo na súa intervención anterior. O señor deputado non as retire e a señora presidenta chámalo á orde e solicita que non consten en acta. (Páx. 96.)

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios forestais. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 96.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. González Albert (BNG). (Páx. 97.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Armada Pérez (P). (Páx. 100.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 104.)

A señora González Albert (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 106.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a política do Goberno galego respecto da autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 109.)

Intervención do grupos parlamentarios: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 111.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 115.)

Nova intervención da señora Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 118.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre o plan extraordinario de contratación de persoal sanitario nos meses de verán. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 121.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 121.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Carreira Pazos (BNG). (Páx. 125.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 129.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 132.)



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a situación sanitaria en Galicia, especialmente da atención primaria. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 135.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 136.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 139.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 143.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 147.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. Do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María González Albert, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios forestais: *rexeitada por 32 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 149.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo, sobre a política do Goberno galego respecto da autonomía e suficiencia financeira das entidades locais: *rexeitada por 32 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 150.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre o plan extraordinario de contratación de persoal sanitario nos meses de verán: *rexeitada por 32 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 150.)

O señor Torrado Quintela (S) solicita a votación por separado dos puntos 7 e 8 b) da moción presentada pola señora Prado Cores (BNG), que acepta a señora deputada. (Páx. 151.)

Votación dos puntos 7 e 8 b) da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre a situación sanitaria en Galicia, especialmente en atención primaria: *rexeitados por 17 votos a favor, 56 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 151.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás os puntos 7 e 8 b), xa votados, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre a situación sanitaria en Galicia, especialmente en atención primaria: *rexeitada por 31 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 151.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa demora que rexistran os informes do Instituto de Medicina Legal de Galicia e a insuficiencia dos seus centros e da súa dotación de persoal. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica a existencia dunha emenda do propio grupo autor da proposición non de lei. (Páx. 152.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx.152.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Carreira Pazos (BNG)* (Páx. 155.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 157.)

Nova intervención da señora Castro Rey (S). (Páx. 162.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que defenda o sector do arrastre de fondo dos ataques que está a sufrir por parte da Comisión Europea. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á proposición non de lei. (Páx. 164.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 166.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 170.) e *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 173.)

Nova intervención da señora Egerique Mosquera (P). (Páx. 177.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e as que debe solicitar ao Goberno do Estado para garantir a función pública dos activos inmobiliarios de uso residencial en mans da Sareb. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas á proposición non de lei. (Páx. 179.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Fernández Gómez (BNG)*. (Páx. 180.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Ojea Arias (S)* (Páx. 183.) e *Sra. Freire Vázquez (P)*. (Páx. 186.)

Nova intervención da señora Fernández Gómez (BNG). (Páx. 189.)

Suspéndese a sesión ás vinte e unha horas do serán.



Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do 22 de setembro de 2022, polo que non procedemos á súa lectura.

Non hai xustificación de inasistencias. Polo tanto, entramos na orde do día.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Empezamos cunha alteración, consistente, neste caso, en tramitar a continuación a comparecencia do presidente da Xunta de Galicia.

Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por petición propia, para informar dos principais eixos e liñas estratéxicas dos orzamentos da Xunta de Galicia para o vindeiro ano 2023

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o presidente da Xunta de Galicia, don Alfonso Rueda Valenzuela.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

É complicado conservar o optimismo cando as incertezas escurecen as perspectivas económicas e cando non se observa o final da espiral alcista na que estamos nos prezos da enerxía, cando todas as familias en Europa botan —botamos— contas para encher o carro da compra por culpa da inflación, cando o propio secretario xeral da ONU, António Guterres, nos insta para prepararnos ante un inverno de descontento. É difícil, polo tanto, manter o optimismo ante un escenario así. Pero, sendo difícil, é máis necesario ca nunca.

Creo que as galegas e os galegos estivemos construindo un tecido económico sólido durante todos estes anos, que, sen dúbida, agora nos vai axudar a amortecer o impacto deste escenario que se presenta tan adverso. Dispoñemos duns servizos públicos eficaces que agora teñen que actuar máis ca nunca con axilidade. Necesítase. Fixérono durante a pandemia, nun momento moi difícil, e sen ningunha dúbida téñeno que facer e vano facer agora.

As galegas e os galegos non van estar sós ante este horizonte tan incerto, non van quedar á intemperie. O noso pobo vai superar as adversidades coa mesma fórmula que nos axudou a saír a adiante noutros momentos difíciles: responsabilidade, estabilidade e unidade; ou, o que é o mesmo e se o prefiren, con sentidiño.



Neste escenario os responsables públicos, sen dúbida, temos reservado un papel singular e moi importante, temos que ser creadores de certezas, disipar dúbidas, ser fonte dun optimismo racional e prudente que nos axude neste treito do camiño. O inédito da situación que vivimos e a importancia do desafío que estamos afrontando e que imos afrontar nos vindeiros meses tanto os que temos responsabilidades de goberno como os que exercen responsabilidades de oposición —que tamén existen— é a razón pola que solicitei comparecer ante o Parlamento de Galicia para explicar as liñas mestras que están guiando neste momento, e durante estes meses anteriores, a elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma que se aprobarán polo Consello da Xunta de Galicia no vindeiro mes e que despois serán trasladados ao Parlamento para o seu debate e aprobación, —así o agardo—.

Evidentemente, non é obxecto desta comparecencia, nin vou facelo, debullar polo miúdo todas as actuacións. Hai moitas actuacións —poden imaxinalo— de todas as consellerías. Pero si quero deixar marcadas as liñas estratéxicas e as orientacións fundamentais destes orzamentos, porque as contas públicas non son simplemente un conxunto de partidas que deben executar once consellerías —iso tamén—, son moito máis, son o material co que hai que construír un proxecto de país ano a ano engadindo aos proxectos anteriores os que teñen que vir.

De nada serve a xestión se non tivésemos este proxecto. A nosa vocación consiste en achegar solucións a problemas concretos pero tamén en darlle unha coherencia, un sentido e un rumbo a todo ese conxunto de solucións; en definitiva, hai que ter un proxecto e hai que saber a onde nos temos que dirixir. E nós sabémolo. E tamén é estéril dispoñer dun proxecto se non se sabe xestionar. Caer neste erro leva a gobernos dogmáticos que teñen na mente esa Arcadia feliz para cuxa consecución o mundo real e as dificultades son só un obstáculo que hai que eliminar sen telo en conta. Pero iso, desgraciadamente, non é real nin sucede. Eu creo que a vía correcta é outra. Hai que propoñer a través dos orzamentos respostas aplicables e respostas útiles. Temos que saber como chegar á nosa meta, ao noso obxectivo. E con estes orzamentos, cuxas liñas mestras hoxe vou explicar, creo que o sabemos.

Señorías, Galicia conta co goberno con máis experiencia de toda España. A maioría dos conselleiros e conselleiras contan xa con varias lexislaturas, e na Administración autonómica traballan magníficos profesionais que suman moita experiencia tamén facendo orzamentos. Isto, sen dúbida, axudará a elaborar uns orzamentos para o ano que vén sensatos, realistas e adaptados aos retos e dificultades aos que me refería ao principio da intervención.

Para a construción dun proxecto de país que recolla os anhelos e prioridades da sociedade galega dispoñemos, imos dispoñer para o ano que vén, do teito de gasto non financeiro máis alto da nosa historia: 12.600 millóns de euros, un 8,2 % máis que no exercicio do 2022, no que estamos. E, polo tanto, utilizaremos este teito de gasto para aproveitar ao máximo os recursos públicos dispoñibles nun momento no que —como dicía— son especialmente necesarios.

Hai que subliñar tamén que estes 900 millóns de euros a maiores —aproximadamente— teñen unha serie de condicionantes. Case o 40 % xa ten nestes momentos unha utilidade, un destino asignado. Arredor do 40 % —dicía— ten que estar reservado, nunha parte, para as subidas salariais no emprego público —cuxa cifra, como saben vostedes, se fixa a nivel



estatal e aínda non está fixada pero vai ser unha cantidade que nos obrigará a reservar unha partida importante— e, ao mesmo tempo, noutra parte, para afrontar os maiores custos enerxéticos —que, evidentemente, a Xunta de Galicia vai ter tamén— e os maiores custos financeiros. Todo isto leva a unha reserva dun 40 % sobre esa cantidade a maiores e, polo tanto, o resto quedaría libre para todas as necesidades que temos que afrontar. Polo tanto, imos xestionar estes fondos coa prudencia financeira na que somos un referente a nivel nacional despois de moitos anos nos que Galicia encabezou e ten que seguir encabezando as estatísticas de control da débeda e do déficit público.

Podo avanzarlles tamén —no punto de elaboración das contas públicas no que nos atopamos— que as áreas nas que máis crecerá o investimento serán a de economía, a de industria, a de promoción do emprego e a de política social; en definitiva, as que fan progresar a Galicia e as que serven para protexer as persoas, as galegas e os galegos. Polo tanto, contaremos con máis fondos para dotar os nosos sectores económicos da fortaleza que van necesitar para que sexan sustentables e para que continúen coa súa capacidade de innovación.

Haberá tamén máis fondos para facilitarlles o camiño ás galegas e galegos que están buscando un posto de traballo ou queren mellorar o que teñen. Tamén haberá máis fondos para axudar as persoas que necesitan dun apoio adicional —agora máis ca nunca— para seguir construíndo a súa propia vida e para acompañar tamén as familias nos seus desafíos cotiáns. E todo isto, por suposto, acompañado dunha axenda fiscal que poña á disposición das empresas, dos autónomos, das familias e das persoas os seus propios recursos no momento no que máis os van necesitar.

Polo tanto, o obxectivo desta comparecencia é detallar esas grandes prioridades estratéxicas ás que, a través dos orzamentos, lles trataremos de dar unha resposta en consonancia coas necesidades das galegas e dos galegos, as que teñen agora e as que terán nestes meses difíciles que se aventuran. Polo tanto, abordarei cinco asuntos, detereime en cinco asuntos, que ao meu entender son clave para entender o mundo que nos espera no vindeiro 2023. A través deles procuraremos reforzar o benestar das familias, estimular a creación de emprego e afrontar con máis claridade a Galicia de mañá.

O primeiro é a política fiscal, que debe conxugar —en opinión do Goberno da Xunta— a sustentabilidade das contas públicas co principio irrenunciable de que o froito do traballo dos galegos lles pertence antes que a ninguén aos propios galegos. O segundo é a rede de protección social, centrada en atender os que máis o necesitan. O terceiro eixo é a estratexia galega en materia de enerxía, peza clave para aliviar o descontrolado incremento das facturas que lles chegan cada mes ás familias, aos autónomos e ás empresas. O cuarto ten que ver coa vertebración e a ordenación do territorio galego, que é esencial para blindar a igualdade de oportunidades —especialmente nas zonas rurais—. E, por último, e non menos importante, a necesaria relación co Goberno central, que aínda que non sexa unha materia exclusiva ou estritamente orzamentaria si que é clave e si que inflúe moitísimo para que Galicia poida conseguir unha parte das metas que nos marcamos.

Señorías, entrando en política fiscal quero dicirlles que Galicia foi trazando a súa propia senda nesta materia, un camiño que segue un principio irrenunciable: non pedirlles ás eco-



nomías domésticas, non pedirllas aos autónomos e non pedirllas ás empresas máis do que sexa necesario para garantir o funcionamento óptimo dos servizos públicos. Esa é a razón de que os galegos aforrasen dende 2009 máis de 1.200 millóns de euros en impostos. *(Aplausos.)* Señorías, 1.200 millóns de euros é unha cifra que se di con facilidade pero que se tarda moito en gañar polos galegos e galegas. Iso é o que aforraron dende o ano 2009.

Recorden que nos últimos anos xa baixamos o IRPF en tres ocasións: no 2014, no 2016 e outra vez no 2022. Con esta última rebaixa recordarán que a tarifa autonómica de Galicia se sitúa por debaixo da estatal en todos os tramos ata os 35.000 euros. E tamén para facilitar o acceso dos galegos á vivenda aprobamos importantes bonificacións do imposto de transmisións patrimoniais. Así, o tipo xeral pasou do 10 % ao 9 %; e existen tipos aínda máis reducidos para as rendas medias e baixas, para colectivos prioritarios —veciños do rural, mozos, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas con discapacidade e familias numerosas—. Tamén —como lles consta— eliminamos o imposto de sucesións para o 99,9 % das galegas e galegos que herdán dun familiar directo. E tamén dispoñemos dun programa pioneiro de impostos cero no rural, que permite mobilizar terras en desuso, aumentar a competitividade das explotacións que xa existen e apoiar a poboación que vive no rural ou quere mudarse a vivir no rural. *(Aplausos.)*

Señorías, nestas últimas datas é certo que se falou moito do imposto de patrimonio, que supón unha parte non significativa da recadación fiscal da Comunidade Autónoma en comparación co global. As arcas públicas obteñen polo imposto de patrimonio menos da metade que polo de sucesións, cinco veces menos que polo imposto de transmisións e un 98 % menos que o que se recada a través do IRPF. Non estamos a falar —como se leu nestes días nalgúns lugares e algúns dixerón— do pilar fundamental do financiamento autonómico. E tamén é certo que, igual que outras comunidades autónomas tomaron con plena autonomía as súas decisións sobre este imposto, a Xunta tamén o fixo. Non quixemos eliminar o imposto de patrimonio en Galicia no vindeiro 2023, non quixemos que desaparecese por completo, como si sucedeu noutras comunidades autónomas, porque pensamos que non era o momento, porque pensamos, en todo caso, que a bonificación que propoñemos vai axudar a non desincentivar a chegada de posibles investidores e patrimonios ao mesmo tempo que a reter os que xa están aquí; e, en todo caso, porque aquí trazamos un camiño, unha senda, que temos a intención de seguir: clarificamos, executamos e cumprimos desde Galicia. *(Aplausos.)* Polo tanto, esta senda consiste nunha bonificación do 25 %, xa acordada con anterioridade e que se aplicará neste 2022, e nun 25 % adicional que se aplicará na declaración do exercicio do ano 2023.

Señorías, rebaixar os impostos en tempos de alza de prezos debería ser, e é en case todas partes, a regra, non a excepción. O Reino Unido, cun goberno conservador, acaba de anunciar un alivio fiscal de máis de 50.000 millóns de euros. Francia, cun goberno centrista, ten comprometida unha rebaixa de máis de 15.000 millóns de euros. E Alemaña, a pesar do delicado contexto no que se atopa, reducirá os impostos en 10.000 millóns de euros cun goberno de esquerdas.

É o normal, é o que convén facer nun contexto de inflación. ¿Acaso alguén comprende que o Goberno de España estea recadando 22.000 millóns —que se di pronto—, 22.000 millóns



de euros máis mentres as familias, os autónomos, as empresas deben facer malabares para chegar á fin de mes? ¿Acaso ten sentido que, ante esta sobrerrecadación, o executivo siga falando un día si e outro tamén de crear novos impostos e tributos? Só pasa no Goberno central de España, non pasa en Europa e, dende logo, non vai pasar en Galicia, pódollelo asegurar. *(Aplausos.)*

Saben que Galicia ten comprometidas xa dúas rebaixas máis no IRPF, que suporán un alivio moi importante para a economía dos fogares. Por unha banda, as familias con dous fillos menores de 25 anos equipararanse ás numerosas, mentres que estas últimas, as que son numerosas agora mesmo, recibirán bonificacións adicionais de 250 euros polo seu terceiro fillo e cada un dos seguintes. É dicir, por baixalo á realidade e poñer un exemplo, un fogar con dous fillos aforrará 250 euros; un fogar con tres, 500; e un con catro, 750. En total, os galegos aforrarán por este concepto 18 millóns de euros. *(Aplausos.)*

Outra rebaixa máis: o primeiro tramo do IRPF baixará do 9,4 % ao 9 %. Isto vainos situar como a segunda comunidade de España con menos impostos para as rendas máis baixas. Os galegos con rendas máis baixas estarán pagando un 25 % menos do que pagaban cando vostedes gobernaban. Esta medida suporá para estes contribuíntes un aforro de case 16 millóns de euros na súa vindeira declaración. *(Aplausos.)*

Pero, señorías, os avances fiscais de Galicia non van quedar aí. Hoxe avánzolles que a inflación non pode supoñer para os galegos pagar máis IRPF. Polo tanto, a Xunta vai descontar o impacto da alza de prezos sobre o imposto da renda para aplicalo xa de xeito retroactivo a todos os ingresos deste 2022. Cremos que é o xusto e ímolo facer. *(Aplausos.)* O Goberno galego, polo tanto, vén de tomar a decisión de introducir nos orzamentos do ano que vén, e con efectos do 1 de xaneiro de 2022, unha deflactación do IRPF no seus tres primeiros tramos, ata os 35.000 euros, e nos mínimos persoal e familiar. Dito doutro xeito, os límites que marcan o salto dun tramo a outro, e tamén o que establece as persoas que están exentas de pagar este imposto, vanse elevar un 4,1 %, na mesma medida en que suba a media dos salarios a nivel nacional. Deste modo todos os contribuíntes pagarán menos polos ingresos que teñan —ata 35.000 euros—, algo que repercutirá especialmente nas rendas medias e baixas. Esta nova medida fiscal suporá que os galegos aforren xa na declaración da renda que farán a partir do próximo mes de abril máis de 46 millóns de euros. *(Aplausos.)*

Con todas estas rebaixas, señorías, cada galego e cada galega, cando faga a declaración, aforrará unha media de 450 euros respecto do que tiña que pagar cando gobernaban vostedes. Se queren comparalo con outras comunidades autónomas, un contribuínte galego cunha renda de 23.500 euros —por poñer outro exemplo baixando á práctica— pagará 177 euros menos que un contribuínte asturiano e 315 euros menos que se o fixese en Cataluña, onde soportaría unha carga fiscal un 10 % maior. En definitiva, Galicia seguirá construíndo unha política fiscal sensata, unha política fiscal progresiva e unha política fiscal sustentable; sen dogmatismo e sen improvisacións, sen facer impostos a base de titulares. Os galegos pagaremos os impostos necesarios para garantir uns servizos públicos de primeiro nivel, iso é o fundamental, iso é o que ten que guiar un goberno sensato. E todo o demais quedará a disposición dos contribuíntes porque eles o gañaron e eles o merecen. *(Aplausos.)* E, señorías, grazas en gran medida a esta moderación fiscal, a esta axenda fiscal propia de Galicia de



baixar impostos, consolidar as baixadas e propoñer novas baixadas —levámolo facendo por bandeira dende hai trece anos—, a nosa comunidade ten hoxe unha rede de protección social máis robusta que nunca cando máis se necesita.

Unha das maiores hipotecas que pesan sobre o futuro de Galicia, igual que na maioría das sociedades desenvolvidas, é a situación demográfica. Polo tanto, actuamos sobre ela con incentivos para os galegos que están fóra e con apoio para as familias que viven aquí. Para o primeiro destes retos, para a xente que quere volver, Galicia vai triplicar os fondos destinados a medidas específicas de impulso ao retorno. Pasamos de 5 a 13 millóns de euros. Esta subida de fondos irá destinada fundamentalmente a mellorar a cualificación profesional dos galegos que volven e a incentivar tamén a súa contratación en sectores que ademais necesitan urxentemente man de obra. E para o segundo desafío, o apoio aos que xa viven aquí, sabemos que non podemos obrigar a ninguén a ter fillos, por suposto, pero o que si podemos é o que si debemos, e o que si estamos a facer... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...—grazas, presidente— é dicirlles ás galegas e aos galegos que contarán con máis apoios que en ningunha outra parte, vivan onde vivan, teñan as necesidades que teñan e dende o berce ata o bastón. *(Aplausos.)*

Xa somos, señorías, referentes en atención á infancia. Aquí a educación infantil, como saben, é cen por cento gratuíta para todas as familias e en todas as escolas, grazas a un investimento autonómico que o ano que vén superará os 50 millóns de euros. A nosa actuación na etapa dos 0 aos 3 anos, que é clave para o crecemento das nenas e nenos, axúdanos a converternos, ademais, en referentes en materia educativa. Así o revelan os resultados do Informe PISA e a enorme redución nos datos de abandono escolar temperán. Polo tanto, no 2023 seguiremos apoiando o alumnado das familias máis vulnerables con ese obxectivo. Así, este mesmo xoves imos lanzar un bono de axudas para a compra de material escolar que achegará 75 euros a 90.000 familias. E o vindeiro ano duplicaremos o investimento nesta iniciativa para chegar a máis fogares —140.000 en total— e poder incrementar as contías. *(Aplausos.)*

E ao rematar o ensino medio ofrecémoslles ás rapazas e rapaces dúas alternativas que hoxe en día en Galicia son máis completas ca nunca. Se deciden optar pola Formación Profesional contan con máis de 37.500 prazas nas diferentes opcións, un 52 % máis que hai unha década. Como evidencia da nosa aposta estratéxica pola Formación Profesional, a pasada semana, sen ir máis lonxe, inauguramos en Ourense un centro de innovación punteiro non só en Galicia, senón en toda España. E se prefiren acceder á universidade deben contar tamén cunhas instalacións de primeiro nivel. Por iso, o orzamento para 2023 incorporará un plan de investimentos no Sistema Universitario de Galicia: 10 millóns de euros para a creación de novas infraestruturas de docencia e investigación e mellorar as actuais, e 6 millóns de euros para investir en tres grandes proxectos: o Centro de Investigación en Industria Intelixente de Ferrol, o Instituto Galego de Física de Altas Enerxías de Santiago e o Centro de Investigación Mariña de Vigo. *(Aplausos.)*



Somos conscientes, por suposto, dos desafíos que afrontan no seu día a día as mozas e mozos en Galicia, e que moitas veces teñen moitas dificultades para atopar as oportunidades que merecen. Unha das súas principais preocupacións é o acceso á vivenda. Con ese obxectivo, en 2023 os galegos de ata 35 anos que desexen comprar a súa primeira vivenda contarán cun aval do 20 % por parte da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Cada mozo ou moza poderá contar con ata 35.000 euros de aval que lles abrirán sen dúbida a porta ao financiamento necesario para completar o que lles poida dar un banco e adquirir así o seu fogar e facilitar a emancipación.

Esta nova iniciativa complementará a batería de medidas que ten a Xunta para un dos retos aos que concedemos, como fan os galegos, unha importancia maior. Por iso no vindeiro ano se vai incrementar nun 142 % máis, moi por riba do dobre, o orzamento destinado a axudas ao alugueiro, que chega así a un total de 27 millóns de euros. Neste paquete inclúense tamén as liñas específicas destinadas a menores de 35 anos e ás galegas e galegos máis vulnerables.

E somos referentes tamén en servizos para os galegos das contornas rurais, como as casas niño, a atención temperá para nenas e nenos con discapacidade, casas do maior ou o programa de coidados porta a porta. E somos conscientes de que hai que seguir a dar novos pasos. Polo tanto, para apoiar a vida saudable das galegas e galegos vivan onde vivan, no ano 2023 investiremos 18 millóns de euros en impulsar a construción de novas infraestruturas e instalacións deportivas en colaboración cos concellos. *(Aplausos.)*

Queremos seguir sendo referentes tamén en atención aos maiores, con 66.000 persoas dependentes atendidas, que son o cuádruplo que en 2009. E queremos seguir medrando, Galicia quere seguir sendo a comunidade líder en envellecemento de proximidade. Os galegos de máis idade teñen todo o dereito a facerse maiores como e onde queiran con plena liberdade. Polo tanto, unha atención de primeira calidade non pode ser unicamente un privilexio das cidades, das zonas máis poboadas, debe ser un servizo básico ao alcance dos galegos de todas as vilas e aldeas. Nesta liña van catro das iniciativas que se incorporarán nos orzamentos de 2023. Galicia investirá 50 millóns de euros adicionais en que os nosos maiores, vivan onde vivan, poidan pasar esta etapa de acordo coas súas preferencias e necesidades.

Un investimento de 21,5 millóns de euros irá destinado a que os concellos de Galicia poidan crear novos centros de servizos sociais ou ampliar ou mellorar os que xa teñen.

Haberá un novo incremento nos fondos para o Servizo de Axuda no Fogar, para cumprir o compromiso de elevar a 11,5 euros o prezo/hora que paga a Xunta aos concellos, que son os que xestionan este importantísimo servizo.

Tamén está a posta en marcha do primeiro centro de coidados intermedios de Galicia, con 7 millóns de euros xa no ano 2023 —unha instalación pioneira que ofrece coidados de curta e media estancia ás persoas maiores que mentres se recuperan dun ictus ou dunha fractura de cadeira necesitan un acompañamento profesional—.

E, por último, unha nova estratexia de teleasistencia elevará nun 50 % o número de persoas maiores que contan con apoios tecnolóxicos nas súas casas para afrontar calquera imprevisto ou situación de emerxencia. Ao final do vindeiro ano haberá 10.000 galegos e galegas que se



sintan un pouco máis seguros e tranquilos grazas a esta importantísima aposta de 11,3 millóns de euros. *(Aplausos.)*

As contas para o vindeiro ano tamén contemplan seguir, como non, fortalecendo un dos servizos públicos dos que máis orgullosos nos temos que sentir en Galicia: a nosa sanidade pública. Nestes trece anos de goberno elevamos en 840 millóns de euros o investimento nos servizos sanitarios. Galicia inviste en sanidade 1.700 euros por cada cidadán, unha cifra que nos sitúa por riba da media española. As galegas e galegos saben que dispoñen dunha sanidade pública con vocación de excelencia e por iso cada vez esperan —e teñen todo o dereito a esperalo e exixilo— máis dela. A Xunta, polo tanto, vai seguir facendo o necesario para chegar a ese nivel de exixencia ou superalo. Así, os orzamentos para o ano 2023 contemplan un incremento de máis de 215 millóns de euros do gasto público en materia sanitaria, ademais dos custos de persoal. Estes novos fondos irán destinados a mellorar a eficacia e a axilidade tanto da atención primaria como da hospitalaria, en concreto en tres ámbitos:

Primeiro, seguiremos incrementando as técnicas e tecnoloxías máis avanzadas para o diagnóstico e o tratamento de cada doenza, como os robots cirúrxicos Da Vinci, o sistema Hifu contra o tremor esencial ou os novos equipos de diagnóstico por imaxe, que se seguirán incrementando e renovando.

Seguiremos reducindo as listas de espera, que xa son baixas na comparativa nacional, pero que subiron —é certo— a raíz da pandemia. Aproveitaremos ao máximo os recursos existentes no Sergas co obxectivo de superar os rexistros de antes da pandemia e tamén lanzaremos solucións novidasas para mellorar a atención aos pacientes crónicos. Habitualmente coinciden cos galegos e galegas de máis idade, para os que as revisións médicas frecuentes poden xogar un papel fundamental na mellora da súa calidade de vida. Para facelo realidade realizaremos unha importante inxección orzamentaria na atención primaria. En total, para este plan de listas de espera e esta solución novidosa en materia de crónicos, haberá máis de 15 millóns de euros de investimento adicional nos orzamentos de 2023. *(Aplausos.)*

E, por suposto, seguiremos avanzando na renovación de hospitais e centros de saúde. Os orzamentos de 2023 contemplan un incremento de 91 millóns de euros na asignación ao plan de investimentos en infraestrutura sanitaria con esta finalidade.

E, señorías, o terceiro gran asunto ao que me gustaría referirme nesta comparecencia é o que ten que ver coa situación enerxética —máis ben coa alza dos prezos enerxéticos—. As facturas da luz, do gas e dos combustibles son, sen dúbida, unha das principais preocupacións para os fogares, para os autónomos, para as pemes de Galicia. É un problema que levamos arrastrando durante moitos meses e que se orixina —témolo dito moitas veces— nunha política enerxética do Goberno central con trazados, que priorizou ás veces plantexamentos ideolóxicos sobre necesidades reais. Isto levounos —a un ritmo atropelado— a unha planificación bastante caótica, que sen dúbida se agravou coa situación da guerra de Ucraína, non o imos negar. Pero non hai máis que revisar os recibos de hai un ano para comprobar que as estreiteces veñen de moito máis atrás e derivadas desta mala planificación.



O balance, señorías, da transición ecolóxica galega avala a fórmula pola que optamos en Galicia: non a rupturas abruptas, si aos cambios ordenados. Galicia reduciu nos últimos trinta anos as emisións nun 36 %, mentres que a media nacional quedou en apenas un 6 %, seis veces menos. Galicia promoveu unha alianza galega polo clima na que están implicadas a maior empresa téxtil do mundo e o principal fabricante de coches do país, entre outras moitas. E Galicia produce as tres cuartas partes da súa enerxía a través de fontes renovables, polo que se sitúa así por riba do obxectivo a nivel nacional para os anos 2020-2030. Polo tanto, en Galicia si que sabemos de transición enerxética, ninguén nos ten que vir dar leccións. *(Aplausos.)*

Pero o certo é que levamos tempo sufrindo os efectos económicos e sociais, como dicía, dunha política de transición enerxética a nivel estatal que pisou o acelerador sen preocuparse moitas veces do que levaba por diante. O peche da única planta de aluminio primario de España polos inasumibles custos enerxéticos ¿é transición ou foi ruptura? A permanente incerteza fomentada desde o Goberno central sobre o futuro da central térmica das Pontes ¿é transición ou foi ruptura? O cerco á planta de Ence en Pontevedra, da que dependen tantas familias, ¿é transición ou foi ruptura? E unha lei de cambio climático que ameaza o futuro de 4.000 edificacións na costa e dun sector que forma parte do ADN galego, ¿é transición ou foi ruptura? Polo tanto, avogar por un cambio xusto implica combinar a perspectiva de transición ecolóxica cunha análise económica e social da realidade, o futuro da contorna co da xente que vive nesa contorna. É inaceptable para a Xunta de Galicia que unha parte moi importante do noso pobo teña que ver ameazado o seu emprego e a súa forma de vida. A transición ecolóxica non ten por que ter danos colaterais, non máis alá do razoable. En Galicia sabemos facelo. *(Aplausos.)*

Polo tanto, o obxectivo nos orzamentos será protexer os cidadáns das importantes incertezas que presenta nestes momentos o mercado enerxético. No ano 2023 traballaremos en dous eixes complementarios: máis produción limpa e máis eficiencia enerxética para que os fogares e as empresas poidan aforrar máis. Traballaremos para aproveitar ao máximo o noso potencial, con iniciativas como a primeira plataforma experimental de enerxía eólica mariña. As oportunidades, señorías, que ofrece a nosa costa para esta tecnoloxía —compatible sempre, iso é fundamental, coa actividade pesqueira e coa preservación do medio— son incalculables. Todo isto sen esquecer, por suposto, un desenvolvemento ordenado e respectuoso coa contorna da eólica terrestre.

E no ámbito do consumo, a redución dos gastos non pode producirse a custa do benestar das familias nin da operatividade dos traballadores nin das empresas. Co escenario de prezos que estamos afrontando, reducir as facturas non é xa unha cuestión de preferencias e de compromiso, é unha cuestión de pura necesidade. Así, coas difíciles perspectivas dos próximos meses sempre en mente, os orzamentos xerais para 2023 incluírán o maior investimento público da historia de Galicia en materia enerxética. Duplicaremos os fondos destinados ao aforro e á eficiencia enerxética de 40 a 80 millóns de euros.

As administracións non podemos exixir aforro sen dar exemplo e sen ofrecer as ferramentas para que os demais poidan aforrar. Este esforzo económico sen precedentes de Galicia actuará en varias liñas: axudas para instalacións de sistemas de aforro enerxético nas vivendas;



fomento do autoconsumo e de sistemas de almacenamento, tanto para fogares como para pequenas e medianas empresas; un bono para que as pemes paguen menos pola luz e contraten auditorías enerxéticas que lles permitan orientar a redución do gasto; e, ao mesmo tempo, duplicaremos os fondos asignados aos pagos das facturas eléctricas dos consumidores máis vulnerables. Para todos estes casos, as administracións públicas temos que facernos cargo dos seus gastos, e as compañías eléctricas en ningún caso poderán cortarllas a subministración. Ningunha familia galega quedará sen luz por non ter como pagala. (*Aplausos.*) Así, incrementaremos nun 50 % a achega autonómica para que máis de 66.000 fogares que o necesitan poidan afrontar a subida nos recibos de calefacción e auga quente.

En definitiva, señorías, a rede de protección social da que lles falaba antes reforzase con especial intensidade nun momento en que a xente reclama de nós que non fagamos da súa factura da luz ou do gas un campo de batalla político. (*Murmurios.*) O que queren é que axudemos a pagala. Os prezos da luz e do gas teñen unha influencia que supera o meramente enerxético para impregnar de cheo todo o tecido económico. Por iso nestes días falar de enerxía é falar máis ca nunca do futuro de moitos postos de traballo. E somos conscientes de que os autónomos e os responsables de pequenas e medianas empresas soben cada día a persiana do seu negocio preocupados, moi preocupados, pola evolución dos custos e por se a súa actividade seguirá sendo viable a este ritmo. Por iso a Xunta vai estar ao seu carón con máis intensidade ca nunca.

Galicia xa é no día de hoxe a comunidade que máis apoio ofrece aos profesionais por conta propia. Pois ben, o ano que vén imos duplicar a contía total, pasamos de 33 a 70 millóns; unha blindaxe para protexer a máis de 25.000 autónomos ante o prezo crecente das facturas. Para conceder unhas axudas que serán, como media, de 1.200 euros ao ano, imos dispoñer un investimento adicional de 30 millóns para blindar os autónomos. (*Aplausos.*)

E, en paralelo, reforzaremos as axudas destinadas ao impulso dos proxectos empresariais, estimulando así a innovación e a mellora da competitividade. O ano que vén as empresas contarán con liñas de financiamento por valor de 140 millóns de euros, cos que esperamos mobilizar máis de 400. A nosa, señorías, é unha terra de autónomos e de pequenos empresarios que con moito esforzo e sacrificio van construíndo cada día o futuro común de Galicia. Meréceno todo e a Xunta vains axudar. (*Aplausos.*)

E o cuarto ámbito estratéxico no que actuaremos a través dos orzamentos do ano que vén será na vertebración e ordenación do noso territorio. O Goberno da Xunta avoga por unha Galicia en que as oportunidades non dependan do lugar onde se nace ou onde se escolle para vivir. E para iso é necesario, desde logo, seguir reforzando servizos públicos —tamén nas contornas rurais, para que teñan as mesmas oportunidades laborais que nunha cidade—.

No ámbito dos servizos, hai uns minutos fixen un breve repaso sobre os avances que experimentamos nestes anos, tanto en conciliación como en atención a persoas maiores. Tamén levamos trece anos facendo un importante investimento en actualizar os equipamentos sanitarios das vilas e das aldeas de Galicia, con máis dun centenar de centros de saúde novos ou renovados, cinco en obras e 28 xa proxectados. E nos orzamentos de 2023 avanzaremos nestas liñas de traballo, ademais de contribuír, dentro das nosas competencias, ao reforzo das infraestruturas de mobilidade e tecnolóxicas que serven como columna vertebral de Galicia.



Polo tanto, o vindeiro ano aplicaremos unha medida cun impacto directo sobre o peto de moitos galegos. As peaxes das autoestradas que dependen da Xunta de Galicia deberían subir en 2023, segundo a inflación, entre un 7 % e un 10 % por mor da evolución do IPC. Cremos que non é o momento para que a xente teña que asumir estes gastos adicionais, por iso en 2023 as autoestradas autonómicas conxelarán o seu prezo, tanto a que vai de Vigo a Baiona como a que circula da Coruña a Carballo. Deste xeito, aforraremoslles aos galegos case 4 millóns de euros. *(Aplausos.)* Nos próximos días remitirei unha carta ao presidente do Goberno instándoo para que conxele tamén as peaxes que dependen da Administración central, a AP-9 e a AP-53. Sería unha enorme inxustiza —creo que todos o entendemos— inflixir unha nova subida ao custo de dúas vías que son fundamentais para a vertebración de Galicia. A Xunta vai demostrar que é posible conxelar as tarifas. Agardamos que o Goberno central sexa capaz de demostrar o mesmo. *(Aplausos.)*

Queremos, por suposto, un territorio máis acolledor para vivir e para traballar nel. Nas zonas de carácter máis agrario e forestal iso pasa necesariamente, sen ningunha dúbida, por avanzar nas medidas de estruturación da terra. Como saben, nos últimos anos levamos a cabo importantes avances normativos, como a Lei de recuperación da terra agraria. Pois ben, no 2023 lanzaremos un plan moi ambicioso, tanto desde o punto de vista medioambiental como socioeconómico, para consolidar un aproveitamento sustentable, eficiente e rendible do noso agro e dos nosos bosques. O investimento superará os 33 millóns de euros cun obxectivo dobre: *(Aplausos.)*

Por una banda, hai que incrementar aínda máis o atractivo do rural galego para vivir e traballar nel cunha estrutura territorial que estimule a prosperidade. Para iso seguiremos dando pasos na concentración parcelaria e mellorando as infraestruturas que serven a estes predios.

E, por outra, hai que mellorar a nosa blindaxe ante os incendios forestais —o que é importante tamén para fixar poboación e ter futuro nestas terras—. Unha terra viva é unha terra activa e unha terra ben protexida. Para recoñecer o excelente traballo dos profesionais e para conseguir este obxectivo, imos incrementar de novo a doce meses ao ano o contrato de máis de 600 efectivos de defensa contra os lumes a partir do ano que vén. *(Aplausos.)*

E, por certo, tamén apoiaremos os gandeiros con moitas medidas, pero gustaríame, pola transcendencia que ten, determe nunha: o control da poboación de lobos. Xa sei que 1,3 millóns de euros non é unha cantidade moi importante, pero é exactamente a que nos nega o Goberno central por non adherirnos a un plan que rexeitan todas as comunidades autónomas. E se non te adhires, non tes cartos. Pois Galicia poñerá o cartos de fondos propios para poder axudar os gandeiros no control da poboación do lobo. *(Aplausos.)*

Queremos, en definitiva, señorías, unha Galicia que avance unida e que reduza cada vez máis a fenda que existe entre as zonas urbanas e as rurais. E as contas do vindeiro ano tamén incorporarán respostas a dous dos problemas que padeceu Galicia durante o verán de 2022: os lumes máis destrutivos e a seca prolongada. Para isto houbo xa unha resposta inmediata e, polo tanto, temos que seguir actuando no medio e no longo prazo. Dedicaremos, polo tanto, máis de 18 millóns de euros á recuperación integral do territorio que ardeu neste verán. Con estes fondos, que complementan as axudas que xa se están a pagar, evitárase a perda de



solo e recuperarase o ecosistema forestal afectado. E no ámbito da mellora do abastecemento hídrico, e en colaboración cos concellos, investiremos 10 millóns de euros a maiores en incrementar as reservas de auga no rural e reducir as fugas das redes a menos do 20 %.

E o último eixe, señorías, dicía ao principio que non era estritamente orzamentario pero si moi relacionado con obxectivos que dende Galicia temos que conquistar: a relación co Goberno central. Creo que neste ámbito a cooperación leal debería ser a nosa divisa. Dende logo, o meu goberno intenta que así o sexa. Cando falo de cooperación leal non me refiro só a boas palabras, que, aínda que non sempre ocorra, deberían darse por supostas entre as persoas que estamos á fronte das administracións. Apelo tamén á responsabilidade que lles corresponde —que nos corresponde— aos diferentes niveis administrativos ao final para facilitarlle a vida á xente, ou, polo menos, para non complicarlle máis da conta.

Dicía ao principio que os orzamentos son o principal instrumento dos poderes públicos para facer realidade un proxecto de país —ou polo menos eu así o creo e por iso estou aquí comparando—. E existen retos que tamén marcarán o 2023 e para os que nin sequera é indispensable un compromiso orzamentario de gran calibre, simplemente abonda cunha vontade política clara para endereitar moitos problemas actuais, e é o que lle pedimos basicamente ao Goberno central. Nestes momentos hai varias cuestións enriba da mesa nas que é imperativo que o Goberno central tome decisións, e que as tome de maneira urxente. Voume centrar en tres delas: a sustentabilidade da sanidade pública; a xestión do financiamento europeo —nomeadamente dos fondos Next Generation— e o futuro da pesca de fondo.

Na sanidade pública, o maior problema a curto, medio e longo prazo do sistema sanitario é ben coñecido por todos e común a todas as autonomías: a falta de especialistas, con especial intensidade nos especialistas de medicina familiar e comunitaria. Neste verán tivemos que enfrontarnos a situacións límite, é certo, que aínda que lograron salvarse non podemos tolerar que se volvan repetir nin se cronifiquen. Nós imos traballar para evitalo. Estamos actuando aproveitando ao máximo as nosas competencias e explorando vías que nunca antes se utilizaron. Falo, por exemplo, da lei que votará este Parlamento a próxima semana e que permitirá que, durante os próximos tres anos, se reforcen os centros de saúde de difícil cobertura, os hospitais comarcais e os servizos de saúde mental pola vía de urxencia e coa máxima estabilidade laboral. Este mesmo xoves incorporaranse os primeiros 106 profesionais e no vindeiro ano uniranse a eles non menos de 130 novos profesionais. Pero o traballo da Xunta na esfera das súas competencias non pode suplir a imprescindible e urxente toma de decisións por parte do Goberno central. Aínda que sexamos as comunidades autónomas as que afrontamos o día a día da xestión sanitaria, o Goberno central ten responsabilidades que non pode deixar de exercer e que nin sequera lle custan cartos, pero condicionan os orzamentos das comunidades autónomas.

Sete comunidades de distinto signo político asinamos hai poucos meses un manifesto conxunto impulsado por Galicia e o País Vasco no que compartimos e nos reafirmamos no diagnóstico e no tratamento para a doenza que atenaza a nosa sanidade pública. En paralelo ás reivindicacións que recolle este documento —que non vou repetir porque son coñecidas, e moitas veces repetidas neste mesmo foro parlamentario—, nós imos seguir reforzando a nosa oferta formativa para os profesionais sanitarios. Galicia destinará 65 millóns de euros



a formar a médicos e a enfermeiros; e, dentro destes fondos, incrementaremos ao redor do 10 % o destinado á formación de profesionais de medicina familiar e comunitaria para seguir reforzando a atención primaria. (*Aplausos.*)

E esta mesma pasividade —ou polo menos o non-impulso do que lle corresponde e que demostra o Goberno central en materia sanitaria— ameaza —e cada día que pasa ameaza un pouco máis— con deixar sen aproveitar a maior oportunidade que tivo España en moitos anos para modernizar o noso tecido produtivo. Estou falando dos fondos Next Generation. Hai poucos días a prensa reflectía que os técnicos da Comisión Europea comparten a nosa inmensa preocupación pola baixa execución deste financiamento —o posto 26 de 27 posibles, empezando pola cola—. ¿A que espera, señorías, o Goberno central para poñer de xeito inmediato á disposición do tecido produtivo os 26.400 millóns de euros que aínda están gardados, embalsados, nos ministerios en Madrid sen distribuír? ¿A que responde ese interese por dar carpetazo á fase das axudas directas e pasar xa á dos préstamos cando hai eses 26.400 millóns de euros, como mínimo, sen mobilizar? Hai moitos proxectos estratéxicos —Stellantis, Altri e Showa Denko— esperando un impulso que non dá chegado. ¿A que teme o Goberno central para impedir que as comunidades autónomas xestionemos unha maior parte dos fondos? Xa están mobilizados, xa está en execución a parte que nos pasou —moi inferior á que segue retendo, pero séguea retendo sen mobilizar—.

Son moitas as preguntas acerca dos Next Generation e moi poucas as respostas. O tempo de Europa e a paciencia de todos, señorías, xa se está esgotando. Galicia estará con todos e con cada un dos proxectos que decidan asentarse na nosa terra e que supoñan máis competitividade, máis sustentabilidade, máis innovación e máis emprego. Agardamos, polo tanto, que o Goberno, que ten —porque así o decidiu, porque así os retivo— todos os instrumentos ao seu alcance, demostre tamén o mesmo compromiso con Galicia.

E tamén, señorías, nestas últimas semanas un sector estratéxico para Galicia sufriu —como todos sabemos— un golpe dunha intensidade e cunhas consecuencias aínda sen calcular: o veto da Comisión Europea á pesca de fondo. Esta decisión —coñecémola todos— tomouse a partir dunha argumentación medioambiental insuficiente e dunha análise socioeconómica directamente inexistente. É un enorme desacerto ante o que non podemos nin imos quedar calados. É imprescindible que o executivo central se implique coa única vía que —vista, ademais, a reunión de onte do ministro Planas— ofrece algunha perspectiva de éxito —polo menos unha posibilidade de seguir optando a que ao final haxa unha solución—, que é un recurso perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea. O Goberno central ten dúas opcións: seguir a posición do ministro de Pesca —onte falaba, nunha posición responsable, e daba a entender que si se vai plantexar ese recurso, agardamos que sexa así— ou a do ministro de Consumo, que onte en Vigo —na capital europea da Pesca— se deu por enterado de que Galicia tiña un problema de pesca. Eu espero que o Goberno central e o presidente Sánchez opte polo ministro Planas e non polo ministro Garzón, sinceramente, sinceramente. (*Aplausos.*)

En novembro o Consello Internacional para a Exploración do Mar emitirá un novo informe sobre a situación dos océanos. Anúnciollles que Galicia remitirá ao Goberno de España unha batería de argumentos técnicos, medioambientais e socioeconómicos que avalen a posición común de toda Galicia e outras comunidades autónomas. O futuro dunha pesca de fondo



respectuosa e sustentable está en xogo. Polo tanto, temos que frear unha decisión que ameaza a unha parte moi importante do noso sector pesqueiro: 200 barcos de xeito directo e outros moitos centos afectados de xeito indirecto pero tamén de xeito inmediato. A Xunta fará todo o que estea na nosa man para auxiliar o sector da pesca de fondo, que a ninguén lle caiba ningunha dúbida. *(Aplausos.)*

E, señorías —remato xa—, afrontamos tempos turbulentos e tempos confusos, «tempos de incerteza», dicía António Guterres. As importantes incertezas que asoman no horizonte dificultan, sen dúbida, a planificación estratéxica pero fan esa planificación máis necesaria ca nunca. O noso traballo —e cando falo do noso traballo falo do traballo do Goberno planificando e explicando liñas mestras de orzamento e o da oposición coas aportacións que, se é o caso, decida facer— obríganos a un nivel de responsabilidade e de entrega moito maior, se cabe, que noutras ocasións. O noso labor é, en primeiro lugar, non crear máis confusión —iso estaría ben—; e, en segundo lugar, axudar a disipar a que xa existe e vén de fóra.

Xa coñecen as liñas xerais que guiarán os orzamentos da Comunidade Autónoma para o próximo 2023. Nas vindeiras semanas —como lles dicía ao principio— iranse debullando as partidas concretas e outras moitas actuacións que, polo seu carácter máis concreto, polo formato desta comparecencia ou porque non son tan novidosas e son continuación e reforzamento doutras anteriores, non abordei nesta comparecencia. Pero si que considero especialmente importante trasladarlles con máis antelación ca nunca o rumbo que, na opinión do Goberno, debe ter Galicia con ese teito de gasto histórico. E por iso estou aquí. No vindeiro 2023 a Xunta apostará por unha xestión próxima, realista e con sensibilidade social, coa forza e convicción que exixen os tempos que corren e con poucas dúbidas. E para iso ten que estar ben planificada e con tempo suficiente. Hai que facer xestión para identificar e ter éxito fronte ás dificultades coas que se van atopar, sen dúbida, as familias, as empresas e os autónomos, e co aval que supón —dicíao tamén— a experiencia dun goberno que vén facendo as cousas ben e revalidando a confianza cada vez que a pediu dende o ano 2009.

E hai que ter tamén a proximidade da xente para que cada galego e cada galega, viva onde viva, traballe no que traballe e pense o que pense, saiba que ao seu arredor ten un pobo e un goberno que o apoiará e arroupará en cada paso do camiño, sobre todo cando máis imponentes sexan —que van selo— os obstáculos.

Moitas grazas. *(Prolongado aplauso.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Rolda dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señores membros do Goberno da Xunta de Galicia.



Señoras e señores deputados.

Señor presidente, iniciou vostede a súa comparecencia coa afirmación de que os galegos non van estar sós. E eu dígolle: poderían estar mellor acompañados. (*Aplausos.*) Porque, claro, cando inicia vostede a súa comparecencia dicindo que, do incremento que temos, hai que facer unha reserva do 40 % —entre outras cousas, para incremento dos salarios dos funcionarios e persoal laboral que traballa na Administración pública—, parece estar vostede culpabilizando a aqueles que defenden precisamente a maior equidade de que teñan que vostedes limitar o alcance das medidas. E iso, señor presidente, resulta bastante feo. (*Aplausos.*)

Mire, dixó vostede que as súas prioridades estratéxicas eran a política social, a rede de protección social, a estratexia galega de enerxía, a ordenación do territorio e, ¿como non?, a relación co Goberno central —que todo o mundo sabe que ten moitísimo que ver cun debate case de política xeral, aínda que é un debate case orzamentario; é dicir, non é case ningún tipo de debate este ao que estamos a asistir—.

Porque, mire, vostede na súa comparecencia fixo algunhas afirmacións que a min me chamaman poderosamente a atención. E, se cadra, vostede tamén mo podería aclarar no seu segundo turno. Porque nos falou de incremento de cantidades —por certo, cada incremento foi acompañado da súa correspondente ovación, polo que, entón, cada vez que teña que revisar as partidas que van revisar só teño que buscar no vídeo cando aplaudiu a bancada do Partido Popular— (*Risos.*), e resultará evidente que algunhas das cantidades que vostede anunciou son fondos condicionados. Polo tanto —e diso falaremos mañá vostede e mais eu—, cando falamos de fondos condicionados que o Estado destina a unhas determinadas partidas ou a unhas determinadas políticas, a Xunta de Galicia, evidentemente, ten que destinalos a elas. (*Aplausos.*)

Pero chamoume moito a atención unha cousa. ¿Acaba vostede de anunciar neste Parlamento que vai incrementar en 50 céntimos/hora a axuda que van recibir os concellos para o Servizo de Axuda no Fogar? Porque me perdín un pouco. Falou vostede de 11,5 euros e agora está en 11 euros. E, ata onde chego, a diferenza é medio euro.

E, ¿como non?, no debate da enerxía a culpa é do Goberno central. Iso si, sacan vostedes peito porque en Galicia as tres cuartas partes da produción de enerxía corresponde a fontes renovables. Entón, ¿en que quedamos?, ¿as renovables son malas ou son boas? (*Murmurios.*) É bo ter... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Mire, eu escoitei —pode dicilo o señor presidente da Xunta de Galicia— e non dixeran nin unha palabra nin puxen un sorriso nin un mal xesto durante a comparecencia do señor presidente da Xunta de Galicia. Sería desexable —aínda que complicado— esperar non unha reciprocidade exacta pero si algo parecido. (*Aplausos.*) Pero, bueno, é o que temos. (*Aplausos.*)

E vostede tamén dixó na súa comparecencia que dentro das medidas da Xunta de Galicia se ía acordar a imposibilidade do corte da subministración eléctrica ás persoas máis vulnerables. Oia, ¿iso non está xa na normativa estatal? ¿Non é un dereito que teñen recoñecido as persoas vulnerables por unha medida do Goberno central á que vostedes tampouco aplaudiron? (*Aplausos.*)



Pero, mire, este é un debate marcado. É un debate marcado porque os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2023 xa están feitos, como evidencian as cifras que vostede foi dando ao longo da súa comparecencia. E, polo tanto, o único que se pretende é empregar unha comparecencia para anunciar tímidas medidas en boa medida xa coñecidas —cando non totalmente explicadas nalgún medio de comunicación—. É dicir, a oposición descoñece por completo do que vimos falar, pero o Goberno e, en consecuencia, o grupo parlamentario que o sustenta coñecen non só as liñas xerais que dan título a esta comparecencia, senón tamén os últimos detalles dos orzamentos.

E non me vou queixar dos tempos que temos, a diferenza dalgún expresidente da Xunta de Galicia que, logo de empregar nesta Cámara un regulamento que lle permitía —como lles permite a vostedes, os membros do Goberno— dispoñer de tempo ilimitado nas súas comparecencias, se queixa amargamente de que el ten o tempo limitado. Eu tamén o teño, porque é o regulamento. *(Aplausos.)*

E o certo é que poderíamos cualificar de novidosa esta comparecencia, polo menos no que se refire ao comparecente —por non ser o conselleiro de Facenda, como viña sendo habitual—. Pero case poderíamos pensar que estamos ante un debate de política xeral, ou que vostede pretendeu converter isto nun debate de política xeral; coa diferenza de que os grupos parlamentarios non podemos presentar ningunha proposta de resolución. E a verdade, señor presidente, é que esperabamos pouco desta comparecencia por varios motivos: o primeiro deles son os anuncios que xa fomos coñecendo; o segundo, a incapacidade constatada de ter unha axenda propia —cousa que vimos confirmada de novo—; e a evidente incapacidade de aproveitar uns orzamentos históricos para resolver uns problemas tamén históricos, enderezar as políticas erróneas e afrontar os retos presentes e algúns que se poden albiscar. *(Aplausos.)*

Porque vostedes mesmos escribiron, señor presidente, que as medidas de impulso fiscal se centrarán en actuacións encamiñadas a apoiar as familias, sectores e empresas máis vulnerables a unha inflación crecente. Pero o certo é que resulta todo un exercicio de imaxinación recoñecer esas intencións no que vostede nos acaba de trasladar. E iso é así porque vostedes deberían presentar unhas liñas orzamentarias destinadas a protexer a maioría social fronte ás consecuencias dunha pandemia ou da crise derivada da invasión de Ucraína para, en primeiro lugar, garantir un sistema de benestar e protección social; en segundo lugar, fortalecer a clase media traballadora; en terceiro lugar, actuar como locomotora da economía; e, en cuarto, manter o compromiso de responsabilidade fiscal. E, lamentablemente, o que acabamos de escoitar pouco ou nada avanza nesas liñas. E digo lamentablemente porque a Xunta de Galicia nunca tivo un escenario tan favorable desde o punto de vista de dispoñibilidade orzamentaria; escenario que vostedes nin trasladan ás persoas máis vulnerables nin aos colectivos que máis axuda necesitan. *(Aplausos.)* Iso si, sacan de forma innecesaria —que eu non coñecía que existise esa demanda, seguramente nos despachos de San Caetano si— o de reducir e bonificar o imposto do patrimonio a ese 0,02 % das persoas que non teñen o máis mínimo problema para chegar á fin de mes e pagar as facturas do supermercado, da luz, da auga, etc. E isto, señor presidente, é a realidade do que acabamos de coñecer.

O que queda claro —e a historia avala o que vou dicir— é que vostedes son bastante malos xestores, por non dicir moi malos xestores. Presentan execucións orzamentarias moi me-



llorables ou, cando non, bastante opacas. E non escoitei nin unha soa medida destinada a mellorar a eficacia na execución dos fondos que reservan vostedes nos orzamentos para os distintos programas de gasto.

Mire, vamos falar un pouquiño, no tempo que teño —limitado, xa o sei—, dalgúns servizos públicos esenciais.

En materia de política social, ¿que dixo vostede na súa comparecencia do déficit de 14.000 prazas públicas que temos en Galicia en residencias con respecto a esa taxa recomendada do 5 % da poboación maior de 65 anos? ¡Nada! ¿Que dixo vostede con respecto a unha eventual, hipotética, posible, plausible, recuperación de algo parecido á Tarxeta Básica para dar-lles servizo á esas 75.000 galegas e galegos que dispoñían desa tarxeta? ¡Nada! E iso pese a que ese programa tiña un custo de 31 millóns de euros. Cousa curiosa a coincidencia entre ese programa e o que van vostedes deixar de recadar, presumiblemente, como consecuencia desa bonificación para os máis ricos.

A gratuidade da educación infantil á que vostede fai referencia oculta deliberadamente que son fondos condicionados do Estado, porque lle transferiu á Xunta de Galicia case 40 millóns de euros para crear 3.500 prazas en educación infantil. E en educación e sobre os recortes do profesorado non oín nada de mellora das condicións do profesorado.

En materia de sanidade está todo dito, non hai comparecencia, señor presidente, nin cifras capaces de ocultar a realidade: listas de espera, ausencia de persoal sanitario no sistema público e citas en atención primaria impensables hai uns anos. ¿E quen é o responsable? Evidentemente, a Xunta de Galicia, porque é competencia exclusiva do Goberno da Xunta de Galicia. Mañá, na sesión de control, falaremos con máis detalle de sanidade.

En materia de vivenda, as axudas son tamén, de novo, condicionadas. Hai un fracaso constatado, hai decenas e decenas de millóns de euros acumulados sen executar en materia de política de vivenda. E o problema deses millóns de euros sen executar son as miles de persoas que tiñan dereito a esas axudas, que non as recibiron e que se viron con problemas para pagar a súa vivenda. *(Aplausos.)*

En materia de política industrial, señor presidente, ¿que anunciou vostede para esta comunidade autónoma nesta comparecencia? Hai unha ausencia evidente de acción política da Xunta de Galicia que está a conducir a Galicia a un deserto industrial.

En materia de políticas agrarias, o lobo, o lobo e as vacas, e as ovellas. ¿De verdade que a política que ten vostede que anunciar nesta comparecencia é un problema coa xestión das axudas derivadas dos danos producidos polo lobo? ¿É todo o que lle ten que dicir ao sector agrario? *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si, si, si, preguntollelo aos gandeiros, si! Por iso, cando lles pregunto aos gandeiros, me falan doutro tipo de problemas ademais dese, que non é nin de lonxe o máis grave que teñen. *(Aplausos.)*

Señor presidente da Xunta de Galicia, con respecto á materia de pesca pode vostede dicir todo canto queira, todo canto se lle ocorra, pero coñece vostede perfectamente cal é a posi-



ción do Goberno central con respecto á materia de pesca e á entrada en vigor desas medidas. Pode vostede sumarse ao carro. Puido vostede ter collido un avión e plantarse en Bruxelas —que aquí esta comparecencia ben a podía facer o señor conselleiro de Facenda—, e estar alí mantendo a súa postura e dicindo que Galicia non quere ese tipo de políticas, que vostede é o presidente de todas as galegas e galegos. *(Aplausos.)*

E con respecto ao alcance das súas medidas fiscais. ¿Podería vostede trasladarlle a este Parlamento canto... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! Señor Vega, silencio.

Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Si, ten razón o señor Vega. Foi Formoso, que é o secretario xeral do Partido Socialista de Galicia, non foi o señor Rueda, que é o presidente de todas as galegas e os galegos. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Con respecto á adaptación, como lle dicía, ¿pode trasladarlle a esta Cámara canto van aforrar en euros ao mes todas as galegas e os galegos como consecuencia de todas esas bonificacións fiscais que vostede suma pero que non divide mes a mes para ver canto aforra cada galega e cada galego no imposto da renda?

E con respecto ao imposto de patrimonio, isto é unha adaptación desa famosa intervención dun fantástico actor galego na película *Airbag*: «O mesmo que che digo unha cousa, dígoche a outra». Aquí é: O mesmo que digo que fago unha cousa, fago a outra. Están vostedes metidos nunha competición desbocada polas rebaixas fiscais entre comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular. Non se atreve vostede a levar a eliminación total do imposto porque sabe que é unha medida absolutamente inxusta.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Remato.

Señor presidente, renuncie a esa medida, recupere os ingresos que van perder, porque, mire, por utilizar o sistema decimal, que é moi cómodo, porque son todos uns e ceros, imos supoñer que hai 30 millóns de euros que vostedes van deixar de recadar como consecuencia desa medida —que creo que a sociedade galega non só non pedía, senón que rexeita—. Pois 30 millóns de euros pódennlle dar para contratar 500 médicos ou 600 profesores.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ¡Que ben estarían nos centros de saúde e nos centros educativos desta comunidade autónoma!

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Señor Rueda, supoño que sabe que hoxe é 27 de setembro. O que non sei se sabe é cantas familias no día de hoxe están xa en números vermellos esperando que chegue o día 1 de outubro, se sabe cantas no día 15 de mes xa non teñen nada do seu salario, se sabe cantos pensionistas e cantas pensionistas deste país están tendo que recorrer aos comedores sociais, se sabe que nos últimos tres meses 4.000 persoas tiveron que solicitar a risga, se sabe cantas persoas autónomas están sufrindo auténticas dificultades para poder facerse cargo das súas facturas ou se sabe cantos mozos e mozas simplemente xa nin soñan con poder ter un alugueiro.

Señor Rueda, ¿non lle parece que é un insulto a todas estas persoas —que son a inmensa maioría dos galegos e das galegas— que, coa que está caendo, vostede presente un pelotazo fiscal de 34 millóns de euros a 7.700 ricos deste país? *(Aplausos.)* Señor Rueda, ¿vostede sabe o que son 34 millóns de euros? Con 34 millóns de euros podemos contratar 700 médicos e médicas. Con 34 millóns de euros podemos contratar 900 profesores e profesoras. Con 34 millóns de euros as familias poderían ter un alivio real. ¿Sabe quen? As que están pasando moitísimas dificultades porque non teñen libros de texto gratis. Con 34 millóns de euros poderíamos conceder 12.000 axudas do bono social de alugueiro. *(Aplausos.)* Con 34 millóns de euros podemos recuperar a Tarxeta Básica e dar axudas para comprar alimentos e medicinas a 55.000 familias durante dous anos, señor Rueda.

Son o Partido Popular, o que lles baixa os impostos aos ricos. *(Aplausos.)* E hai que ter descaro, porque estes días escoitamos xustificar esta rebaixa dicindo que eran axudas para que as familias cheguen á fin de mes. ¿A que familias? ¿Ás que teñen patrimonios millonarios? ¿Pensaban nesas familias cando lles retiraron a Tarxeta Básica ás 55.000 persoas que estaban comprando alimentos con ela? *(Aplausos.)* É que é unha auténtica desvergoña o que estamos vivindo.

E con este pelotazo fiscal o Partido Popular demostra varias cousas. Demostra que gobernan para unha minoría, pero é que tamén demostra, señor Rueda, que vostede é un presidente de palla que fai o que lle ordenan desde Madrid. *(Aplausos.)* Está actuando como un recadeiro da rúa Génova, poñendo os intereses do PP por diante dos intereses de Galiza.

Porque, mire, nin os seus deputados cren que esta decisión a tomase vostede. Todo o mundo sabe que esta é unha decisión que se toma en Madrid sen importarlles un pito como estean os servizos públicos deste país nin como está a xente en Galiza. *(Aplausos.)* Vostedes, ¡a obedecer!

E, ¿como non?, xa o agardabamos, no día de hoxe volven facer os mesmos anuncios. Vén vostede aquí dicirnos que van equiparar as familias de dous fillos coas familias numerosas nas deducións. Pero ¿que implica realmente isto? Ben, pois o que implica isto é que lle van facer a mesma rebaixa a unha familia que ten dous fillos e que cobra 20.000 euros que a unha familia que ten dous fillos e que ingresa 100.000 euros. É máis, esta rebaixa tamén llela van facer a eses millonarios. Así é como entenden vostedes a política fiscal. *(Aplausos.)*



Anuncia unha baixada do tramo do IRPF, que pasa do 9,4 % ao 9 %, e isto xa nolo leva repetido en varias ocasións. Pero ¿que supón realmente esta rebaixa fiscal? Pois o que supón é que unha familia que ingresa 12.500 euros anuais, que ten isto como base deducible, o que vai aforrar son 50 euros ao ano. Estamos falando de 4 euros ao mes. Este é o seu gran anuncio. Dígolle que calquera familia que teña fillos, cos problemas que hai en pediatría, gasta máis nunha consulta no seu pediatra privado que o que supón a rebaixa fiscal. *(Aplausos.)* Sería mellor máis pediatras nos centros e menos baleirar os servizos públicos.

Pero é que é moi claro. Imos resumir as súas rebaixas fiscais. Para as rendas baixas, 50 euros, pero é que para as rendas millonarias deste país, para 7.700 familias, a baixada é de 4.415 euros. Estas son as rebaixas fiscais do Partido Popular: pelletazos fiscais para os máis ricos. *(Aplausos.)* E está moi ben que anuncie a deflactación do IRPF, pero esa non é unha rebaixa fiscal, é simplemente unha corrección da inflación no imposto da renda. Non enganen a xente. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

E eu quero dicirle con toda rotundidade, señor Rueda... Pode rir, está moi ben que ría. Aos galegos e galegas cando lles chega a factura da luz non rin tanto coma vostede. *(Aplausos.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señor presidente, a min gustaríame poder facer a miña intervención. Eu escoitei o señor Rueda toda tranquila e levo desde que empecei a miña intervención con interrupcións constantes. É que non aceptan o principio mínimo da democracia, que é escoitar as que pensamos diferente. *(Aplausos.)* ¡Por favor, un pouco de respecto!

E isto que están facendo é moi grave, porque vai en contra dos intereses dos galegos e das galegas. Baixarlle os impostos a quen máis ten vai en contra de Galiza. Porque, ¿que é defender Galiza? É que defender Galiza é que os galegos e as galegas poidan ir ao seu médico ou médica de cabeceira sen ter que esperar varios días ou semanas. Defender Galiza é poder ter unha praza de residencia pública cando o necesitas, non agardar dous anos, como con vostedes. Defender Galiza é ter acceso a unha vivenda digna e defender Galiza é poder ter servizos de conciliación. E, señor Rueda, todo isto págase cos impostos. E cando vostede lles rebaixa os impostos aos ricos o que está facendo é atacar o benestar dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)* Claro que si, hai que ter impostos para ter unha sociedade xusta con redistribución da riqueza e con servizos públicos de calidade.

E temos que ter unha fiscalidade xusta, que pague máis quen máis ten, non o que están facendo vostedes, que lles rebaixan os impostos aos ricos. Pero tamén están en contra de que as eléctricas paguen. Porque si, si, dinos aquí que vostede vai garantir que non se corte a luz. O que debería garantir é que neste país nos poidamos beneficiar da electricidade e acabar con esas portas xiratorias que usa o Partido Popular, a señora Bea Mato e tantos e tantas outras, e frear o espolio que estamos vivindo. *(Aplausos.)*

Non teñen nada que ofrecerlles aos galegos e ás galegas, e en trece anos, señor Rueda, o que nos deixan é unha Galiza en peores condicións que a que atoparon. E eu, como teño moi pouco tempo, debo sintetizar isto en moi poucos datos.

Temos a atención primaria colapsada con 47 millóns de euros menos que en 2009. Galiza, señor Rueda, ocupa o décimo cuarto lugar en investimento en atención primaria. Por iso



faltan médicos e médicas nos centros de saúde, por iso os galegos e galegas teñen lista de espera ata para ir ao médico de cabeceira.

Vostedes puxeron en marcha cero, ¡cero!, residencias públicas de persoas maiores. *(Aplausos.)* A poboación activa caeu en 74.800 persoas e hai 50.200 ocupadas menos. O paro ¡claro que baixa nas estatísticas! Pero ¡como non vai baixar se nesta década emigraron 200.000 galegos e galegas, señor Rueda, co seu goberno! *(Aplausos.)* A produción industrial está en caída libre, caeu un 13 % e foron incapaces de salvar nin unha soa empresa.

Galiza está por riba da media estatal na inflación, cun aumento importante da pobreza e das desigualdades. E todo isto, triplicando a débeda pública deste país: máis de 15.000 millóns de euros de débeda pública. E destrozan o noso sistema sanitario público mentres engordan o privado. *(Aplausos.)* Este é o balance que nos deixa o goberno do PP.

E, claro, hoxe vimos a un debate trucado, porque é que nin coñecemos un só documento que fale dos orzamentos. Vostede veu aquí a usar este Parlamento coma un sitio onde facer unha rolda de prensa sen dar o mínimo rigor que merece este debate, que é que a oposición coñecemos o proxecto no que está traballando o Goberno. Tampouco sabemos cal é a execución dos orzamentos deste ano, pero si sabemos cal foi a execución dos orzamentos, por exemplo, do ano 2020. E fala mal da xestión do Partido Popular.

Mire, mentres as familias fan verdadeiros malabarismos —sobre todo as mulleres, que sabemos que ao final son as que seguen levando o peso maior da conciliación—, o PP deixou sen investir 12,4 millóns de euros do programa de conciliación. ¿Saben o que significou? O 85 % sen executar. Mentres os prezos do alugueiro de vivenda se disparan, o PP deixou sen investir 17 millóns de euros na partida de acceso á vivenda. ¿Saben canto é? Case un 70 %. ¿De que valen os seus anuncios de hoxe se poñen recursos que logo non executan, que non chegan ás familias? *(Aplausos.)* É todo mera propaganda, señor Rueda.

En fin, anúnciannos que van formar máis a xente moza. Señor Rueda, moi ben, pero o que queremos é que a xente moza deixe de ter que emigrar. Porque claro que están formados e formadas, o que necesitan é emprego digno. *(Aplausos.)*

É evidente, señor Rueda, que vostede, que o Partido Popular, non ten un proxecto de futuro para este país...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e que é un presidente que o único que fai é obedecer o que o seu partido lle di desde Madrid.

Non me queda tempo porque —insisto— este é un debate trucado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Si, si... Pero si me gustaría poder poñer sobre a mesa algunhas medidas, se o presidente mo permite. Creo que ante un tema relevante poderemos ter algúns minutos máis.



O primeiro é que hai que rescatar as familias con menos recursos. Aumenten o complemento das pensións non contributivas, fagan compatible a risga co ingreso mínimo vital e, por suposto, recuperen a Tarxeta Básica. É unha vergoña o que fixeron.

En política fiscal nós propoñemos elevar un 10 % o mínimo exento do IRPF, aumentar de 5 a 8 os tramos no imposto do IRPF para facer unha distribución máis xusta e que realmente contribúan máis os que máis teñen. E cremos que hai que recadar máis co imposto de patrimonio. E ¿como? É moi simple. Hai que baixar o mínimo exento a 300.000 euros, excluindo a vivenda habitual, e facer unha reforma fiscal para que as grandes fortunas paguen.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E tamén, señor Rueda, perseguir a fraude fiscal, que é un gran burato para as arcas públicas e que fan maioritariamente as grandes fortunas. *(Aplausos.)*

Acabo, señoría, porque este debate tamén está trucado nos tempos de intervención. Pero, fíxese, tendo vostede máis dunha hora, case unha hora, para poder falar —e tempo ilimitado—, deixou algo moi claro neste Parlamento: o Partido Popular goberna para unha minoría. *(Murmurios.)* O BNG, en cambio, goberna para as maiorías, temos un proxecto para as maiorías, e, desde logo, pensamos e miramos aos ollos da xente do común e non aos dos multimillonarios, como fai vostede.

Moitas grazas. *(Prolongados aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Grazas.

Moitas grazas.

Primeiro eu quero agradecerlle ao presidente a súa comparecencia hoxe na Cámara. É un exercicio de transparencia. Pediu el comparecer para explicar as liñas xerais do orzamento. Fíxoo despois de coñecer o teito de gasto, aprobado por esta Cámara, de 12.600 millóns de euros. E faino antes da entrada do documento presupostario, que teremos ocasión de debater co conselleiro, coma sempre, en data. Antes do 20 de outubro será presentado na Cámara.

Pero hoxe o presidente o que fixo foi comparecer para explicar as liñas xerais dos orzamentos para 2023 porque certamente son excepcionais; primeiro, porque son os primeiros do seu mandato pero tamén pola conxuntura, polas cifras que acadarán estes orzamentos derivados do esforzo da Unión Europea cos fondos contra a crise e da suspensión das regras de gasto.

Claro, escoito a oposición valorar que se ocultan os orzamentos do 2023 que van entrar nesta Cámara e que o que se vén anunciar son liñas xerais ou dicir, como se dixo varias veces, que o debate está trucado porque non hai información e que non hai propostas, que non hai propostas alternativas —coma se a oposición non fose emendar os orzamentos, porque supoño que isto lles engade motivos para ter xa preparadas as emendas, como acabamos de escoi-



tar—, o que ademais choca coa evidencia do discurso do presidente, que non só deu propostas —as máis relevantes— senón tamén as liñas xerais —insisto— nun claro exercicio de transparencia. En definitiva, isto marca o nivel dunha oposición que critica cando o presidente comparece e cando o presidente non comparece. E mesmo propón un debate absurdo como un debate do estado de Autonomía tres meses despois da investidura, cando está expresamente prohibido polo regulamento e coma se nos plenos non tivéssemos ocasión —especialmente a oposición— de tratar os temas máis relevantes do país.

Ben, esta foi a primeira cortina de fume que lanzou a oposición con esta comparecencia. Outra ten que ver coa fiscalidade, sobre a que direi algo. Pero, previamente, quixera salientar algunhas cuestións. O contexto témolo todos claro, as previsións económicas publicadas anuncian unha caída importante do PIB para o ano que vén —o crecemento en España é do 1,5 %—, a inflación seguirá alta —en torno ao 5 % despois do 9 % deste ano—, e o resultado combinado da pandemia, os rebotes e os estrangulamentos da provisión, primeiro, e despois o aforro acumulado pola pandemia e a política de rendas, que foi necesaria pero que xerou tamén unha posposición do consumo e unha explosión da demanda, xunto coa guerra de Ucraína, fixeron que esteamos na situación na que estamos. O resultado de España é novamente peor, imos á cola da recuperación, pero en inflación estamos máis altos —en agosto, 9,1 % en Europa e 10,5 % en España—.

Hai, evidentemente, polo tanto, factores nacionais que teñen que ver cunha política enerxética errática, cunha política exterior tamén errática en relación con Marrocos e Alxeria, e cunha política tributaria equivocada que mantén os impostos xogando coa progresividade en frío para reducir o déficit e non aliviar as familias.

Onte, estes días, saíu a noticia de que aos xubilados aos que se lles actualizou a pensión o ano pasado un 2,5 % á inflación están tributando o 44 % da renda extra que obteñen como consecuencia do deslizamento nas tarifas do imposto. Iso é o que se chama progresividade en frío e iso é o que hoxe o presidente dixo que ía resolver para os tramos máis baixos da renda, incluídos os pensionistas no tramo autonómico do imposto sobre a renda. *(Aplausos.)*

Se analizamos o que está a facer a Unión Europea con subas do tipo de interese, por unha banda, e, por outra, mantendo investimentos a través dos fondos de recuperación e resiliencia, o que temos que facer desde o punto de vista nacional e desde o punto de vista autonómico é arrimar o lombo a esas políticas nas que parece ser que hai un consenso internacional e académico amplo en que son as axeitadas para a crise actual.

En primeiro lugar, falta un pacto de rendas a nivel nacional. Estamos pendentes, como ben indicou o presidente, do soldo dos empregados públicos —de canto van subir—. Hai tamén un déficit de decisións de medidas estruturais —por exemplo, no ámbito da competencia— e, por suposto, hai unha falta de decisións en materia fiscal, que chegan tarde, como os impostos sobre a enerxía, e que non acaban de priorizar a quen realmente o necesita, que son as familias con maiores dificultades.

Pois ben, nós pensamos que a intervención do presidente estivo claramente orientada a ese consenso, aliñada coas políticas europeas, e, polo tato, entendemos que o papel da Xunta —que



hoxe anunciou que se vai recoller nos orzamentos — consiste no que ten que facer a Xunta, que é apoiar as familias máis vulnerables pola vía dos ingresos —é dicir, pola vía fiscal— e pola vía do gasto, e pedindo tamén un bo aproveitamento dos fondos europeos.

Hoxe anunciou un incremento importante de políticas sociais; por exemplo, na atención á infancia e o mantemento da gratuidade das garderías, das escolas infantís —que, por certo, o Estado non paga nin un euro por iso, señor portavoz do Partido Socialista; paga por novas escolas infantís pero non polas que xa existen e que está pagando a Xunta—. Polo tanto, a gratuidade corre exclusivamente a cargo da Xunta. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Tamén anunciou o incremento do SAF, dos centros de servizos sociais, da sanidade, de triplicar o retorno...

E por suposto, señora Pontón, que coñecemos as dificultades das familias. O que vostede non coñece é o que cobra un médico, nin o que lle custa á Comunidade Autónoma un médico. Vostede dixo literalmente que co aforro suposto de 34 millóns de euros —que son 17 porque este ano se reduce ao 25 %— vostede contrataría 700 médicos. É dicir, daría —todo incluído, con seguridade social— unha media de 48.000 euros. ¿Vostede sabe que un médico á Comunidade Autónoma lle custa arredor de 100.000 euros? ¡Nin a metade do que vostede dixo que se poderían contratar se contratarían con esas cifras! (*Aplausos.*) Pero dá igual, dá igual dicir unha cousa e a súa contraria.

Tamén compartimos as decisións que anunciou o presidente en materia de enerxía; en vertebración territorial, por suposto; e, certamente —o importante— en materia fiscal e de fondos europeos.

En materia fiscal —permítanme— hoxe anunciouse a deflactación de tarifa para os que teñen menos de 35.000 euros. Nesta mesma mañá —a ver quen axuda os ricos e quen os pobres— anunciou o presidente de Valencia que se deflacta a tarifa aos que reciben soldos por baixo dos 60.000 euros. Ben, isto é renda, non se confunda con riqueza. Porque tamén aquí dicimos que subimos o imposto do patrimonio, que grava os que teñen máis rendas, cando unha cousa é a renda e outra é a riqueza. Isto é elemental pero dá igual, aquí vale todo e para adiante.

Certamente, a oposición está a facer unha trampa co debate do imposto de patrimonio, porque en realidade o que non quere é falar dos aforros que estamos a facer os contribuíntes nos demais tributos. A señora Pontón, onte, nunha entrevista que publicou o *Diario Público*, un diario de Madrid chamado *Público*, di: «Dime a quien rebajas los impuestos y te diré para quien gobiernas». É unha curiosa política fiscal, mais a título dialéctico imos aceptar que os amigos son aqueles aos que lles baixamos os impostos.

Pois 125.000 galegos non pagaron o imposto de sucesións, que sabe que o límite é un millón de euros, e que non son millonarios nin o primeiro destes 126.000 galegos aos que lles baixamos os impostos, que serán os nosos amigos; e serán os nosos amigos os 27.000 que se beneficiaron de «impuestos cero no rural»; os 17.000 da adquisición de vivenda habitual —isto o ano pasado de acordo coa memoria da Atriga presentada esta semana na Cámara—. Pero tamén os 891.000 galegos que verán baixar a presión fiscal no primeiro tramo, os 232.400 do segundo tramo —aos que se lles deflacta a tarifa— e os 96.000 do terceiro tramo —practica-



mente, o 80 % dos contribuíntes galegos—. En resumo, aproximadamente 1.700.000 galegos que fan a declaración da renda e que, ademais, se van beneficiar da deflactación dos mínimos familiares e persoais.

Tamén son os nosos amigos as familias que teñen taxas universitarias conxeladas desde 2009; os 66.000 dependentes —que multiplican por catro os que vostedes atendían—; os 10.000 galegos que contarán con teleasistencia, como anunciou o presidente; as 31.000 familias con nenos de ata 3 anos que se benefician da gratuidade das escolas; as familias con pobreza enerxética que ven multiplicado o fondo de axuda por dous —que son 66.000 fogares—; os xoves aos que se lles vai dar un 20 % de aval para a compra de vivenda; os 25.000 autónomos que recibirán axudas de ata 1.200 euros; ou os usuarios das autopistas autonómicas, que terán as peaxes conxeladas. En definitiva, ao final o que resulta é que somos amigos de todos os galegos. (*Aplausos.*) E un explícase por que, tendo tantos amigos, o Partido Popular gaña as eleccións e o Bloque Nacionalista Galego está na oposición. (*Aplausos.*)

Respecto do Grupo Socialista, tamén anda un pouco perdido en materia fiscal, eu lamento dicilo. Están acusando de cinismo a Xunta por dicir que queremos que se mellore o financiamento autonómico e ao mesmo tempo rebaixar o imposto sobre a renda. É non saber o que é o sistema de financiamento autonómico, que ten un concepto que se chama «recadación normativa» polo cal, cando unha comunidade autónoma rebaixa a tributación, o Estado, cando lle fai a participación nos ingresos estatais, ten en conta o que tería recadado de non ter baixado os impostos e polo tanto non lle vén. É dicir, que non é verdade que esteamos quitando cunha man e pedindo coa outra. Non, o que estamos pedindo é un sistema de financiamento autonómico que garanta un financiamento xusto para todas as comunidades autónomas. E, ao mesmo tempo, estamos facendo unha política fiscal que se pode compartir ou non pero que, desde logo, non implica que o que aquí se deixa de recadar o Estado o vaia compensar, porque xa está previsto pola propia normativa.

Ben, falouse tamén de que a Xunta non executa, e imos ao último tema que quería mencionar, o tema dos fondos. Saben vostedes que os fondos —hai un informe recente— son fundamentais para a recuperación e están enmarañados en burocracia, en lentitude e en falta de cogobernanza para a súa aplicación. O primeiro PERTE do automóbil deixou desertos o 80 % dos fondos, e ata unha empresa como Ford renunciou a 106 millóns de euros porque prefería non aceptar eses fondos. ¿Que pasou en Galicia? Galicia ten asignados 1.000 millóns de euros, que representan o 6 % do total asignado ás comunidades autónomas. Realmente, recibíronse 662 millóns de euros e xa están autorizados 645 —é dicir, o 82 % do total— e adxudicados —é dicir, comprometidos— o 40 % do total. ¿Como está o Estado? Só ten autorizado o 38 % —fronte ao 82 % de Galicia— e comprometido o 13 % —cando Galicia ten comprometido o 40 %—. Se iso non é boa xestión, pois xa nos dirán. E seguimos esperando polos PERTE. (*Aplausos.*)

Remato.

Felicitoo de novo, señor presidente, polo exercicio de transparencia e por unhas liñas acaídas que marcan o rumbo de Galicia e un proxecto de país, que ademais permitiu ter un debate clarificador, non só polo que pensa o Goberno senón tamén polas incoherencias internas



que teñen os membros da oposición entre eles e dentro deles. Nós seguiremos dando explicacións da boa xestión orzamentaria cos orzamentos —estou seguro— cando entren na Cámara. E, por suposto, entendemos que esas liñas son as acáidas para o momento difícil que estamos a vivir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(*Aplausos.*)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, presidente.

Señorías, obxectivo conseguido; ou non, non o sei. Porque a señora Pontón se queixaba amargamente durante todos estes días de que o que tiña que haber aquí era un debate de política xeral e que non había que falar de orzamentos, e o señor Álvarez acaba de dicir que eu vin aquí a falar de política xeral e que o que tiña que facer era falar de orzamentos. Póñanse de acordo polo menos nunha cousa ou na outra para saber exactamente o que hai que facer. Supoño que un pouco de todo e baseado nos orzamentos. Baseado nos orzamentos porque eu anunciei esta comparecencia e —¡teñen razón, vamos!— ¿que problema hai en que vostedes, por suposto, como membros da oposición, e, a través deste Parlamento, todos os galegos e as galegas, saiban en que se van utilizar uns orzamentos que teñen unhas cantidades moi importantes e que saiban as liñas mestras duns orzamentos que aínda se están elaborando e que virán a esta Cámara e serán obxecto das emendas —supoño, e non o sei, porque escoitándoos falar, sobre todo á señora Pontón, parece que todo se ten que decidir agora mesmo aquí e que vostedes non van ter outra oportunidade—? E, polo tanto, bueno, ¿ocultación? En fin... Precisamente a primeira vez que se ten a oportunidade de que se veñan explicar as liñas mestras do orzamento sen ningunha obrigación legal —e isto ten que quedar claro—, senón coa vontade da máxima transparencia e para escoitalos a vostedes, a vostedes escoitámoslles o de sempre.

E é unha pena, porque eu dicía que o Goberno ten unhas enormes responsabilidades, pero tamén da oposición se esperan cousas importantes nestes momentos que temos a maior ferramenta que son as contas públicas. Dicíao na miña primeira intervención, pero isto, claro, ten que ter un pouco de seriedade.

Señor Álvarez, vostede dicíame que culpabilizo os empregados públicos por dicir que hai que facer unha reserva para poder pagar esa subida. Vostede confunde culpabilizar con contabilizar. Eu terei que contabilizar iso. Se quere, non facemos ningunha reserva, e cando chegue o momento de subilo non hai cartos, cousa que se fixo nunha comunidade autónoma gobernada polo Partido Socialista —ou na que vostedes colaboran a gobernar—. ¡Dá igual, tiramos da débeda, temos que ser rescatados...! Porque cada vez que vén un gasto —e encima este é previsible— vostedes xa o gastaron noutras cousas moito menos útiles. Eu téñolles



un enorme respecto aos empregados públicos da Xunta de Galicia e reservo os cartos para que teñan a subida. *(Aplausos.)* ¡Sen ningunha dúbida! *(Aplausos.)*

Despois, ¡home!, faime un pouco de graza. Dime que vimos aquí falar de cartos que recibimos da Unión Europea —do Goberno central e antes da Unión Europea— e que non son nosos. É que noso non é nin o primeiro euro, señor Álvarez, é da xente que paga os seus impostos, e por iso llos queremos baixar. Eu xa sei que os cartos non veñen do aire, que moitos veñen do financiamento europeo e que veñen condicionados —iso si, cunha marxe de manobra para intentar melloralos—. ¿Ou acaso todos os cartos dos que presume o señor Pedro Sánchez non lle veñen de Europa na súa maioría e lle veñen absolutamente condicionados? E parece que inventou el todas esas cantidades, que as vai sacando dun sitio, que non llas dá ninguén e, polo tanto, pode facelo á vontade. Nós non, sabemos perfectamente que estes cartos teñen finalidades e queremos cumprilas. Agora, iso si, finalidades que teñen que axustarse moito ao momento actual. E dígoos porque a blindaxe de 30 millóns de euros para os autónomos —que tampouco lle mereceu á señora Pontón absolutamente ningún comentario e a vostede un comentario sacándolle importancia— seguro que a agradecen moitísimo. Por certo, a inmensa maioría —señor Álvarez, infórmese ben— é de fondos propios da Xunta de Galicia, e a parte que vén de fondo condicionado é condicionado ao emprego en xeral. Se quere —pero iso dígallo aos autónomos—, non llelos dedicamos a eles no momento en que máis o necesitan, dedicámoslles a outras cousas. Pero eu creo que os autónomos o van agradecer moitísimo, non teño ningunha dúbida. *(Aplausos.)*

E despois, miren, ¡que pouco lles gusta baixar impostos! É que non lles gusta nada. Póñense —teño que dicilo e con todo respecto— bastante nerviosos. E non se dan conta de que están quedando absolutamente sós nesta cuestión nos países de arredor, en comunidades autónomas... E agora enterámonos de que o señor Ximo Puig —ao cal supoño que terán como un progresista, sen ningunha dúbida— acaba de facer o mesmo que vostedes acaban de desprezar porque o fai o Goberno da Xunta de Galicia. Iso si, para as rendas máis altas, a partir de 60.000 euros. ¿Os amigos dos ricos? Señora Pontón, vostede na nosa deflactación non entraría; na de Valencia, si. E téñoillo que dicir. *(Murmurios.)* Polo tanto, ¿quen está pensando nuns destinatarios ou noutros? É que, cando se fai demagogia, ao final pasan estas cousas.

Mire, antes de recoñecer que estamos beneficiando a xente baixando impostos, a señora Pontón é capaz de dicir —apunteino porque, en fin, fíxome, con todos os respectos, bastante graza— que aforrarlles aos galegos 50 millóns no IRPF non é unha rebaixa fiscal, que é un axuste técnico para axeitar á inflación. En fin, pois a xente cando pague os impostos vai pagar menos impostos; polo tanto, é unha rebaixa fiscal como a copa dun pino. *(Aplausos.)* O que pasa é que vostedes... *(Aplausos.)* E que alguén lle diga ao señor Ximo Puig —ao que seguro que se senten moito máis cercanos que ao Goberno da Xunta de Galicia e á maioría de Galicia que o apoia— que non acaba de facer ningunha rebaixa fiscal, que está anunciando as cousas mal. Señora Pontón, infórmeo de que é un axuste técnico para axeitar... Bueno, en fin, estará no Diario de Sesións.

Non lles gusta, non lles gusta nada. E así, claro, é difícil que entendan que é o que hai que facer e o que a xente está esperando. E, ademais, aquí intentan tapar o evidente acerto de calquera goberno de calquera cor política —e volvo ao exemplo de Valencia, coñecido agora



mesmo—, cando baixa impostos nun momento en que é necesario, con ese falso debate de que baixar impostos pon en risco os servizos públicos. Dixen —e ademais xa o levo dicindo durante moito tempo e díxeno na miña intervención varias veces, na miña primeira intervención— que o fundamental é preservar o funcionamento dos servizos públicos. Témoloo clarísimo hai moitísimo tempo, e por iso a xente nos vota cada vez que lle pedimos a confianza. Porque xa as pasamos moi duras nestes trece-catorce anos. E despois, inmediatamente despois, de que está garantido o funcionamento dos servizos públicos, o que hai que facer é darlle á xente os cartos, non quitarllos. Darllos para que os teña, para que os poida utilizar no que crea máis conveniente, para que poidan facer o seu proxecto de vida. E as administracións públicas deben sacar estritamente os cartos que son necesarios para que os servizos públicos —que tamén son para os que pagan impostos— poidan funcionar. Diso se trata e, polo tanto, eu non podo aceptar esa disxuntiva, porque non é certa —polo menos, en Galicia non é certa—.

Mire, aquí aliviamos a carga fiscal das familias e melloramos a sanidade, melloramos a educación e melloramos os servizos sociais públicos. As dúas cousas son posibles en Galicia —menos impostos e máis benestar— por moi enfadados que se poñan cando o facemos. Mire, deflactamos o IRPF nos seus tres primeiros tramos e investimos ao mesmo tempo 215 millóns de euros en sanidade —as dúas cousas son posibles—. Rebaixamos o IRPF para as rendas medias e baixas e incrementamos todas as axudas de inclusión social na mesma medida que a inflación —as dúas cousas son posibles—. Tamén equiparamos as familias de dous fillos coas numerosas para efectos do imposto sobre a renda —por moito que lle fastidie á señora Pontón— e, ao mesmo tempo, reforzamos a nosa educación para reducir o abandono escolar a mínimos históricos. Polo tanto, as dúas cousas son posibles. En Galicia pódense baixar impostos e manter e mellorar os servizos públicos, podémolo facer e ímolo seguir facendo. *(Aplausos.)*

E os galegos, señorías, van aforrar na súa próxima declaración —dicía que é unha cifra que se di moi rápido pero que custa moito gañala— 150 millóns de euros. Non é un tema menor, de verdade. E, en paralelo, estamos ampliando os hospitais de Galicia, poñendo en marcha novos centros de saúde, sete residencias nas sete cidades, estamos na cabeceira mundial segundo o Informe PISA en calidade educativa —e iso custa cartos tamén—. Bueno, todo isto pódese conseguir baixando impostos, por iso o imos seguir facendo.

E, señora Pontón, vostede —que pide que a escoitemos tanto todos os demais, e que o debía facer un pouco tamén— pide que incrementemos o complemento das pensións non contributivas. No 2023 —e iso vale moitos cartos tamén, e non o dixen porque non se pode falar de todo nunha comparecencia, xa virán uns orzamentos aquí— equiparar o seu custo ao que sobe a inflación para que as persoas que máis o necesitan non perdan nivel adquisitivo, ¿que outra cousa é iso que aprobar este complemento e facer ese complemento? Outra cousa é que vostede non o queira recoñecer en ningún caso. Pero é que así é moi difícil facer un debate serio de orzamentos, onde dende o principio tiñan absolutamente escrito que, dixese o que dixese eu, nada valía. Non lle dan ningún mérito a baixar impostos e non lle dan ningún mérito a que sigamos mantendo e mellorando —o señor Puy explicouno perfectamente— os servizos públicos fundamentais.

Xa o vimos, señora Pontón. Vostede segue xogando ao prezo xusto, e deulle un exemplo palmar, indiscutible, o señor Puy de como fai vostede esas valoracións, que poden ser moi de-



magóxicas, que poden confundir —íá dicir enganar— a cada vez menos xente pero que ao final a describen perfectamente. Colle unha cifra e empeza a dicir o que se podería facer. Vostede nunca gobernou, nunca tivo a responsabilidade e, polo tanto, non se sente na obriga de preguntar canto valen as cousas, canto valen os servizos públicos, para despois facer unha intervención parlamentaria reflexiva, racional e axustada ao que está dicindo, axustada á realidade. Dá igual.

Falaba aquí da tarifa eléctrica outra vez, da tarifa eléctrica galega. Mire, perderon toda a credibilidade. Falábannos dun 30 % de desgravación aos galegos pola enerxía que se produce en Galicia e de repente baixárono ao 10 %, e non deron ningunha explicación. ¡Así o fan todo! Ese é o prezo xusto cos cartos públicos porque non os xestionan.

E, mire, falando de médicos —que tamén o dixo o señor Álvarez—, din que estamos de-
traendo cartos porque, se non baixasen os impostos, poderíamos contratar máis médicos. ¿Sabe o que dixo o *consejero de Sanidad* de Extremadura? —socialista, supoño—: «*Ni por todo el oro del mundo encontramos ningún profesional para contratar*». A ver se se dá conta, señor Álvarez, de que isto vai doutra cousa, e de que o que fai falta é que se amplíen as prazas dende o Ministerio de Sanidade para que aquí poidamos formar máis profesionais. Non é unha cuestión de cartos, é unha cuestión de decisións que nós non podemos tomar, que, se as puidésemos tomar, habería tempo que estarían tomadas e outro galo cantaría. (*Aplausos.*) O malo é que as teñen que tomar vostedes, e é imposible, (*Aplausos.*) ¡é imposible! (*Aplausos.*)

Porque, mire, antes de recoñecer que o Goberno central, que o señor Pedro Sánchez —que supoño que os estará controlando en todo momento—, fai algunha cousa, xa non digo mal, que non espero que vostedes sexan capaces de facer iso, senón que podería facela mellor respecto a Galicia, antes son capaces de calquera cousa. ¡Nin unha soa mención aos fondos Next Generation! ¡Oia, este é un tema moi serio e vostedes non lle dan absolutamente nin-
gunha importancia!, tanto o Partido Socialista, porque sabe —supoño— que se están facendo as cousas moi mal en Madrid, e dino todas as comunidades autónomas, como a señora Pon-
tón, porque supoño que non é capaz de entender a transcendencia de que agora mesmo en Madrid haxa case 30.000 millóns de euros embolsados mentres hai proxectos en Galicia que poden crear miles de postos de traballo e están de brazos cruzados vendo como pasa o tempo, e vendo como se perden as oportunidades. Pois este é un tema moi grave. Debería ser un tema de país, pero xa vexo que non lles importa nada. Pois síntoo moito, porque facendo forza entre todos probablemente teríamos máis éxito. Nós non imos deixar de intentalo, imos seguir dicindo que cada vez pasa máis o tempo, que cada vez se perden máis oportu-
nidades e que aquí o Goberno central —eu creo que xa non lles dá tempo ni saben como fa-
celo— ou se pon as pilas nos fondos Next Generation ou nos traspasa a nós os orzamentos, ás comunidades autónomas, que todas estamos pedindo eses cartos para que poidamos xes-
tionalos e axudar as empresas. Non hai outra, non hai outra maneira de facelo. Todo o de-
mais é demagogia, todo o demais é dicir que vostedes fan moito e nós non facemos nada.

No tema da pesca, ben, mire, eu dixen que o señor Luis Planas onte tivo a postura, polo menos, que tiña que ter ao dicir que era inadmisíble o que lle dixo a Comisión e que, polo tanto, había que recorrer. Eu díxeno aquí. Vostedes non son capaces de dicilo. Supoño que non teñen capacidade para influír nun ministro da súa cor política, do goberno que sustentan



en Madrid. Pero o presidente da Xunta de Galicia ten que ir convencer a todo o colexio de comisarios de que cambien unha decisión da Comisión Europea. Iso é lóxico facelo, e vostedes non son capaces nin de preguntarlle ao señor Planas se vai presentar o recurso ou non. Sexamos un pouco serios, porque, se non, pasan cousas, como o ridículo do señor Formoso. E téñollo que dicir. Ao día seguinte de dicir que estaba arreglado o problema da pesca, estala o problema da pesca. Axudas así en Galicia non as queremos, sinceramente. *(Aplausos.)* ¡Non as queremos, non as queremos! Se así é como nos vai axudar, é mellor que lle diga vostede que estea quieto, polo menos niso.

E, mire, señora Pontón, unha mentira non por repetila mil veces deixa de ser mentira. Vostede repite sempre —é como ese «prezo xusto» ao que xoga coa contratación dos médicos— o tema da xente que se vai de Galicia, do saldo migratorio. Claro, como non lle queda máis remedio que recoñecer que baixou o desemprego xuvenil, di: «Non, pero é que é polo saldo migratorio, pola xente que se vai». Efectivamente, melloramos un 27 % no emprego xuvenil —menores de 30 anos—, pero non é polo saldo migratorio. Mire, xa llo dixeron moitas veces pero a vostede non lle interesa porque lle cae unha das súas grandes demagoxias. O saldo migratorio que tivemos o ano pasado foi, efectivamente, o mellor dos últimos doce anos, foi positivo en 14.448 persoas. ¿Sabe que media de idade? A de 38 anos, que é a que nos interesa. Falei dunha estratexia para atraer os retornados, a xente nova, para loitar contra o reto demográfico máis alá de demagoxias e das citas que vostedes fan sen aportar nunca ningunha medida concreta. Non lles importou porque neste tema ao final o que lles importa é seguir facendo demagoxia e non recoñecer que, dende o ano 2009 —e dígoo aquí en sede parlamentaria, e xa llo dixeron moitas veces—, o saldo migratorio foi favorable en 86.000 persoas, con 20.000 xoves entre 16 e 34 anos. E agora, señora Pontón, vostede siga contando as mentiras que conta sempre, que, por moitas mentiras que conte, iso non vai ser así. *(Aplausos.)*

Co do lobo, señor Álvarez, mire, cando estaba preparando a comparecencia díxéronme: «Se dis isto, seguro que che van dicir: É vostede o que lles ten que ofrecer aos gandeiros». Ben, ao final teño que dicir que picaron vostedes. Por suposto que temos moitísimas medidas. Oia, temos 17 millóns para o vacún da carne. Hai dúas ou tres semanas que o anunciamos. Pero volvo dicir que non podo anunciar aquí todo. Teño que dicir —ou polo menos é a miña intención, así preparei a miña comparecencia— as medidas novidasas ou aquelas que son un síntoma e un símbolo de como nos está tratando o Goberno en Madrid. E paréceme un escándalo ese «trágala» polo que se di: Ou te adhires ás miñas medidas ou te deixamos sen financiamento. E o exemplo do lobo é o exemplo perfecto de como nos trata Madrid. Por iso o quería dicir e vouno dicir. *(Aplausos.)*

Remato xa, señorías, señor presidente.

Miren, insisto en que temos por diante unha oportunidade excepcional. Creo que neste momento a xente espera que lle baixemos os impostos e que ao mesmo tempo lle mantemos os servizos públicos, todos, pero especialmente os máis esenciais. E creo, sinceramente, que iso é posible e que, polo tanto, o imos facer, rebaixar impostos e subir a calidade dos servizos. Non vou repetir as cifras. Fíxoo o señor Puy perfectamente e haberá ocasión de debullar estes orzamentos no seu trámite parlamentario. Pero eu creo que ese é o obxectivo fundamental.



Miren, é inevitable, non son capaces de non falar de Madrid, de que seguimos instrucións. Aquí temos a nosa propia axenda. A min dáme exactamente igual o que me diga Madrid. A min, ao meu goberno e a este grupo o que lles importa é Galicia, téñano clarísimo, ¡téñano clarísimo! (*Aplausos.*) Polo tanto, deixen de pensar nas eleccións, no cálculo curto. Deixen de crer que, manipulando cifras e dicindo aquí en sede parlamentaria cifras cun total descoñecemento que enseguida se lles ve o plumero, todo iso os vai levar a... Eses son cálculos electoralistas a curto prazo. A xente é moito máis lista e a xente o que quere son gobernos que a acompañen en momentos complicados. Quere ese optimismo tranquilo e racional —e sabendo do que se fala— que nos levou a gañar catro veces en Galicia por maioría absoluta. Iso é o que quere a xente. E está observando o que facemos cada un.

Polo tanto, o que imos ofrecer son solucións. E, miren, como nós vemos que a cesta da compra cada día é máis cara, pois por iso queremos rebaixar os impostos, para que a xente teña un pouco máis de cartos. Como vemos que a crise económica acentuou as necesidades sociais, queremos reforzar todos os servizos sociais, ter unha sanidade pública de calidade. Como vemos que os custos enerxéticos están disparados, por iso queremos axudar os autónomos, por iso queremos axudar, reforzando cos bonos eléctricos, a xente que máis o necesita.

En definitiva, señora Pontón, señor Álvarez, membros dos grupos parlamentarios, o senti-diño, a estabilidade, a unidade, é ao final o que a xente espera nestes momentos por riba de todo. De todo o contrario é precisamente do que a xente está fuxindo. Polo tanto, cun goberno con máis experiencia, cada vez con máis forza e con máis convicción, é iso o que imos facer, sen contar mentiras, vendo que os recursos son os que son e aproveitando a enorme oportunidade deste orzamento.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas de novo, señor presidente.

Permítanme que nesta última quenda, limitada no tempo, tamén a metade do que tiña na primeira intervención — cousas do Regulamento, cousas de non ser goberno —, dedique uns minutos á intervención do señor Puy.

Señor Puy, critica vostede que critiquemos a falla de coñecemento dos detalles. Polo tanto, permítame dicirlle que critica vostede o evidente: non coñecemos os detalles dos orzamentos. E dixo vostede que o Goberno central estaba a empregar os impostos para reducir a débeda. E eu preguntolle: ¿está vostede seguro de que un argumento similar non se pode empregar con respecto á Xunta de Galicia e á chegada de fondos extraordinarios para combater a crise derivada da covid? Porque diso tamén falaremos, e falaremos longo e tendido, neste Parlamento.



Mire, señor Puy, nun contexto de emerxencia hai que ter coidado coa redución do imposto ao consumo. Pode ser máis útil dar apoio ás familias e ás empresas que facer unha rebaixa do IVE. E non o di este portavoz parlamentario, díxollo onte o comisario de Economía da Unión Europea en resposta a unha intervención dunha deputada do Partido Popular procedente do Reino de España. E isto, señor Puy, é o que hai.

E vaime permitir que lle faga un par de precisións adicionais. En primeiro lugar, empregou vostede a gratuidade desas 3.417 prazas de educación infantil que financia directamente o Goberno de España —porque nos corresponden, porque son de Galicia, non son un regalo, son un dereito— e meteunas vostede nunha especie de conta global. ¿E vaime negar vostede que o feito de que se financien 3.417 prazas en educación infantil de forma gratuíta non contribúe a que vostedes poidan aplicar esa gratuidade noutras prazas do sistema? ¿De verdade temos que facer ese tipo de cábalas de «isto e isto...» e contar os alumnos de educación infantil coma se fosen mazás e traer aquí un camión delas para dicir: estas son as que hai de novo?

Mire, señor Puy, eu agradézollo moitísimo, e respéctoo moitísimo como experto en facenda pública, pero francamente xa sei o que é a recadación normativa. Sei o que é a recadación normativa, sei ler un texto, teño superada a fase de lectura mecánica e, polo tanto, son capaz de interpretar o que di un texto. Pero o certo, con independencia da recadación normativa, é que eses 30, 34, 35, 40 millóns de euros aos que vostedes van renunciar como consecuencia desa baixada do imposto de patrimonio desaparecen das contas públicas. Non dixeran en ningún momento que se lle fosen reclamar ao Estado. Sabe vostede que non o dixeran, polo tanto... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, non o dixeran, e, polo tanto, grazas por esa aclaración innecesaria. (*Aplausos.*) O que creo, señor Puy, é que teñen vostedes mala conciencia con esa medida, e de aí ese tipo de reacción.

Señor Rueda, mire, a min o señor Sánchez non me controla en todo momento, a diferenza de vostede, a quen creo que si o controlan en todo momento desde outros sitios. (*Aplausos.*) Porque o señor Sánchez ten bastante traballo que facer con sacar a España dos problemas que temos —igual que a Unión Europea— e ao que o Partido Popular de España non contribúe nunca, ¡nunca, nunca! Polo tanto, ten bastante traballo que facer.

Unha orientación xeográfico-parlamentaria, mire (*O señor Álvarez Martínez sinala coa man o lugar dos grupos parlamentarios no salón de sesións.*): Bloque Nacionalista Galego, alí; Partido Socialista de Galicia, aí; Partido Popular, aquí. (*Murmurios.*) Xa sei que son máis, xa sei que son máis, sei contar. Pero, mire, ¿por que me teño que poñer de acordo coa señora Pontón? ¿Por que se ten que poñer de acordo o Partido Socialista de Galicia co Bloque Nacionalista Galego para facer unha crítica aos seus orzamentos? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Somos forzas distintas e, polo tanto, temos argumentacións distintas.

E dixo vostede: «Obxectivo conseguido». Foron as súas primeiras palabras nesta segunda intervención. Polo tanto, ben, o de obxectivo conseguido revela que isto para vostede era un mero trámite parlamentario, con nada que anunciar de verdade á cidadanía galega. (*Aplausos.*)

E eu non dixeran nada, non dixeran nada, señor presidente da Xunta de Galicia, da procedencia dos fondos —nin se eran da Unión Europea nin se eran do Goberno do Estado—. E ¿sabe por que?



Porque sei que son fondos que nos corresponden como comunidade autónoma, son fondos que nos corresponden como galegas e galegos. Non nos regalan absolutamente nada. Se vostede tiña iso anotado na súa intervención, tempo tivo de corrixilo, porque eu non dixen absolutamente nada diso. Pero, mire, di vostede que 30 millóns de euros de axudas a autónomos son de fondos propios. E ¿como pretende que o saibamos? ¿Como pretende que saibamos, uns e outros —incluso seguramente algún parlamentario do Grupo Popular—, que son fondos propios se non coñecemos o detalle dos orzamentos? ¿Estame preguntando por algo que non entraba no exame? Porque, se non, tiña que darme os apuntes antes e preguntarme despois. ¿Son fondos propios? Estupendo.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Si, remato.

Miren ben as medidas de Valencia que tanto critican, porque creo que non son exactamente como o que vostedes acaban de dicir. Mire ben o que declarou o señor González Formoso logo da súa visita a Bruxelas, porque non dixo que o problema da pesca estaba arranxado. Non o dixo, sabe vostede que non o dixo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Fortes murmurios.*) Non, é igual que digan que si porque non o dixo.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Si, vou rematar.

Con respecto á deflactación dos tramos autonómicos do IRPF sobre os que ten capacidade normativa, esa deflactación beneficiará sen dúbida as rendas máis baixas, pero ata onde eu sei —ou ao mellor tampouco interpretado ben—, desa deflactación tamén se benefician as rendas máis altas. Porque iso, ata onde eu sei, vai por tramos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Ana Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Rueda, teño que dicirlle que é moi decepcionante que vostede veña aquí, a este Parlamento, no medio da maior crise de prezos e cando desde o BNG lle estamos formulando alternativas, críticas, propostas diferentes, a súa resposta sexa vir dicir que a portavoz do BNG é unha mentireira, que non son capaz de facer unha reflexión, que son irracional. En fin, desde logo, se ese é o estilo Rueda, xa lle digo que lle deixo a vostede o insulto, a propaganda e a manipulación. (*Aplausos.*) Comigo non conte para vir embarrar o debate nesta Cámara. (*Aplausos.*) Nunca vou entrar nese xogo, esa é a súa especialidade.

E non é serio que veñan a este Parlamento a falar de orzamentos sen entregar nin un só documento, nin un só dato, nin ningún tipo de documentación. En fin, quere facer aquí unha



rolda de prensa e por riba pretende que lle aplaudamos; pois non, señor Rueda, nós vamos dicir que, se vén comparecer, o mínimo sería enviar a documentación coa que se está traballando porque nós queremos saber que din realmente as contas públicas do ano que vén.

E, desde logo, cremos que vostede debería de dar explicacións nesta Cámara a respecto do que sabemos. Porque a semana pasada, o xoves, vostede dicía que Galiza tiña a súa propia senda, e ao día seguinte, o que fixo foi seguir a senda que lle mandan desde Madrid (*Aplausos.*) para rebaixarlles os impostos aos máis ricos no medio da maior crise de prezos. (*Aplausos.*) E, mire, sentidiño é o que lle falta a este Goberno, que no medio desta crise de prezos se dedica a dar pelotazos fiscais para as rendas máis altas. (*Aplausos.*) Iso é a falta de sentidiño que ten este Goberno. (*Aplausos.*)

E eu creo que vostede hoxe non fixo ningunha mención porque sabe que para a maioría dos galegos e das galegas é moi difícil —case diría imposible— de entender como, cando hai tantas necesidades na sanidade, na educación, tantas necesidades no ámbito da atención ás persoas maiores, tantas necesidades para axudar os sectores produtivos, vén o Partido Popular e quítalles 34 millóns de euros para entregárllelos directamente ás contas de 7.700 millónarios (*Aplausos.*) que de media teñen máis de seis millóns de euros; (*Aplausos.*) creo que isto é o que é difícil de entender. A min, desde logo, resúltame difícil de entender que as decisións sobre a política fiscal, no pouco que podemos decidir desde Galiza, se decidan desde a sede do Partido Popular en Génova. (*Aplausos.*) Isto, señorías, si que é moi difícil de entender, porque 34 millóns de euros significan moito.

Eu creo que hoxe o señor Puy deulle unha boa noticia a miles de persoas que acabaron o MIR de atención primaria, porque lles subiu o salario a 90.000 euros. (*Aplausos.*) Señor Puy, dígalles aos médicos e médicas que contratan en atención primaria que cobran 90.000 euros. (*Aplausos.*) É que é unha tomadura de pelo, señor Puy. (*Aplausos.*) ¡Unha tomadura de pelo! (*Aplausos.*) É así. (*Aplausos.*) En fin. (*Aplausos.*) Cando contratan un médico ou médica, non sei, ata vemos aí unha persoa que acabou o MIR estando nesta Cámara..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: ...creo que vai ter moitos problemas de Tesourería o señor conselleiro de Sanidade coas medidas que acaba de anunciar o señor Puy.

Pero é que é un problema grave, porque 34 millóns de euros significan a diferenza entre contratar ou non setecentos médicos ou médicas, significan a diferenza entre contratar novecentos profesores ou non, ¡que casualidade!, xusto os que recortou o Partido Popular no ensino público desde que goberna. (*Aplausos.*) Esa, señor Rueda, é a diferenza. (*Aplausos.*)

E, efectivamente, dime a quen lle baixas os impostos e direiche para quen gobernas, claro que si. O Partido Popular ás rendas baixas rebáixalles 50 euros e aos millónarios rebáixalles 4.415 euros, (*Aplausos.*) son máis amigos duns que doutros, señor Puy. (*Aplausos.*)

E logo eu, sinceramente, creo que non teño que explicarlle ao presidente da Xunta a diferenza entre deflactar e rebaixar. Creo que o conselleiro de Economía estará de acordo comigo en



que deflactar non é rebaixar. Se teño que explicarlle isto, señor Rueda, mal imos, ¡mal imos! *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Insisto, neste país necesítanse alternativas reais, non propagandas, nin anuncios, nin a auto-satisfacción dos membros do PP que, como teñen unha maioría e teñen entradas VIP —claro— para as entradas nos concertos, *(Aplausos.)* vívese moi ben; desde os palcos VIP vese a realidade doutra maneira. *(Aplausos.)*

Nós, o que propoñemos son políticas serias, hai que poñer en marcha un rescate social para a maioría que o está pasando mal, non para unha minoría privilexiada que se está beneficiando, ademais, desta crise. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Hai que facer unha política fiscal xusta, hai que reforzar os servizos públicos. Señor Rueda, ¿canto vai subir o orzamento de atención primaria? O mínimo serían 260 millóns de euros máis para reforzar unha atención primaria na que vostedes invisten menos que a media do Estado. Hai que poñer en marcha medidas en materia enerxética, claro que si; é que, de verdade, ¿non lles dá vergoña estar en contra de que os galegos e as galegas...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...nos beneficiemos da electricidade?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: Pero é que ¿ata ese punto teñen que defender os intereses das eléctricas?

Desde logo, señor Rueda, este país necesita un Goberno que o levante, que confíe no seu potencial...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que saiba que Galiza ten moito máis que un país *low cost*. Necesitamos producir, ter ciencia, investigación, e non a Galiza en pequeno que nos está deixando o Partido Popular.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Aquí seguiremos defendendo un futuro mellor. *(Murmurios.)* E tamén dicindo con claridade que con vostedes, señorías do Partido Popular, coa súa submisión a Madrid, o que nos están deixando é un país que vai a menos. Non imos calar...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



A señora PONTÓN MONDELO: ...non o imos consentir.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Rematou o seu tempo.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario Popular. Señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Permítame, que sabe que ademais nós temos respecto. Eu, evidentemente, cando falaba de tecnicismos falaba de cuestións que son certamente complexas como o sistema de financiamento autonómico. Si que me permite que lle diga unha cousa, eu cando falo de portavoz falo de portavoz do grupo, teño que defender o que fai o Goberno, estou normalmente de acordo co Goberno, non sempre —supoño que vostede tamén ten que defender o Partido Socialista e non sempre está de acordo con todo o que fai o Partido Socialista—. Pero, home, polo menos; cando me di que vostede non dixo cinismo, eu teño aquí o recorte: «Formoso critica o cinismo fiscal do presidente. Rueda está practicando cinismo fiscal ao bonificar os impostos aos que máis teñen e logo pedir fondos ao Estado». Isto era o que estaba eu criticando, non polo que dixera vostede directamente, senón porque o dixo o seu secretario xeral.

Ben, igual que o tema da recadación normativa, eu creo que é importante telo en conta porque iso é contraditorio con isto. E isto vai vir despois —como vostede tamén dixo— pero, a ver, de entrada todos sabemos o que é un fondo incondicionado; e, polo tanto, cando hai un fondo incondicionado, confundir os criterios de reparto co uso que se lle dá a un fondo que precisamente é incondicionado, pois, home, parece un pouco complexo; e chegar a pedir unha comisión de investigación por iso claramente é exaxerado, cando ademais hai que ler o informe completo. Pero estou seguro de que o presidente lle dará boa resposta mañá pola mañá. *(Aplausos.)*

Pero non quero deixar pasar un feito, que é que no ano 2020 está certificado que tivemos déficit do 0,1 %, cousa que non fixeron todas as comunidades autónomas, houbo moitas que non foron capaces e tiveron superávit no ano 2020. E particularmente na sanidade houbo un desvío sobre os orzamentos iniciais de máis de catrocentos millóns de euros, que non son compensados co que teoricamente correspondería de ter asignado como condicionado un fondo incondicionado á parte de sanidade. E, bueno, iso quere dicir que se fixo un esforzo sanitario que ten un resultado excepcional posto que fomos das comunidades autónomas que estamos na península que tivemos mellor xestión da pandemia en todos os ámbitos e cunha poboación particularmente envellecida. Polo tanto, eu creo que estas cuestións están fóra de toda dúbida.

Como está fóra de toda dúbida que o Goberno de España non está pagando as garderías. ¿Cantas comunidades autónomas están pagando a gratuidade de todos os nenos nas escolas



infantís? Ningunha, ¿por que?, porque o Estado non o paga, porque o teñen que pagar con fondos propios; é unha decisión que ten que tomar a comunidade autónoma. (*Murmurios.*) E nós fixémoslo e iso, evidentemente, é parte da política fiscal que, como saben, ten unha parte de ingreso e unha parte de gasto.

Ben, sobre temas de política fiscal, eu, como comprenderán, encantado de falar. O que non pode ninguén dúbida é que o actual Goberno —que apoia o Bloque e que está ao fronte o Partido Socialista—, se está facendo algo con imposición é improvisar. Despois de encargarlle un informe moi útil a un grupo de expertos que marcaron unhas liñas de reforma xeral e que se esqueceu completamente —polo menos na súa aplicación práctica—, inventan un imposto contra a banca, como se non pagaran o imposto de sociedades os bancos —que Europa criticou xa—; inventan un imposto para sacarlle máis recursos ás enerxéticas, que Europa corrixiu, que non ten nada que ver co que xa presentaron e que van ter que modificar conforme dixo Europa; porque non é mesmo gravar a facturación que os beneficios, como non é o mesmo dedicar —que iso si que estaría condicionado— os ingresos dese imposto a pagar as facturas dos que menos teñen e a factura da pobreza eléctrica, e vostedes só recadan para gastos incondicionados xerais do Estado.

Ben, e agora veñen cun imposto para os ricos, que claramente colisiona co existente no patrimonio. Isto é un debate trampa, estamos a falar de dezasete millóns de euros —despois de todos os anuncios que fixo o presidente é menor—. Pensen que con ese imposto sobre a riqueza que vai poñer o Partido Socialista estiman recadar mil millóns de euros; polo IBI, que grava a propiedade inmobiliaria, en España recádanse catorce mil millóns de euros; fíxense o contraste do que supón gravar a propiedade municipalmente co que vai ser a panacea o imposto para os ricos. Un imposto que non existe nada máis que en Noruega, que ten os tipos máis baixos, e en Suíza, onde non tributan no imposto sobre a renda as ganancias de capital. Un imposto, en fin, que se puxo provisional no 1977, que o suprimiu o Partido Socialista no 2008 e o tivo que recuperar no 2011 porque España afundía; que se mantivo tamén provisionalmente, porque se aprobou para dous anos e se mantivo todos os anos ata hoxe, e que, evidentemente, colisiona cos demais impostos que gravan a riqueza, que son os impostos de transmisións patrimoniais, o imposto de sucesións e doazóns e tamén toda a fiscalidade da propiedade municipal. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, sabe vostede moito disto pero ¿que dixer eu que non sexa verdade?, porque ¿non existen os tributos que acabo de dicir? Vale, ben, seguimos.

E agora, resulta que o Partido Socialista en xuño do 2022 —antonte— vota en contra do imposto contra as grandes fortunas de Podemos; fano o Partido Popular, o Partido Nacionalista Vasco e o Partido de Cataluña —PDeCAT—; e votan a favor deste imposto o Bloque, Bildu, a CUP e Esquerda Republicana de Cataluña —é interesante saber a política fiscal que ten cada un—. O argumento que deu o Partido Socialista entón é que, ademais de que non era o momento de subir impostos, centralizaba —porque centraliza o imposto sobre o patrimonio—, ten pouca recadación —o cal acaba de demostrar, simplemente comparando a recadación de dous tributos que gravan a propiedade—, que ademais é parcial e á marxe da reforma fiscal que fixeron os expertos e que estaba en marcha, e ademais ía xerar dobre imposición co imposto do patrimonio. Ben, isto dino en xuño, en setembro están a favor. Bueno, pois home, se isto non é podemizar o Partido Socialista, eu non sei como se lle pode chamar. (*Aplausos.*)



Pero é que despois anuncian que levan meses traballando; levan meses traballando pero agora o problema é como se configura con patrimonio, co cal vai ter que haber dous axustes: un con renda —porque xa saben que non se pode tributar conxuntamente por IRPF e patrimonio por riba do 60 % da base do IRPF, porque hai unha colisión e unha dobre imposición—, e ademais teñen que concilialo co imposto do patrimonio. Ao final ¿que van facer?, é poñerlle o imposto sobre o patrimonio nas comunidades que o baixaron. Eu pregúntome que pensa o Bloque disto; o Bloque quere o cupo, quere a autonomía fiscal, e aquí está o Goberno de España aprobando unha norma que o que fai é entrar nas bases fiscais...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...sobre as que non recadan as comunidades autónomas para poñer un imposto que recada o Estado. A min gustaríame saber que opina sobre isto o Bloque Nacionalista Galego.

Ben, o que si sabemos é que o imposto do patrimonio reduce o capital, afecta polo tanto ao emprendemento. E poñendo moitos impostos que graven —como din vostedes— aos ricos, o emprendemento e —parafraseando un chiste moi bo que viña o outro día na prensa— os que teñen cartos o que van é a emprender a fuxida. E iso non é o que queremos. O que queremos é que queden aquí e invistan e emprendan en Galicia e non que emprendan a fuxida.

Señora Pontón, simplemente unha nota: 34.000.700 médicos dá 48.000 euros, pero hai que pagarlles a Seguridade Social. A noticia hoxe é que vostede está a favor dos médicos *low cost* (*Risos.*) porque vai pagar con 48.000 euros (*Aplausos.*) o salario dos médicos máis a súa Seguridade Social e todo o demais. (*Aplausos.*) É que persistir no erro non sei a onde a leva.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Un pode recoñecer: fixéronme mal as contas, desculpe, chegaría con trescentos cincuenta médicos. Pero non, teñen que ser setecentos e eses setecentos van cobrar, como moito, vinte e cinco ou trinta mil euros, unha vez que lles saques o IRPF e as contribucións á Seguridade Social. (*Murmurios.*) Pero, se é o modelo do Bloque díganlo.

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PUY FRAGA: Nós cremos que, efectivamente,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: ...podendo ter cartos deberíaselles pagar máis e estanse aprobando incentivos. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) A ver, señora Pontón, vostede que sempre di que estamos nerviosos, ¡tranquilícese un pouco vostede! (*Aplausos.*) Se a min gústame o ruído, pero xa chega un momento en que... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PUY FRAGA: Eu lamento que lle fixeran mal a conta. Xa supoño que non foi vostede. *(Aplausos.)*

Señor presidente, as súas liñas de presuposto son de apoio ás familias máis vulnerables pola vía do ingreso e pola vía do gasto e aproveitamento dos fondos europeos. Nesa actuación terá ao grupo maioritario ao seu lado. *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Por favor, co tema do tempo nin mu.

Remate, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: É curioso que tamén sexa vostede o que sempre pide silencio... E que, polo menos, podía dicir que sabe o que cobra un médico, pero nin sequera. *(Risos.) (Murmurios.)*

Boa mañá. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Peche desta comparecencia, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Álvarez, perdoe que lle diga. É enternecedora a súa estrañeza cando eu digo que supoño que o Bloque e o Partido Socialista deberían estar de acordo. *(Risos.)* Comprenderá vostede que é o normal, ao mellor non o é, pero, efectivamente, obxectivo conseguido.

Eu vin aquí a explicar as liñas mestras do orzamento e o que queremos facer cunha oportunidade histórica, se son capaz de explicalo —e creo que o fun— e, ao mesmo tempo, son capaz de contentar as expectativas —porque eran contrarias— que tiñan nesta comparecencia ao Bloque e ao Partido Socialista, obxectivo conseguido. ¡Que máis felicidade pode pedir nesta comparecencia aquí! Estou encantado, absolutamente. ¡Encantado! *(Aplausos.)*

Non me quero estender moito porque eu creo que nesta segunda rolda, á parte de aclarar un par de cousas, creo que quedaron bastante claras as posicións de cada un. Esquecinme antes —ten que desculparme— de falar sobre o tema da asistencia a domicilio. É o que está pactado coa Fegamp, é a porcentaxe pactada, e a partir de aí actualizarémola ao igual que se actualizan os soldos dos empregados públicos. Polo tanto, estamos cumprindo.

Ao mellor a vostede sorpréndelle ou non lle informan dos acordos que acadamos, pero ese é o acordo acadado e, polo tanto, é o que imos facer con toda a normalidade e como non podía ser doutra maneira. Aínda que vostede non sei se ten ben a información ou se non llo dixeron, pero isto é o que hai.

E volvo a insistir. Vostede dicía que, ás veces, é máis beneficioso darlles apoios ás familias, ás persoas, que facer rebaixas fiscais; pero é que se poden facer as dúas cousas, señor Álvarez.



Xa llo dixen na miña primeira réplica. Pódense baixar impostos e, ao mesmo tempo, pódense manter os servizos públicos e incluso melloralos. E é o que queremos facer. Vostedes están nesa disxuntiva, supoño que porque teñen esa instrución; e se non é instrución, simplemente con observar o que está facendo o señor Sánchez ven que, en ningún momento, so poden permitir. O señor Ximo Puig si que foi máis valente — será probablemente porque goberna — e si que baixou os impostos. Pero, como non están ou, polo menos, cando o fan sempre é arrastras e despois de que llelo pida todo o mundo, supoño que ten que facer a disxuntiva dicindo que baixar impostos equivale a rebaixar a calidade dos servizos públicos e non é así. E aquí demostrámolo continuamente e ímolo seguir demostrando.

Señora Pontón, vostede ponse en plan vitimista e eu non lle dixen nada. Este presidente inconsistente, este presidente insubstancial, este presidente desnortado, a vostede o único que lle dixen é que estaba contando unha mentira. E vostede ten que ter claro que non é unha mentira porque non foi capaz de rebatela na súa intervención. Polo tanto, dígolle: efectivamente, estaba mentindo, non ten os datos claros, quere médicos *low cost*. E así é moi difícil facer un debate parlamentario serio dende o Goberno e a oposición debería selo tamén, pero vostede perde esa oportunidade.

Eu teño —creo— por vostede bastante máis respecto do que vostede ten por min. (*Murmurios.*) Non se crea o centro do mundo, nin se crean vostedes os nacionalistas. Cando eu dicía que estaba preparando esta comparecencia rían e algún nas súas bancadas ría como dicindo: «téñenlle que axudar». Pois si, eu non teño as verdades divinas que teñen vostedes, nin son autosuficiente; a min a xente axúdame a intentar acertar. Xa lles dixen que teño un magnífico Goberno e uns magníficos empregados públicos que están traballando moi duro. E, polo tanto, ímolo facer tamén neste orzamento e imos intentar acertar, nada máis e nada menos, e acertamos —insisto— baixando impostos.

Señora Pontón, eu non sei se vostede pode dar clases de Dereito tributario. Eu non, non é a miña especialidade. Pero, entre deflactación dun imposto e rebaixa fiscal eu digo pagar menos impostos, que é o que a xente quere, jé o que a xente quere! Vostede chámelle como queira. (*Aplausos.*)

Estaba vendo un comentario en redes sociais sobre a rebaixa que acaba de facer a Generalitat valenciana e había un comentario que dicía —dígoos en castelán porque vén en castelán—: «Entonces, a partir de ahora en Valencia ya no voy a poder operar a mi abuela». Porque se segue o que vostede di, baixar impostos é rebaixar a calidade da sanidade (*Murmurios.*) e é empeoralo todo, seguindo esa demagogia. ¿Danse vostedes de conta de que isto non funciona así? De que se pode —insisto— rebaixar impostos e manter a calidade dos servizos públicos.

Preguntaba vostede pola sanidade. Subimos moitísimo: case oitocentos millóns de euros gastados máis en sanidade dende o ano 2009 ata agora. Presupostados, 3.655 no ano 2009; 4.494, no ano 2022, un 24 % máis, e agora imos subir douscentos millóns de euros máis. Vostede non o escoitou porque non lle interesaba escoitar e vén dicindo que a ver canto vai subir: douscentos e pico millóns de euros.

Na atención primaria hai case oitocentos profesionais máis traballando. En total, 6.500 profesionais en toda a sanidade pública e case mil na primaria, respecto ao que había no ano



2009, que eran os orzamentos da excelencia, os orzamentos da abundancia, e despois non houbo máis que recortes. Un 24 % de orzamento e 6.500 profesionais máis. *(Aplausos.)* Estes son os recortes do PP e unha mentira máis que lles contan á xente. *(Aplausos.)*

Segue vostede moi obsesionada con Madrid. Céntrese aquí. A oposición hai que facela aquí. En Madrid está o señor Feijóo intentando e traballando —e estou seguro de que o vai continuar— ser presidente de España para empezar a emendar moitas cousas que no día de hoxe non están arranxadas. ¡Isto é o que hai! Non sei se vostede o bota de menos, se prefería que estivera aquí... *(Risos.)* Aquí estamos gobernando para intentar que as cousas vaian igual de ben e merecer outra vez a confianza dos galegos a través dunha quinta maioría absoluta. Para iso estamos traballando, sinceramente. *(Aplausos.)* Pense un pouco menos en Madrid e un pouco máis nos galegos.

Os galegos o ano que vén van aforrar 450 euros na súa declaración do IRPF, pero vostede dirá que non están aforrando, que están acolléndose a unha operación técnica de deflactación para complementarios. *(Risos.)* ¡E o que están é aforrando 450 euros! Pense nas familias con dous fillos que van ter o mesmo tratamento fiscal no IRPF que as familias numerosas e a vostede fastídalles porque non lle parece ben que algúns o poden ter e outros non. Hai que loitar contra o devalo demográfico e esta é unha boa medida, moito máis alá das demagoxias que vostedes plantexan sen ningunha solución.

Pense nas persoas que reciben unha prestación de inclusión social que non van perder poder adquisitivo, van ver actualizado o IPC ás cantidades que están recibindo. Pense tamén en todos os autónomos que van recibir unha axuda de 1.200 euros ao ano para afrontar o impacto da alza dos prezos.

Señor Álvarez, vostede dicía que non ten por que saber de onde veñen eses fondos. Se non o sabe, tampouco diga que eses fondos non son fondos incondicionados. *(Murmurios.)* É un esforzo que fai a Xunta de Galicia, ao igual que a creación e o mantemento de prazas. Porque interesa, porque é o que hai que facer e porque o podemos facer baixando impostos ao mesmo tempo que mantemos a calidade dos servizos públicos. ¡Isto é o que hai! *(Aplausos.)*

E remato xa, señor presidente.

Dícialles que conto cun Goberno con moita experiencia e que creo que sabe facer ben as cousas. Conto con magníficos funcionarios públicos na Xunta de Galicia competentes e comprometidos co seu labor, e que saben que teñen diante un reto moi importante que é elaborar os orzamentos deste ano cunhas cantidades que nos van permitir facer moitas cousas e que hoxe intentei explicar. Conto con todos os galegos, que son moito máis listos do que algúns e algunhas pensan e que saben o que hai; saben quen intenta traballar, quen lanza as cifras ao aire pensando que non llas van comprobar e evidenciar de que non son certas e, ao final, esas cousas pasan.

Estamos en tempos difíciles e incertos e, polo tanto, a min gustaríame ter resposta para moitas cousas para as que non teño. Eu non lles podo asegurar que imos acertar sempre. Non podo prometer unha solución rápida e sinxela para todo. ¡Non podo! Podería xogar ao



prezo xusto e dicir douscentos, cen, douscentos cincuenta millóns, mil millóns de tarifa eléctrica... Eu non xogo e este Goberno non xoga ao prezo xusto porque ten que gobernar e sabe que os recursos son os que son e hai que utilizalos intelixentemente.

Conto con defender os intereses de Galicia. Iso si que o podo prometer e podo prometer que imos traballar sobre unha Galicia real, sobre a Galicia que hai. Sobre unha Galicia onde moitísimos galegos o que queren é un rumbo claro e planificado, e queren que aproveitemos ben os orzamentos. E, polo tanto, Galicia, os galegos e as galegas, merece que aproveitemos esta oportunidade. E, polo tanto, mentres eu sexa presidente os galegos poderán ter a garantía de que este Goberno estará con eles, apoiándoos hoxe para que teñan un futuro máis próspero mañá. Diso ían as liñas mestras deste orzamento.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente. *(Aplausos.)*

Continuamos coa orde do día.

Debatemos agora, tal e como foi anunciado, un texto lexislativo.

Proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do Proxecto de lei de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en Ciencias da Saúde do Servizo Galego de Saúde

O señor PRESIDENTE: Neste caso, é a proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do Proxecto de lei de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en Ciencias da Saúde do Servizo Galego de Saúde.

Todo isto faise de acordo a que a Mesa, logo da audiencia favorable da Xunta de Portavoces, na reunión do 20 de setembro de 2022, acordou proporlle ao Pleno da Cámara a tramitación polo procedemento especial de lectura única deste proxecto de lei, de conformidade co disposto no artigo 134.1 do Regulamento.

Antes de someter a votación a proposta de tramitación polo procedemento de lectura única, ábrese unha rolda para fixar a súa posición os grupos parlamentarios.

Comeza, polo tanto, o Grupo Parlamentario Socialista. Para iso, ten a palabra o señor Torrado por un tempo de cinco minutos.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día.

É imposible non mencionalo ben. O que acaba de pasar en Valencia é que a rebaixa fiscal está para as rendas menores de sesenta mil euros. As rendas superiores de sesenta mil euros



non teñen nin unha soa bonificación, manteñen todo o imposto de patrimonio, que —por certo— ten o mínimo exento en 500.000 euros. Isto é o que pasa en Valencia, contén o que queiran. Debe ser que en Valencia os médicos cobran máis; si, cobran máis, por iso teñen moito menor déficit de médicos que nós. (*Aplausos.*) Esta é a cuestión que está pasando en Valencia e que —por certo— o Partido Popular votou en contra. Debe ser que queren que os médicos cobren menos en Valencia. Non sei como é iso da consistencia, alí a chamada de Feijóo aínda non se produciu.

En todo caso, nós vimos aquí a debater sobre unha proposición de lei que trata sobre unha cuestión sorprendente —enténdase a ironía— porque a ten a Xunta, o Goberno de Galicia e a Consellería de Sanidade como é o problema de como dotar os hospitais comarcais de profesionais porque ven que, agora mesmo, teñen dificultades para que os profesionais deriven ou acaben traballando en hospitais comarcais porque prefiren traballar no hospital central da área sanitaria —digámolo así—.

No ano 2018 produciuse unha reforma da Lei de saúde que eliminou varias áreas comarcais e fixo que Galicia quedara en sete grandes áreas —digamos— controladas por un hospital central das cidades —por dicilo dalgunha maneira—. Nós alertamos, naquel momento, que iso prexudicaría a dotación de persoal dos hospitais comarcais. Leo literalmente: «Os profesionais seguirán sen ningunha dúbida ligados á área sanitaria e manterán o seu destino orixinal». É dicir, aqueles que teñan destino no hospital comarcal manterían o seu destino orixinal, que é o hospital comarcal. Pero isto non está pasando e por iso esta reforma.

Vou ler outra cousa: «A reforma consolidará o modelo de integración para facilitar o acercamento dos profesionais aos pacientes», cousa que hoxe non ocorre porque os profesionais normalmente están máis concentrados nos hospitais grandes —por dicilo así— que nos comarcais e temos un problema no que corresponde á derivación. Isto é o que dicía o conselleiro de Sanidade, naquel momento, cando nós dicíamos que o día de hoxe chegaría —que xa chegou hai tempo, a pesar de que o Goberno se enterou agora—. Temos un problema para dotar os hospitais comarcais porque as áreas sanitarias permiten por cuestións formais e por cuestións estruturais —que era a vontade— que os hospitais comarcais sexan hospitais de segunda porque teñen máis dificultades para ser dotados de profesionais especialistas. ¡Isto é o que está pasando!

Iso si, catro anos para ser conscientes dun problema que xa no seu momento advertimos. Nós preguntámonos se isto servirá para que o Partido Popular entenda, por fin, que se equivocaron ou van persistir no erro. Teño para min cal vai ser a resposta —agardo equivocarme— e creo que van persistir no erro de dicir que está todo perfecto. Traen aquí unha modificación da lei para resolver un problema, pero cando teñen que argumentar dirán que o problema non existe. ¡Este é o equilibrio fantástico!

Hai un problema de fondo —porque este é un problema que xa se vía vir— que a reforma do Partido Popular provocou e que agora pretenden resolvelo, e hai un problema de forma. Isto basicamente está traído aquí polo trámite máis urxente posible. O trámite de urxencia debe ser porque o Parlamento sobra aquí e xa saben que para vostedes isto é un trámite. Ademais sábese que os trámites parlamentarios son lentos, sobre todo, cando son unha obriga e cando son unha escusa tamén son lentos.



Ao igual que trouxeron por urxencia a vacinación obrigatoria que, ao final, o Tribunal Constitucional lles dixo que tiñan que cambiar e cambiaron porque non valía —a pesar de que llo advertimos—; como trouxeron pola porta de atrás os orzamentos e un cambio laboral no sistema sanitario do que non quixeron falar con ninguén e que unicamente presentaron o día antes aos sindicatos e que llo rexeitou todo o mundo e tiveron que cambiar; como traen hoxe para debater en cinco minutos un cambio substancial que vai provocar varios problemas e que ademais ven nesta proposta que traen vostedes de lei cos engadidos e coas alegacións que fan varios colectivos: sindicatos e colexios médicos, ¡colexios médicos! —quero lembrar—, que din cousas como que isto roza a inconstitucionalidade.

Non é unha opinión nosa, é dos colexios médicos e dalgúns sindicatos. Inconstitucionalidade por varias cuestións como que toca a carreira profesional sen facer os mecanismos, sen traballar os trámites necesarios para iso; como que plantexa algunhas cuestións de dubidosa constitucionalidade con respecto á dotación de prazas porque elimina os procesos naturais. E tamén —hai que recoñecelo, xa non digo de dubidosa constitucionalidade— porque trae a colación algúns problemas e o uso extraordinario de mecanismos que están plantexados de maneira extraordinaria e que se usan de maneira estrutural.

A partir de agora, e xa o vimos nas últimas modificacións, o sistema sanitario vaise resolver a impulsos de utilizar de maneira extraordinaria algúns mecanismos e utilízaos de maneira habitual. Xa non se vai contratar por cuestións de concurso de mérito ou oposición. Imos utilizar estes sistemas para sempre de maneira continuada. ¡Isto é o que está trasladando a consellería!

Polo tanto, ante esta cuestión e nestes cinco minutos que temos —problemas do directo—, imos ter que posicionarnos sobre un sistema que o que plantexa é reforzar algo —que nós xa considerabamos que o que estabamos creando era unha sanidade dual para os pacientes, pacientes de primeira nas cidades, pacientes de segunda atendidos nos comarcais— para ter agora un sistema dual nos profesionais. Imos ter profesionais facendo o mesmo cos mesmos horarios, coas mesmas obrigas, coas mesmas responsabilidades, pero contratados por dúas vías distintas.

Porque o Goberno inventa que a solución é cambiar a normativa para facer algo que, curiosamente, cunha boa dotación, cunha boa política fiscal e con bos impostos para poder financiar a sanidade podíamos ter feito antes e que era sinxelamente tratar mellor os profesionais sanitarios. Quérenos vostedes tratar peor para, a partir diso, construír leis que lles poidan permitir tratalos peor. E nós non podemos apoiar nada que traballe para facer as cousas tarde e mal, que supoña unha autoemenda ao propio Goberno —porque isto é unha emenda do que vostedes fixeron no 2018— e que ademais plantexa traer a este Parlamento utilizar de maneira estrutural unha normativa que é extraordinaria, que se deba utilizar en circunstancias moi excepcionais e que non se pode estar utilizando cada seis meses, como aquel que xoga ás canicas e, de repente, empeza a ver se ten que tirar para un lado ou para o outro porque non ten a idea global de como facer as cousas.

Non podemos apoiar isto e desexaríamos que, atendendo ao clamor que existe no sistema sanitario, vostedes tampouco o fagan e poidamos falalo en xeral, con consenso, non contra ninguén e entre todos buscar unha solución.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

De novo, o Partido Popular trae a esta Cámara unha iniciativa para parecer que fai manobras de distracción, señor conselleiro, e ningún cambio estrutural que vaia ao fondo dos problemas. Unha lei que non soluciona os problemas e que si crea problemas e malestar.

Dende o BNG consideramos que este proxecto de lei é rexeitable pola forma e polo fondo. Pola forma porque presentan unha lei polo procedemento de urxencia, por lectura única, un mecanismo de excepción que significa reducir os tempos ao mínimo e que furta o debate.

O Partido Popular volve utilizar os mecanismos de modificación nas normativas a través de mecanismos excepcionais como fai continuamente coas leis de acompañamento de orzamentos —veremos agora cando presenten o orzamento cantas leis van volver modificar por esta vía— sen debate, sen que haxa posibilidade de introducir modificacións, saltándose informes preceptivos, como podía ser o do CES, e un Partido Popular, unha consellería, que non negocia cos profesionais, non consegue chegar a ningún acordo cos profesionais que ten e se non consegue chegar a ningún acordo cos profesionais terá que preguntarse por que.

Será que estas medidas non van na dirección que teñen que ir. Non consegue contentar á poboación traendo aquí a este Parlamento o de ou o tomas *todo o nada* e non se poidan introducir emendas e o liquidemos nunha semana. Hoxe aproban a urxencia e para a semana liquidámolo.

¿Para que escoitar, para que debater, para que acordar, para que escoitar as alternativas dos demais, se vostedes poden pasar o rodillo e logo botarlle a culpa ao empedrado? Iso é o que está facendo o Partido Popular.

E logo hai discrepancia no fondo. Pretende o Partido Popular traer unha lei para ter un titular de prensa por unha vía extraordinaria para solucionar un problema estrutural e que na propia xustificación da lei din que é un problema estrutural. E resulta que recoñecen que é un problema estrutural, pero despois presentan un mal parche.

E esta posición só ten a explicación desta carreira na que está inmerso o Partido Popular nunha campaña permanente, un *spot* publicitario diario, na vez de realmente presentar alternativas. E un problema estrutural, consecuencia de trece anos de medidas para chegar a esta situación, non se pode solventar sen ir á orixe do problema.

Na parte expositiva —insisto— explícatase que é un problema estrutural e a renglón seguido en todas as páxinas que se dedican a argumentar a necesidade desta lei non hai nin unha



soa liña para avaliar cales son eses problemas estruturais e para avaliar por que estamos nesta situación. Porque un partido que leva trece anos gobernando terá que xustificar por que se está nesta situación de ter que traer unha proposta extraordinaria dun acceso diferente para acceder ao sistema sanitario e terá que explicar por que chegaron a esta situación. Saber que fixo chegar a esta situación para, unha vez sabido o que causou ese problema, ver cales son as solucións. Cunha aspirina para a dor non se soluciona un problema dunha envergadura brutal. Un sistema sanitario público galego que ten unha hemorraxia xeneralizada non se vai solucionar cunha tirita nin cunha cuestión menor, se non se analizan as causas. Non se propoñen medidas dirixidas a facer atractivas as prazas.

Resulta que fan referencia continuamente ao informe do Ministerio, o Informe sobre a oferta e a necesidade de especialistas 2021-2035, onde di que sen incentivos axeitados e potentes non se poderá solucionar o problema. E vostedes non explican como van facer atractivas as prazas. Porque o tema é que hai prazas que non son atractivas, pero ¿por que? ¿Por que, señor conselleiro? ¿Por que fai moita calor? ¿Por que están lonxe? ¿Non ten nada que ver coas condicións laborais nas que están continuamente? ¿Non ten nada que ver que teñan que vivir continuamente nos hospitais? ¿Non ten nada que ver con que non soportan as condicións en atención primaria? Porque isto —advertímosllo— é para solucionar problemas de difícil cobertura nos hospitais comarcais en atención primaria.

No anterior orzamento aprobaron esa Lei de especialistas de atención primaria tamén pola porta de atrás para que non houbera debate —e agora volven facer o mesmo— ou para profesionais da saúde mental, cando lles dixemos por activa e por pasiva que ese Plan de saúde mental que vostedes presentaban só estaba no papel e que non tiña forma. Polo tanto, preséntano para poder contratar profesionais de saúde mental sen que digan cantos fan falta, sen que saibamos no día de hoxe cal é a situación da saúde mental, cantos profesionais, en que categorías e por que. Ou sexa, vostedes poñen un parche sen que nos digan cal é a situación real que lles levamos demandando dende hai moito tempo. A situación actual de déficit de profesionais é a consecuencia das súas políticas de recorte e, unha vez máis, pretenden resolvelo a custo cero.

Porque nesta lei, señor conselleiro, señores deputados e deputadas do Partido Popular, pon claramente que en ningún caso suporá un aumento orzamentario. E aí volvemos ao debate anterior. Resulta que lles sacamos impostos aos ricos e pretendemos traer unha lei para solucionar os problemas de sanidade sen un euro máis. Custo cero, ¡custo cero! (*Aplausos.*) ¿Iso que significa? Que non van aumentar as retribucións, que non van aumentar cadros de persoal e que estas son as alternativas que pon o Partido Popular encima da mesa: ningún incremento orzamentario.

E antes de tomar medidas excepcionais, señores e señoras do Partido Popular, señor conselleiro, é precisa a información, é preciso saber cal é a situación, cantos especialistas fan falta nos hospitais comarcais, cantos médicos de familia, cantos pediatras e cantas enfermeiras, por que esas prazas de difícil cobertura, información de cales son os cadros de persoal, de cantas xubilacións se produciron e non se cubriron, de cantas se van producir e que teñen pensado facer; establecer que condicións hai que poñer para que deixen de ser prazas de difícil cobertura. E non poden falar de incorporar o persoal...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...previsto nese Plan de saúde mental sen presentar cal é a situación. Non poden dicir que hai sete hospitais comarcais con dificultades e logo excluír o Hospital do Salnés e o Hospital do Barbanza da valoración dos servizos prestados en igualdade nuns centros que noutros.

En resumo, señor conselleiro, esta é unha lei que é un mal parche, que non modifica o problema, modifica o sistema de acceso, rompe a igualdade, a equidade e a unidade no acceso, non soluciona ningún problema e crea moitos. Polo tanto,...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...un novo titular de prensa que non pretende solucionar un problema, senón parecer que están facendo algo cando non o están facendo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bo día a todos.

Moitas grazas, presidente.

Señorías, antes de comezar permítanme un agradecemento á Xunta de Galicia polo inxente esforzo que está facendo para paliar a falta de facultativos, especialmente naqueles postos que se viñeron denominando como postos de difícil cobertura.

Xa o ano pasado, o Goberno galego tomou a iniciativa cunha reforma legal e valente para facilitar a cobertura destas prazas e grazas a iso o *Diario Oficial de Galicia* —como dixo esta mañá o presidente— publica hoxe a lista definitiva de seleccionados e convócaos para escoller praza este xoves pola tarde. Co que estes profesionais van incorporarse nas vindeiras semanas a esas cento seis prazas que antes era moi complicado cubrir.

Neste sentido, o proxecto de lei que a Xunta vén de presentar no Parlamento galego é para o que hoxe solicita a súa tramitación pola vía da lectura única. Constitúe un paso plenamente coherente coa necesidade de actuar coa máxima urxencia e dilixencia posible para tentar resolver a falta de profesionais neste tipo de postos.

O Partido Popular é un partido de goberno, un partido útil e que goberna con responsabilidade.

Señores, levamos debatendo aquí o problema que temos coa sanidade Pleno tras Pleno e que se supón que todos os grupos políticos que estamos nesta Cámara queremos mellorar a situación.



Somos conscientes da dificultade que supón poder conseguir médicos en determinados concellos ou nos hospitais comarcais. Isto é unha realidade e a esta difícil situación cómpre poñerlle remedio. Evidentemente, esta lei non sería necesaria se o Goberno de Sánchez tivera feitos os deberes e tivera modificada xa a normativa básica para garantir a cobertura deste tipo de prazas.

Non confundan, señorías, esta celeridade e bo facer do Goberno galego co desleixo do Goberno central. A memoria está aí para lembrar e lembremos que en abril do ano 2018 o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde acordara por unanimidade reformar a Lei do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde para incentivar a provisión de prazas de difícil cobertura. Pero, señorías, dous meses despois deste acordo, o PSOE chegou ao Ministerio e ese acordo agochoouse nun caixón.

E hai que lembrar tamén as conclusións do Ditame da Comisión para a reconstrución social e económica aprobadas polo Pleno do Congreso dos Deputados no ano 2020 e que instaban a revisar con urxencia o sistema de selección de persoal especialista en Ciencias da Saúde, en particular, do persoal médico, coa finalidade de impulsar o sistema de concurso.

Por non falar do compromiso que o propio Goberno de España contraeu coa Unión Europea, así o sinala o Plan de recuperación, transformación e resiliencia remitido á Comisión Europea no que se dicía textualmente: «Se simplificará el sistema de selección, pasando de un sistema que incluye un examen y valoración del currículum a otro en el que únicamente se valore el currículum de especialistas en Ciencias de la Salud, puesto que ya son evaluados en fases previas, por ejemplo, para obtener el título de especialista».

Polo tanto, esta lei, señorías, non só conta co aval da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia que entende xustificada a urxencia destas medidas e o carácter proporcionado do sistema de selección do concurso de méritos, senón que avanza nun camiño que marcaron o Congreso dos Deputados e o propio Goberno central, apostando pola vía do concurso de méritos para as prazas de difícil cobertura. É dicir, a Xunta está a suplir as carencias e a inanición do executivo do señor Sánchez, pois seguramente se agardamos por el este problema non deixaría de agravarse. Se cadra este é o obxectivo partidista de quen quere parar esta lei.

Isto é moi sinxelo, señorías. A cuestión clave reside na necesidade de incentivar determinadas prazas que levaban anos quedando vacantes en ofertas e concursos. A Xunta o que está a facer con esta lei é poñerlle solución aos problemas. O que non pode ser é que os grupos da oposición que veñen aquí Pleno tras Pleno a pedir medidas de xeito inmediato na atención primaria digan que imos demasiado rápido cando se traen medidas para aplicarse de xeito inmediato.

Aclárense, señorías. O propio sería que os mesmos que recollen sinaturas e organizan protestas diante dos centros de saúde, diante dos PAC e dos hospitais comarcais onde faltan profesionais, agora apoiaran esta lei. Iso sería coherencia, pero eu non sei se é pedir demasiado.

Porque, señorías, esta lei vai darlles incentivos aos profesionais para optar a estas prazas. Un sistema máis áxil de acceso, fixeza, maiores puntuacións en futuros concursos; coa contrapartida de manterse no posto de xeito efectivo un mínimo de dous anos. E son incentivos



que ademais sabemos que funcionan porque funcionou na atención primaria para cubrir estas cento seis prazas.

Nós, señorías, somos o mesmo Partido Popular que na oposición en Madrid votou a favor de máis da metade deses decretos–lei cando os viu necesarios e cando viu que eran urxentes, e que aquí no Goberno quere impulsar medidas necesarias e urxentes.

Un partido en positivo. A decisión é ben sinxela e como é sinxela, por iso defendemos a xustificación do trámite en lectura única. Hai que decidir se avanzamos nese sistema que funciona ou optamos pola parálise e a inacción. Recapaciten e non sexan partidos en negativo dos que se negan a tomar as medidas precisas desde o Goberno central e tamén se negan a apoiar aquí as medidas valentes...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ...que está a tomar a Xunta.

Señor Torrado, vostede falou de normativa. Supoño que coñecerá ese Real decreto estatal de redución da temporalidade na Administración, con máis de dez mil prazas neste proceso extraordinario de estabilización que se está a facer nestes momentos. En concreto, no Sergas desa oferta de 2.577 prazas, 760 son polo sistema de concurso–oposición e 1.808 van polo procedemento excepcional deste concurso. Eu non sei de que lado están. Cando foi á Moncloa estaba ben feito e cando o fai a Xunta non o aceptan.

En Galicia contamos cun Goberno serio e responsable á altura das circunstancias, que, a diferenza doutras administracións, fai todo o que está na súa man para fortalecer a sanidade pública e mellorar a atención primaria...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ...e as condicións laborais dos nosos profesionais.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos agora co texto lexislativo.

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, do Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia

O señor PRESIDENTE: Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do Ditame da Comisión, ten a palabra a vicepresidenta da Comisión, dona Cristina Sanz.



A señora vicepresidenta da COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO:
(Sanz Arias): Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

O Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 5 de maio de 2022 co número de Rexistro 35140.

A Presidencia do Parlamento dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* co número 323 en data do 25 de maio de 2022. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordouse a súa tramitación pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Presentouse unha emenda á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Esta emenda foi rexeitada na sesión plenaria do día 28 de xuño de 2022.

Ao articulado presentáronse 143 emendas: 65 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 75 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e 3 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Estas emendas foron cualificadas pola Mesa da Comisión en data 4 de xullo de 2022.

Formaron parte da ponencia designada pola dita Comisión 6ª na súa sesión do 8 de xullo de 2022 as seguintes persoas. Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia: dona Marta Nóvoa Iglesias, titular; e dona Cristina Sanz Arias, suplente. Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: dona Alexandra Fernández Gómez, titular; e don Ramón Fernández Alonzo, suplente. Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: don Eduardo Ojea Arias, titular; e don Martín Seco García, suplente.

A ponencia celebrou a súa sesión constitutiva o 11 de xullo de 2022. Nas súas seguintes reunións analizouse a totalidade deste proxecto de lei, así como as emendas ao articulado presentadas na procura de achegamento das distintas posicións.

Por último, na derradeira reunión que tivo lugar o 19 de xullo de 2022 a ponencia emitiu o seu informe.

Posteriormente, a dita Comisión 6ª na sesión de 7 de setembro de 2022 aprobou o seu ditame con 7 votos a favor, 3 votos en contra e 2 abstencións. Incorporando ao texto do Proxecto de lei un total de 19 emendas, en concreto, 3 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, 3 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e 13 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 3 delas transaccionadas. Mantéñense para o seu debate neste Pleno as restantes emendas rexeitadas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Saliéntase, por último, que o Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia consta ademais da súa exposición de motivos de 6 títulos, desenvolvidos en 96 artigos. O título I establece as disposicións xerais, o obxecto da lei, o seu ámbito de aplicación, determinadas definicións e principios e o censo de solo empresarial de Galicia. O título II está dedicado á planificación



e ordenación das áreas empresariais. O título III versa sobre o desenvolvemento e a execución das áreas empresariais de promoción pública. O título IV sobre o acceso ao solo empresarial de titularidade autonómica. O título V trata a xestión e conservación das áreas empresariais. E o título VI refírese ao réxime sancionador. Por outro lado, a súa parte final intégrase por 11 disposicións adicionais, 5 disposicións transitorias, 1 disposición derogatoria e 8 disposicións derradeiras. A última das cales establece a entrada en vigor desta lei, se é o caso, aos 20 días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Cómpre rematar hoxe a tramitación deste procedemento lexislativo coa aprobación, se é o caso, do proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Sanz.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o Ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra o señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

Quería comezar por agradecer, unha vez máis, a atención dos traballadores da casa e á letrada polo seu traballo no desenvolvemento desta ponencia, sobre todo, durante os meses de verán, para chegar á finalización deste proceso. E dar tamén grazas ás compañeiras de ponencia, tanto ás do BNG como ás do Partido Popular, polo ton nas reunións mantidas durante o transcurso das reunións.

O noso grupo afrontou este proxecto cun comportamento sempre construtivo, decidindo non presentar unha emenda á totalidade do texto plantexado; un proxecto que non é o que presentaría o Partido Socialista e que, ao noso entender, valerá de pouco sen a xestión e a orientación política para conseguir os seus fins. Dende o PSdeG presentamos un total de 65 emendas, das que só 10 foron aceptadas, 3 transaccionadas e 52 foron desestimadas. Ao mesmo tempo, vimos como só 3 das emendas do BNG foron aceptadas e ningunha transaccionada. Das 10 emendas aceptadas e 3 transaccionadas co noso grupo, a maioría eran temas que non introducían cambios importantes no texto plantexado. E só hai algunha emenda que introduce algún cambio significativo, por exemplo, que nos posibles reaxustes por causas xustificadas dos plans estruturantes da ordenación de solo empresarial, un aumento do 10 ao 20 % da superficie do ámbito inicial cando o reaxuste afecte á clasificación urbanística do solo. E pasar do 90 ao 80 %, como mínimo, nos terreos deste que deben estar incluídos na nova delimitación. E no caso de ampliacións de áreas empresariais existentes, o aumento do 30 ao 40 % na diferenza de superficies entre o ámbito reaxustado e o inicialmente delimitado. E pasar do 70 ao 60 %, como mínimo, dos terreos deste que deben estar incluídos na nova delimitación.

E tamén algunhas emendas con relación ás entidades de conservación —que agradecemos que se incorporaran— xa que había unha necesidade por parte do empresariado galego de



contar cunha normativa que regulase tanto o desenvolvemento do solo industrial como as relacións dos propios empresarios cos seus polígonos industriais e destes empresarios cos concellos aos que pertencen.

Para iso, defendemos que esta nova lei debería recoller a necesidade de regular as relacións entre a Administración local e a entidade de xestión de conservación e modernización, xa que a realidade é que un bo número de concellos, unha vez recibido o novo polígono industrial, se esquecen por completo do seu mantemento e conservación deixando en mans dos propios empresarios esta función, que deberan asumila. Aínda que na totalidade dos plans parciais que desenvolven estas áreas de actuación se regula que o mantemento corresponde á Administración local receptora do polígono —os viais, as zonas verdes, as beirarrúas, os saneamentos e as instalacións son ea exclusiva propiedade—, soen ser os propios empresarios alí instalados os que se fan cargo do mantemento. Mais urxe outro problema engadido que é a actuación dunha entidade privada —a comunidade de propietarios ou similar— sobre dun ben público sen ningún convenio que o regule e isto xera un grave problema ante un sinistro ou un accidente.

Para resolver esta problemática, defendemos que esta normativa debера recoller a necesidade de que os concellos se fagan cargo do mantemento e conservación das súas zonas industriais. E no caso de imposibilidade ou negativa para facelo teñen a obriga de subscribir un convenio de colaboración coas entidades de xestión que a tal efecto se constitúan. É dicir, necesítase a creación dun órgano que revise, xustifique e avale esta obriga dos concellos a subscribir o convenio de mantemento e conservación, e este podería ser o Instituto Galego de Vivenda e Solo, ao noso criterio.

No caso destes entes de conservación coas nosas emendas introdúcese como un dos fins recompilar e facilitar á Administración local e autonómica a información que lles soliciten en relación coa área industrial, así como informar periodicamente ao concello, se é o caso, das posibles deficiencias observadas nos servizos municipais. Que no procedemento de constitución o prazo máximo para resolver e notificar a autorización da constitución será un ano dende o día seguinte á presentación da solicitude. Transcorrido ese prazo dun ano sen ser notificada a resolución expresa, as persoas solicitantes poderán entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, e nos estatutos debe incluír obrigatoriamente a denominación da entidade, que non poderá coincidir coa da outra xa preexistente, o seu domicilio social, o obxecto social da entidade, os dereitos e as obrigas das persoas socias titulares, a composición, a estrutura e o réxime de funcionamento e mais os acordos dos órganos de goberno da entidade, que deberán responder do funcionamento democrático e de representación equilibrada de sexos, do procedemento para a modificación dos estatutos, dos mecanismos de ampliación ou redución da zona industrial ou das persoas titulares que integran esa entidade e da previsión do destino do patrimonio excedente, no caso da disolución da entidade.

Introdúcese tamén que os primeiros estatutos deberán aprobarse necesariamente na asemblea de ratificación da solicitude da constitución. Nestes estatutos poderá establecerse, logo do acordo unánime de todas as persoas titulares integrantes da entidade, que as controversias que se susciten entre a entidade e as persoas titulares integrantes ou, entre estas, por



razón da súa pertenza á entidade, se resolverán mediante arbitraje, e preferirase a súa resolución mediante previa mediación. Ademais, tamén se introduce a obrigatoriedade das achegas dos seus membros nos recursos económicos destas entidades.

Pero, máis aló destas cuestións, o Partido Popular pasou o rodillo da súa maioría absoluta para aprobar unha nova lei que nin foi consensuada nin debatida de fondo coa oposición, nin tan sequera ten en conta as entidades do Estado que desenvolven solo industrial en Galicia. É unha lei que, na nosa consideración, lonxe de dar solución aos graves problemas de solo industrial e á implantación de novas empresas e de loitar contra a deslocalización das xa existentes, pode ser un novo texto que veña acompañado dunha falla absoluta de xestión dun Partido Popular na Xunta de Galicia que funciona como unha mera máquina electoral que traballa co fin último de gañar eleccións e non co fin último de construír un futuro de prosperidade para os galegos e galegas que lles votan maioritariamente.

E digo isto porque, señorías do Partido Popular, as leis, os proxectos, os plans estratéxicos, etc., etc., etc., como digo en moitas ocasións, por si mesmos non solucionan os problemas, e, sen xestión política, de pouco serven. Levamos observando como os datos desmontan a política propagandística do Partido Popular de Galicia e a suposta marabillosa xestión dese goberno de Núñez Feijóo e do continuísta Goberno do señor Rueda. Son mera propaganda, que goza do beneplácito de ter á súa disposición os medios de comunicación públicos e moitos outros tamén subcontratados. Pero agora, coa chegada de Feijóo á política nacional, perden parte desa benevolencia mediática cando se poñen en evidencia os datos que demostran a absoluta insolvencia política dun líder que gobernou trece anos consecutivos en Galicia, poñendo ao seu servizo Galicia e que agora ten serias carencias para propoñer unha alternativa de goberno serio.

Mentres Feijóo saca peito da súa gran experiencia, Galicia é a segunda comunidade de España coas pensións e salarios máis baixos, conta coas peores cifras demográficas de todo o Estado, é a primeira en datos relativos de mozas e mozos que abandonan a súa terra e é a sexta comunidade na que máis creceu o paro. A sanidade está colapsada, con médicos en folga denunciando situacións insostibles, e o curso arrancou con menos profesores e máis colexios pechados e coas familias sen saber aínda a estas alturas, en moitos casos, se teñen —é o meu caso— os libros que deben comprar para os seus fillos; libros que deixaron de ser gratuítos. Unha medida que puxera en marcha o Goberno de Pérez Touriño e que foi o primeiro que eliminou Feijóo ao chegar á Xunta. E tamén teñen os concellos galegos denunciando que a Xunta os obriga a prestar servizos que non son da súa competencia, sen facilitarlles fondos para financeiros.

A inflación en Galicia está nun 11 %, medio punto por encima do resto do Estado. A creación de empresas cae un 33 % en Galicia —o dobre que no resto de España—, sendo Galicia a comunidade na que máis cae a constitución de novas empresas de toda España. En xullo deste ano en Galicia creáronse 223 novas empresas, mentres que en xullo do ano pasado se creaban 331; é dicir, que son 108 empresas menos as que se crean neste mes, un ano despois, e cada mes temos 100 autónomos menos na nosa comunidade.

Señorías do Partido Popular, a nivel industrial, pese a que o Goberno galego goza das competencias plenas establecidas polo Estatuto de autonomía, os datos din que a produción industrial



en Galicia acumula ata o mes de xuño unha caída do 2,9 %, en comparación co mesmo período do ano pasado, mentres que no total do Estado español creceu ese mesmo 2,9 %.

Por outra banda, vimos como entre o mes de xaneiro e o de marzo un total de 46 empresas abandonaban Galicia para asentarse noutros territorios do Estado; unha dinámica que sitúa o país en saldo negativo, xa que marchan máis sociedades das que veñen, e isto tradúcese na perda de 26 millóns de euros mensuais. Ao longo do 2021 marcharon de Galicia para domiciliarse noutros territorios do Estado 113 empresas; e entre o 2013 e o 2019 marcharon de Galicia para outras comunidades do Estado español máis de 830 sociedades, que facturaban uns 1.000 millóns de euros. Este proceso crecente de deslocalización industrial afecta sectores como o dos compoñentes eólicos, sectores da industria do metal e moi preocupantemente o sector da automoción da comarca de Vigo. E a gravidade é que seguimos sen apostar polo investimento en I+D+i para chegar a unha porcentaxe do PIB galego que nos faga competitivos con respecto aos nosos veciños, pero a Xunta de Galicia segue a mirar para outro lado.

Esta é a realidade económica e industrial de Galicia, señores do Partido Popular e, por moita lei que escriban, esta non traerá consigo ningún efecto máxico se o Goberno galego se nega a xestionar e a utilizar as competencias que ten a nivel económico, a nivel industrial e de xestión do territorio que teñen á súa disposición.

Señores e señoras do Partido Popular, pese a pequenos cambios neste proceso de emendas, esta lei deixa en segundo plano as corporacións locais e as deputacións, e o noso territorio baixo unha única administración, a Xunta de Galicia, con competencias territoriais e urbanísticas para case todos os usos non residenciais. Dende o ano 2019, coa chegada do Goberno de Feijóo á Xunta de Galicia, este goberno tivo unha característica, que é facer moi pouco en relación coa ordenación do territorio e co urbanismo. Neses anos limitáronse a xestionar o que deixou feito o Goberno anterior, e os sucesivos gobernos do Partido Popular abandonaron a tramitación das Directrices de ordenación do territorio que deixara case rematadas o Goberno anterior e, con elas, toda a previsión e planificación territorial, perdendo a súa finalidade esencial.

O Goberno galego non avanzou nos plans territoriais que este imprescindible documento programaba, máis aló dos que xa se estaban a rematar, como son o Plan do litoral e o Plan das áreas empresariais. Mentres, autonomías como, por exemplo, o País Vasco planificaron e desenvolveron o seu territorio e as súas directrices de ordenación do territorio, como estaba previsto. Pasaron trece anos e chegou o coronavirus, e con el a crise que derivou despois na pandemia. Chegou a guerra de Ucraína, e con ela a posterior crise de prezos. E agora, dende o Goberno galego, espertan porque saben que con non facer nada, non prever e non intervir no territorio resultará completamente insuficiente. Agora danse conta de que no contexto da Unión Europea os territorios, independentemente de que os seus gobernos sexan dunha cor ou doutra, se non reaccionan, poden perder os fondos Next Generation, uns fondos que son esenciais para a nosa terra.

Nos trece anos de goberno o Partido Popular tivo vixente o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia o 30 de abril do 2014. Co fin de axilizar o desenvolvemento do



solo empresarial, aprobaron a Lei do 2017, de fomento de implantación de iniciativas empresariais de Galicia; unha lei que incorpora unha primeira regulación específica de réxime xurídico de solo empresarial. Pero o problema non era a lexislación, señores do Partido Popular, o problema estaba na xestión. Posteriormente, puxeron en marcha outra nova lei sobre esta mesma temática, a do 2021, de ordenación do territorio de Galicia, que substitúe a de 1995 e cambia a denominación dos proxectos sectoriais como proxectos de interese autonómico; pero o problema non está na lei, o problema está na xestión.

Todas estas leis estaban encamiñadas a flexibilizar a planificación, e agora a Xunta trae este documento ao Proxecto de lei das áreas empresariais de Galicia, e faino co convencemento de que as características especiais do desenvolvemento do solo empresarial como operacións de transformación urbanística exixen un tratamento diferenciado da lexislación territorial, da lexislación urbanística e da lexislación ambiental.

Os socialistas somos conscientes de que este proxecto de lei é froito do desleixo dos trece anos continuados do Goberno do Partido Popular e entendemos agora as súas présas ante as oportunidades que se poden perder pola súa falla de xestión. Queremos darlle a benvida ao Partido Popular a entender que se pode xestionar o territorio dende o público; damos a benvida ás áreas empresariais de interese autonómico e de xestión pública; damos a benvida á tan demandada coordinación básica entre as administracións sectoriais autonómicas, aínda que só sexa para actividades económicas; e damos tamén a benvida aos plans estruturantes de ordenación de solo empresarial e a todo o que sexa avanzar en dous niveis de intervención, o estratéxico e o de detalle, aínda que só sexa tamén para actividades económicas.

Dende o Partido Socialista cremos firmemente no desenvolvemento sostible, racional, produtivo e eficiente do territorio de acordo coa Constitución e coa colaboración entre administracións, de aí que entendamos que se debese traballar man a man con concellos e deputacións. Creemos que é preciso dotar de medios humanos fundamentalmente os concellos, que son as administracións máis apegadas á cidadanía, o que en Galicia é especialmente urxente.

Por todo o dito, dende o Partido Socialista, conscientes da situación de crise que estamos a vivir e da falla de xestión destes trece anos de goberno continuados do Partido Popular, non imos ser acusados de poñer paus nas rodas a este proxecto de lei. Por iso, dende a dirección política do PSdeG, trasladóusenos que o grupo parlamentario votará a favor deste proxecto de lei, recordándolles que os textos en si non teñen un efecto máxico para solucionar os problemas; iso só se soluciona con xestión. E niso, señores do Partido Popular, señora conselleira que está aí sentada, non poden sacar vostedes moito peito.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Bo día.



Das 75 emendas parciais formuladas por este grupo parlamentario, apenas 3 foron admitidas polo grupo maioritario; 3 de 75, o cal é unha boa mostra da nula vontade de diálogo do Partido Popular. Por tanto, hoxe debatemos un texto que se mantén inalterable en todos os seus aspectos máis lesivos. E comezamos falando de aspectos lesivos porque esta é unha lei que non pretende avanzar, senón que se limita a desmontar procedementos e a desmontar criterios de ordenación territorial e de participación. É dicir, que esta é unha lei que non pretende construír, senón que simplemente desregula. É unha lei que non ten pretensión de deseñar, de apostar por un modelo de áreas empresariais para Galiza para as próximas décadas, senón que basicamente altera cuestións relativas aos procedementos de tramitación existentes.

Por outra parte, tamén hai que recoñecerlle ao Grupo Popular que non disimulou moito estas carencias de falta de proxecto e de ambición da lei, xa que o propio Goberno e o grupo parlamentario insisten no seu discurso en que o máis substancial desta lei —o máis relevante— é meramente o recorte de prazos na tramitación dos parques empresariais. É dicir, que o Partido Popular vén sostendo como tese que o fito fundamental para lograr impulsar as áreas empresarias comeza e remata na axilización de trámites. Esta é unha visión reducida e moi simplista. Pero é que, ademais, neste caso —como en tantos outros— cando falamos de axilización de trámites, remata na práctica por ser un eufemismo de recortes de dereitos de participación e de criterios obxectivos e públicos.

Ante esta mirada de curto alcance, dende o Grupo do BNG formulamos —como dicía— 75 emendas en dous sentidos: por un lado, un bloque delas está orientado a corrixir todos estes aspectos máis lesivos da lei; e, por outro, un grupo de emendas que ten a vontade de ofrecer un modelo de futuro para as áreas empresariais.

En canto ao primeiro bloque —o orientado a frear os aspectos máis lesivos da lei—, cómpre sinalar antes de nada que, ao igual que sucedía coa Lei de ordenación do territorio de Galiza, que se aprobou en xaneiro do ano pasado, ou coa Lei de simplificación administrativa de apoio á reactivación económica, tamén aprobada o ano pasado, aquí emprégase de novo o termo de simplificación e axilización tan só como un verniz xustificativo doutros recortes de máis fondo calado.

Hai tan só un ano —como digo— que se aprobaba esa Lei de ordenación do territorio, que xa recortaba os prazos na tramitación —esa lei xa era un recorte—, sobre todo na participación pública; e agora con esta lei volven outra vez meterlles a tesoira aos prazos para información pública e á participación das administracións, como, por exemplo, os concellos. E engaden ademais —que isto é aínda máis grave— unha cláusula de excepcionalidade pola cal o Consello da Xunta pode determinar que os prazos aínda se reduzan máis, chegando a reducirse até a metade sen ningún tipo de criterio obxectivo. Iso significa que podemos estar falando de prazos de información pública e de audiencia ás deputacións e ás entidades locais de apenas 10 días para que informen. A axilización de trámites é no fondo un mecanismo para blindarse fronte a esa participación pública e a discrepancia sobre o que vostedes poidan facer. Porque se fose un problema de prazos, por exemplo, poderían recortar os tempos de resposta da propia Administración da Xunta, pero non, recortan só naqueles trámites que teñen que ver cos dereitos de información e de participación pública. Por tanto, cando din «recortes de prazo» están en realidade dicindo recortes de dereitos.



O que propomos a través das distintas emendas é manter os prazos que se recollían na Lei de ordenación do territorio que vostedes mesmos aprobaron o ano pasado. É dicir, que vostedes xa recortaran, xa lle meteran a tesoiira hai un ano, e unicamente lle estamos pedindo que, polo menos, manteñan eses prazos da última modificación da Lei de ordenación do territorio. Pero vostedes son unha apisoadora que vai destruindo a participación pública ano tras ano sen volver nunca atrás. E rexeitando todas esas nosas emendas para manter eses prazos, están vostedes rexeitando tamén os prazos que vostedes se marcaron hai apenas un ano como razoables dentro da Lei de ordenación do territorio, que, por certo, é quen debера regular a tramitación destes procedementos.

Outro exemplo de regulación nesta lei é a creación dunha nova figura que permite ao Consello da Xunta aprobar un proxecto de área empresarial de forma arbitraria e sen someterse a criterios públicos e obxectivos. E esa nova figura son os plans estruturantes de ordenación empresarial, que, a través do artigo 31 desta lei, poderán desenvolverse sen que estean previstos no Plan sectorial de áreas empresariais, abrindo así a porta a que as áreas empresariais para empresas amigas da Xunta se rexan por un sistema arbitrario e só as restantes queden ao abeiro do Plan sectorial. É dicir, que vostedes invalidan e inutilizan o Plan sectorial, o documento que debería ser a referencia e quen dese coherencia territorial ás áreas empresariais. Son vostedes absoluta incoherencia porque, ademais, son vostedes bastante vendedores de fume. As últimas semanas non paran de gabarse de que acaban de modificar o Plan sectorial, e hoxe con esta lei queren aprobar un mecanismo que permita e facilite o desenvolvemento de proxectos á marxe dese Plan sectorial. Por tanto, de pouco vale ou en nada queda ese plan sectorial. (*Aplausos.*) Todas estas modificacións que introducen son a combinación perfecta para que o Consello da Xunta decida, sen criterio empresarial, sen criterio territorial, que proxectos autoriza, asegurándose ao mesmo tempo a mínima participación e o posible rexeitamento.

E fronte a este modelo, as nosas propostas. Ese segundo grupo de emendas que formulamos dende o BNG está orientado a definir o que para nós é a cuestión de fondo: que modelo de áreas empresariais necesitamos e queremos para este país. E facémolo dende distintas perspectivas. Por un lado, dende o punto de vista do modelo territorial; é dicir, de como se debe articular de forma coherente a planificación territorial en canto á relación coa superficie e localización do solo das áreas industriais. E, en segundo lugar, dende a visión dun modelo de estrutura de áreas empresariais que se proxecte *ad futurum*, adecuando a tipoloxía aos requirimentos que se están a producir polas mudanzas económicas e produtivas.

En canto ao modelo territorial, o eixo principal da nosa proposta pivota arredor da idea de establecer e de determinar cales son as áreas funcionais que temos en Galicia —o que debería de estar en coherencia tamén coas Directrices de ordenación do territorio, que non se desenvolveron—; así pois, determinar esas áreas funcionais para ordenar e planificar as áreas industriais.

Esas áreas funcionais definímolas como un conxunto de concellos que conforman os distintos mercados de traballo; é dicir, identificar onde se producen a maioría dos desprazamentos entre traballo e residencia, porque este tipo de desprazamentos pendulares son básicos á hora de articular unha visión territorial das áreas industriais. Entendemos que con carácter previo



á elaboración de calquera dos instrumentos de ordenación era necesario contar cun mapa claro de cales son esas áreas funcionais en Galicia. Dito doutra forma, era necesario identificar cales son os mercados de traballo, cales son as súas demandas en canto ao solo, identificar tamén as súas características específicas en canto á actividade económica, a tendencia demográfica, as redes de comunicación, etc. É dicir, ter un modelo de ordenación do territorio. E estes factores son os que en última instancia deben determinar a localización e a implantación de novas áreas empresariais ou a modificación e a adecuación das existentes.

Dende o punto de vista territorial, tamén propomos outras cuestións importantes, como, por exemplo, reforzar a cooperación territorial no marco da eurorrexión; tamén a complementariedade do propio sistema urbano galego. Esa capacidade de complementariedade e cooperación é a que a nos vai dar vantaxes competitivas no contexto internacional. E igualmente é necesario fortalecer as condicións específicas que temos, porque son un enclave estratéxico dentro do Arco Atlántico. Pode parecer que isto que estou dicindo —«eurorrexión», «Arco Atlántico», «sistema urbano galego», «ter un modelo de como inxerirnos neste espazo xeopolítico»— é moi básico, pero a vostedes hai que dicirlles ata o máis básico, (*Aplausos.*) porque, cando vostedes falan da relación das áreas empresariais coas infraestruturas, esquécese de falar dos portos. ¡Non mencionan os portos! ¿Como se poden planificar as infraestruturas deste país e o desenvolvemento das áreas empresariais sen ter en conta os portos? Ben, esta é a mirada xeopolítica da Xunta de Galicia, que debe ter esa miopía de Madrid e non se acorda. (*Aplausos.*)

Dende o punto de vista... (*Murmurios.*) Si, é unha graza, pero dá bastante para ver o nivel.

Tamén elaborar unha análise das vantaxes competitivas do noso territorio —é dicir, das fortalezas territoriais— a partir da cal definir e potenciar os sectores de excelencia que resulten estratéxicos para o modelo económico do país. E, por último, planificar a mobilidade, porque as prescricións desta lei a este respecto son moi vagas; non hai compromisos mínimos de execución dun modelo alternativo de mobilidade.

Dende o BNG, ademais de formular propostas concretas en canto á mobilidade, cremos que hai que ir un pouquiño máis alá. Non se trata só de obter boa accesibilidade mediante as grandes redes de infraestruturas, senón de mellorar tamén a comunicación e a articulación co seu contorno inmediato. É dicir, para entendela de forma simple: que as áreas empresariais deixen de formularse como illas no medio do territorio, desconectadas da súa contorna, para que sexan máis permeables, accesibles e integradas na trama.

Por tanto, dende o punto de vista territorial, destacamos da nosa proposta a determinación de áreas funcionais para darlle coherencia e cohesión territorial, unha maior atención ao papel das áreas industriais no contexto xeopolítico da eurorrexión e do Arco Atlántico, definir sectores de excelencia con base no potencial do territorio e, por último, a planificación dunha mobilidade avanzada.

A segunda parte das nosas propostas está orientada a que modelos de áreas empresariais queremos para o futuro. E aquí parece fundamental ter en conta todos os cambios no sistema produtivo a nivel global asociados á economía do coñecemento e ás novas tecnoloxías de in-



formación e comunicación. Todos estes factores veñen impulsando novos modelos de áreas empresariais especializadas que unha lei como esta debería, polo menos, contemplar, planificar e impulsar. Sen embargo, esta lei fai un tratamento homoxéneo: todas as áreas empresariais son iguais; e ademais esquece as que xa existen, impedindo así a súa modernización e a adecuación a esta nova realidade.

Consideramos que esta lei podería ser unha oportunidade se apostase por introducir unha clasificación das distintas modalidades de áreas empresariais, como, por exemplo, os parques tecnolóxicos, os parques científicos e de innovación ligados á produción de coñecemento, ou as áreas de usos mixtos ligados en contornos urbanos, que cada vez son máis usuais no contexto europeo, xa que cada unha delas conta, ademais, con características específicas en canto a cales son as dotacións e os servizos que requiren, incluso en canto á localización. Unha lei de planificación de áreas empresariais debería asumir a tarefa básica, fundamental, de planificar e perfilar todos estes futuros tipos de áreas empresariais e de dispor de mecanismos e de recursos que as permitan desenvolver. Por iso, parte das nosas emendas concentran o seu esforzo nesa liña, propondo a definición dun sistema de clasificación das áreas empresariais e unha serie de criterios e prioridades en canto a dotación e servizos dos que debe dispor cada unha destas. Estamos falando de dotacións e servizos prioritarios como instalacións contra incendios, redes de telecomunicación de banda ancha, plans de seguridade e emerxencias e un longo etcétera., incluso outro tipo de servizos máis básicos, pero que son fundamentais, como equipamentos tipo xardíns de infancia ou equipamentos para o propio desenvolvemento das áreas empresariais para reunións, etc.

Este tipo de investimentos orientados a mellorar as áreas empresariais son os que as fan máis competitivas e máis atractivas. Alí é onde compiten en calidade, e non en rebaixar impostos; o que están facendo é apostar por mellorar as dotacións e os servizos. Por iso propomos como último paso establecer mecanismos de fomento e de impulso dende a propia Xunta que premien aquelas áreas empresariais que desenvolvan estas dotacións e servizos.

Este modelo contrasta co modelo do Partido Popular, que nesta lei mete —ademais, con calizador— ese programa de concellos emprendedores. Logo deses problemas xurídicos que tivo a Xunta con este programa, intentan agora pola vía de pola porta de atrás meter nesta lei a modificación da Lei de simplificación administrativa para tratar de coar este programa de concellos emprendedores. Como digo, esta é unha auténtica chapuza xurídica, unha máis dentro desta lei, que vén dada porque o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza condenou en novembro a Xunta porque considera que ese programa de concellos emprendedores é un mecanismo para discriminar concellos na solicitude de axudas, e o que fan agora, en lugar de recuar ante esta sentenza, é tratar de desenvolver ese convenio e convertelo en lei.

E o programa funciona tal que así: todos os concellos que pretendan acceder á convocatoria de subvencións ligadas coa implantación e o funcionamento das iniciativas empresariais, mellora do emprego, de formación, de conservación e de mellora de infraestruturas ligadas ao solo empresarial, etc., se non queren verse penalizados, deben modificar a súa fiscalidade municipal para reducir ata un 95 % o imposto sobre bens inmoables, o imposto sobre actividades económicas e o imposto sobre as construcións, instalacións e obras. E non só para unha nova instalación, senón que incluso cunha mera



ampliación industrial xa habería que aplicarlle ese desconto practicamente de eliminación dos impostos. Por tanto, o que se establece é unha chantaxe aos concellos ao obrigarlles a modificar a súa autonomía fiscal se queren acceder a calquera tipo de subvención. Si, porque se queren acceder a calquera tipo de subvención que estea ligada coa actividade empresarial e o emprego, deben acollerse a esta bonificación. O único modelo que vostedes fomentan aí é a baixada de impostos, e criterios económicos que dirixan estas deducións cara a un modelo de áreas empresariais concreto.

Aquí vemos a gran diferenza entre a proposta do Partido Popular e a do BNG. A estratexia do Partido Popular consiste en exixirlles nada máis aos concellos que deixen de cobrar impostos e punto, e a maiores favorecer, se é unha empresa amiga, unha tramitación exprés e rápida: cero investimentos dende a Xunta, cero modelo de áreas empresariais, cero compromisos concretos. É un país vendido a prezo de saldo. *(Aplausos.)*

E nós o que cremos é que hai que apoiar e potenciar economicamente dende a Xunta todas esas entidades de xestión de áreas empresariais para que melloren os seus servizos; é dicir, para que os cartos públicos se destinen a desenvolver ese modelo de áreas empresariais de futuro con base nunha estratexia territorial e económica concreta. Por iso incorporamos un conxunto de axudas directas dende a Xunta para, por exemplo, impulsar aquelas áreas que destaquen pola súa compoñente en innovación e en desenvolvemento tecnolóxico e industrial; ou, por exemplo, para premiar as boas prácticas ambientais; ou para aquelas que fomenten un modelo de boas prácticas na xestión e comercialización. Son un exemplo das axudas que se poden crear. É dicir, que con este tipo de axudas o que se intenta é fomentar e orientar o modelo de áreas empresariais que queremos co acompañamento e coa colaboración das administracións públicas. Mentres a estratexia do Partido Popular é a da chantaxe aos concellos e as prebendas ás empresas amigas, no BNG queremos un modelo de competencia xusto e orientado a facer máis competitivas as nosas áreas industriais, atendendo á realidade económica actual e aos retos e exixencias que nos plantexa.

Fronte a esa Galiza *low cost* do Partido Popular, nós temos unha proposta para unha Galiza máis competitiva, que se adiante aos cambios no modelo produtivo, apostando dende xa pola innovación e o coñecemento.

E por todo isto imos votar en contra deste proxecto de lei, que é, como digo, unha lei de áreas empresariais para pór a este país vendido a prezo de saldo.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.



Gustaríame comezar destacando o bo talante mantido cos grupos da oposición no traballo da ponencia desta lei, por riba das diferenzas que nos definen.

Por suposto, quero agradecer tamén a axuda e o traballo da letrada dona María Aneiros. Tamén quero destacar o agradecemento, dende o Grupo Popular, á Consellería de Medio Ambiente e, en especial, á súa conselleira dona Ánxeles Vázquez e ao seu equipo, especialmente ao director xeral do IGVS, don Heriberto García, polo traballo intenso para sacar adiante esta lei, que é froito do consenso co sector, a quen vai dirixida, ao sector empresarial; sector empresarial que hoxe nos acompaña e a quen dende o Grupo Parlamentario Popular queremos agradecer as súas valiosas aportacións a este proxecto de lei. Benvidos, por tanto, os representantes da Federación Galega de Parques Empresariais de Galicia, e permítanme dun modo moi especial saudar o presidente da Asociación de Empresarios do meu concello, o concello de San Cibrao das Viñas, don José Antonio, e a súa xerente, dona Yolanda Rodríguez. *(Aplausos.)*

Señor Seco, ¡mire que había razóns para aprobar este proxecto de lei!, e, entre outras, que era moi demandado polo sector empresarial. Pero ben, ao final, tivo que ser o ordeno e mando do seu secretario xeral o que fixese que esta lei saíse cos votos a favor do Partido Socialista.

Miren, señora Fernández, señorías do BNG, xa llelo dixen na comisión e llo volvo repetir hoxe: o Grupo Popular, o Partido Popular, é amigo de todas as empresas, das empresas grandes e das pequenas. Todo o contrario que vostedes, que son inimigos de todas as empresas en Galicia. *(Aplausos.)* Esa é a diferenza entre o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego. E tan sós quedan hoxe aquí que non son capaces nin de convencer o seu socio de goberno, o Partido Socialista, para que vote que non a esta lei. Xa quedaron sós ata co Partido Socialista.

Miren, señorías, eu vou comezar facendo un resumo da Lei de áreas empresariais de Galicia que hoxe aprobamos. Ademais de pioneira, contribúe a ensalzar o obxectivo do Goberno da Xunta de Galicia por combinar o respecto ao desenvolvemento territorial sustentable co fomento da actividade económica de Galicia.

Os ámbitos de aplicación desta lei son as áreas empresariais de interese autonómico promovidas ao abeiro dos instrumentos sectoriais de ordenación das áreas empresariais da Comunidade Autónoma galega, e as cuestións relativas á xestión e á conservación das áreas empresariais que neste caso aplica tamén ás demais áreas, tanto ás de promoción pública como ás de promoción privada situadas en todo o territorio da nosa comunidade.

Os obxectivos desta lei pódense resumir no seguinte: en simplificar e flexibilizar os procedementos de ordenación e execución do solo empresarial para adaptar a oferta de solo ás necesidades reais das empresas; en axilizar os trámites para a aprobación dos instrumentos necesarios para a súa implantación; en xerar o marco regulatorio axeitado para aproveitar as novas oportunidades de desenvolvemento empresarial; en fomentar a creación de reservas estratéxicas de solo que permitan en prazos máis breves a implantación de iniciativas empresariais; e unha finalidade moi demandada polos empresarios como é a creación das entidades para a conservación, xestión e modernización das áreas empresariais urbanas constituídas polos propietarios das parcelas. En definitiva, señorías, a creación da primeira



Lei de áreas empresariais de Galicia para axilizar e flexibilizar a planificación e creación de solo para as empresas.

O contido desta lei reflicte a diagnose feita pola Xunta de Galicia da situación das áreas empresariais galegas con base nas experiencias aprendidas da aplicación doutras leis —como son a Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, que creou o vixente Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma; con base na Lei 5/2017, de fomento da implantación de iniciativas empresariais, que levou a cabo unha primeira regulación específica do réxime xurídico do solo empresarial co obxectivo de racionalizar a súa oferta e axilizar o seu desenvolvemento; e con base na nova Lei 1/2021, de ordenación do territorio de Galicia, que reformou as determinacións relativas aos plans sectoriais de ordenación e as referentes aos proxectos sectoriais—. Xunto coa experiencia da aplicación destas leis e atendendo fundamentalmente ás demandas dos empresarios, o Goberno da Xunta de Galicia decidiu dotar dunha regulación máis completa as áreas empresariais da nosa comunidade, de forma que se garanta o equilibrio do uso sostible do territorio co fomento da actividade económica en Galicia.

A continuación, paso a resumir as principais novidades que introduce esta lei. Unha das principais novidades é a creación dun novo instrumento de ordenación do territorio: o plan estruturante de ordenación do solo empresarial, co fin de adaptar a execución das fases dunha área empresarial ás necesidades da demanda dunha forma áxil e flexible para así responder ás necesidades de rapidez que exige o mundo empresarial nos tempos actuais. Fixa os parámetros básicos da ordenación estruturante do ámbito, como son os viais principais, os espazos libres, as zonas verdes, as conexións exteriores ás redes de estradas e ás redes de abastecemento e saneamento. Con esta figura preténdese que o prazo de aprobación dun proxecto de urbanización sexa de nove meses cando ata o de agora era de vinte e un meses.

Outra novidade que prevé a lei é a aprobación de programas de incentivos e bonificacións para facilitar o acceso ao solo empresarial de titularidade autonómica. Establécense tamén as condicións básicas para definir proxectos empresariais singulares e a adxudicación directa de solo neste caso. E flexibilízanse os medios de pago do solo empresarial de titularidade económica sen repercusións de xuro durante os primeiros catro anos. E con isto, señor Seco, respóndolle a por que non se inclúen aquí as áreas da SEPE ou da SEA porque nin sequera eles queren establecer ningún tipo de bonificación, tal e como facemos nós nesta lei, e por iso xa non se poden incluír, porque non ofrecen no seu solo ningún tipo de bonificación.

E outra novidade. Gustárame falarlles aquí dunha importante demanda dos empresarios e é que, con carácter xeral, o mantemento e a conservación das infraestruturas, equipamentos e dotacións das áreas empresariais corresponden ao concello dende a realización das obras de urbanización. Pero nesta lei propónse a creación de dous tipos de entidades: o primeiro tipo serían as entidades urbanísticas de conservación das áreas ou parques empresariais situados en concellos que carezan de recursos suficientes para o mantemento da urbanización; neste caso sería o concello o solicitante desta figura ante o IGVS —previa xustificación de non poder facer fronte ao mantemento da área empresarial—, e esta nova entidade estaría formada polos propietarios do solo e deberían afrontar os gastos durante un período de cinco anos; rematado ese período, volvería recaer no concello. E o segundo tipo, sería a creación de entidades de



conservación, xestión e modernización constituídas polos propietarios das parcelas cando o soliciten o 50 % dos propietarios, que contarían coa autorización e achegas do concello, e se ocuparían do mantemento e a conservación da área empresarial. Son entidades de dereito público con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, vixentes tamén por un período de cinco anos prorrogables. E os recursos económicos destas entidades procederían do concello, que debería contribuír economicamente aos gastos de conservación correspondentes mediante convenio; das achegas dos membros, que serán obrigatorias para os propietarios das parcelas; e tamén poderán proceder de subvencións ou outro tipo de axudas.

E, por último, como cuarta novidade, neste proxecto de lei materialízase a elevación a rango de lei da figura dos concellos emprendedores, que provén dun acordo coa Fegamp no ano 2017. Porque, señorías, as administracións municipais teñen que estar destinadas a desenvolver un papel transcendental na reactivación económica de Galicia. Dende a posta en marcha desta iniciativa adheríronse á ela un total de 153 concellos de todas as cores políticas; e por suposto, señora Fernández —por se non o leu na lei—, de forma voluntaria. Noventa e sete concellos do Partido Popular, trinta e catro concellos do Partido Socialista, catorce concellos de partidos independentes e oito concellos do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández, tales como Carballo, Fene, Rianxo ou Pontearreas —todos de máis de vinte e cinco mil habitantes, e de forma voluntaria—. Señora Fernández, recoméndolle que fale cos seus alcaldes, os alcaldes do BNG que se teñen adherido aos concellos emprendedores, a ver se o fixeron de forma voluntaria ou foi a Xunta de Galicia a que lles obrigou.

Miren, o compromiso do concello a adherirse a este convenio pasa por axilizar as resolucións de licenzas de obra, claro que si, e estableceren bonificacións fiscais sobre os impostos do IBI, o IAE ou impostos de construcións, instalacións e obras. A cambio, a Xunta de Galicia dará prioridade —escoite ben, señora Fernández, prioridade— aos concellos emprendedores nas ordes de axuda que se convoquen en réxime de concorrência competitiva para impulsar o emprego, o comercio local ou proxectos relacionados coa industria.

Señorías, estas son as catro novidades dunha lei que pretende simplificar a tramitación urbanística —que adoita ser extensa e que pode deixar escapar oportunidades empresariais a outros territorios veciños, como Portugal—, e ademais que recolle unha mellora na xestión dos parques empresariais por parte dos propietarios e empresarios, que se senten abandonados cando o concello non responde, ben sexa porque non pode ou porque non quere.

A esta lei, o Grupo Parlamentario Popular formulou tamén tres emendas e vounas explicar. A emenda número 1 consiste en engadir un novo artigo que trata sobre a creación dunha comisión de coordinación da xestión das áreas empresariais de Galicia. Esta comisión paritaria estaría constituída por dúas persoas designadas pola Xunta de Galicia, dúas persoas designadas pola Fegamp, e dúas persoas designadas pola Fegape —a Federación galega de parques empresariais—. O obxectivo é unificar criterios de actuación e a elaboración de directrices orientativas de funcionamento das entidades de conservación, xestión e modernización das áreas empresariais. Esta emenda parte dunha proposta da Federación galega de parques empresariais para intentar dirimir as posibles diferenzas das relacións entre os concellos e as entidades de xestión que se creen; por suposto, sen interferir no réxime competencial municipal, pois o Instituto Galego da Vivenda e Solo é un organismo planificador



e promotor de solo empresarial pero non ten a capacidade de tutela dos parques unha vez desenvolto e unha vez vendidas as parcelas. A creación desta comisión é unha fórmula de colaboración que nos parece axeitada para mellorar as relacións cos concellos e as asociacións de parques empresariais.

A segunda emenda do Grupo Parlamentario Popular é de adición á disposición derradeira cuarta bis, sobre a declaración de proxectos estratéxicos, artigos do 78 ao 80 do Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro. Tal e como establece a exposición de motivos desta lei, cómpre dotar dunha regulación que combine o respecto ao principio do desenvolvemento territorial sustentable co fomento da actividade económica na Comunidade Autónoma. E con ese obxectivo de simplificación administrativa e afondando na necesidade de garantir as exixencias xurídicas e ambientais no procedemento, abórdase nesta lei unha mellora na regulación dos procedementos de declaración dun proxecto industrial como estratéxico e de aprobación do proxecto de implantación, co fin de achegar ás empresas certezas e maior seguridade xurídica na regulación dos mencionados procedementos e conseguir así, señorías, atraer investimentos de carácter industrial a Galicia e xerar emprego estable e de calidade.

E a emenda número 3 que presentou este Grupo Parlamentario Popular é ao apartado 2 do artigo 42 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia., que trata sobre a consideración como iniciativas prioritarias os proxectos eólicos que teñan permiso de acceso, conexión e evacuación cando os promotores subscriban un acordo directo de compravenda de enerxía ao longo prazo e a prezo competitivo cunha empresa con centro de traballo, con actividade industrial, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, vinculado aos devanditos proxectos e ao centro de traballo determinado de que se trate, e garantindo polo menos o 50 % da súa produción de enerxía. Esta emenda está baseada nunha petición feita por empresas con alto consumo de electricidade en Galicia como son Alcoa ou Ferroglobe, empresas que se senten abandonadas por un Goberno central que leva anos sen solucionar o custo da factura enerxética que teñen que soportar estas empresas. E coa idea de facilitar que poidan ter enerxía renovable a un prezo máis barato, este grupo parlamentario presenta esta emenda nesta lei.

Señorías, remato xa facendo un reclamo ao BNG, porque o Grupo Socialista adiantou aquí que vai votar a favor desta iniciativa; na comisión abstivéronse, e eu agradézolle ao señor Seco que repensaran o seu voto, aínda que fose por mandatario do seu secretario xeral. E eu, señorías do BNG, dígolles que coa súa lei non é que non se implantasen iniciativas empresariais en Galicia, é que coa súa lei as empresas marcharían de Galicia, non quedaría unha aquí, señora Fernández; e por iso este grupo só puido aceptar tres das súas emendas. O Grupo Parlamentario Popular de Galicia quere aprobar unha lei que facilite a implantación empresarial na nosa comunidade e non que espante as empresas de Galicia.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

(Aplausos.)



Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas dos outros grupos. (Pausa.)

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

Non sabía que estaba aquí a Federación galega de parques empresariais, á que lle agradecemos moito as súas aportacións, que foron utilizadas en moitos casos polo noso grupo para mellorar este proxecto de lei. Polo tanto, o noso agradecemento pola súa dedicación, o seu traballo e as súas aportacións, que foron incluídas dentro deste texto que agora se vai aprobar. E tamén ao resto dos empresarios e federacións de empresarios que están aquí presentes e que, evidentemente, estarán preocupados por esta situación. Sabemos e coñecemos as dificultades que pasa tamén o sector da empresa en Galicia e tamén lles quero pedir, dunha forma eu creo que necesaria, que fagan tamén todo o posible para que eses traballadores que ten Galicia teñan os seus salarios adaptados a esta subida de custos. E, polo tanto, que todos os empresarios intenten facer un esforzo tamén por adaptar os salarios que cobran os traballadores de Galicia.

Ben, eu creo que a noticia, máis aló desta cuestión que estamos a debater e que xa dixemos que iamos votar a favor desta lei, é observar como día tras día vemos este tipo de noticias —señora Nóvoa, señora conselleira—: «*Galicia pierde la factoría de Airbus a favor de un municipio portugués por la falta de política industrial de la Xunta*». Esta é a realidade de Galicia, vaise unha empresa que se podería implantar en Galicia a Santo Tirso, a trinta quilómetros do Porto e a menos dunha hora da nosa fronteira. Perdemos unha vez máis unha empresa punteira no seu sector, líder do seu sector, e con ela os importantes postos de traballo e riqueza que podería xerar nese territorio. E todo pola falla absoluta de políticas industriais que fagan que o noso territorio sexa atractivo para a instalación dos seus proxectos de futuro. E isto indo ao fondo tamén dunha Comunidade Autónoma que non aposta pola investigación, polo desenrolo e pola innovación; cunha porcentaxe de investimento na I+D+i moi por debaixo do que debería de ter no seu produto interior bruto.

E estas noticias non son algo que despois de que vostedes xa aprobaran a Lei 5/2017, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, ou a nova Lei de ordenación do territorio no ano 2021. Unhas leis que xa flexibilizaban os prazos e en teoría axudaban á implantación de empresas. Eses son datos actuais. Polo tanto, como dicía na miña primeira intervención, as leis valen de moi pouco se logo non se pon xestión e orientación política dende o público para axudar o sector empresarial e para que teña capacidade para implantar as súas empresas ou manter as que teñen actualmente.

Os datos son evidentes. Non é só o que pasou en Airbus, é que falaba claramente de que en Galicia a creación de empresas caía un 33 %, o dobre do que no resto de España, e somos a comunidade na que máis cae a construción de novas empresas en toda España; por algo será. Ou que no mes de xuño se crearan 223 empresas con relación ao 2021, que eran 331; 108 empresas menos.

Polo tanto, señores do Partido Popular, vostedes, ademais de escribir leis, de flexibilizar os prazos e as facilidades para a implantación de actividades empresariais, fagan algo de xestión política para evitar que ao final quedemos en Galicia como un mero deserto industrial.



E eu, señora Nóvoa, a min o que me estraña é que en todo este desenrolo vostedes nin tan sequera falaran do ámbito dos promotores estatais. Non sei se vostedes poderían ter falado coas entidades que se dedican á xestión e á xeración de solo empresarial do Estado e considerar, por exemplo, cousas que pedían eles, como é a inclusión do sector público estatal no que respecta á cooperación interadministrativa e ás relacións de colaboración entre as distintas administracións. Ou cuestións como o que eles plantexaban de dar cabida ao sector público estatal expresamente cando se regulan os plans estruturantes de ordenación do solo empresarial como instrumentos de ordenación do territorio, para planificar e ordenar as actuacións de creación de solo empresarial mediante o desenvolvemento das actuacións previstas no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia, cando as ditas actuacións sexan de promoción pública, ao contemplarse que só poden ser promovidos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma. Eu creo que poderían ter contado con eles.

Nada máis dicir que nos imos abster ás emendas do Bloque Nacionalista Galego. E desexar que a lei non só quede en papel mollado e que, ao final, sirva para que os empresarios que apostan polo noso territorio teñan capacidade de quedar aquí e de implantar novas empresas.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Como dicíamos antes, hai que insistir en que esta nova norma vai ser unha chapuza xurídica, que consiste nun refrito doutras leis que vén solventar problemas que arrastraban noutras leis, e novamente pois sobre todo supón un tesoirazo. E ao que vostedes chaman flexibilidade na práctica vai ser arbitrariedade.

E nós poderíamos estar de acordo en certa flexibilidade real, é dicir, que dentro do Plan sectorial, dentro duns criterios xerais, se puidese dar certa flexibilidade para desenvolver determinados proxectos. Pero é que o que dispoñen vostedes nesta normativa é a máis pura arbitrariedade, porque o único criterio para poder desenvolver unha área empresarial á marxe do Plan sectorial é que a propia Xunta a declare estratéxica, declaración que non ten criterios públicos obxectivos ningúns. É dicir, que a Xunta se reserva con esta modificación a potestade para saltarse *a la torera* o Plan sectorial que ordena as áreas empresariais cando queira e sen xustificación, e con iso xa se pode recualificar, reclasificar solo. É dicir, en lugar de reforzar o carácter estruturante dos plans sectoriais estanos deixando sen efecto.

E vostedes non empezaron a gobernar hoxe. Entón, temos unha experiencia tamén de cal é o *modus operandi* do Partido Popular neste tipo de situacións, que cando vostedes abren as canles para saltarse os plans sectoriais sabemos en que dá, nunha tramitación exprés para as empresas amigas do Partido Popular. Por exemplo, é que vostedes acaban de validar a tramitación dos parques eólicos non contemplados no Plan sectorial. ¿Quen era a empresa solicitante? Greenalia, a empresa onde está sentada a exconselleira de Medio Ambiente. (*Aplausos.*) Claro que hai empresas —e vémolos día si e día tamén— que contan coa capacidade de acceder a esas vías exprés, e non todas as empresas.



E temos tamén a experiencia de como utiliza a Xunta este tipo de declaracións de proxectos estratéxicos, singulares, de interese autonómico, que teñen moitos nomes diferentes segundo a lei.

E temos un exemplo do que é a Lei de ordenación do territorio cando vostedes introduci-ron esa figura que son os proxectos de interese autonómico. Cando se debateu a Lei de ordenación do territorio dixemos: os proxectos de interese autonómico —que é o mesmo mecanismo que este— van ter como consecuencia prebendas e trámites exprés para empresas amigas. Dixémolo, advertímolos e denunciámolo. E hoxe a Xunta de Galiza está empregando ese mecanismo aos proxectos de interese autonómico para legalizar o pelletazo urbanístico do señor Mourinho en Mos, por exemplo, mediante esa figura. Cando a xustiza declara ilegal o desenvolvemento dese proxecto, vai a Xunta de Galiza con este mecanismo exprés para facilitarlle e legalizarlle o pelletazo urbanístico. E iso é o que estamos denunciando, que vostedes están utilizando estes mecanismos para sacarlle as portas da corrupción e dos pelletazos, (*Aplausos.*) e para vender o territorio... (*Aplausos.*) Si, é para vender o territorio a prezo de saldo. (*Aplausos.*) ¿Por que lles molestan os criterios de ordenación territorial? ¿Por que os eliminan todos? Porque así se lles facilita a determinadas empresas a súa tramitación.

Na práctica o que se diseña é un mecanismo que favorece a interrelación e a permeabilidade entre grandes intereses empresariais e o Consello da Xunta e o partido que sustenta o Goberno. Porque destes mecanismos de suposta axilización e discrecionalidade non participa a maioría do empresariado, senón que se reservan para unha elite empresarial. E o Consello da Xunta adquire así unha cota de poder maior sen mecanismos de contrapeso xa que se cargan os criterios de planificación territorial. Esta é, sen dúbida —como digo—, unha lei para engraxar as portas xiratorias, e se non, que llo digan a Bea Mato.

En canto ao modelo de concellos emprendedores, aquí teñen vostedes un tanto de lío porque din que é de forma voluntaria pero ao mesmo tempo recoñecen que as axudas se darán prioritariamente aos concellos que se adhiran a el. (*Murmurios.*) Entón, o de voluntario xa empeza a ser un pouco chantaxe. (*Aplausos.*) E, de feito, iso é o que di o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza cando tombou as axudas, ao interpretar que o que estaban facendo con ese mecanismo era obrigar os concellos a sometérense a ese programa se querían recibir axudas, e por iso tombáronlle ese programa. Por tanto, voluntario, voluntario non é, o que están facendo os concellos é intentar buscar algunha fórmula de financiamento, pero vostedes están *de facto* imprimindo un carácter de chantaxe, na medida en que se non acceden a ese programa de concellos emprendedores non poden acceder ás axudas.

E fronte a ese modelo de arbitrariedade nós o que propomos é que se poñan criterios de interese público para a ordenación das áreas empresariais; que se aposte pola excelencia, pola innovación, pola competitividade e pola creación de emprego de calidade e a sostibilidade das áreas empresariais, e que se dote de axudas dende a propia Xunta para fomentar aquelas áreas empresariais que camiñen nese sentido. Pero para iso, claro, o que hai que ter é un modelo e hai que pór cartos. E a Xunta non quere nin ter modelo nin ter que financiar nada, por iso exíxelles e forza os concellos a teren que pór esas rebaixas fiscais.



Por último —acabo xa—, sobre as emendas do Partido Popular, quero dicir que a súa segunda emenda se traduce nun «ti vai facendo e logo xa veremos» dos proxectos de áreas empresariais, e xa veremos despois se cumpre a normativa. É dicir, ir facilitando a tramitación e sen cumprir coa normativa, sobre todo a ambiental, deixándoa para última instancia. O que no fondo tamén é unha forma de chantaxe, porque unha vez que os proxectos están desenvolvidos é máis difícil sometelos a un escrutinio de participación e información pública; é dicir, máis desregulación que aplican arbitrariamente.

E a súa emenda terceira serve para introducir un cambio substancial sobre os proxectos eólicos, unha vez máis empregando outro marco regulatorio para modificar o aproveitamento eólico. Xa van máis de sesenta modificacións, e vostedes seguen sen ser capaces de pór en marcha un modelo eólico para este país. Mentres, o que fan é trasladar unha emenda pola porta de atrás mediante o trámite de emendas, que o que vai facer é seguir facilitando que se poñan en marcha determinados proxectos eólicos sen ter —como digo— ese modelo e unha estrutura de fondo.

Esa emenda hai que dicir que ten un carácter antidemocrático evidente, porque vostedes non meteron...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...este artigo na tramitación inicial, senón que o fan a través do trámite de emendas; o que imposibilitou a participación pública, imposibilitou que o resto de grupos parlamentarios puideramos presentar emendas. Isto demostra novamente o cariz antidemocrático do Partido Popular metendo estas cousas pola porta de atrás no trámite de emendas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Por tanto, ante esta apisoadora que é o Partido Popular, onde só aceptou tres das setenta e cinco emendas que presentamos, imos votar en contra.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Señora Fernández, ¡viva a democracia! Pero ¿é que só o Bloque Nacionalista Galego pode emendar unha lei? ¿É que o Grupo Parlamentario Popular non pode presentar emendas á lei? Pero ¡viva a democracia! (*Aplausos.*) ¿O Grupo Parlamentario Popular non pode emendar unha lei? (*Aplausos.*) ¡Home!, ¡por favor! ¡Xa está ben aquí!

Señora Fernández, vostedes presentaron unha lei alternativa que triplicaba os prazos; non é que reducira prazos, é que os triplicaba. E vostedes o único que deixaron en todo o trámite



desta lei e hoxe aquí claro é que vostedes están en contra absolutamente das empresas, e se son de tipo enerxético aínda máis. Mire: vostedes están en contra das centrais térmicas, están en contra das centrais hidráulicas, están en contra da eólica terrestre, están en contra dos proxectos da eólica mariña, están en contra de Ence. Pero dígame: ¿a favor de que están vostedes, señora Fernández, que están en contra de toda empresa en Galicia absolutamente? (*Aplausos.*) ¡Por favor! (*Aplausos.*)

E a receita do BNG é ofrecer as receitas do domingo pasado, de hai corenta anos, da tarifa galega e a do cupo das empresas públicas. Esas son as receitas que vimos todos e todas o domingo pasado aí moi cerquiña, en Amio. (*Murmurios.*)

Señora Fernández, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) o que amosa aquí vostede é un descoñecemento absoluto das iniciativas que ten postas este Goberno da Xunta de Galicia en relación coas empresas. Eu sinto dicirlllo, pero ten que vostede aplicarse e estudar un pouquiño máis, pois as iniciativas prioritarias ou os proxectos estratéxicos si cumpren uns requisitos —si, señora Fernández, é que vostede non os quere ver—: uns requisitos de investimento, uns requisitos de emprego. Si que os hai, e non é a Xunta de Galicia a que os inventa; é que vostede non os quere coñecer, esa é a súa realidade.

E vostedes teñen un manual do deputado, o manual do deputado do BNG, que en canto se presenta un proxecto de lei sempre é o mesmo: están en contra, o Partido Popular son os amigos das empresas —esa é unha das cousas que vai no manual—, outra das cousas é que coartamos a información, que quitamos a tramitación pública, e esta é outra mentira máis, como fan vostedes aquí nestas emendas e dixo vostede aquí. Non se quita ningún tipo de participación pública nin se reduce ningún tipo de informe, non, só se trata de rebaixar os prazos que, ata o de agora, se fala vostede co sector, pois verá que todos teñen a mesma queixa, que son uns trámites moi extensos. Entón, vostedes veñen aquí co mesmo de sempre, mentir, falar dos amigos das empresas, e nós por aí non imos entrar.

Señora Presas, vostede fala dos concellos. Eu non sei por que entón o Concello de Rianxo ou o Concello de Fene están adheridos á fórmula de concellos emprendedores; non sei, será por algo. Porque normalmente eu, señora Fernández, recoméndolle que vaia por onde os seus alcaldes. Os alcaldes queren que se instalen empresas nos seus concellos porque saben que as empresas xeran un emprego estable e de calidade, e por iso tratan de que veñan empresas e de facer rebaixas fiscais para poder atraer empresas e poder, si, que as empresas veñan aos seus concellos. Eu recoméndolle que aprenda un pouquiño pasándose por onde algúns dos seus alcaldes.

Vostede fala aquí de categorizar, de excesiva categorización. Mire: as empresas non se implantan nun sitio ou noutro porque se chame tecnolóxico. Non, as empresas implántanse nun sitio ou noutro porque poidan ter unha implantación moito máis áxil e con menos problemas. E iso é o que está buscando a Xunta de Galicia de favorecer a atracción de empresas ao seu territorio.

E aproveito aquí para falar, pois, señor Seco, vostede fala de que hai un problema de falta de empresas ou de marcha de empresas en Galicia. Non, non, Galicia non ten un problema in-



dustrial, Galicia ten un problema enerxético por unha ministra intransixente de Enerxía, señor Seco, que o único que xerou desde que chegou ao goberno foi facer que pechen empresas en Galicia. (*Murmurios.*) Si, señoría, aí está o problema das centrais térmicas, da parada de Alcoa, que practicamente ten parada a súa fábrica. E vostede pon aquí un exemplo dunha empresa de Airbus que me fai moita graza porque, señoría, a empresa non é que non queira instalarse en Galicia, a empresa non se quere instalar en España. E o problema é que o señor Sánchez espanta ás empresas de España. Si, señor Seco. Non é que non se queira instalar en Galicia, (*Aplausos.*) é que se vai a Portugal. Galicia, comunidade autónoma; Portugal, un país; España, país. *Barrio Sésamo*, señor Seco. (*Murmurios.*)

Mire: eu hoxe despois do repaso que lle deu aquí na anterior comparecencia o señor Rueda só lle teño que dicir que a Xunta de Galicia, á parte desta lei, e hoxe anunciou aquí o señor Rueda medidas para os autónomos, a blindaxe no próximo presuposto de máis de vinte e cinco mil autónomos, que están afogados pola súa elevada factura enerxética.

Oia: preguntaba aquí a señora Pontón pola mañá de quen é a responsabilidade a factura enerxética. É dos seus socios, señora Pontón; do seu socio o señor Sánchez, que si o sosteñen en Madrid e aquí en Galicia. Vostede podería presionar e podería facer que se cumprira o seu Pacto de Ana e Adriana... (*Murmurios.*) Si, que o levaban no Pacto de Ana e Adriana: rebaixar a factura enerxética e a famosa tarifa galega. Si que pode facer moito máis, señora Pontón. (*Murmurios.*) E non o fai...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Si que pode facer moito máis, si, si, si... É a súa responsabilidade que os sostén en Madrid e aquí en Galicia en moitos sitios onde perden, cogobernando co Partido Socialista. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Hoxe este Grupo Parlamentario Popular vai sacar adiante esta lei, a Lei de áreas empresariais de Galicia, e o único que busca é atraer tecido empresarial, sempre, por suposto, respectando o medio ambiente e que as empresas na nosa comunidade se sintan acompañadas e poidan crear un clima de xeración de novos postos de traballo. Iso é o que quere este grupo parlamentario, o que quere a Consellería de Medio Ambiente con esta lei e a Consellería de Economía e Industria —que saúdo ao conselleiro e vicepresidente—, que tamén aportou moito traballo nesta lei. E por iso hoxe esta lei sairá co voto deste grupo e agradezo neste último turno ao Partido Socialista que se sume á loita e á defensa da empresa e que se aparte dos que atacan constantemente un sector que...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...xera emprego estable e emprego de calidade.

Nada máis pola miña parte e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Pediu a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Cando queira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, chega ao seu fin este debate. Para min é unha honra participar nel e tamén pechalo. Sei que se fixo un grande esforzo polos tres partidos políticos a esta lei que impulsou a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Sei que non era doado, pero si que houbo traballo, houbo un bo ton, e iso vano agradecer os galegos e as galegas e agradéceno tamén os empresarios.

Agradecemento a Nóvoa polo seu traballo e polo seu empeño. Por suposto, agradecemento ao PSOE, a Martín Seco, que fixo o posible para que ao final nos adiantou que o voto vai ser favorable, e iso tamén o agradecen os empresarios e o agradece Galicia. E a Alexandra Fernández, que me imaxino que tamén impulsaría para chegar a un acordo, pero son dous conceptos distintos de país e, ao final, polo que din, o seu voto vai ser desfavorable. Eu si que lle diría que o repense porque instalar empresas en Galicia de xeito áxil ao final é crear riqueza. Por suposto, un agradecemento que teño que facer extensible á Federación Galega de Parques Empresariais, ás confederacións e ás distintas asociacións.

Eu estou segura de que se non vai haber un antes e un despois, si é certo que vai ser un xeito distinto de implantar empresas en Galicia e ademais cun concepto de país e normas iguais en todos os concellos, normas iguais para todos os empresarios.

Parabéns polo voso traballo e moitas grazas pola colaboración. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Procedemos á votación dos textos lexislativos.

Votación dos textos lexislativos

Comezamos votando a Proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do Proxecto de lei de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en Ciencias da Saúde do Servizo Galego de Saúde.

Votamos.

Votación da Proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única, do Proxecto de lei de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en Ciencias da Saúde do Servizo Galego de Saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 32.



O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a tramitación polo procedemento de lectura única deste proxecto de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora os textos lexislativos. En concreto, é a votación das emendas mantidas ao Ditame elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia.

Hai que facer varias votacións.

En primeiro lugar, votariamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista, que se someten a unha votación separada por petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e que son en concreto nun primeiro paquete as números 18, 19, 22 e 27.

Votamos.

Votación das emendas 18, 19, 22 e 27 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 58.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas números 11, 23, 25, 26, 55, 60, 61, 62, 63 e 65.

Votamos.

Votación das emendas 11, 23, 25, 26, 55, 60, 61, 62, 63 e 65 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 40; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E votamos agora o resto das emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación das restantes emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos o ditame da comisión.

Votamos.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a Lei de áreas empresariais de Galicia.

O señor PRESIDENTE: E sen máis continuamos coa orde do día, interpelacións neste caso.

Interpelación de D. Pablo Arangüena Fernández e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as políticas de prevención de incendios do Goberno galego

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Dado que imos falar de incendios, quero para comezar por transmitir a nosa empatía e solidariedade aos traballadores antiincendios que fan o seu traballo en condicións precarias con demasiada normalidade e á xente que viu con impotencia como ardían as súas propiedades, incluso as súas vivendas, este verán. Todo o ánimo e apoio do Grupo Parlamentario Socialista. *(Aplausos.)*



Falando de incendios, ¿lembran vostedes a lamentable foto do señor Feijóo no ano 2006 cunha mangueira, camisa branca e náuticos facendo que apagaba lume? (*O señor Arangüena Fernández amósalles aos membros da Cámara unha fotografía.*) É esta, ¿verdade? Unha icona, unha auténtica icona da política galega e da política española. (*Aplausos.*) ¿Saben vostedes o que dicía o señor Feijóo entón? Dicía: «*Con nosotros no moría gente en los incendios y con ellos cuatro personas*». Repito: «*Con nosotros no moría gente en los incendios y con ellos cuatro personas*». Ben, pois nos incendios do ano 2017 morreron catro persoas, e ninguén do PSdeG usou xamais esas vítimas contra o PP, igual que nós non fixemos (*Murmurios.*) ningún tipo de foto apagando lumes este verán nin no 2017. ¿Saben por que? Porque no PSdeG temos a dignidade política da que carece lamentablemente o señor Feijóo. (*Aplausos.*)

Señorías, este verán ardeu unha parte importante dos espazos protexidos de Galicia. O maior incendio rexistrado na nosa comunidade arrasou no Courel máis de once mil hectáreas, un terzo do Courel. No Parque Natural do Invernadoiro arderon sete mil hectáreas, a metade dese parque. No Parque Natural do Xurés, que arde ano si, ano tamén, arderon seiscentas cincuenta hectáreas, que se suman ás aproximadamente cincuenta mil que levan ardido nese parque na última década. O incendio de Valdeorras calcinaron 10.650 hectáreas e afectaron tamén o Parque Natural da Enciña da Lastra. Ardeu gran parte do Macizo Central ourensán, unha zona de Rede Natura 2000 na que arredor de mil hectáreas quedaron arrasadas polo lume que chegou ás portas do Teixadal de Casaio, que é unha xoia forestal a nivel europeo. No Courel non ardeu de milagre a Devesa da Rogueira, que é o mellor bosque autóctono de Galicia. Arderon vivendas, propiedades de zonas de moi elevado valor ecolóxico, e a perda de biodiversidade foi enorme.

Contando só os animais por parte dos expertos cuantificouse que faleceron aproximadamente catrocentos mil seres vivos mortos polo lume entre animais domésticos e de granxa, colmeas, rabaños e todo tipo de fauna salvaxe. Un auténtico holocausto animal.

As choivas están formando iso que chaman «chapapote de monte» e que remata contaminando os nosos ríos e degradando o noso solo.

E o problema é que a catástrofe climática que se está despregando ante os nosos ollos neste século cambia e cambia moito as condicións nas que se producen os incendios. Pero vostedes non cambian a política contra incendios. Temos incendios cada vez máis intensos e difíciles de controlar porque a calor e a seca van cada ano a máis, pero vostedes non reaccionan ante eses cambios e manteñen a mesma política contra incendios, que prioriza a extinción en detrimento da prevención e que prescinde dunha cousa fundamental como é a ordenación do territorio.

Sen unha axeitada ordenación territorial, cun rural abandonado e nun contexto de cambio climático acelerado, todo conflúe para que haxa cada vez máis incendios, máis intensos e máis extensos, especialmente os chamados «incendios de sexta xeración». Os expertos levan moitos anos advertindo deste risco, pero vostedes parece que é como quen oe chover, parece que lles dá igual.

Sobre a cuestión do abandono no rural, Folgoso do Courel perdeu máis da metade da súa poboación desde o ano 1980, e Folgoso do Courel ardeu. O Macizo Central ourensán perdeu arredor do corenta por cento da súa poboación no que vai deste século.



Os incendios non poden reducirse a un suceso provocado ou accidental como parece que tanto lles gusta. A xestión dos espazos naturais non pode consistir en deixar que ardan, do mesmo modo que a protección dos espazos naturais non pode consistir en limitarse a pintalos nun papel, porque ese é hoxe lamentablemente o nivel de protección que teñen os nosos espazos naturais, que están única e exclusivamente pintados nun papel e que non están protexidos en absoluto. Incluso sobre o papel Galicia ten moi poucos espazos naturais protexidos. En Galicia, señorías, temos a Rede Natura 2000 máis pequena de España, cun 12 % da nosa superficie escasa protexida, fronte ao 27 % de media estatal; é dicir, menos da metade da media estatal. Somos a última comunidade do Estado en superficie protexida pola Rede Natura, que é o principal e fundamental instrumento de protección do noso patrimonio natural; a última comunidade, non a penúltima, como lles estou dicindo.

¿Saben vostedes que di a Comisión Europea sobre o Plan director da Rede Natura 2000 que vostedes aprobaron no 2014? Pois en resposta a unha pregunta do noso eurodeputado Nicolás González Casares, deste mes de agosto, di a Unión Europea literalmente: «A Comisión considera que o Plan director elaborado por Galicia para a xestión dos espazos Natura 2000 non cumpre os requisitos da directiva Hábitats con respecto a 65 zonas especiais de conservación de Galicia, incluída Ancares-Courel». Inaudito, a Comunidade Europea di que o Plan director da nosa Rede Natura non cumpre os requisitos mínimos que debe cumprir. Se eu son conselleiro de Medio Ambiente e me di isto a Unión Europea, eu, por coherencia, dimitiría porque é evidente que non estaría cumprindo a miña función. Non o di, por certo, só a Unión Europea, tamén o di WWF, que é unha das cinco organizacións ecoloxistas máis importantes do mundo, e di que Galicia ten o peor plan director da Rede Natura entre as 17 comunidades autónomas de España. Unha vez máis non o segundo peor, o peor.

E, por certo, se aínda estivese por aquí, aproveitaría para preguntarlle á señora conselleira de Medio Ambiente se vai dimitir, tendo en conta estes datos. Pero, como xa se foi e tam pouco compareceu ante os incendios deste verán, pois non llo podo preguntar.

Por tanto, temos a rede de espazos protexidos máis pequena de España, un plan director da Rede Natura que a Unión Europea di que non cumpre os requisitos da normativa europea, que unha das cinco principais organizacións ecoloxistas do mundo di que é o peor de España e resulta que esa pequena rede de espazos protexidos ardeu intensamente, extensamente, este verán, porque entre a zona Os Ancares-Courel e o macizo Central Ourensán abarcan case a metade da Rede Natura, e ambas as zonas, como digo, arderon.

A conselleira de Medio Ambiente estivo agochada mentres gran parte dos espazos naturais protexidos de Galicia, que son a súa responsabilidade, ardían. A conselleira de «Propaganda Verde» estivo desaparecida, como está agora mesmo, mentres ardían os nosos espazos naturais. Non sabemos se estaba no Caribe ou en Melide. E non coñecemos nin sequera a súa opinión sobre os incendios que arrasaron gran parte da Rede Natura de Galicia, que arrasaron un terzo do Courel, que arrasaron a metade do parque natural do Invernadoiro, que case chegan ao Teixedal de Casaio e que case arrasaron a devesa da Rogueira. E digo eu, preguntolle a vostede, señor conselleiro de Medio Rural, que, ao mellor, me pode responder por ela: ¿como é posible que a conselleira de Medio Ambiente permaneza muda e invisible mentres o lume arrasa gran parte da nosa rede de espazos protexidos? ¿Como é posible que co que lle



gusta facerse fotos á conselleira de Medio Ambiente e «Propaganda Verde» non fixese ningunha foto este verán? ¡Ningunha! ¿Como non fixo ningunha foto no parque natural do Invernadoiro queimado? ¿Como non fixo ningunha foto no Courel? ¿Como non fixo ningunha foto no macizo Central Ourensán? Nin a conselleira, nin a directora xeral, nin o subdirector xeral de Espazos Protexidos —que é o señor, por certo, Fernández Couto, que algo de incendios debe de saber— apareceron polo parque natural do Invernadoiro, que, ademais, é propiedade da Xunta. Nin apareceron por alí.

Igual aos responsables do noso medio ambiente lles parece que é igual que ardan gran parte dos nosos espazos naturais e gran parte da nosa rede de espazos protexidos, ou igual non teñen opinión ao respecto. Igual cren que cobran por non facer nada, ou, desde logo, esa é a impresión que transmiten.

Señorías, despois dos incendios de 2017, nos que morreron catro persoas, creouse unha comisión de expertos neste Parlamento que acordou, co voto favorable do PSdeG, 123 recomendacións concretas específicas. Pero, desas 123, lamento ter que dicir que a maior parte non parece que fosen implementadas. Vostedes din que si, pero parece que non. Iso é unha estafa á cidadanía, ¡unha auténtica estafa!

Por certo, unha desas recomendacións era, precisamente, coordinar as consellerías. Pero a conselleira de Medio Ambiente estivo desaparecida este verán e segue estando desaparecida hoxe nesta interpelación. (*Aplausos.*) Incluso houbo axentes medioambientais que coñecen moi ben o territorio e que podían ter axudado; de feito, pediron participar para axudar nos labores de extinción co seu coñecemento, pero non se lles permitiu axudar —axentes medioambientais que queren axudar e non lles deixa— Sabémolo porque nolo transmiten así.

E no día de hoxe nin sequera temos información sobre cantas hectáreas arderon nas zonas protexidas, por non falar de que censuran vostedes directamente os incendios menores de 20 hectáreas. Iso é opacidade, desinformación. E o Colexio de Xornalistas emitiu incluso un comunicado este verán dicindo que —literal— a comunicación que está a realizar a Consellería do Medio Rural se afasta do mínimo que sería desexable. Falan de datos fragmentarios inconexos que na práctica producen opacidade e dificultan un labor informativo que vaia alén da simple transmisión do comunicado institucional. E falan, por suposto, dos incendios menores de 20 hectáreas, que isto xa é directamente censura.

Ademais de graves perdas económicas e dun impacto enorme sobre a nosa biodiversidade, os incendios xeran perda de chan e contaminación nos ríos polas cinzas que levan as choivas neste momento, cando chove ladeira abaixo. O 40 % dos solos de Galicia está degradado e un 12 % sofre risco de desertización. Isto era impensable, directamente impensable, o século pasado, pero agora é...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...—e remato— realidade, entre outras cousas pola súa inacción e pola súa irresponsabilidade en materia medioambiental e en materia de prevención de incendios.



Nada máis e agardo que me responda. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten a palabra o señor conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moi bo día, señora vicepresidenta, señorías.

Permítanme que me desculpe, en primeiro lugar, ante o señor Arangüena porque veña o conselleiro do Medio Rural e non aquela para quen tiña preparada a interpelación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero déixeme que lle diga que aquí nós, o Goberno galego, podemos contestar calquera perfectamente, evidentemente, por esa coordinación á que apelaba vostede, e, neste caso, o responsable —como supoño que saberá— da política de prevención e extinción de incendios de todo o territorio de Galicia, para ben ou para mal.

Tamén me gustaría darlle outra matización, señor Arangüena. Cando vostede sae aquí e di que non usa as vítimas, precisamente debería saber que o que está a facer é usalas.

Eu vou tratar de ordenar as preguntas que formula na súa interpelación, porque penso que o debate parlamentario vai diso, de responder a interpelacións e ser o máis transparente posible coas miñas respostas e cos datos que temos a estas alturas da campaña.

E ao respecto cómpre sinalar que os incendios forestais rexistrados na nosa comunidade afectaron, é certo, e lamentablemente, espazos naturais protexidos, e tamén é certo que aínda que cada hectárea que arde en Galicia conta, o feito de que sexan eses espazos protexidos os que sofren as consecuencias dos lumes é significativo.

Miren, antes de entrar en materia —e eu, como fixo vostede, alégrome—, permítame que de novo traslade o meu agradecemento ao labor do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais, a todas e a cada unha desas persoas, desas 7.000 persoas que conforman o dispositivo, por citar: bombeiros forestais, condutores motobombas, axentes ambientais, técnicos, bombeiros comarcais, GES, Policía Nacional, Policía Adscrita, Local, Garda Civil, Protección Civil, etc. Un dispositivo, como saben e eu sempre me encargo de recordalo, de referencia, onde cada unha das persoas que o conforman suman profesionalidade, compañeirismo, educación; un dispositivo que defendeu e protexeu Galicia neste lamentable verán. A todos os profesionais, sen esquecer a ningún, grazas. (*Aplausos.*)

Pero, miren, a solidariedade é algo máis que falar de precarias condicións, é facer o que fixemos nós no ano 2018; pasar de 3 a 6 meses aos que estaban na temporada de reforzo, e, como hoxe anunciou tamén o presidente, pasar os de 9 a 12 meses. Iso é traballar polo servizo, señorías. (*Aplausos.*)

E, por certo, se tanta solidariedade, señor Arangüena, traslada vostede cos servizos, saiba que a devesa da Rogueira non ardeu, pero non de milagre, non ardeu precisamente porque estaba alí o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios de Galicia, que evitou que ardera. (*Aplausos.*)



Tamén me gustaría, señorías, destacar o traballo —tamén outra vez— da Unidade de Investigación de Incendios Forestais, que foi quen, entre outras cousas, de lograr a detención e o ingreso en prisión da presunta autora do incendio de Verín, que, como saben, foi un dos máis perigosos do ano. Non afectou a Rede Natura. Pero si, ademais, detivemos outros tres individuos do macizo Central, que teñen presuntamente acreditada ou imputada a autoría doutros dez incendios, algúns deles que si afectaron a Rede Natura.

E eu quero recordar, como sempre fago, que todos eses presuntos delincuentes terán que pagar os seus crimes, se efectivamente a xustiza llelos imputa, non só coa privación de liberdade, senón que tamén terán que facer fronte aos gastos de extinción, así como tamén aos danos materiais causados polos lumes.

Ben, para poñernos en situación en relación coa Rede Natura, señor Arangüena —corrixi-reille tamén un dato, porque está no Pladiga do ano 2022—, direille que temos, efectivamente, afectación nos últimos dez anos dos incendios forestais na Rede Natura, que, como dixo vostede, tamén son 475.000 hectáreas, e aí a afectación, neses dez anos, foron 59.479 hectáreas; é dicir, o 12,50 % do territorio da Rede Natura.

No que se refire ao resto de espazos protexidos, os máis afectados foron os parques naturais. Vostede falaba de 50.000 hectáreas no Xurés, e non, foron en total, nos parques naturais, 12.569 hectáreas, que son ben delas, pero que non son esas 50.000 que dicía vostede, un 25,61 % da superficie total. Efectivamente, é o parque natural —por desgraza— da Baixa Limia-Serra do Xurés o máis afectado polos incendios nestes últimos dez anos, con preto de douscentos incendios nese período de tempo.

Pois ben, cos datos dos que dispoñemos ata a data desta interpelación, e tamén respondendo a súa pregunta, dígolle que a superficie afectada en espazos naturais protexidos foi de 20.317 hectáreas. Trasládolle con claridade que falamos de cifras provisionais que poden verse afectadas, probabelmente á baixa, unha vez que se peche a estatística definitiva —alá polo mes de marzo do próximo ano—, que é cando a pechan todas as comunidades autónomas. Con este contexto podemos afirmar que a afectación dos incendios forestais a espazos naturais protexidos oscilou nunhas cifras similares ás dos últimos dez anos.

E, chegados este punto, vou ocupar a miña primeira quenda con dous aspectos polos que vostedes tamén me preguntaron na interpelación. Agardo que lles satisfagan as miñas respostas, que tratan, como digo, con toda transparencia, de dar os datos polos que vostedes me interpelaron, no que se refire á prevención de espazos naturais protexidos, tanto a medidas como a orzamentos, como ao que imos facer a curto, medio e longo prazo no que se refire á restauración das zonas afectadas.

Saben todos vostedes que hai unha cifra que ten que ver coa prevención e extinción de incendios en Galicia, que son eses 180 millóns de euros, que abranguen non só o plan de prevención, que vai recollido no Pladiga de todos os anos, senón tamén unha serie de accións transversais, como poden ser as relativas á recuperación de terras, o Plan de pastos ou de ordenación forestal...; accións transversais que teñen que ver co máis importante para frear os incendios no noso territorio, que é, precisamente, a xestión do territorio.



E como ben dicía vostede, señor Arangüena, esa xestión do territorio como un dos obxectivos fundamentais para loitar contra os incendios forestais recolleuse nun ditame do ano 2018, ao que o seu grupo parlamentario votou a favor, e trouxo consigo medidas estruturais de calado. Eu, por citar algunha, citarei a Lei 11/2021, de recuperación da terra agraria de Galicia; o Plan forestal de Galicia 2021-2040; e a futura —da que logo falaremos— Lei de loita integral contra os incendios forestais.

Simplemente por darlle un dato, na exposición de motivos da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, xa se advirte, xa se especifica, señor Arangüena, que o abandono das terras e a inexistencia dunha ordenación territorial dos usos agroforestais é a causa de importantes problemas ambientais e socioeconómicos —aí concordamos todos—, entre os que destaca a vulnerabilidade fronte aos incendios. E, ademais, tamén se especifican na propia exposición de motivos que acolle esta lei 22 recomendacións referidas á necesidade de ordenación de usos agrarios, á mellora no coñecemento e titularidade dos predios e ao fomento da mobilidade das terras produtivas; 22, porque o resto se teñen que recoller noutros textos lexislativos.

A propia memoria do Plan forestal 2021-2040 especifica que se integran nel un total de 92 —do total de 123— recomendacións do referido ditame. Quedan algunhas por implementar, que son fundamentalmente relativas á estrutura organizativa do dispositivo de prevención e extinción de incendios de Galicia. Están acollidas no texto legal que lle corresponde, no Anteproxecto de lei de loita integral contra os incendios forestais, que vai comezar a súa tramitación o vindeiro mes de outubro. E eu aquí pídolle —seguro que nolo pode trasladar na súa próxima intervención— que o Grupo Parlamentario do PSdeG apoie a necesaria implicación das deputacións provinciais na loita contra os incendios forestais, tal e como derivou do referido ditame, pero tamén do informe que elaboraron os expertos parlamentarios que foron designados tamén polo seu grupo parlamentario.

Ata o de agora fomos capaces de falar cunha deputación, a de Ourense; as outras tres —por certo, presididas por xente ou por deputados do Partido Socialista de Galicia—, a pesar das cartas que lles remitimos nos dous últimos anos —unhas cantas— aínda non nos deron resposta. Eu agardo que entre todos sexamos capaces de chegar a acordos neste ámbito.

Centrándonos no que se refire ao plan preventivo, eu, por referirme agora á Rede Natura, pois sabe que ese plan preventivo acolle actuacións tan importantes como pode ser a creación de áreas cortalume, a creación de faixas auxiliares, a mellora de devasas, as pistas forestais, a eliminación de residuos forestais, rozas ou outras cuestións directamente ligadas, como, por exemplo, as queimas prescritas.

No que se refire a este plan preventivo, temos no capítulo VI —é dicir, obras directas por parte da Consellería—, nestas actuacións, 5,2 millóns de euros da Consellería do Medio Rural, —agora falarei da Consellería de Medio Ambiente—. Especificamente na Rede Natura, nos anos 2020-21, no Courel, investíronse nestes ámbitos 305.000 euros por parte deste plan de obras, como lle digo, amén doutras zonas como o Macizo Central ou como pode ser tamén Os Ancares. Pero, ademais, dedicamos 4 millóns de euros en axudas para o traballo de infraestruturas preventivas, como poden ser, por exemplo, os montes veciñais en man-



común. Aquí subvenciónase tamén a construción de puntos de auga, ademais das obras directas. E neste ano 2022, por exemplo, construímos 119 novos puntos de auga.

No que se refire á Consellería de Medio Ambiente, investíronse 4,9 millóns de euros especificamente —estes si— na Rede Natura: 3.350.000 euros en investimentos directos da propia consellería e 1.550.000 euros en axudas da Consellería de Medio Ambiente en obras e actuacións de prevención no que se refire á Rede Natura.

E nas queimas prescritas, pois tamén no Plan autonómico de queimas prescritas se contemplaban para o ano 2022 ata 835 hectáreas na Rede Natura.

No que se refire ás actuacións de restauración dos solos afectados, eu, en primeiro lugar, quero dicir e resaltar que, cando fala desa marea negra, agradezo toda a información que nos poida trasladar, pero nós traballamos cos técnicos do Centro de Investigacións de Lourizán, que teñen acreditado —porque se desprazaron a todos os grandes incendios forestais do territorio galego—, precisamente, as medidas que temos que adoptar.

Polo tanto, ao fío dos informes técnicos do Centro de Lourizán, xa levamos acometidas as restauracións urxentes con actuacións programadas por valor de 500.000 euros, que están executándose na Rede Natura, como podemos ver estes días, precisamente, no ámbito do Courel. Pero tamén actuamos para a retirada da madeira e, ao mesmo tempo tamén, para axudar á corta da madeira comercial con esas axudas —que saíron inmediatamente, no mesmo mes de xullo— de 4 millóns de euros, que, como digo, dous deles están destinados a apoiar esas explotacións forestais.

Estas son as actuacións a curto prazo, señor Arangüena. Ao mesmo tempo, tamén falamos con todos os alcaldes e alcaldesas dos concellos afectados e con todos os donos dos montes veciñais en mancomún. Fáltanos os da zona do Macizo Central, á que iremos proximamente, porque entendiamos que a recuperación a medio e longo prazo se ten que facer a través dunha planificación integral do territorio; planificación integral na que teremos que contar, por suposto, con aqueles que son os donos deses montes, e planificación integral, señorías, para a que hoxe o presidente da Xunta anunciou nos vindeiros orzamentos do ano 2023 un total de 18 millóns de euros.

E eu pediríalle, señor Arangüena...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): ...que traslade ao Goberno central que o cambio de criterio que fixeron nas axudas de emerxencia dos incendios forestais este ano prexudica claramente a Galicia, e que, polo tanto, tratemos de manter o criterio que traíamos de anos atrás.

Remato xa dicindo que todas estas actuacións dan conta do traballo, dos recursos e do compromiso da Xunta de Galicia a prol da prevención en todo o territorio galego, e, por suposto tamén, no territorio que abrangue a Rede Natura.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Na rolda de réplica, señor Arangüena, ten vostede cinco minutos.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, a min paréceme ben que estea vostede aquí. Estou encantado de que responda vostede as miñas preguntas, pero é que, en puridade, en seriedade e en rigor, debería estar aquí respondendo as miñas preguntas a conselleira de Medio Ambiente, porque estamos falando da queima dos espazos naturais de Galicia. Iso creo que é competencia da Consellería de Medio Ambiente, aínda que parece que ela non se considera competente máis que para facer a foto o día de non sei que ou de non sei que máis e para dicir que Galicia é moi verde de vez en cando.

Por certo, eu non uso os mortos, nós non usamos os mortos; nós o que dicimos é que o señor Feijóo usou os mortos no ano 2006 e que nós non usamos os mortos. Iso é o que digo eu. Polo tanto, iso non é usar os mortos, é criticar que o señor Feijóo indignamente usase os mortos no seu momento.

Di que dixen que arderan 50.000 hectáreas nos espazos protexidos. Non é certo. Dixen que na última década arderon 50.000 hectáreas acumuladamente no parque natural do Xurés. Obviamente, se arderon 44.000 hectáreas este ano, eu non vou dicir que arderon 50.000 nos espazos protexidos. Os meus datos poden bailar un pouco, pero baséanse na información —moi escasa e exigua— que vostedes proporcionan, e os meus datos son correctos.

En resposta ás miñas preguntas, eu escoiteille e fun apuntando unha serie de cantidades. Creo que as cantidades que vostede mencionou non chegan aos dez millóns de euros. Iso, claro, reflicte a escaseza da súa aposta pola prevención dos incendios nos espazos naturais de Galicia, unha aposta escasísima, supoñendo que todas as cantidades que di vostede poidan, efectivamente, imputarse a esas finalidades, cousa que permítame que eu poña en dúbida.

Eu díxenlle que temos a rede de espazos naturais protexidos máis pequena do Estado. A nosa rede de espazos protexidos —a gran maioría a través da Rede Natura— representa o 11,8 % do noso territorio; é a máis pequena de entre as 17 comunidades autónomas, con enorme diferenza.

É a última comunidade en protección do territorio. E, ademais, a Unión Europea —repito— dixo hai dúas semanas, en resposta a unha pregunta do eurodeputado socialista, que o Plan director da Rede Natura de Galicia non cumpre a normativa europea. ¿Dáse conta vostede do grave que é iso? Supoño que si, que se dá conta. E quen se ten que dar conta, fundamentalmente, é a conselleira, que non está aquí. Non o digo eu, díxo a Comisión Europea. Esa cativa, minúscula rede de espazos protexidos ardeu este verán intensamente nas súas dúas zonas principais, que son a zona Os Ancares-O Courel, neste caso O Courel, 11.000 hectáreas, e o Macizo Central Ourenán. Ardeu un terzo do Courel e ardeu a metade do parque natural do Invernadoiro, entre outros espazos naturais. Polo tanto, entendo que non é de recibo que



vostede minimice o impacto dos incendios nos espazos protexidos este verán. Dixo vostede 20.317 hectáreas. Iso é moito, na nosa cativa e minúscula rede de espazos naturais protexidos, e ademais, en lugares moi destacados, como, insisto O Courel, moi preto do Teixedal de Casaio ou o parque natural do Invernadoiro, que ardeu a metade, nada máis e nada menos. Polo tanto, isto é moi grave, señor conselleiro, non o minimicen.

En definitiva, o que ocorreu este verán en boa parte dos nosos espazos naturais protexidos foi un desastre de gran envergadura e difícil de avaliar no seu impacto ambiental. Arrasou propiedades, vivendas e nalgúns casos provocou a morte de 400.000 animais, segundo os expertos, que, bueno, tamén, en fin, a vostede lle parecerá pouca cousa, pero non parece que sexa pouca cousa. E vai provocar a perda do chan e contaminación dos ríos. A Consellería de Medio Ambiente escondeuse, teño que dicilo. Vostede non se escondeu, andou por aí, polo menos tratou de dar a cara; pero a conselleira de Medio Ambiente estivo completamente desaparecida, a directora xeral estivo completamente desaparecida e o subdirector xeral de Espazos Naturais estivo total e absolutamente desaparecido. Non deron a cara, non deron información. Vostede tampouco deu información, que, por certo, foi quen a deu. O Colexio de Xornalistas de Galicia dixo clarísimo, absolutamente claro, que vostedes practican a opacidade. E non falo de censura porque igual é un pouco forte —iso xa o digo eu—, pero os incendios de menos de 20 hectáreas censúranse en Galicia.

As brigadas constituíronse tarde, porque vostedes mandan os convenios en xullo aos concellos e logo bótanlles a culpa aos concellos dos problemas para formar brigadas. Así é imposible levar a cabo un mínimo de prevención. Non hai prevención nos espazos naturais, non hai xestión da biomasa, non hai cortalumes con especies autóctonas, non hai fomento do pastoreo que axude a manter limpos os montes, non hai plans específicos para reaccionar fronte aos lumes nos espazos naturais protexidos, e a planificación faise tarde porque sacaron vostedes o Pladiga en maio, segundo vostedes, por un problema de análise estatística. Pero, claro, se tardan vostedes seis meses en analizar a estatística dunha campaña de incendios, pois iso, nin unha novela de Kafka.

Polo tanto, en conclusión, pois que teño que dicirlle, desde o punto de vista medioambiental —porque esta parte que o afecta tamén a vostede é medioambiental—, que son vostedes o equivalente, en materia ecolóxica, a Atila e os hunos; unha banda —teño que dicilo— de estafadores ambientais, defraudadores verdes e falsificadores ecolóxicos. Diría máis, prevarican vostedes continuamente en materia ecolóxica, porque omiten sistematicamente cumprir e facer cumprir a normativa medioambiental, e iso —teño que explicárllelo— chámase prevaricación por omisión. Se non o sabe, dígollo eu.

En resumo, eu o que lles pido é que cambien vostedes a política de incendios e, sobre todo, que eviten que arda, verán tras verán —este verán máis que outros veráns, pero arde cada verán—, a Rede Natura e a Rede de espazos naturais protexidos máis pequena de España. É moi cativa, é moi exigua. Traten vostedes de evitar que os lumes a destrúan cada verán.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señor Arangüena, prégoille...



O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señora presidenta, ¿vaime dicir que retire algo?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Si. Prégolle, se pode, que reflexione sobre a última parte do seu discurso, e convídoa a que retire...

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ¿A reflexionar nada máis?

A señora PRESIDENTA (Candia López): ...o que acaba de dicir.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Miren, eu dixen o que dixen, e díxeno con moita conciencia e, ademais, con moito coñecemento do que estou dicindo. Non o podo retirar. Se quere, explícolle por que e debatémolo.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Queda constancia.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para o remate, ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señora vicepresidenta.

Señorías, os que cremos no Estado de dereito cremos que ten que haber unha sentenza firme para poder condenar a alguén e falar de prevaricadores. Espere vostede a que, no meu caso, polo menos, ou no caso dos que pronunciou, haxa esa sentenza firme para despois poder traer aquí o que trae, señor Arangüena. E tamén lle digo que se ese é o ton que utiliza habitualmente nas súas intervencións ante a conselleira de Medio Ambiente, xa lle podo dicir que estou encantado de ter vido eu en lugar dela, por suposto. *(Protestas.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Bueno.

(Murmurios.) (Protestas.)

(Unha señora deputada: ¡Machista!, ¡machista!)

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Agardo que me teña o... *(Murmurios.) (O señor conselleiro do Medio Rural, González Vázquez, diríxese á señora vicepresidenta.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Prégolles que escoiten o señor conselleiro no turno de remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Mire, efectivamente, os números bailáronlle un pouco, señor Arangüena, porque nos últimos dez anos o que ardeu na totalidade dos parques naturais de Galicia —incluído o que consta no Pladiga, que, segundo di vostede, de aí sacou os datos— foron 12.000 hectáreas, non as 50.000 que dicía. O que ardeu foi a suma de Rede Natura e dos parques naturais.



Tampouco sumou ben os datos cando me dixo o de 10 millóns de euros, porque foron 9,2 millóns de euros da Consellería do Medio Rural e 4,9 millóns de euros da Consellería de Medio Ambiente. Xa sei que a vostedes lles parece pouca cantidade, pero, como lle dixen hoxe, o presidente da Xunta anunciou 18 millóns de euros para a restauración das zonas afectadas polos incendios forestais.

Miren, ata o ano pasado todos os grandes incendios forestais de España — máis de 500 hectáreas— recibían inmediatamente unha axuda de emerxencia do Ministerio de Transición Ecolóxica. No real decreto lei que se aprobou no mes de agosto limitouse a afectación, ata o punto de que nestes momentos só imos percibir a axuda de emerxencia do Ministerio en 5 dos 13 grandes incendios forestais que tiveron lugar, por desgraza, este verán en Galicia. (*Murmurios.*) De todos os grandes incendios forestais de España, 13 —de 53— estiveron aquí en Galicia, máis do 20 %. O que demandados ao Goberno central é que non cambie o criterio precisamente para prexudicar territorios tan afectados polos incendios forestais como foi o caso galego.

Falaba vostede tamén de que non facemos ningunha actuación a maiores do plan preventivo. Eu xa lle dixen que o plan preventivo era unha parte da totalidade da prevención que se fai en Galicia, por exemplo, xerando esas discontinuidades. E fomos capaces de poñernos de acordo hai catro anos na firma do ditame, que empezamos a implantar, por exemplo, co Plan de pastos que aquí xa se trouxo varias veces e que vai completar neste ano 2023 2.250 hectáreas de pastizais en montes veciñais en man común. Se iso non é facer discontinuidades e cumprir aquilo que acordamos, pois eu xa non entendo exactamente que é o que piden.

Gustárame facer unha matización. O Pladiga é simplemente unha documentación que aco- lle todos os anos o traballo que se ten que facer, conforme está a lexislación —e podémolo cambiar agora na Lei de loita integral dos incendios forestais—, pero ten que esperar a que rematen todas as estatísticas do ano anterior. E, como lle dixen, é no primeiro tri- mestre do ano cando se completa por todas as comunidades autónomas. Non obstante, como o real decreto lei inclúe unha nova obriga de facer un plan de prevención e vixilancia antes do 31 de outubro de cada ano, iso pódese falar e pódese recoller, evidentemente, no texto legal ao que ten que acollerse, que é a Lei galega de loita integral contra os incendios forestais.

Miren, o ton da miña primeira intervención —como fixen na pasada interpelación do Bloque Nacionalista Galego— foi sempre o de tender a man para traballar todos xuntos nun tema tan complicado e tan importante para o noso territorio como son os lumes. E a min gusta- ríame deixar claro que neste tema dos lumes hai dúas opcións, señor Arangüena: unha op- ción é atacarnos entre nós e a outra é traballar en conxunto —como fixemos no ano 2018—; unha opción é facer partidismo e a outra é facer política real; unha opción é ignorar as ne- cesidades de Galicia e a outra é pór a Galicia por riba de todo.

Miren, xa nos quedou claro na pasada interpelación o estilo do Bloque: dicir non, toque o que toque, sobre todo se vén do Partido Popular. Vostedes, señorías do Partido Socialista, deben decidirse, porque pola parte do Goberno galego —non o dubiden— queremos traballar en conxunto, facer política real e pór a Galicia por riba de calquera outro interese.



Hai unha oportunidade neste momento do borrador do Anteproxecto de lei de loita integral contra os incendios forestais; vai comezar a súa tramitación en outubro. E eu aí pediría —como fixemos cos representantes dos profesionais do servizo, coas universidades e cos representantes do sector forestal no Consello Forestal— que poidamos traballar todos en conxunto para rematar esas cuestións e medidas estruturais que se abordaron no ano 2018 e que necesitan desta lexislación.

Eu pediría que avancemos —así o dixen en varias ocasións nesta sede parlamentaria e volverei facer— na procura dun gran pacto político para afastar os incendios da loita partidaria, que apoiemos as medidas estruturais —que vostedes tamén votaron a favor—, que xa acordamos, que propoñamos as que poidan mellorar —das que no seu momento xa tivemos ese acordo— e que poidamos converter, con esas medidas estruturais, o territorio galego nun territorio máis resistente fronte aos incendios forestais. Eu estou seguro de que esa unión dos partidos políticos nola van agradecer non só os que hoxe viven no territorio, senón os que vivirán no futuro, as xeracións vindeiras.

Máis nada e moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): En virtude do escoitado na sesión na intervención do señor Arangüena, e en aplicación do artigo 105.1, prégoille que retire esas acusacións tan graves que vostede fixo. Se non, voume ver na obriga de facerlle unha chamada á orde. E ao mesmo tempo, pido que non consten no *Diario de Sesións*.

Ten unha segunda oportunidade para rectificar.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: [...] (*O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) na primeira ocasión.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pois tamén me remito á lectura do propio artigo. Ten vostede unha chamada á orde.

Suspendemos a sesión ata as catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

O señor PRESIDENTE: Continuamos co pleno. Corresponde agora o punto de mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios forestais

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(*O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa do deputado José Antonio Armada Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción 41085 (11/MOC-000111).*)

Emenda de substitución



Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que -conforme o establecido no Real Decreto-lei 15/2022, de 1 de agosto, polo que se adoptan medidas urxentes en materia de incendios forestais- se modifique o contido do Pladiga actualmente en vigor, e publique o plan anual de prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais antes do 31 de outubro, previamente á súa aplicación.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Boa tarde, señor presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Sinto ben que ao grupo maioritario desta Cámara lle interese tan pouco o tema dos lumes, porque cada vez que falamos de incendios forestais nesta Cámara non sei o que pasa pola bancada da miña dereita que hai moi pouca xente escoitando. *(Aplausos.)*

Imos repetir datos. Máis de 44.000 hectáreas de terreo do noso país —que fan case trescentas veces a cidade vella de Santiago de Compostela— arderon este verán. Isto inclúe de todo, inclúe superficie agrícola, inclúe superficie forestal, inclúe espazos da Rede Natura, inclúe parques naturais e núcleos de poboación, incluso vivendas. Todo iso —digo— leva ardido nunha campaña que aínda non rematou, e xa tivemos a estas alturas a posibilidade de ver parte das consecuencias dese desastre, tanto no curto como no medio prazo —perda de biodiversidade, perda de monte, perda de fauna, problemas na polinización, deterioración dos solos, contaminación de acuíferos, arrastres de lodo e cinzas—, como consecuencias a longo prazo, que tamén resultan evidentes —maior abandono do territorio e agudización do despoboamento—.

E a pregunta que nos xorde é clara: ¿aprendemos algo do que aconteceu neste verán?, ou, máis ben, ¿aprendeu a Xunta de Galiza do Partido Popular algo do que vén de de acontecer?, ¿aprenderon algo das claras —e ademais sinaladas múltiples veces por múltiples voces— deficiencias e problemas coa xestión do persoal, coas brigadas que estaban a medias, con vacantes, baixas, vacacións sen cubrir de xeito recorrente, persoal precarizado con contratos de seis e nove meses, brigadas municipais sen constituír e, en xeral, da falta de profesionalización?, ¿aprenderon algo da incomprensíbel falta de medios que se deu na situación tremenda que vivimos na segunda quincena do mes de xullo?, ¿aprenderon algo dos problemas de coordinación que houbo na xestión deses incendios?, ¿aprenderon algo da escasa, por non dicir nula, capacidade de resiliencia do territorio fronte a uns lumes dunha agresividade até o de agora descoñecida no noso país? A pregunta é: ¿aprenderon algo ou van continuar botando balóns fóra?

A verdade é que o que levamos visto desde o momento dos lumes e dos incendios de xullo até o de agora fai que alberguemos de verdade moi poucas esperanzas, moi poucas. ¿Que é o que vimos nestes dous meses? Vimos propaganda —aínda a vimos esta mañá—, propaganda e máis propaganda. Nulo, ¡nulo!, recoñecemento de erros, nula asunción de responsabilidades e cero interese por mudar as cousas. *(Aplausos.)*



Vou intentar facer un desglose.

Primeiro, propaganda no que ten que ver coa recuperación do territorio. Aínda escoitamos o presidente da Xunta de Galiza esta mesma mañá facer propaganda neste sentido. E teño que dicir —de verdade llelo digo, coa man no corazón— que é unha propaganda case obscena vendo que as primeiras e tímidas, timidísimas, actuacións que fixeron até o de agora non principiaron até dous meses despois dos incendios forestais. ¿E antes deses dous meses? Pois arrastres nos ríos, contaminación, etc., etc.

Por outra banda, propaganda no que ten que ver co turismo, coa recuperación turística das zonas ardidas —e esta xa non sei nin como cualificala—. Despois deste desastre, despois destes miles, decenas de miles, de hectáreas ardidas, anuncian a bombo e prato unha liña de 90.000 euros —90.000 euros, que é pouco máis que o salario do presidente da Xunta de Galiza nun ano— para —cito literalmente— «levar visitantes á serra do Courel e a Valdeorras». Non sei o que van visitar, porque a situación nesos territorios no día de hoxe está como está. Pero, en todo caso, esta é a solución da Xunta de Galiza: 90.000 euros para as axencias de viaxes para que leven visitantes a Valdeorras e ao Courel.

Propaganda tamén coa constitución dunha comisión interdisciplinaria. Foi pena que a conselleira de Medio Ambiente seguisse escondida esta mañá no que ten que ver con esta cuestión, porque a conselleira de Medio Ambiente anunciou a constitución dunha comisión interdisciplinaria —esta comisión anunciouse a través dunha nota de prensa da Xunta de Galiza o pasado 4 de agosto— para deseñar un plan de recuperación integral do Courel; que de entrada xa sorprende pola súa especificidade, porque está moi ben recuperar O Courel, pero non sei por que non un plan de recuperación integral do Barbanza ou de Oímbra ou de Verín ou, evidentemente, dos tres parques naturais que ficaron asolados polos incendios: o da Serra da Enciña da Lastra, o do Xurés ou o do Invernadoiro. (Aplausos.) E a pregunta que nos vén a continuación —e repito que é pena que non comparece a conselleira de Medio Ambiente— é: ¿que avances leva esa comisión anunciada neste mes e medio?, ¿cantas reunións se mantiveron?, ¿que conclusións atinxiron?, ¿que medidas se están a poñer en marcha? Porque o conselleiro anuncia —o conselleiro non, o presidente da Xunta— un plan de recuperación de moitísimos millóns de euros. Non sabemos con base en que proxecto.

Máis propaganda: as axudas directas. Falamos disto tamén o outro día na interpelación ao conselleiro. A estruturación e os requisitos exixidos nesas axudas impiden que boa parte da cidadanía afectada polos incendios se poida acoller a elas. Verémolo tamén neste Parlamento cando pidamos os resultados desas liñas de axudas, de cal foi o volume efectivamente mobilizado de recursos con base nesas axudas e se realmente se axustaban á realidade do noso país.

E esta mesma mañá o presidente da Xunta, cal vendedor de crecepelo, anunciounos aquí unha chuvía de millóns, unha chuvía de iniciativas, e vanme perdoar que o compare, de verdade, cun feirante. Porque desde as bancadas do BNG levamos moitos anos, ¡moitos anos!, fartas xa destas roldas de prensa feitas desde a tribuna do hemiciclo que despois en pouco ou en nada se plasman na realidade.



E quérólles dicir tamén que no BNG estamos preocupados, porque hoxe o presidente da Xunta fixo aquí unha comparecencia, cuns orzamentos que xa teñen pechados —entendo—, e anunciou, entre outras cousas, a ampliación de contrato dos bombeiros forestais de nove a doce meses, medida que por enésima vez esta iniciativa propón para a votación e que o conselleiro do ramo no pleno pasado anunciou por adiantado que ían votar en contra —xa antes de ver a iniciativa anunciou que ían votar en contra—. Polo tanto, entenderán a nosa preocupación. A nós preocúpanos saber se lles interesa de verdade a estabilidade, a profesionalización do servizo ou só lles interesa —coma sempre— o titular de prensa.

Dicía antes que nos preocupa especialmente o feito de que non vemos ningún interese por mudar as cousas, ningunha intención de mudar as políticas que nos trouxeron até aquí. Máis ben se desprende, tanto da comparecencia do conselleiro ante a interpelación do BNG como da comparecencia do director xeral o venres pasado na propia Comisión 7ª de Medio Rural, unha única conclusión —e aínda o confirmou aquí esta mañá o conselleiro na resposta a outra interpelación doutro grupo—: soberbia e nula asunción de responsabilidades. Para a Xunta de Galiza fíxose absolutamente todo ben, arderon case 50.000 hectáreas pero fíxose todo ben. Había maquinaria de sobra, as brigadas estaban a pleno rendemento, xestionouse todo correctamente e, se houbo algún fallo, iso si, foi por culpa dos concellos, que non quixeron, non tiveron a ben, facer os convenios das brigadas e poñer a funcionar esas brigadas en tempo e forma aínda que a Xunta lles proporcionase todos os elementos necesarios para poñer en funcionamento esas brigadas.

Permítanme que lles diga, de verdade, que ese non é o camiño. Desde o BNG temos clarísimo, clarísimo, que hai que mudar cousas, que hai que mudar moitas cousas, que a loita contra os incendios pasa, evidentemente, pola resiliencia do territorio e que iso non se soluciona, nun país como o noso —está claro—, de hoxe para mañá. Iso sabémolo, pero, desde logo, con autocompracencia non se soluciona absolutamente nada. Traeremos esta solución unha e mil veces se non iniciamos cambios de fondo. E, de novo, isto non o di o BNG, dino os profesionais e as profesionais do sector, que levan anos estudando o comportamento do lume e o avance de incendios forestais cada vez máis agresivos e incontrolábeis.

Hoxe traemos catro propostas básicas. Son moi básicas. Non chegan a todas as cousas que hai que mudar neste ámbito para solucionar os problemas, é evidente, pero son catro cuestións de inicio que creo que todas e todos tiñamos que ter claras para empezar a loitar de verdade e ter a capacidade de enfrontarnos a estes incendios de sexta xeración.

Primeiro, no que ten que ver co servizo, corrixir de xeito inmediato a política inexistente de cobertura de vacantes, de baixas e de vacacións dentro do persoal propio do servizo, e garantir, en todo caso, que as brigadas de bombeiros forestais funcionen con todos os seus efectivos para reforzar a súa eficiencia e a seguridade dos profesionais —sobre todo a seguridade dos profesionais—. E isto non habería nin que dicilo, non habería nin que votalo. Resulta incomprensíbel que manteñan esa política do mínimo esforzo ano tras ano.

En segundo lugar, iniciar os trámites precisos para a substitución, de cara á campaña do 2023, das brigadas de seis e nove meses por brigadas anuais, públicas e profesionalizadas. Hoxe o presidente da Xunta anunciou que ían ampliar as brigadas de nove meses a doce. É



unha ampliación que está prevista desde hai dous anos, desde hai dous anos, dentro do proceso de funcionarización que se aprobou, e, de verdade, despois de dous anos, xa dicimos que vai haber que esperar a un ano electoral para que anuncien, efectivamente, esta medida. E aquí está, o ano que vén é ano electoral e este ano anunciamos a medida. Agardamos, de verdade que non haxa que vivir outra vaga de incendios coma a deste ano para que cheguen á conclusión de que as brigadas municipais tampouco son o camiño e que os profesionais que están hoxe seis meses precarizados tamén merecen un trato digno por parte da Xunta de Galiza.

En terceiro lugar, modificar o contido e a estrutura do Pladiga para convertelo nun documento realmente eficaz, que cumpra como mínimo dous requisitos. O primeiro é unha avaliación do que se fixo —antes o conselleiro, feito aposta, mesturaba de forma continua os datos que viñan do Pladiga, os do que se ía facer cos do que se fixo en realidade, segundo nos interesase máis uns datos ou outros—. É importante avaliar o que se fai e en que se fallou e en que se funcionou ben para poder mudar ese Pladiga con base no que pide a realidade. E logo, a publicación do documento, segundo marca a nova lei, antes do 31 de outubro.

E, cuarto, a creación dunha rede de paradas para o lume baseadas na produción agrícola ou gandería extensiva que permitan minimizar o impacto dos incendios forestais establecendo espazos de agarda. Sei que me vai falar da Lei de recuperación da terra agraria de Galiza. E eu voulle preguntar xa por adiantado, para que me poida contestar —porque vostede só ten unha intervención—, cantos polígonos cortalumes se fixeron neste ano longo —ano e medio xa— de vigor da Lei de recuperación da terra agraria de Galiza. ¿Cantos polígonos cortalumes se fixeron?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Remato xa, señor presidente.

A experiencia dinos que as infraestruturas lineais, os cortalumes, en tanto que tales, non son suficientes para atallar estes incendios de sexta xeración. Fai falta unha xestión real, real, do territorio, que a Xunta de Galiza, polo de agora, está decidida a non poñer en práctica.

Non teño máis tempo nesta primeira intervención. Continuaremos despois.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Armada.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que agardaba un ton un pouco máis construtivo e, se cabe, un pouco máis positivo, porque na última interpelación parece que rematou vostede dicindo que ía traer aquí unha batería de medidas, ou, polo menos, unha serie de medidas moi interesantes e, sobre



todo, para aplicar nesta terra. Pois eu, honestamente, non as vexo por ningún lado. Simplemente está falando vostede do Pladiga. Estame falando dun cuarto punto que pertence á Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, porque é exactamente o mesmo que pon. E, por certo, é unha lei que vostedes votaron á contra, como fan todo.

Mire, está claro que aquí non se pode estar debatendo sempre que, canto peor, mellor. Non, estamos falando dunha cuestión que é moi seria para este país, e temos que ter moi claro que non por repetir os mesmos mantras se van converter estes en verdade.

Sería interesante falar de cales foron as condicións nas que se deu esta vaga de lumes no mes de xullo, esta desgraciada vaga de lumes do mes de xullo: creo que 6.000 raios nunha noite, tormentas secas, elevadas temperaturas, vento cambiante, enorme sequidade na vexetación. Estes son varios motivos polos que se deu un lume que non se coñecía como tal nesta terra. Creo que o 83 % deses incendios que se xeraron esa noite foron acoutados por brigadas do Servizo Público de Extinción de Incendios. Pero teña en conta que, con ventos de 30 quilómetros por hora —e non o di este portavoz, senón calquera especialista na materia—, extinguir un incendio é bastante complicado; porque, literalmente, o vento voa. E, se mal non recordo, durante a época na que tivemos estes incendios creo que houbo días nos que o vento racheado superaba os 70 quilómetros por hora —corríxame se me equivoco—. Se, ademais, o vento é cambiante, resulta que hai que cambiar o dispositivo. E ¿sabe canto tempo se tarda en cambiar un dispositivo? Entre catro e cinco horas —e hai que ter en conta, sobre todo, a orografía do terreo—.

Evidentemente —insisto—, son condicións meteorolóxicas como non se coñecían nunca nesta terra. E con todas estas circunstancias hai que ter en conta que non se pode atacar directamente o lume, senón que moitas veces hai que esperalo, e non a metros senón ás veces a algún quilómetro. Isto —insisto— son apreciacións que non fai este portavoz, que as fan os especialistas na materia.

Tamén lle teño que dicir que a actuación do dispositivo foi moi coherente e responsable coas circunstancias, e tendo en conta que se defenderon como puideron os núcleos, en moitos casos desaloxando aqueles nos que a situación podía implicar risco para a vida das persoas. E ese foi, dende logo, un éxito achacable. E dende aquí, novamente —xa o dixo o conselleiro na súa comparecencia, tanto na interpelación como hoxe pola mañá—, o noso agradecemento a un operativo que hoxe en día non ten parangón a nivel —atreveríame a dicir— mundial; e, se non, póname vostede algún exemplo dalgún servizo público de extinción de incendios en calquera parte do mundo e compáremo co galego. Creo que non o vai atopar.

Está claro que, despois de ter esta situación excepcional, houbo que artellar tamén unha serie de medidas excepcionais. Loxicamente, aprobouse un decreto paraugas no cal se aprobaron diferentes liñas de axuda que contemplaban catro millóns de euros. Está ben que vostede diga que veremos como se aplica todo isto ao que lle chaman vostedes propaganda. Pois, mire, veñan despois vostedes aquí, pídannos os datos e veremos se realmente se aplicaron esas medidas, ¿de acordo? Teña vostede en conta tamén que isto atinxe a diferentes explotacións agrícolas, gandeiras e que cobre todo tipo de danos causados polos incendios forestais. Teña en conta tamén que, como xa fixemos en ocasións anteriores, estamos tra-



ballando nun plan de recuperación que será liderado por profesionais do Centro de Investigación Forestal de Lourizán —que traballan xa sobre o terreo e que percorren as principais zonas afectadas—, investigadores que, por outra parte, teñen un enorme prestixio e que son os encargados de avaliar os danos na vexetación e no chan para logo artellar as medidas paliativas correspondentes. Hoxe deu conta o presidente da Xunta de Galicia e xa anunciou unha serie de cartos para precisamente atacar estes problemas.

Esta claro que a Xunta de Galicia destina á prevención e á loita contra os incendios forestais o que ningunha comunidade autónoma neste país: 180 millóns de euros. Destes, 33 son para prevención. Galicia desprega na época de alto risco todo o seu dispositivo de loita contra os incendios na xeografía galega, un dispositivo formado por uns 7.000 efectivos. Pero isto non significa que os medios estean todos despregados o 1 de xullo, non, non llo vou negar. Pero está claro que uns efectivos van entrando e outros van saíndo; por exemplo, os da operación Centinela, que están computados no Pladiga e que comezan o seu despregamento a partir do 15 de agosto. Estes medios humanos súmanse aos materiais, con preto de 380 motobombas, tractores, pas e ata 30 medios aéreos achegados pola Xunta de Galicia e polo Estado. A xeografía galega está totalmente cuberta por un dispositivo ao que lle hai que sumar tamén a rede de videovixilancia nos montes, con 148 cámaras que cobren arredor do 70 % da superficie galega.

E claro, claro que fixemos mellora no dispositivo e queremos seguir facéndoa. Non o negue. Se nós estamos dicindo que lles imos aumentar a esas brigadas desde nove a doce meses, pois compróbeo vostede o vindeiro ano. Se non están os doce meses, evidentemente, si, pódenos dicir que é propaganda. Pero temo que non vai ser así.

Dende logo que o que tamén me gustaría dicir é que, cando vostedes gobernaban e sufriron unha vaga de lumes, alá polo ano 2006, crearon algo que se chamaba Seaga. E a Seaga vostedes derivaron parte do dispositivo de extinción de incendios —creo que non me equivoco—. E, curiosamente, ¿sabe canto tempo duraban os contratos? Tres meses. E nós tivemos a decencia de subilos a seis meses para aumentar a auténtica efectividade, por suposto que si. E é que son datos, son datos. Vostedes predican, pero unha cousa é predicar e outra dar trigo. (Aplausos.) Iso é bastante diferente.

Teñan en conta vostedes tamén que non soamente se melloran esas condicións, senón tamén, evidentemente, a formación. Da formación temos falado moito, pero eu sei que tampouco lles gusta que lles digamos que nós consensuamos a formación destes traballadores cos sindicatos. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non diga que non, porque é así. Máis do 98 % da formación está consensuada cos sindicatos. Igualmente, hai que ter en conta os medios materiais que se van aportando por parte da Xunta de Galicia: 35 tractores que estiveron desbrozando 1.500 hectáreas este ano, 242 vehículos en *renting* ou 186 que se están a mercar —dende o ano 2013 compráronse un total de 94 motobombas—. E, por suposto, para o noso servizo público de extinción de incendios, os equipos de protección individual —os EPI para extinción— así como equipos dedicados a traballos preventivos foron renovados.

Se falamos das brigadas municipais, podemos estar de acordo en determinados aspectos. Teña vostede claro que, evidentemente, están orientadas para os meses que son os máis



complicados, que son os de agosto, setembro e outubro, e faise para ter medios ao final da campaña de alto risco, que, segundo os últimos informes, é a temporada máis perigosa. No ano 2021 asináronse un total de 261 convenios con entidades locais e no ano 2022 contempouse un aumento no financiamento, algo que se demandaba. E así se fixo, aumentouse un 10 %. E por suposto que tamén para os tratamentos preventivos houbo un aumento: duplicouse desde os 130 euros que se estaban a pagar a 250 euros a hectárea.

Para este ano 2023, en consonancia coa próxima aprobación da nova Lei de loita integral contra os incendios forestais —para a que xa están convidados vostedes a participar, e reiteramos o convite e, dende logo, esperamos as súas aportacións—, reformularanse todos estes convenios analizando, entre outros aspectos, a posibilidade de participación doutras administracións, como, por exemplo, as deputacións provinciais, que neste caso están bastante de perfil, para que se prolongue a operatividade destas brigadas e reforzar deste xeito de forma considerable a súa participación en tarefas preventivas. Teñan en conta que o Pladiga non se presenta cada ano, o único que se fai é actualizalo naqueles aspectos que sofren variacións; e son incorporadas estas modificacións e aprobacións polo Consello da Xunta de Galicia. Nos últimos catro anos —xa llo dixen na última intervención, aquí en pleno— foran aprobadas os días 2, 22, 26 de maio e 2 de xuño.

Se vostede le detidamente a emenda que presentamos, loxicamente, nós ímonos incorporar, por suposto, a ese real decreto que foi dado polo Estado. E falando dese real decreto lei, chámamos poderosamente a atención que na aprobación a primeiros de agosto dese Decreto lei de servizos de extinción feito polo Goberno central non se contase coas comunidades autónomas, que —cando menos no caso galego— pensamos que temos unha acumulada e gran experiencia ao respecto. Ademais, cabe sinalar que a práctica totalidade das disposicións do real decreto que se presentan como unha novidade xa están reguladas na maioría das comunidades autónomas, e máis concretamente en Galicia. E sinalo aspectos como a xa aprobada anualmente planificación contra os incendios, que comprende as medidas de prevención e vixilancia durante todo o ano para o territorio, as previsións e recomendacións que se recollen e que xa están contempladas na lexislación autonómica galega. Por certo, non se fai alusión a algunha das queimas prescritas, que é un mecanismo esencial de prevención, e non se concreta o principio de xestión integral do territorio, unha das principais ferramentas que temos nós para a prevención, e ben coñecerá vostede a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, unha lei de recuperación pola que, mire, para saber a implementación da que lle estaba falando a vostede —deses polígonos cortalumes, dos polígonos agroforestais, das aldeas modelo—, a invito a que entre vostede nun visor que ten a páxina web de Agader, onde poderá contemplar como se están aplicando e en que estado se atopan todos estes mecanismos.

Voulle dicir algo máis. É curioso que vostedes rexeiten unha e outra vez esta Lei de recuperación da terra agraria, porque din que eses mecanismos son completamente inútiles, eu os seus alcaldes —refírome aos alcaldes do Bloque Nacionalista Galego— soliciten estes modelos, estes sistemas, estes instrumentos. É curioso.

Porque, miren, voulle falar dunha cousa. Resulta que fala vostede no seu último punto da parada de lumes. Pois eu voulle falar de Parada de Montes. Parada de Montes é un pobo da Pobra do Brollón. ¿Saben o que se fixo alí? Unha aldea modelo. E ¿sabe para que valeu? Para parar un incendio.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Armada.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Vaia por diante que imos aprobar esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, esta moción, que coincide plenamente coa filosofía da proposición defendida no pleno pasado por este grupo parlamentario que incidía na necesidade de reformular o modelo de prevención e loita contra o lume. Recórdolle ao señor Armada que era unha proposición que traía moitos puntos de reformulación e de vontade política de cambio, e votaron en contra. Sen embargo, hoxe dicían que eran poucas as iniciativas ou as reformulacións que pedía o BNG, cando incide tamén en puntos moi importantes.

Vostede fala de tormentas, de eventos, de orografía, de condicións meteorolóxicas, pero xa eran advertidas polos expertos. E a actuación política, señor Armada, da que estamos a falar hoxe aquí foi nefasta, e é do que falamos. Non falamos das carencias por parte dos traballadores e traballadoras do servizo. Obviamente, este grupo parlamentario xa en reiteradas ocasións felicitou a todos os traballadores e traballadoras do propio servizo de prevención, e tamén das distintas administracións que colaboraron nesta loita este verán —tamén aos voluntarios e ás voluntarias—. Tamén o fixo o meu compañeiro Pablo Arangüena esta mañá, e seguiremolo dicindo.

Pero recorde, recorde cando estaba vostede na comisión, cando os técnicos do servizo de prevención se puxeran en folga, non por condicións salariais senón por condicións laborais de horarios, de abuso por parte da Consellería. Tivemos que levar iniciativas á propia comisión para que os recibiran. E iso é o que non entendemos, que, por unha parte, chegue aquí o conselleiro e se lle encha a boca de felicitar os traballadores e traballadoras e despois fagan estas cousas.

Hoxe anunciaba o presidente da Xunta de Galicia unha nova pero que non era unha nova. O pase do persoal de nove meses a doce meses devén dun proceso de funcionarización que vén de hai dous anos, que nós tamén estamos instando unha e outra vez para que o cumbran e que ata o de agora no se fixo. En todo caso, esperemos que este ano así se proceda, porque así estaba acordado.

É necesario, é vital, mellorar a profesionalización e loitar contra a temporalidade, e a coordinación das persoas traballadoras en medios de loita contra o lume; como tamén é necesario levar a cabo os traballos de prevención de incendios antes de xuño de cada ano —despois enlazarei ese tema coas brigadas municipais— e tamén a presentación do Pladiga, como expón a voceira do Bloque Nacionalista Galego na súa intervención, na exposición de motivos e na parte resolutiva.



Hai que actualizar o dispositivo e que contemple unha óptima organización de medios materiais e humanos nos distritos forestais, que non está feita —e vostede sábeo—. Iso repítoos moitas veces pero xa foi dito por unha conselleira anterior, que era Quintana. Porque a gran debilidade que ten a nosa foresta é a falta de prevención, a falta de silvicultura preventiva, e vostede tamén é coñecedor de que é practicamente inexistente.

En relación coas brigadas municipais hai moito que falar, e mañá presentamos nós tamén unha proposición e falaremos disto; pero que o conselleiro do Medio Rural e o propio director xeral incidan en que a tardanza na constitución das brigadas dos concellos foi imputable aos concellos, dende logo, é un insulto, é vergoñento. Porque os convenios chegaron tarde, chegaron a finais de xuño, e vostede sabe que despois teñen que preparar un plan preventivo con cartografía, con etcétera, etcétera, e teñen un mes. E despois aínda teñen que aprobalo os axentes técnicos do distrito. Tamén vostede sabe que nalgúns locais, nalgúns municipios, os axentes e os técnicos estaban ocupados no labor de extinción —polo que aconteceu este verán— e resulta que tardaron moitísimo tempo en aprobar eses plans, co cal o atraso non pode imputárselles aos concellos, que xa lle levan moito tempo pedindo unha reformulación e advertindo de que falta persoal para formalas. E vostedes son conscientes e non fan nada. Agora parece que di que tamén van incidir na lei nesa reformulación, pero tampouco creo que vaia —polo que dixo agora— polo que nós apostamos, por ese servizo que dependa da Xunta de Galicia cun mando único. Porque vostedes teñen o orzamento e vostedes teñen as competencias. Entón, botarlles a culpa aos concellos, de todas as cores políticas, creo que non é o que deberían facer. Porque, claro, na comparecencia do conselleiro do Medio Rural —na que a verdade é que quedei bastante alucinada— resulta que, ante a intervención do meu compañeiro, que realmente é unha intervención para min perfecta, di que ten que suplir a conselleira para protexela. Eu creo que é o máximo machismo que se viu hoxe nesta sala por parte do conselleiro do Medio Rural. *(Aplausos.)* Eu creo que a conselleira debería comparecer, non agocharse, non estar tan protexida polo señor Rueda e vir aquí contestar as preguntas e a interpelación que facía o Grupo Parlamentario Socialista. Non creo que necesite de ningún escudeiro. *(Aplausos.)*

En todo caso, estanse a producir incendios de sexta xeración, isto é imparabile, están aquí, e vostedes non fan nada para mudar o modelo. E todos os expertos inciden en que o sistema de extinción de lumes non vai parar estes incendios. Tense que apostar pola silvicultura preventiva e por outras moitas cuestións que vostedes neste momento non están a abordar. Esperemos que nos presupostos vexamos un cambio e entón estaremos a favor, pero de momento está claro que o conselleiro hoxe falaba dunha maneira triunfalista dos incendios, porque todo estaba ben feito. Eu creo que nós —non o dicimos nós, dino as propias organizacións sindicais—, como grupos parlamentarios, aínda non sabemos hoxe con canto persoal contaba o operativo do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios cando se iniciaron os lumes, non temos nin idea. E, como dicía, non o di só o Grupo Parlamentario Socialista, dino as propias organizacións sindicais. UXT, por exemplo, dicía que o operativo antiincendios estaba incompleto en plena tempada de alto risco e non estaba ao cen por cento, nin moito menos. E tamén incidía en que reclamaba un sistema único do Servizo de Prevención de Incendios Forestais. Comisións e CIG denunciaban a falla de medios humanos e materiais para atallar a vaga de incendios. Comisións cualificaba de insuficientes estes medios e pedía profesionalización. A CIG tamén falaba de medios e situacións de abuso para



os traballadores e traballadoras. Ve que todas as organizacións desta comunidade estaban a falar do mesmo. E Unións Agrarias tamén lles reclamaba que puxesen os medios de loita expostos no Pladiga, porque sempre maquillan as cifras; unhas cifras son as que poñen no Pladiga e outras son as que poñen en funcionamento. Por exemplo, o delegado de prevención de UXT dicía que os traballos preventivos se tiñan que facer de forma anticipada —e niso coincidimos—, con anos de anterioridade. Non se pode esperar a que pasen erros como os de agora. E propuña a curto prazo que os fixos descontínuos pasasen de seis meses a nove, e os de nove a doce —este anuncio que fai hoxe o presidente—; pero non sabemos nada dos traballadores de seis meses e de se van quedar traballando nesa temporalidade.

Ben, apuntan sempre ás dificultades que se viviron eses días, e o conselleiro non deu conta de por que se produciu ese colapso, non deu conta do que pasou, da falta de coordinación entre as consellerías de Medio Ambiente e Medio Rural, que é palmaria. O problema está na xestión forestal, o problema nun lume como o que afectaba a Valdeorras é que non hai discontinuidades. Tres son os factores que determinan un lume, estes lumes dos que estamos a falar —vostede sábeo—: temperatura, humidade e combustible. Os dous primeiros é claro que veñen polo tempo e poden producirse en anos sucesivos, pero sobre o combustible pódese influír a través de buscar discontinuidades coas que parar os lumes. E, segundo a relación de postos de traballo de Medio Rural, neste momento eran 600 fixos descontínuos do Servizo contra Incendios de nove meses, mentres que os de nove rondaban o milleiro, e denunciaban brigadas incompletas.

Tampouco explicou o conselleiro o que aconteceu, por que xornadas de máis de doce horas —incluso chegando a dezaseis— e numerosos incumprimentos co persoal antiincendios: cuadrillas con só dous membros, señor Armada, falta de comida e bebida nalgún distrito forestal sen brigada. Hai múltiples denuncias realizadas por este grupo parlamentario e pola oposición ás que non lles dan resposta neste Parlamento, nesta sede parlamentaria, nin en comisión nin en sesión plenaria. Houbo desprazamentos de dúas e tres horas que tiveron que realizar nesta vaga de lumes; un exemplo son os operarios que marcharon de Pontevedra ao baixo Miño ou ao Courel, que realizaron nese momento dezaseis horas de traballo, co risco que iso supón. Por iso este grupo entende que se debe corrixir de inmediato a política de cobertura de vacantes, como establece esta iniciativa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...—si, termino, presidente— das baixas de vacacións dentro do persoal do servizo e a cooperación e a coordinación entre administracións competentes para mellorar a sinerxía e integración das respostas ante o lume.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Polo grupo autor da moción, a señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: O que pasou este verán é responsabilidade directa, ¡directa!, da Xunta de Galiza. Entón deixen a soberbia dunha vez, asuman o que estaba mal e intenten



corrixilo. *(Aplausos.)* É que é moi fácil, jé moi fácil! *(Aplausos.)* E se estaba todo tan ben, vaian a Lixó, falen con Paco —ao que lle arderon dúas casas—, e díganlle que estaba todo perfecto, porque a Xunta fixo todo fantástico.

Vostede repetiu aquí unha cousa que din e que din...: 180 millóns de euros para o Pladiga deste ano, e 33 millóns de euros en prevención. Estes 33 millóns de euros representan o 18,33 % do total do Pladiga. Vostedes destinan a prevención o 18 %, 33 millóns. E hoxe sae aquí o presidente da Xunta e anuncia un plan de recuperación das zonas ardidadas de 18 millóns de euros, máis da metade do total do que destinan á prevención. ¿Non sería mellor —digo— aumentar a prevención, aumentar os recursos en prevención, planificar esa prevención e poder aforrar ese diñeiro en recuperación de zonas ardidadas? *(Aplausos.)* ¿Non sería moitísimo mellor facer prevención e non ter que recuperar o que ardeu? *(Aplausos.)* ¿Non sería mellor? ¿Nisto podemos chegar a un acordo? ¡Sería mellor!

E nós falamos de xestión do territorio e dun problema social do que deriva ese abandono do territorio. É un problema social. E vostede veu aquí e falounos de maquinaria, de cámaras, de traxes dos equipos, de brigadas municipais —de que tamén o fixeron fantástico e a culpa foi dos concellos—. Vostedes propoñen unhas brigadas municipais que —repito— fan prevención —ou teñen que facer prevención, que para iso lles pagan—. Teñen que facer prevención e prevén que as incorporen en xullo. E agora nin sequera lles chega xullo e entón din: Non, non, é moito mellor as brigadas municipais entre agosto e outubro, facendo prevención de agosto a outubro. Ese é o novo modelo.

E outra cousa que anunciou hoxe o presidente da Xunta, e que non quero deixar de mencionar, son 33 millóns de euros para consolidar a prosperidade do agro e dos montes, ¡consolidar a prosperidade do agro e dos montes! Eu, de verdade, non sei de que prosperidade fala o presidente da Xunta de Galiza, pero, desde logo, hai moito que facer antes de poder consolidala. Primeiro hai que levar esa prosperidade ao rural. E falaba de parcelarias, falaba de recuperación da terra agraria de Galiza... E eu o que lle digo é que os resultados da Lei da recuperación da terra agraria de Galiza desde a súa aprobación —aínda o falamos o outro día en comisión—, dende maio de 2021, son que temos cero polígonos agroforestais postos en funcionamento, ¡cero!, e oito aldeas modelo no día de hoxe en funcionamento directamente desa lei.

Entón, algo poderemos falar entre todas e todos para tentar mellorar, porque hai cousas que evidentemente non están a funcionar e temos un territorio abandonado. E non se soluciona nunha lexislatura, nin en dúas nin en tres. Pero, desde logo, de forma unilateral e dicindo que o fan todo ben e que non hai nada que corrixir, desde logo que non imos chegar a ningún acordo nin a nada que sexa bo para este país. É que non se trata de acordar aquí cousas, trátase de mellorar as condicións de vida no noso país. E non se trata de máis medios, de máis persoal, trátase de máis calidade no servizo, e maior calidade pasa por profesionalización, por plans de formación correctos e axeitados aos incendios cos que nos atopamos. Porque o que pasaba nese tipo de incendios —e hai que explicarllo á xente— é que daba igual o número de medios que houbese, daba igual e somos todos conscientes. Hai fronteiras de lume que non se poden atacar directamente. Entón isto hai que solucionalo antes, e soluciónase antes con xestión do territorio, non anunciando polígonos cortalumes que logo non existen na práctica, é que non existen, ¡non existen! *(Aplausos.)*



Os grandes incendios dos que falaba a portavoz socialista e que eu mencionei tamén na miña primeira intervención supoñen un risco para os profesionais e para as profesionais. Entón eses profesionais e esas profesionais teñen que enfrontarse a eses lumes nunhas condicións que lles permitan facelo. ¿Hai cambio climático? Si, claro que o hai. É no cambio climático no que se escudan agora. Antes era nos pirómanos e agora é nos pirómanos e no cambio climático. O cambio climático é unha evidencia, é unha realidade, pero detrás dese cambio climático hai un territorio mal xestionado —ou non xestionado, que é moito peor—. Os agricultores, por exemplo, son o arraigo do noso país e os que facían que o territorio estivese xestionado, e vostedes non o recoñecen. E o que temos que facer con esa xente que sobrevive, a pesar de todo, no rural é darlles apoio, porque, sen territorios xestionados, os recursos e a tecnoloxía dificilmente van marcar a diferenza, dificilmente.

E necesitamos un territorio no que haxa ocos, no que haxa espazos, no que haxa a posibilidade de acceder pero de forma estruturada, de forma planificada, de forma coherente e cun catálogo. É que o falamos o outro día na Comisión. Vostedes anuncian un catálogo de usos agropecuarios e forestais de Galiza, un catálogo que tiña que ser o elemento chave sobre o que se artellase toda a estruturación do territorio. ¿Onde está ese catálogo? ¿Onde está? ¿Está ese catálogo feito? ¿Está publicado? ¿Estanse guiando por el para ordenar o territorio deste país? ¿Estanlle dando instrumentos á xente que vive no rural para poder seguir vivindo no rural e do rural? ¿Estanllo dando? Desde logo, no interior de Ourense garántolle que non.

Entón, as mudanzas teñen que ir en dous sentidos e neses dous sentidos imos. Eu díxeno tamén na miña primeira intervención: non colle nunha iniciativa todo o que hai que facer, hai que facer moitísimas cousas. Pero hai dúas liñas básicas nas que tiñamos que concordar, unha delas son os cambios para a calidade do servizo, calidade non dos profesionais —que teñen unha calidade altísima— senón dos recursos e das condicións coas que vostedes os fan traballar. E a segunda é a fundamental xestión do territorio.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Remato xa.

Mentres a situación do territorio non mude, imos seguir abordando emerxencias cada vez máis complexas, cunhas manobras cada vez máis arriscadas, máis imposibles de atallar, e con máis dificultade tanto para os equipos como para a poboación que sobrevive —sobrevivimos— no rural.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda, ¿acepta a emenda?

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Non, porque é escasa, non chega.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a política do Goberno galego respecto da autonomía e suficiencia financeira das entidades locais

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.



Para formular a moción ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señores e señoras deputadas.

Ben, como puidemos comprobar na interpelación feita polos socialistas o pasado pleno ao recentemente nomeado vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, pois o compromiso da Xunta de Galicia cos concellos galegos vai seguir sendo o mesmo; é dicir, a mesma falla de compromiso que durante os trece anos de goberno tivo o expresidente Feijóo cando o actual presidente da Xunta de Galicia, o señor Rueda, tiña as responsabilidades en administración local.

Co Partido Popular dá igual Feijóo que Rueda que Calvo, nada vai mudar. E o Goberno galego non vai asumir as reivindicacións acordadas unha e outra vez coa Fegamp. Xa que logo, ata que remate a lexislatura, ou mentres governe o Partido Popular na Xunta de Galicia, a realidade municipal seguirá sendo que a Xunta invita e os concellos pagan. *(Aplausos.)*

No mes de xullo deste ano, o recentemente nomeado vicepresidente segundo tivo a primeira reunión co presidente da Fegamp e nela emprazáronse a, neste mes de setembro, abordar as cuestións reiteradamente plantexadas, e achegóuselle un documento con dez asuntos prioritarios para o municipalismo galego aprobados por unanimidade por todos os grupos políticos, tamén do Partido Popular, no seo da Fegamp. Está a piques de rematar o mes de setembro e non albiscamos que haxa ningún avance.

A verdade é que se achegou un documento con eses dez puntos que reiteran novamente as demandas dos concellos galegos. Por exemplo, volve solicitarse abordar nun grupo de traballo o financiamento e o ámbito competencial das administracións locais, un compromiso acadado no mes de febreiro de 2020 a instancia do propio Goberno galego para delimitar as competencias de cada unha das administracións. ¿E que temos máis de dous anos e medio despois? ¡Nada! Novamente, un goberno de fume, de anuncios e de propaganda, pero de xestión, ¡nada!

É un goberno que legisla poñéndolles deberes aos concellos, pero nada fai por cumprir as súas propias competencias, e non ten vergoña outorgando culpas aos concellos da súa propia ineficacia, tal e como afirmou algún alto cargo da Xunta de Galicia en sede parlamentaria cando lles botaba as culpas aos concellos por non ter as brigadas antincendios preparadas no mes de xuño ou escoitando o propio conselleiro do ramo como lle recoñecía que, como estatisticamente a maior magnitude dos incendios era no mes de agosto, pois no mes de xuño nada tiñan que facer. Isto deu como resultado ter que voltar vivir o horror dos incendios que vivimos durante todo este verán, que, pola súa virulencia e propagación, arrasaron todo aquilo que atoparon, cando é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia e os concellos son meros colaboradores. *(Aplausos.)*

Señoras e señores deputados do Partido Popular, moitos de vós formades parte de gobernos municipais, moitos e moitas fostes ou sodes candidatos a ser alcaldes ou alcaldesas das vosas



vilas; de verdade, eu preguntaríaalles: ¿considerades axeitado e ides seguir calando cando o Goberno galego incrementa as competencias impropias que desenvolven os concellos sen transferirlles os recursos suficientes para desenvolvelos? Eu voules dar a resposta.

A resposta é que non estades de acordo, que non podeades estar de acordo. Calades por intereses meramente partidistas. Vostedes non poden estar de acordo en que cando se fala do mantemento das escolas infantís, a Xunta de Galicia anuncie a bombo e prato a gratuidade de todos os nenos e de todas as nenas como unha medida estrela do Goberno galego, cando a realidade é que os concellos sufragan a maior parte dos custos das escolas infantís municipais e ademais asumen tamén gastos nas do Consorcio Galego de Benestar. A nós parécenos —e a vostedes tamén lles debe parecer— que, se é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia, debese ser esta quen asumise a totalidade dos custos da prestación do servizo.

É un goberno novamente de publicidade e propaganda que, no canto de preocuparse de financiar os servizos públicos de calidade, está moito máis preocupado por que se lles entregue a eses nenos ou a esas familias ese papeliño onde se xustifique e se faga constar que os importes que lles correspondería aboar os aboa bonificado ao 100 % a Xunta de Galicia, cando a realidade é que iso é mentira.

O Goberno galego debería —e o vicepresidente segundo tivo aquí a oportunidade ante a nosa interpelación— de anunciar para 2023 a dotación dese fondo especial e específico destinado aos concellos para cubrir a totalidade dos custos das escolas infantís municipais conforme... *(Murmurios.) (A señora Rodríguez Rumbo diríxese á señora presidenta, Candia López.)* Señora presidenta, creo que teñen moito que falar.

O Goberno galego debería de dotar xa nos orzamentos de 2023 un fondo específico para os concellos para cubrir a totalidade dos custos das escolas infantís municipais, conforme o artigo 49 desa lei impulsada polo Goberno galego nesta lexislatura e aprobada por todos vostedes, deputados e deputadas do Partido Popular, como é a Lei de impulso demográfico de Galicia, que no seu artigo 49 di que a Administración autonómica garantirá a calidade e o carácter inclusivo dos recursos de educación infantil de 0 a 3, que avanzará na súa universalización e gratuidade e que promoverá unha dotación suficiente de prazas e os recursos para facer efectivas as posibilidades de acceso, permanencia e promoción de toda a poboación infantil nesta etapa educativa, e, preferentemente, en centros públicos. Ademais de ser un compromiso tamén expresado na medida A.1.3 da Axenda social única, na que fala da universalización da educación de 0 a 3 anos e que foi asinada, xunto coa Fegamp, en decembro de 2021. Xa que logo, vostedes deberían votar a favor desta moción, que o único que pide é que se cumpra co contido desas leis que vostedes proclaman e desas leis que vostedes aproban.

Tamén me gustaría preguntarlles ás señoras e señores deputados do Partido Popular se non están de acordo co infrafinanciamento que reciben os concellos para a prestación dos servizos sociais. Vostedes saben que os servizos sociais constitúen o pilar básico na sociedade actual e que Galicia ten os índices de avellentamento máis altos de todo o Estado. Temos 164 maiores de 64 anos por cada 100 menores de 20 anos, e case o 26 % da nosa poboación na actualidade ten máis de 65 anos.



Polo tanto, en servizos sociais as necesidades increméntanse, pero a Xunta, que ten competencias exclusivas, o que fai é diminuír as contías para o Plan concertado e incrementar exponencialmente as contías que teñen que achegar os concellos para satisfacer o Servizo de Axuda no fogar. Asumen eles a maior parte do financiamento e iso o que fai é lastrar as súas propias economías. Iso si, hoxe o presidente Rueda, na súa comparecencia, anunciounos —como conselleiro de Facenda— como medida estrela o incremento de 0,5 euros a hora para a prestación do SAF. Esa é a aposta real e decidida do Goberno galego do Partido Popular polos servizos sociais; eses servizos que son fundamentais para a nosa poboación, cando vostedes saben perfectamente que os orzamentos galegos para 2023 van incrementarse nun 24 %; é dicir, máis de mil millóns de euros, grazas á aposta firme e clara do Goberno do Estado, encabezada por Pedro Sánchez, para que as comunidades autónomas financien os servizos públicos e melloren a vida da súa cidadanía.

E se aplicásemos os mesmos argumentos empregados polo expresidente Feijóo, poderíamos deducir que a Xunta de Galicia queda cos cartos que son de todos e de todas as galegas; que o Goberno galego pretende forrarse no canto de atender as necesidades da súa cidadanía. Porque vostedes, señores e señoras do Partido Popular, ante as súas mentiras e os seus enfrontamentos co Goberno do Estado, non se poñen colorados en empregar calquera afirmación que avergoñaría a calquera político honesto. Este goberno de Galicia ten que aplicar ese «sentidiño» do que sempre fala, pero que realmente nunca aplica. Recórdolles aquel dito que di: «Fai o que eu che digo e non fagas o que eu fago».

Voten a favor desta moción na que pedimos nin máis nin menos que a Comunidade Autónoma asuma as súas competencias propias ou que traslade aos concellos o cen por cento do seu custo para que sigan sendo desenvolvidas polos propios concellos. A nós gustaríanos saber cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia leva trece anos sen constituír un grupo de traballo coa Fegamp para elaborar un estudo sobre as necesidades, os custos e as fontes de financiamento dos servizos sociais de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...para acordar —remato xa, señor presidente— un modelo que permita unha estrutura permanente, dotada xurídica e financeiramente, conforme o compromiso acadado na medida C.1.10 da Axenda social única, que di exactamente: «Creación dun grupo de traballo de estudo de servizos sociais».

Como non teño máis tempo, seguirei na miña segunda quenda.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.



O BNG, loxicamente, vai votar a favor desta iniciativa, desta moción, e vaino facer, en primeiro lugar, porque coincide practicamente na súa totalidade con iniciativas que xa presentou e defendeu aquí o BNG. Concretamente, a última vez foi no mes de xuño, no pleno, onde presentamos unha moción, que —non quero desanimala, señora Rodríguez Rumbo— foi votada en contra polo Partido Popular, e coincidía no fundamental con esta que presenta hoxe o Grupo Socialista.

Falabamos de asumir os servizos e as obrigas económicas que actualmente prestan e sufragan os concellos, sen ter competencia nin capacidade de xestión: centros de educación infantil, unidades de asistencia á drogodependencia, conservatorios profesionais, centros sanitarios, xulgados de paz...; de aprobar unha lei autonómica de participación nos ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos, da progresiva integración no Fondo de Cooperación Local das axudas e subvencións, de mecanismos que permitan unha visualización anual das transferencias... Todo isto xa foi —digamos— reiteradamente votado en contra por parte do Grupo Popular. O cal non quere dicir que non teñamos que seguir insistindo e batendo, aínda que sexa en ferro frío, como é o Partido Popular neste caso, con este tipo de demandas.

Pero se votamos a favor non é porque o BNG trouxese xa aquí esta iniciativa. Votamos a favor porque esta non é unha proposta do BNG nin é unha proposta do PSOE. Esta é unha proposta da Fegamp, e é unha proposta unánime do municipalismo galego, defendida por todos os grupos políticos que están neste Parlamento. E o BNG vota o mesmo na Fegamp que aquí, cousa que non fai o Partido Popular, que cambia de chaqueta no camiño entre a Fegamp e o Parlamento galego. (*Aplausos.*) Vostedes xa terán que explicar por que o fan.

Estas son demandas trasladadas reiteradamente. A última vez foi na Comisión Galega de Cooperación Local do ano 2021, en febreiro do 2021, cun documento que se lle presentou ao Goberno galego onde están plasmadas todas estas demandas que están derivadas do Pacto local; é dicir, que teñen xa unha antigüidade de quince anos ou máis.

Ante estas demandas, a Xunta responde con evasivas, con enredos, con manobras dilatorias e agora cunha auditoría que di que fixeron —non nos deron a información nin os datos, aínda que llelos pedimos en sede parlamentaria, sobre esta auditoría—, e tamén dicindo que xa existe unha lei de participación dos concellos nos ingresos da Comunidade Autónoma, cousa que é falsa, ¡cousa que é falsa!

Existe —regulado pola Lei de acompañamento dos orzamentos— a regulación do financiamento do Fondo de Cooperación Local, pero non é o mesmo o Fondo de Cooperación Local que o financiamento dos concellos, loxicamente. ¿Ou queren dicirnos que é o mesmo? O que pide a Fegamp é a Lei de participación dos concellos nos ingresos da Comunidade Autónoma, consensuada coa Fegamp, na que se clarifique a participación anual, os criterios de repartición e a progresiva integración no Fondo de Cooperación Local das axudas e subvencións anuais. Isto é o que pide a Fegamp; non é só o Fondo de Cooperación Local. Son máis cousas.

E, ademais, isto xa foi comprometido polo señor Feixóo no ano 2017, cando se reuniu co presidente da Fegamp no mes de xaneiro de 2017, e o titular da web da Xunta de Galiza foi:



«Feijóo acorda co presidente da Fegamp impulsar unha lei autonómica para blindar a cooperación local». Estamos agardando despois de cinco anos a que se aprobe esta lei que foi comprometida polo señor Feixóo, (*Aplausos.*) que *si te he visto, no me acuerdo*. Xa marchou para Madrid.

As demandas da Fegamp pódense resumir en dúas: máis recursos económicos e menos obrigas de competencias de servizos que non lle corresponden. Máis recursos económicos, sobre todo, nas actuais circunstancias, onde os concellos se ven absolutamente asfixiados pola crise e polo incremento dos gastos en combustibles, en enerxía e no custo dos servizos, e tamén por ter que asumir eses servizos que non lles corresponden, como todos eses que citei. Pero é que a Xunta non é só que lle quite eses servizos, senón que o que fai é transferirlle novas obrigas, novas competencias, novas responsabilidades, sen transferirlle o correspondente financiamento. Vímolos na Lei de benestar animal, vímolos na Lei de espectáculos, na Lei do ciclo da auga... En fin, suma e segue. E vemos agora como na gratuidade das escolas infantís aínda están vostedes sen explicar como van compensar os concellos para que non teñan que asumir os custos dunha competencia que non é propia dos concellos.

Polo tanto, a prioridade número 1 da Fegamp, do municipalismo galego, dos concellos de todas as cores políticas é ter máis recursos para poder atender as necesidades que teñen os concellos, que cada vez son maiores tamén pola crise. Pero, ademais, o que piden é unha repartición equitativa, xusta e transparente dos recursos, que son máis que o Fondo de Cooperación Local; son en total —segundo os rozamentos do ano 2022— 488,5 millóns de euros, dos cales, 135 van vía Fondo de Cooperación Local e os demais van pola vía de convenios e de subvencións.

E basicamente o que pide a Fegamp é que todo iso forme un fondo único que se reparta na súa totalidade con criterios obxectivos e iguais para todos, cousa que agora non acontece. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —Teñen aí unha tertulia na banda dereita... En fin, hai que aproveitar o tempo para todo.— (*Murmurios.*) Si, tranquilícense, que aínda non acabei.

Deses 485,5 millóns de euros, unha parte importante, que chega case a un terzo, repártese pola vía dixital, pola vía do dedo, pola vía partidista, pola vía de entregarlles os cartos aos concellos do Partido Popular sen ningún tipo de concorrência pública. (*Aplausos.*) E isto é malversación moral dos fondos públicos, chámase así. Voulle poñer algún exemplo, porque, en fin, mellor con exemplos. Podería poñerlle exemplos de moitas consellerías, pero hai unha á que lle teño especial predilección, que é a Consellería de Medio Ambiente, concretamente o plan Hurbe, porque é o *number one* do uso partidario dos recursos públicos. Vostedes chámanlle obras en materia de urbanismo, pero realmente do que se trata é dun menú á carta para concellos do Partido Popular —tamén para un do PSOE—, e danlles de comer tamén aí nese fondo. Pero, claro, a este festín están convidados só algúns concellos; desde logo, os do BNG non están convidados.

Mire, voulle ler os últimos convenios e contratos con cargo ao plan Hurbe, que financia obras en materia de urbanismo, que deberían ser para todos os concellos, pero non, son para o Concello de Cervo, para Vilariño de Conso, para Porto do Son, para Montederramo, para Aranga, para Outeiro de Rei, para Bande, para Frades, para Os Blancos, para Viana do Bolo, para La-



rouco, para Carballedo, para A Laracha, para Quintela de Leirado, para Parada de Sil, para Quiroga, para Ribas de Sil, para Piñor, para Arnoia, para Coirós, para Nogueira de Ramuín, para Pantón, Boborás, Parada de Sil, A Estrada, Ordes, Vilardevós, O Pereiro de Aguiar, Moraña, Salceda de Caselas, Os Blancos, Mos, A Gudiña, Tordoia, Salvaterra de Miño, Coirós —de novo, repítese—, Covelo, Carballedo, Chandrexa de Queixa, Riós, O Irixo, A Veiga, Arbo, Muíños, O Incio, Lousame, Touro, O Barco de Valdeorras, Noia, Lobios, Bande, Vilariño de Conso, Carballeda de Valdeorras, Marín, Friol, Cualedro. Todos a dedo, feitos a dedo, con gobernos con concellos do Partido Popular, (*Aplausos.*) utilizando o diñeiro público para intentar comprar vontades, para intentar premiar os que son da túa corda e, pola mesma, castigar os que son doutras forzas políticas. E non castigan vostedes os gobernos municipais, o alcalde, a alcaldesa de turno, castigan e prexudican vostedes as persoas que viven neses concellos (*Aplausos.*), que non merecen este trato discriminatorio por parte do Goberno do Partido Popular.

E, claro, despois veñen vostedes cun argumento bastante —non sei como chamalo— churriqueresco; en fin, «chiripitiflautico». Din vostedes: claro, é que as deputacións tamén fan isto. Xa lle demostramos aquí que non todas as deputacións actúan igual, que a que o fai peor, a que o fai máis parecido ao que fai o Goberno da Xunta do Partido Popular é a Deputación de Ourense, con moita diferenza. (*Murmurios.*) As demais melloraron moitísimo; desde logo, Pontevedra moitísimo; A Coruña, tamén; Lugo ten que mellorar, vai un pouco máis rezagado; pero ningunha está nos niveis de sectarismo e de partidismo do Partido Popular baltariano de Ourense, ¡ningunha! (*Aplausos.*) Pero é igual, non me vale o argumento. Aínda que todas as deputacións fixesen isto, non vale o argumento. ¿Por que? ¿Porque se os demais o fan mal, tamén a Xunta ten dereito a facelo mal? Nós queremos un goberno que o faga mellor, que o faga ben, que sexa merecente do respecto de todas as persoas que viven neste país porque trata a todas as persoas igual.

E este é o goberno que nos comprometemos nós a ter e a facer cando teñamos responsabilidades —que será pronto— na Xunta de Galicia, no que os concellos onde gobernan vostedes terán o mesmo trato e celebrarán que hai un goberno que trata a todo o mundo por igual. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, así será.

E, vostedes, que teñen unha Lei de transparencia e bo goberno, en realidade son un mal goberno; son o goberno que eu chamaría «SS», o goberno servil e sectario (*Murmurios.*): un goberno servil porque goberna para os poderosos, para Iberdrola, para Abanca ou para Ence; e un goberno sectario porque goberna para os millonarios, como o señor Escotet, que ten 2.500 millóns de euros e que está celebrando esas rebaixas fiscais que lle acaban de facer. É un goberno servil e submisivo ás directrices de Madrid, que se reúne, non...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...no Consello da Xunta de San Caetano todos os luns, senón en Madrid, na sede de Xénova 13, a recibir ordes para despois vir executalas aquí. (*Aplausos.*) É un goberno sectario porque reparte os fondos públicos para beneficiar os seus e non trata a todo o mundo por igual. Por iso vostedes...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor BARÁ TORRES: ...non queren que haxa unha lei que garanta o mesmo trato para todos os concellos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, como cuestión previa e como muller, en política, gustaríame pedirlle a... Bueno, agora non está presente na Cámara, pero si quero dicirlle que cando unha deputada volva pedir ou reivindicar o feminismo, por favor, que non o volva facer cun comentario machista, como se acaba de facer na anterior intervención, cando dixo que, por favor, comparecera a conselleira e que deixara de estar protexida polo presidente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Vamos, se iso non é machismo...! Eu, como política e como muller, reivindico que deixen de utilizar o xénero para reivindicar o feminismo, porque están constantemente, cando hai ataques políticos —como muller e como política—... Pido por favor que deixen a un lado o xénero para criticar ataques única e exclusivamente políticos. Unha cousa é a crítica política e outra cousa é a crítica machista. (*Aplausos.*) ¡Fraco favor lle fan á igualdade dicindo constantemente que ataques políticos son ataques machistas!

Dito isto, pasamos ao asunto do que estabamos a falar. Señorías, para o Partido Popular de Galicia non hai nada máis importante que os galegos e as galegas, e a Administración local é a máis próxima aos nosos cidadáns. Este partido, cando goberna deputacións, cando goberna a Xunta ou cando goberna no Estado, ten demostrado que para nós son unha prioridade. E o vicepresidente segundo na pasada comparecencia deixou claro, señora Rodríguez Rumbo, tanto as cifras como algunha cuestión que parece que imos ter que recordar.

Mire, no ano 2011, estableceuse e garantiuse por lei un mínimo de participación dos concellos nos orzamentos autonómicos. De feito, mentres outras partidas tiñan que descender, o Fondo de Cooperación Local non descendía, incluso se incrementaba —a Xunta invita e a Xunta paga—. En 2011 gobernaba o Partido Popular en Galicia —por se non se dera conta, señora Rumbo— e sabe que era un momento de crise económica que o seu goberno non quería recoñecer. O Goberno do Estado incluso vía brotes verdes, cando todos lembramos cal era a situación económica do país. Pois ben, tivo que ser, coma sempre, un goberno do Partido Popular o que xestionase un país nunha situación económica e social que non vou recordar; unha situación económica e social dramática para moitas familias. Por certo, o contexto actual non é mellor. E tamén será un goberno do Partido Popular o que saque a España desta crise na que nos atopamos, cun presidente que, moito lles doe, pero será o señor Núñez Feijóo. (*Aplausos.*) O señor Núñez Feijóo, por moito que vostedes intenten desacreditalo, será o próximo presidente de España.

Pois ben, naquel momento, no 2011, vivíase unha situación moi complexa, cuns orzamentos da comunidade autónoma moi limitados e cos que tivemos que facer fronte á millonaria dé-



beda; unha situación, por certo, de insolvencia. Aquela si que era unha situación de insolvencia, a que nos deixaron vostedes no ano 2005 á comunidade autónoma. Galicia non tivo maior insolvencia que aquel ano 2005, e nos anos 2006, 2007 e 2008. E cando no 2009 iniciou o Partido Popular o seu goberno, colleu as arcas da comunidade autónoma na peor situación e na situación de máxima insolvencia que viviu Galicia.

Pois naquel momento —e a pesar diso—, o compromiso cos concellos mantívose e nunca descendeu ese fondo, ese Fondo de Cooperación Local, para acadar hoxe os 126 millóns de euros. Isto é un 3,3 % máis que no pasado ano —a Xunta invita e a Xunta paga—. Os datos do orzamento do pasado ano detalloullos o vicepresidente, e para o ano 2023 teña por seguro que a Xunta de Galicia seguirá apoiando os seus concellos, e de xeito igualitario, equitativo e obxectivo, porque nós gobernamos para todos. E vóullelo demostrar con algunha cuestión.

Primeiro, na repartición do fondo —que atende a criterios de poboación, tamén coa forma de achegar as axudas aos concellos—, un 73 % é a través de convocatorias por concorrencia competitiva —a Xunta invita e a Xunta paga, señora Rodríguez Rumbo—. Mire, e cando hai que establecer criterios para, por exemplo, mellorar as infraestruturas sanitarias nas que presta os seus servizos o noso persoal sanitario, e ás que acoden todos os cidadáns, obxectívanse esas necesidades nun Plan de infraestruturas de atención primaria que non miraba as cores dos municipios nos que se ía construír, senón que se fixaban por necesidades reais. E tanto é así, señora Rodríguez Rumbo, que a Xunta de Galicia aínda está agardando a que Ferrol, Fisterra ou O Grove poñan os terreos á disposición da Xunta para poder asinar o convenio para a construción do seu novo centro de saúde. ¿Sabe quen goberna nestes concellos? Pois mire, a Xunta invita e o PSOE nin se deixa invitar nin deixa pagar. Así que, sinceramente, señora Rodríguez Rumbo, nin invita nin paga, porque o PSOE non pon eses terreos á disposición. E resulta que cando a Xunta quere investir nos concellos gobernados polo Partido Socialista, os seus veciños teñen que agardar para poder contar cunha infraestrutura tan importante para eles como é un centro de saúde. ¿Insolvencia ou mala fe, señorías do PSOE? (*Murmurios.*) Pregunto, porque, claro, como a vostedes lles gustan tanto eses conceptos.

¡E veñen vostedes aquí dar leccións de reparticións equitativas! É que xa llelo dixo o señor vicepresidente no pasado pleno. Mire, o señor Feroso, 11 millóns de euros para os convenios cos concellos do PSOE da provincia da Coruña e 1,7 millóns de euros en convenios co PP. Se quere, falamos do señor Tomé, porque, claro, aí, ademais, gobernan co Bloque Nacionalista Galego, estes que querían pechar esas institucións pero que tanto lles gusta gobernar, ¡que tanto lles gusta vicepresidir! Pois nesta deputación que vostedes vicepresiden, voulles dicir, miren, en Lugo, o PP ten 31 alcaldías de 67; isto é o 46 %. ¿Sabe canto lle dá o señor Tomé ao Partido Popular en Lugo? ¡Un 2 %!, (*A señora Prado del Río mostra unha gráfica.*) cando temos o 46 % das alcaldías. ¡Isto si que non é sectarismo! (*A señora Prado del Río mostra unha gráfica.*) (*Applausos.*) ¡Isto non é sectarismo, señor Bará! ¡E mire, iso que vicepresiden vostedes, señor Bará! Poñan orde no seu partido e chamen á orde á vicepresidencia da Deputación de Lugo, porque isto é intolerable. Isto é sectarismo, segundo as súas verbas nesta intervención, ¿non?

Pois ben, o autoprocedemento parece que está de moda en España co autoindultase; en Galicia, co autoconveniarse. Aquí si, aquí o PSOE invita e paga, pero só aos do PSOE. (*Risos.*)



Ben, ¿e quen castiga, señor Bará —nas súa palabras, ¿non?— os lucenses? Pois castígaos un goberno do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista. Insisto, señor Bará, mire vostede para a provincia de Lugo, que alí hai bastante sectarismo.

E señora Rodríguez Rumbo, vostede ponse tan seria e tan solemne para denunciar competencias impropias e falta de financiamento que vostede sería crible se non fose porque, mire, vostedes manteñen unha débeda coa dependencia de 2.100 millóns de euros que lles corresponden aos galegos para financiar a Lei da dependencia —que, se vostedes non o saben, o Goberno do Estado ten que financiar o 50 % e a Xunta está financiando o 75 %—. Pero iso a vostedes parece que non lles importa, vostedes niso miran para outro lado. E dos do Bloque Nacionalista Galego nin falemus. ¡Nin unha soa iniciativa, nin demandan absolutamente un euro ao Goberno do Estado para financiar a Lei da dependencia! *(Aplausos.) (Murmurios.)* Aquí o Goberno do Estado, o Estado, invita pero non paga, señora Rodríguez Rumbo. *(Aplausos.)* E tampouco as tivemos cando tivemos que denunciar a mala fe do goberno do señor Sánchez ao reter os 211 millóns de euros das mensualidades do IVE de decembro do 2017, que un xulgado o obrigou a pagar, incluíndo 14 millóns de euros de intereses. O Tribunal Supremo recoñeceu que o Partido Socialista no Goberno de España vulnerou a autonomía financeira de Galicia e que se enriqueceu indebidamente cos cartos das galegas e dos galegos. ¿E vostedes quérennos dar leccións, señora Rodríguez Rumbo? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, claro... Mire, ¿sabe o que pasa? Que as leccións non se dan, as leccións recíbense. E nós do Partido Socialista non imos recibir nin unha soa lección, *(Aplausos.)* porque á vista está, cos exemplos que lles estou a poñer, que non nos teñen nada que ensinar. *(Aplausos.)* Iso si, cando se trata de comunidades gobernadas por partidos que axudan ao seu goberno a gobernar, aí todo son facilidades.

E, mire, respecto das escolas infantís, a vostedes próelles moito que a Xunta de Galicia teña este ano como medida estrela a gratuidade das 31.000 prazas en escolas infantís. Mesmo esta mañá o seu voceiro dicía que o Goberno de España tamén pon cartos. Punto un: non pon nin un só euro, son fondos europeos, señorías, ¡son fondos europeos!, e son para a creación de novas prazas de escolas infantís. As 31.000 prazas das escolas infantís de Galicia integramente as financia a Xunta de Galicia, sexan públicas, privadas, municipais ou concertadas. *(Aplausos.)* É certo, señoría, que hai un acordo coa Fegamp para que as escolas infantís municipais sexan un esforzo compartido. A Xunta aboa o que aboaban as familias. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Bueno, como que non! E os concellos, efectivamente, como institución, como teñen ese servizo, pois tamén. Insisto, é un esforzo compartido.

Señora Rodríguez Rumbo, ata desprezaron a Galicia na repartición das vacinas. Non quero poñerlle xa cualificativos pero tiveron que pasar meses ata que se axustou o número de vacinas que nos enviaban e o que nos correspondía por grupos de idade; e, a pesar diso, Galicia sempre tivo as mellores cifras en canto á poboación vacinada. E nós non presumiamos de vacinar a todos con independencia de a quen votaban, iso deixámosllo ao Partido Socialista.

E falando dalgúns servizos concretos que vostede nomea, ¡home!, que dixera vostede no anterior pleno que os concellos sufragan a maior parte do custo do SAF é mentir descaradamente, pois calquera que coñeza un concello ou este servizo sabe que a Xunta financia o 70 % dos custos do servizo... *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se*



perciben.) e a porcentaxe... (Fortes murmurios.) Eu agradecería que escoitase. Despois ten vostede outro turno. Non se preocupe, pecha vostede. Tranquila, non pasa nada. Pero isto é unha realidade, é a verdade. A Xunta financia o 70 % dos custos do servizo e a porcentaxe restante sufragana os concellos e os usuarios tamén, señora Rodríguez Rumbo. Por tanto, a Xunta invita, a Xunta paga e a Xunta cumpre con todos estes servizos incrementando, ademais, estas achegas autonómicas —mesmo esta mañá houbo un anuncio que dicía que se incrementaban—.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: A vostedes parécelles sempre pouco, vostedes sempre queren máis. Pero, mire, é verdade que todo o que se poida incrementar é bo, pero tampouco vostedes critiquen. Vostedes critican todo: se se incrementa porque se incrementa, se non se incrementa porque non se incrementa.

Mire, tamén respecto das unidades de atención á drogodependencia se ten reiterado xa neste Pleno e en comisión en diferentes ocasións o compromiso de que a Xunta e a Fegamp iniciasen os trámites para que o Sergas asumise estas unidades, porque neste caso, aínda que vostedes o inclúan aquí, a parte económica está resolta, xa que o persoal está integramente financiado pola Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, só unha cousa máis.

Quero dicirlle ao señor Bará que, en canto á aprobación da Lei de financiamento, hai un acordo, e é que primeiro se ten que aprobar o financiamento local e autonómico por parte do Estado. E o retraso de catro anos non é atribuíble á Xunta de Galicia nin a este grupo parlamentario senón ao Goberno do Estado.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Reclámenlle vostedes alí, que para iso teñen un superdeputado.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Grazas, señor Bará, polo apoio a esta moción.

No caso da señora Prado del Río a verdade é que hai cousas que me chaman bastante a atención, porque moitas das cousas que vostede plantexa aquí é curioso que non coinciden en



nada co que plasma a Fegamp nos documentos que lle achega ao vicepresidente segundo, absolutamente en nada. Polo tanto, creo que quen non está na verdade debe ser vostede.

Vostede fala de que nas escolas infantís hai un esforzo compartido, e ademais acordado coa Fegamp. Pois é curioso que neses dez puntos que lle entregaron ao vicepresidente segundo di literalmente: «O Goberno galego ten que dotar xa para o 2023 un fondo específico con destino aos concellos que cubra a totalidade dos custos das escolas infantís municipais conforme a Lei de impulso demográfico e a esa axenda social única aprobada».

Mire, nós traemos unha moción que presenta exactamente os acordos que están asinados entre a Fegamp e a Xunta de Galicia na Axenda social única 2021-2024 —que foi aprobada en decembro de 2021—, no contido do Pacto local —que tamén foi asinado pola Fegamp e a Xunta de Galicia— e na Lei de impulso demográfico —promovida polo Partido Popular e aprobada con votos a favor dos deputados e deputadas do Partido Popular—. O que pasa é que vostedes ao que están acostumados é a facer unha política de anuncios propagandísticos e de fotos, porque vostedes só serven para iso que lles digo moitas veces: para facer que fan. Aproban leis, aproban regulamentos, para despois non cumprilos, para non cumprilos, señora Prado del Río. *(Aplausos.)*

Vostedes, coa súa manifestación, está claro que están de acordo con que o Goberno galego continúe con esa política de favorecer aqueles concellos que teñen gobernos do Partido Popular fronte ao resto. Os convenios son entregados a dedo, señora Prado del Río, ¡a dedo! Nos de concorrência non competitiva están avisados moitos concellos previamente para que teñan toda a documentación preparada para poder ser os primeiros en adquirir esa subvención. E nos de concorrência competitiva, na gran maioría, son competencia da Xunta de Galicia e non chega para cubrir o custo dos servizos.

E, mire, non me veña vostede falar aquí de convenios, porque eu pódolle ensinar —da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda— convenios desde o 2019 ao 2021. *(A señora Rodríguez Rumbo amosa un documento desde o estrado.)* Eu creo que vendo a color, simplemente... Si, si, agora torce a cara. Pois isto é real, pódolle ensinar os cadros. Pero, mire, ensínolle máis, ensínolle convenios da Axencia Galega de Infraestruturas de 2019 a 2021. *(A señora Rodríguez Rumbo amosa outro documento desde o estrado.)* ¿Gústalle este máis? ¿Parécelle que é menos azul? Este non, é moito peor este que lle estou ensinando. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Mire, ¿ensínolle convenios totais durante o exercicio 2020? *(A señora Rodríguez Rumbo amosa outro documento desde o estrado.)* Pois, mire, todos estes.

E fronte a iso, señora Prado del Río, sinto dicirlle que esta é a repartición do Plan único das deputacións galegas. *(A señora Rodríguez Rumbo amosa outro documento desde o estrado.)* Mire, ¿sabe cando dedica a deputación gobernada por vostedes, polo Partido Popular? Dedicar 74.000 euros para cada concello. É unha auténtica vergonza, unha auténtica vergonza! *(Aplausos.)* ¡Esta si que é unha forma de xestionar os recursos públicos para que cheguen a todos e a todas! *(Aplausos.)*

Polo tanto, vostedes a nós pódennos dar leccións, pero, como dicía vostede, nós non as imos recibir, nin moito menos, dun Partido Popular acostumado a repartir a dedo todos os recursos que son de todos e de todas.



En calquera caso, vostedes poden seguir votando, poden seguir amparando ese goberno que ten esa forma despótica e caciquil de gobernar —co que vostedes, moitos de vostedes, seguramente estarán en contra— ou votar con esta moción presentada polo Partido Socialista. E, mire, di cousas tan sensatas e tan acordadas como «iniciar as negociacións coa Fegamp para acordar a lei que regule a participación dos concellos nos ingresos da Comunidade Autónoma de Galicia» —¿van votar en contra?—, ou «iniciar inmediatamente as negociacións coa Fegamp para acordar os criterios que rexan a repartición das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais que garantan a igualdade de acceso mediante convocatorias públicas ás que poidan concorrer todos os concellos galegos» —¿van votar en contra?—, ou «asumir nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2023 a totalidade dos custos da prestación por parte dos concellos das competencias propias da Comunidade Autónoma, nomeadamente dos centros de educación infantil de 0 a 3 anos, do Servizo de Axuda no Fogar, do mantemento da totalidade dos centros de saúde, dos centros de educación infantil e primaria, das unidades municipais de asistencia á drogodependencia, dos conservatorios de ensino medio e dos xulgados de paz, entre outros, conforme o contido das leis, o compromiso acadado no Pacto local, así como o compromiso acadado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp en febreiro de 2020» —¿tamén van votar en contra?—, ou «establecer mecanismos que permitan unha visualización anual das transferencias totais recibidas polas entidades locais de Galicia». Se tan ben o están facendo non entendo por que cada vez que levamos esta iniciativa vostedes votan en contra. ¿Que queren ocultar?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Queren ocultar que uns concellos reciben moito máis que outros. E eses que reciben son precisamente os do Partido Popular.

¿Tamén van votar en contra de elaborar por parte de cada consellería ese plan estratéxico que estableza os criterios de repartición para os convenios —tal e como establecen vostedes mesmos na súa propia normativa—?

¿Van votar en contra de elaborar un plan de reequilibrio territorial acordado coa Fegamp que atenda ás potencialidades, ás necesidades e ás singularidades de todos os concellos galegos?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¿Van votar en contra de todo isto?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Polo tanto, van votar en contra do municipalismo galego, do que acordan o Partido Socialista, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular na Fegamp.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Vostedes aquí votan en contra.



De nada, señor presidente. *(Aplausos.)*

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre o plan extraordinario de contratación de persoal sanitario nos meses de verán

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a esta moción.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Iria Carreira Pazos, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 41255 (11/MOC-000113))

Emenda de substitución

Substituír o texto do punto 1 da parte resolutiva polo seguinte:

“1. Aumentar e estabilizar os cadros de persoal en Atención Primaria en todas as categorías profesionais, incorporando tamén novas categorías de xeito que permitan rematar coa precariedade laboral para acadar unha mellora na calidade asistencial.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Dende o noso grupo plantexamos hoxe unha moción pretendendo non caer, a pesar de que podemos facelo, en repetir debates eternos sobre a situación sanitaria. Porque, ademais, tamén ás veces parece que hai algún muro contra o que, por moito que un pegue, non se é capaz de abrir ningunha fenda —iso é o que teñen os muros cando son bos, tamén é certo—. Pero nós abrimos un debate sobre o problema esencial que ten o sistema sanitario, que non é outro, basicamente, que a precarización laboral. É certo que todos os debates nos últimos tempos nos veñen encamiñando a que hai algún avance no que corresponde aos debates parlamentarios —aínda que pareza que non—. Pero é certo que, por ser positivos, hai algún avance. E este está localizado basicamente en que o Partido Popular entendeu nos últimos anos que o problema do sistema —o problema do sistema sanitario— está nunha cuestión: nun déficit de xestión de recursos humanos. Isto era algo que o Partido Popular negou, que negou durante moito tempo, e que agora parece empezar a comprender. Iso si, utilízao para outros argumentos, pero polo menos avanzamos nese punto.

Acordado ese punto —que o problema está esencialmente nunha xestión de recursos humanos—, hai que afrontar realmente cal é o problema principal da xestión de recursos humanos. E, por tanto, aí hai que saber se o problema está no déficit, se o problema está na precarización dos xa existentes ou se ten que ver coas dúas cuestións, e en que grao, para ser capaces de establecer un diagnóstico.



Desde o noso punto de vista, esta moción pretende servir para intentar reflexionar un pouco sobre cara a onde debemos iniciar as estratexias ou, polo menos, cara a onde debemos apuntar os esforzos maiores. Como non hai debate en realidade —ou iso parece— sobre que se trata dos recursos humanos, imos intentar focalizalo agora —non foi sen tempo— en onde están as solucións sobre a precarización. Dende o noso punto de vista, o problema que temos en recursos humanos agora mesmo ten diante tres vías de solución en termos grandes —dígamos—. Habería moitos matices, pero son tres grandes vías.

A primeira opción é considerar que o problema de recursos humanos do sistema sanitario se resolve con máis persoal en iguais condicións; é dicir, que o único problema é de número: se tivéssemos máis profesionais xa estaría todo resolto. Bueno, dende o noso punto de vista este formato non é un enfoque axeitado, é o que basicamente entende o Partido Popular —que inclúe algún ingrediente dalgunhas das outras solucións, pero basicamente este é o elemento que está o Partido Popular defendendo: se tivéssemos máis profesionais coas mesmas condicións, teríamos todo resolto—. Se somos quen de entender o que están dicindo os profesionais, se somos quen de entender o que está pasando no sistema, se somos quen de entender o que está pasando no sistema, se somos quen de compararnos con outros sistemas do noso contorno, do noso contexto socioeconómico, veremos que en realidade ese non é o problema esencial; hai parte dese problema —ningunha solución é cen por cento absoluta—, pero non é ese o problema esencial. E ademais ten, dende o noso punto de vista, dous problemas:

Un. A culpa —por dicilo dalgunha maneira— é dos profesionais, segundo isto. ¿Por que? Porque non queren traballar por esas condicións ou porque non queren adecuarse ao sistema. Esa non é unha maneira de enfocar; non ten sentido dicirlles aos profesionais que a culpa é súa porque con esas condicións non queren traballar. Dende o noso punto de vista, iso non funciona. Isto é o que fixo, por exemplo, o conselleiro cando, a unha resposta sobre un problema en atención primaria —creo lembrar, ademais exactamente sobre o Centro de Saúde da Guarda—, dixo que o problema está en que non hai médicos que queiran ser contratados por 63.000 euros ao ano. Basicamente isto é focalizar e dicir «as condicións son boas, os médicos non queren». Non é a nosa solución, primeiro, porque, ademais, ese salario non é verdade. Non é verdade porque ese sería un salario que se cobraría cun contrato estatutario a longo prazo que, efectivamente, fose asumido por un médico ou unha médica que levase tempo no sistema. Pero eses non son os contratos que está ofrecendo o Sergas; e todos os que estamos aquí sabémolo, non imos pararnos niso. Non hai un contrato que ofrezca iso. Por tanto, ese é o primeiro problema.

O segundo é que, segundo ese modelo, se o problema é que con máis persoal e as mesmas condicións se resolve todo, se non estamos axeitados coa realidade e non estamos encamiñados coa realidade, imos seguir tendo este problema conforme pasan os anos. E así está pasando. De feito, se seguimos así, en dous, tres ou cinco anos estaremos ante un problema maior e, por tanto, cremos que ese non é o camiño.

Segunda opción: que outros nos fornezan de máis persoal. Esta é parte da opción que o Partido Popular escolle habitualmente, fundamentalmente con dous elementos. Un xa o coñece todo o mundo: «a culpa é do Estado por non darnos máis MIR». Voulles lembrar —xa sei que ás veces é repetitivo— que levamos cinco anos coas cinco convocatorias MIR batendo o



récord sistemático histórico. Cinco convocatorias MIR, e as cinco van batendo o récord do MIR máis grande da historia de Galicia. Por tanto, ademais de que cae polo seu propio peso, ten algún problema engadido, e é que, salvo que alguén queira explorar outras vías, como intentou a Consellería este verán, querendo deixar os MIR só nos PAC, a realidade é que se un MIR, que tarda —imos poñerlle— catro anos en formarse —catro anos e algo máis se ten que facer primeiro o exame—, non estamos solucionando o problema agora mesmo.

Hai unha segunda vía, que estamos vendo agora. Xa lles adianto que os debates das próximas semanas e meses en sanidade, en termos de recursos humanos, se desviarán para o problema da enfermería. Vaian collendo así xa esta idea, porque xa llela vou anunciando, que ao PP vésele vir de lonxe. A enfermería vai ser o problema. Lembren isto que lles digo, porque isto vai ser importante. E agora esencialmente onde o Partido Popular coloca o problema é: non hai enfermeiras suficientes; entón, formen vostedes máis. Formen vostedes máis quere dicir que estamos poñendo o foco —se ese fose o problema— en que das persoas que entran agora na universidade teñen que estudar enfermería máis. Por suposto que o problema é das facultades, da universidade en xeral ou daquelas institucións que sosteñen facultades de enfermería porque non captan máis profesionais. ¡Pobriño o Sergas que non pode resolvelo!

Pero esta é unha situación que, en calquera das dúas vías, sexa MIR ou sexa en enfermería —ninguén fala doutras profesións, que nós levamos anos dicindo que moitas outras profesións conforman o sistema, pero ningunha fala desas—, vai a catro ou seis anos vista; e tam pouco están resolvendo o problema hoxe. E ademais que teñamos máis —repito, cinco anos seguidos co MIR máis grande da historia—, pode axudar, pero non vai valer de nada, porque o problema non está aí, senón que esencialmente está na terceira vía, que é a que o Partido Popular non quere explorar, que nós defendemos e que é a fundamental —non é a explicación única, pero si a fundamental—, que son as condicións laborais. Mellorar as condicións laborais hoxe daría unha resposta, non absoluta, non resolvería o problema fundamental, pero si resolvería parte dos problemas ou, polo menos, encamiñaría unha boa parte dos problemas a curto prazo de tempo. A longo prazo estamos traballando entre todos —seguro; uns máis que outros, permítanme— coas convocatorias MIR para longo prazo e coa apertura —¡si!— de *numerus clausus* das facultades, claro. Pero necesitamos, ademais, dar medidas de estabilidade aos profesionais —que o Goberno de Galicia contestou iradamente ao Goberno do Estado que por que lle tiñan que condicionar iso, pero alguén ten que poñer orde e estaba visto que aquí en Galicia non eran capaces—, e, a partir diso, se as medidas van estabilizando profesionais, imos ser capaces de resolver. Isto, ademais, permitiría ter unha posibilidade hoxe. Porque, sexamos realistas: non hai suficientes profesionais para todo, pero hai máis dos que se quere transmitir que existen. E isto cóntano os colexios de médicos. Recentemente, o Consello Xeral dos Colexios Médicos de España afirmaba abertamente que non é un problema tanto de déficit de médicos, senón da súa distribución. E isto, que é bastante importante e que o levan dicindo moitos anos, parece que algúns gobernos non o queren entender. Por tanto, nós debemos de entender que o problema está basicamente nas contratacións laborais.

Sabemos hoxe —porque algunha noticia se publicaba— que aumenta —e estamos hoxe no punto máis alto da historia— a solicitude de médicos e médicas tituladas en España que piden habilitación para ir ao estranxeiro; que non quere dicir que se vaian, pero si que teñen



esa posibilidade. E moitos deles sabemos que en situacións críticas en España téñense ido ao estranxeiro. ¿Por que? Porque as condicións laborais son malas.

Hoxe pola mañá falábase abertamente de canto cobran os médicos. Eu, obviamente, non vou entrar nese debate; ademais fíxose case, case de chascarrillo parlamentario, que está ben, estivo ben utilizado por todas as vías, pero, xa que se falou, paréceme interesante isto. ¿Vostedes —permítanme só a pregunta, sei que hai algún deputado ou deputada incluso que atende aos debates despois do café— saben cal é a comunidade autónoma de España que peor paga aos seus MIR? Galicia, ¡Galicia! (*Un señor deputado*: Non.) Algún deputado do Partido Popular dime que non. Ben, eu acabo de revisar os informes dos colexios médicos de España e os colexios médicos de España din que a comunidade autónoma que peor paga aos seus MIR é Galicia. (*Murmurios*.) Ben, pois non será verdade, e entón ímoslle dicir aos MIR e aos colexios médicos que están equivocados porque o PP de Galicia di que non, que ademais é a Santísima Trindade da verdade e ten sempre a verdade. (*Aplausos*.) Cando queira, debatemos os datos. Eu estou citando os datos do Consello de España dos Colexios Médicos e ademais estou citando os datos dos salarios. É dicir, podemos coller comparativamente. Se hai algún dato que me poida contradicir, agradézoo.

Ademais, vostedes defenden que non é un problema de diñeiro. Di normalmente e habitualmente o Goberno —e dío o señor Rueda—: «se fose o diñeiro, estaba todo resolto». É certo que deben de sobralle, porque perderon 150 millóns de euros para a sanidade, que os mandaron a sabe Dios onde, aínda non o explicaron, e aquí non pasa nada. Os médicos non están pedindo máis salario —que non está mal, ¡eh!, escóitame, non está mal—, pero están pedindo outras condicións. Por exemplo, hoxe mesmo os internistas do CHUS —que, por se non se lembran, tiveron un problema bastante grave antes do verán, que lles dixeron que ían resolver e aínda hoxe están demandando e ninguén máis moveu nin unha man, e alí segue o mesmo problema— están poñéndolle cifras, e ningunha das que puxeron ten que ver co seu salario, senón que as cifras que puxeron teñen que ver basicamente con contratar máis profesionais para redobrar o servizo e para ser capaces de atendelo.

¿Que propoñemos? Nós propoñemos unha serie de medidas, que non serán todas, pero poden axudar:

A primeira. Ampliar o volume de contratos que vostedes fan na atención primaria. Non é o noso modelo; vostedes saben que non é o noso modelo o que vostedes utilizaron. Preguntámonos: se convocaron 100 prazas e se presentaron 350, ¿por que non convocar 350 prazas en atención primaria? Vostedes argumentaranme: é que non son novas. E digo eu: entón, as 100 que convocaron, tampouco. Entón, se vostedes queren facerse trampas, fáganas, pero fáganas completas e contraten os 350. Aínda ninguén explicou por que non.

Segunda medida. Mellorremos as condicións dos titores, porque vostedes piden moitos MIR, pero non explican onde, nin explican onde se vai formar a xente; non explican se se van formar por meses, se un titor vai ter catro ou dezasete formándose; non explican nada. Por tanto, mellorremos as condicións dos titores, que necesitamos e que hai moitos dispostos a facelo. Se non, van ter que traballar, ademais das oito, nove ou dez horas que lle están mettendo ao seu choio, tres ou catro máis ao día para formar por unha cuestión salarialmente



irrisoria. E non o fan por iso, basicamente, pero melloremos as condicións. Sexamos quen de aumentar un volume de contratación en épocas en que non temos tanta saturación dos quirófanos para alixeirar. Contratemos, ou ofertemos contratar extraordinariamente, profesionais do sistema que queiran...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...e tamén profesionais de fóra do sistema. Aproximadamente un vinte por cento dos médicos que están habilitados para traballar en Galicia non están dentro do sistema público. Podemos facer esas ofertas. Fanas vostedes con pisos en Sanxenxo para médicos de fóra; fáganas en Galicia para o sistema sanitario.

E, ademais, plantexamos elaborar un informe que nos explique que está pasando coa derivación a centros privados. Porque vostedes utilizan sempre un truco que é: en 2009 derivábase máis. E vostedes collen o orzamento executado de 2009 e o orzado doutros anos. O que non din é que o Consello de Contas, ademais de pintarlle a cara moitas veces, o que fai é dicir que entre o orzado e o executado hai máis ou menos o dobre. Por tanto...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor TORRADO QUINTELA: ...estamos derivando moitísimo á sanidade privada porque non estamos tendo profesionais suficientes.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Plantexamos unha serie de propostas, e nós pretendemos alimentar esta reflexión sobre que o problema esencial do sistema son os recursos humanos...

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno...

O señor TORRADO QUINTELA: ...e, sobre todo, a precarización.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Iria Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Moi boa tarde.

Grazas, señor presidente.

Levamos anos falando da terrible situación na que se atopa a sanidade pública galega. Advertimos de que se viñan notando desde hai tempo as consecuencias e de que ou se poñían solucións enriba da mesa de xeito urxente ou as repercusións ían ser cada vez máis notorias. Vimos advertindo disto, como digo, desde hai anos, cando o Partido Popular comezou coa



súa política de recortes, e advertímosllo tamén antes do verán. ¿Que pasou no verán? Que foron moi escasos os centros de saúde nos que non houbo ningún déficit de persoal; que foron varios os PAC que incluso quedaron sen médica ningunha durante as gardas; que houbo colapsos nas urxencias dos hospitais que, por dramático que soe, cada vez son máis habituais; e que incluso chegamos a unha convocatoria de folga de todo o persoal dun hospital convocada en pleno agosto, denunciando que, literalmente, non daban abasto. E mentres, o Goberno da Xunta de Galiza, o Partido Popular, adicándose a chamarnos alarmistas e catastrofistas. As galegas e os galegos vían que non podían coller cita coa súa médica de cabeceira, pero os alarmistas eramos nós.

Temos un problema profundo na sanidade pública galega; un problema que se evidencia nos meses de verán, pero que non se circunscribe a eles.

A atención primaria atópase nunha situación de colapso total. Hai anos que as pacientes non teñen garantido poder acceder a unha profesional que se encargue da súa situación de xeito mantido no tempo. Hai anos que as pacientes bailan entre as profesionais que hai nun centro de saúde porque non se cobren vacacións, baixas nin xubilacións, e que dependen constantemente da intersubstitución. E pouco máis ten que falemos de médicas como de enfermeiras.

O único problema da sanidade pública galega é que non hai médicas de familia, segundo explicitou hoxe o presidente da Xunta de Galiza. Ademais, dino como se fose un feito sobrevido, como se acabasen de desaparecer, como se as tragase a terra, como se o Partido Popular non levase lustros instalado nun desleixo constante á fronte da Consellería de Sanidade, sen organizar os recursos, sen planificar cales van ser as necesidades do sistema sanitario a curto e a medio prazo e, sobre todo, sen poñer ningún medio para anticiparse. Políticas de recorte e políticas curtopracistas. Sabían cantas médicas se ían xubilar agora, sabían cales ían ser as necesidades de persoal, e non fixeron absolutamente nada. Saben cales son as necesidades de médicas en atención primaria no día de hoxe e, aínda así, continúan ofertando precariedade; continúan ofertando ás especialistas que acaban de rematar a súa especialización contratos de tres meses —a precariedade por sistema—. En lugar de fidelizar, ofrecen tres meses e aínda teñen a desfachatez de presentalo con orgullo, como se fose un favor.

Porque, por certo, consulten tamén canto está a cobrar o seu persoal, o persoal que está traballando, que comezou a traballar agora, o persoal de nova incorporación, non as que xa levan décadas na sanidade pública galega e aumentan as súas retribucións. Porque aquí hai quen tira as cifras ao aire a ver se atina. (*Aplausos.*) Iso si, despois é unha crise vocacional que rematen traballando en calquera lugar excepto na atención primaria galega. Haberá que volver chamar a Emilio Aragón para que saia na televisión a ver se a xente quere volver facer medicina de familia.

Dúas solucións son as que pon o Goberno galego enriba da mesa: a especialidade de urxencias e aumentar as residentes en familia. Ninguén nega a necesidade dunha especialidade de urxencias e emerxencias, pero non é a solución definitiva. Do mesmo xeito que é necesario formar máis residentes en medicina familiar e comunitaria, pero tampouco vai ser o que nos saque desta situación. Primeiro, porque as residentes que se comece a formar despois desta próxima convocatoria do exame MIR non traballarán ata o verán do 2027. Estamos a setembro do 2022.



Despois, na formación non se trata simplemente de meter a xente nos centros de saúde sen máis. Son precisas as titoras, máis titoras, tanto nas consultas ordinarias como nos PAC. É preciso que poidan ter tempo para adicarlle á formación, á formación propia e á formación dos residentes. É preciso ter sitio, ter espazo físico; algo tan básico como ter consultas dispoñibles, como ter habitacións nas que descansar durante as gardas nos PAC.

Eu fun residente de familia ata hai pouco máis dun ano e vinme sen poder traballar por non ter un ordenador co que poder acceder á historia clínica das pacientes. Vinme consultando en consultas nas que non había padiolas. Eu durmín nas gardas de PAC nun almacén entre o material, nos sofás dunha sala de estar, nas colchonetas dunha sala de educación maternal ou directamente nunha consulta do centro de saúde. Estas non son condicións que se lles poidan ofertar ás residentes de medicina de familia. (Aplausos.)

Hai moito que falar das condicións nas que están as residentes no Sistema público de saúde galego. As residentes requiren que se lles poida dedicar tempo, que se lles ensine, que se supervise a súa actuación, que non sexan utilizadas como man de obra barata para cubrir as carencias que vostedes provocaron. Non ten sentido que as residentes aparezan nun plan de continxencia para cubrir prazas nos PAC durante os meses de verán. ¡Isto non é a covid, isto non é unha sorpresa! O verán non pode ser unha situación que se resolva deste xeito. ¡Isto son as consecuencias directas do seu desleixo e as residentes non teñen a culpa!

Só lles interesa pedir residentes para dar patadón para diante e pasarlle a bóla ao Goberno do Estado. ¡Non lles interesa actuar! Non lles interesa poñer enriba da mesa medidas concretas e non lles interesa resolver a situación; unha situación –dicía o señor Torrado– que non se limita aos centros de saúde. Esta noticia é de hoxe (*A señora Carreira Pazos léelles un documento aos membros da Cámara*): “Evitar a sobrecarga asistencial en medicina interna do CHUS requiriría de quince especialistas máis”. ¿Van pedir entón agora o MIR para medicina interna tamén para resolver o problema que existe? (Aplausos.)

O certo é que hai medidas que se poden tomar desde a Xunta de Galiza, quen —por certo— ostenta as competencias en sanidade. ¿Máis MIR? Vale, pero despois teñen que poder quedar a traballar en atención primaria. Teñen que rematar coa precariedade laboral. Vostedes poden incrementar o persoal dos centros de saúde, poden implementar as carteiras de servizo e poden incorporar novas categorías profesionais. Se a terceira parte das consultas en medicina de familia son de saúde mental, ¿por que non hai psicólogas nos centros de saúde? Porque non lles interesa. (Aplausos.) E non lles interesa, sobre todo, porque mentres quen sae gañando é a sanidade privada.

O Partido Popular goberna para favorecer aos seus amigos, para preservar os seus intereses e para seguir tarifando a costa tamén da saúde das galegas e dos galegos. Porque canto peor funciona a sanidade pública, cantas máis dificultades teñan as pacientes para acceder á atención primaria, cantas máis dificultades teñan para consultar por un problema de saúde, máis pacientes acudirán á sanidade privada porque falamos de trabas moi notorias.

Temos os datos da lista de espera do Sergas. Os últimos dispoñibles son de decembro de 2021, hai nove meses. Daquela, máis de corenta mil catrocentos pacientes estaban agardando



por unha cirurxía, catrocentos cincuenta levaban máis dun ano de espera, case douscentos mil estaban agardando por unha consulta no hospital, oitocentos corenta agardando máis dun ano de espera e máis de mil cen persoas levaban máis dun ano de demora para a realización dalgún tipo de proba complementaria.

Non sei se somos conscientes da envergadura destas cifras e todo isto con relación ás listas de espera estrutural, porque hai outros moitos pacientes en lista de espera dos que non temos ningún tipo de dato. Pacientes que rexeitan a súa derivación a un centro privado e que pasan a engrosar listados que se agochan e se ocultan nunha gabeta; pacientes que non teñen dereito nin sequera á súa propia información. Ata a valedora do pobo lles sinalou que non poden manter pacientes en lista de espera non estrutural sen que teñan garantido un tempo máximo de espera. Nos últimos tres informes anuais da Valedoría do Pobo ven recollido.

Dende o BNG temos demandado que rematen con esta política de pacientes boas e pacientes malas. Porque eses son os termos nos que as pacientes reciben a chamada para a derivación a centros concertados. ¿Vostedes saben que se rexeitan esa derivación van ter que agardar moito máis tempo? Isto é pouco menos que chantaxe. *(Aplausos.)* Centros concertados que vemos como engordan o seu negocio a expensas das pacientes derivadas desde o Sergas. Pedímoslles a comezos deste ano os datos de cantas pacientes estaban en lista de espera en centros concertados, canto tempo agardaban e cal era a súa situación. Todo isto a través do artigo 9 do Regulamento desta Cámara.

Pedimos os datos das lista de espera estruturais e non estruturais. Teñen trinta días para responder, van nove meses e nin noticias temos da información solicitada. Ocultan e negan o dereito á información e, non se confundan, non llo negan nin a esta deputada, nin ao BNG, néganllo a este Parlamento e ao pobo galego. *(Aplausos.)* Agardo, de verdade e sinceramente, que se esta iniciativa vai adiante, señor Torrado, teña vostede máis sorte no que se refire a dereito á información.

Presentamos unha emenda a esta moción porque desde o BNG cremos que existe un problema na atención primaria que non se limita ás médicas de familia. É certo que non hai médicas nas listas de contratación, pero as solucións non se poden limitar a isto porque o problema vai moito máis alá.

É preciso estabilizar ao persoal e aumentar as dotacións en todas as categorías. Non podemos caer na dinámica de que a falta de facultativas sexa a excusa para xustificalo todo, porque si que hai enfermeiras, si que hai auxiliares, si que hai PSX, hai técnicas de emerxencias, hai psicólogas, hai podólogas e hai nutricionistas. O que non hai é vontade nin de contratalas, nin de incorporalas. *(Aplausos.)*

Agardo, polo tanto, que o Grupo Socialista a teña en consideración. Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.



O señor PAZOS COUNAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Imos empezar aclarando a realidade ao BNG. Creo que unha imaxe vale máis que mil palabras (*O señor Pazos Couñago ensínalles un documento aos membros da Cámara*): Este é o orzamento de atención primaria do Goberno bipartito en 2009, catrocentos corenta e dous millóns, e este o do PPdeG en 2022, cen millóns máis. Isto é o que chama o BNG recortes —perdón, recórdolles que hai que manter silencio escrupuloso ata cando falan os do PP—.

Señora Carreira, ¿que quere que lle diga? Pouco imos debater porque vostedes veñen aquí a pedir a incorporación de novas categorías. O último que fixeron foi votar en contra da creación da categoría de especialista en atención primaria, pero este é o BNG de sempre. O BNG de non, o BNG de contra calquera medida que se presente e levan así corenta anos. Por certo, eu quero felicitalos por eses corenta anos de existencia e quero felicitalos moi especialmente pola elección do lugar para celebralos: un frontón. Non hai mellor metáfora do que foron as políticas do BNG durante corenta anos. (*Aplausos.*)

Señor Torrado, prestei moita atención á súa intervención —dígollo de verdade— tanto hoxe como durante a interpelación e gustárame empezar sinalando algunhas coincidencias que vostede dixo porque algunha hai.

En primeiro lugar, eu coincido con vostede no que dixo hai quince días sobre a necesidade dun debate sereno, construtivo e afastado de plantexamentos absurdos, sempre que este desexo que vostede expresou se concrete nunha actitude coherente, perseverante e recíproca. O que fixeron vostedes este verán de comparar a sanidade galega coa de Ucraína ou vincular a morte do paciente cos supostos recortes, creo que non é demasiado coherente coa súa proposta. Non foi vostede, ten razón. Foi o seu secretario xeral, literalmente.

En todo caso, creo que esa actitude non amosa eses bos desexos e non acredita que estean dispostos a dar o mesmo trato que, en cambio, demanda para vostede. Isto non é razoable. Vostede seguro que —coma min— coñece aquel refrán de que «para ter a lingua aguda hai que ter a costela dura». Así que a solución está na súa man, señor Torrado. Vostede ten que decidir se apacigua a lingua ou se endurece o costelar. Iso deixámolo á súa elección.

Hai máis cousas nas que coincidimos, por exemplo na súa proposta de mellorar as condicións dos titores de prazas MIR. Tanto coincidimos que xa foi aprobada neste Parlamento —por certo— por unha moción que trouxo vostede aquí, que foi aprobada co voto favorable do Partido Popular de Galicia, e que ademais está incorporada ao borrador do decreto de ordenación do sistema de formación sanitaria especializada da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo tanto, nós asumimos as propostas cando son coherentes e positivas. O que lamentamos é non ter a mesma resposta cando plantexamos estas cuestións ao Goberno do señor Sánchez. Vostede ten coñecemento de que todas as comunidades autónomas aprobamos unha serie de cuestións que considerabamos comúns; todas, agás as que goberna o Partido Socialista.

Basicamente, a creación dunha convocatoria extraordinaria de prazas MIR —que as pagan as comunidades autónomas, por certo— e a creación da especialidade de urxencias, pero



vostede parece ser que a única explicación que atopa é que todas esas comunidades autónomas se equivocan e ese mal que sufrimos todos de falta de profesionais é porque todas pagamos mal. É unha maneira de velo.

Dígolle a verdade cando digo que nos gustaría coincidir en máis acordos, pero tamén lle pido que entenda a nosa desconfianza. É unha desconfianza que se basea nun feito incontestable que é que as propostas que realizan os socialistas galegos non se corresponden coas que aplican os socialistas alá onde gobernan. De feito, a incoherencia dos plantexamentos é tal que parecera que o PSOE da oposición non ten nada que ver co Partido Socialista alá onde goberna.

Hoxe cuestionou vostede esa necesidade de ampliar as prazas na Universidade, que —por certo— foi proposta e demandada pola súa ministra, non por ningún representante do Partido Popular. Cuestiona vostede case todo.

Cuestiona vostede a baixada da actividade asistencial no verán, que si asumen o 100 % das administracións, como lle recordou o conselleiro e os responsables de sanidade de Cantabria, Castela A Mancha, Extremadura, Baleares e Valencia. Todos eles socialistas.

Cuestiona vostede os métodos empregados pola Xunta de Galicia para reducir as listas de espera do Sergas. Iso si, propón reducilas nun plan de contratación de médicos en verán —teño que dicir que era case a proposta estrela no pasado Pleno e neste pasou un pouquiño máis diluída—, pero teño que dicir que ese plan non foi adoptado por ningún país europeo da nosa contorna —dígoos porque agora que van presidir a internacional socialista teñen oportunidade de plantexalo—. Tampouco foi aplicado polo Goberno do señor Sánchez nos hospitais de Ceuta e Melilla que son os únicos que xestiona directamente e, desde logo, non foi aplicado por ningunha comunidade gobernada polo Partido Socialista. ¡Por ningunha!

Cuestiona, incluso, o labor do Consello de Contas, que leva anos realizando informes de fiscalización como os que vostede solicita sobre o tema de derivación sanitaria e os concertos. Cuestiónanos porque non lles gustan os datos. Ensínolle a porcentaxe de derivación de intervencións cirúrxicas a centros concertados (*O señor Pazos Couñago ensínalles un gráfico aos membros da Cámara*): No período 2005-2009 que gobernaban vostedes, o 15,1 % e no 2017-2021, o 10,1 %, unha redución do 50 % de derivación á concertada, pero os que privatizamos somos nós. ¡É unha cuestión curiosa! (*Aplausos.*)

Cuestiona, incluso, tamén, o sistema de concurso de méritos para cubrir prazas de difícil cobertura das que se beneficiaron concellos como A Guarda, Viveiro, O Rosal e Ribadeo, concellos gobernados polo goberno da súa cor e eu creo que os alcaldes si estarán contentos. Un sistema que foi pioneiro e cóntanlles vostedes aos seus compañeiros que é malo, malísimo, pero están chamando por aí algúns representantes, algúns conselleiros da sanidade socialista, para interesarse por el. ¡Algo bo debe ter o sistema!

Eu o que me pregunto é: se todas as comunidades autónomas coincidimos en que temos problemas bastante similares, ¿por que as solucións que vostede propón para Galicia se diferencian tanto das que aplican noutras comunidades autónomas? Eu creo que é porque hai



unha confusión, señor Torrado. Eu creo que se confunde a creatividade coas ocorrencias e creo tamén que se confunde o facer política sanitaria con facer politiquero coa sanidade e son cousas distintas. E creo tamén, sinceramente, que a confusión que amosan vostedes nace dunha alarmante falla de ecuanimidade no diagnóstico que fan os socialistas sobre as causas e os problemas que sofre a nosa sanidade, que os ten, toda a sanidade española ten problemas, e a galega tamén, que se intentan solventar.

Vostede criticou –teño que dicir que con bastante dureza, ao igual que o BNG– a Lei de garantías, que acadou unha redución das listas de espera en Galicia importante, porque era privatizadora. O informe que coñecemos recentemente indica que douscentos mil galegos se beneficiaron desa lei de garantías sanitarias e o 100 % foron atendidos polo sistema público de saúde. Eu creo que é un dato a ter en conta, sobre todo, se temos en conta o que liamos esta semana.

En canto ao Goberno de Cantabria: *“El Gobierno licita en 22 millones la derivación de cirugías para reducir la lista de espera del Servicio Cántabro de Salud”*. Vinte e dous millóns para a privada alá onde gobernan os socialistas. Hai que entender que non é o mesmo unha lista de espera galega que unha lista de espera cántabra, porque a lista de espera galega aumenta polos recortes do PP e a lista de espera cántabra aumenta pola guerra de Ucraína; ou se o prefiren vostedes, a lista de espera en Galicia é culpa de Feijóo e a de Cantabria é culpa de Putin e, con isto, vostedes teñen solucionado todo. Non parece de todo serio, señor Torrado.

Dicía vostede tamén na súa intervención ante o conselleiro que tres xerentes do Sergas nos últimos anos lle parecía unha cousa grave e preocupante, un síntoma dos problemas que tiña o Goberno galego respecto da sanidade. Curiosamente, a vostede parece ser que lle resulta moi tranquilizador que en catro anos o Goberno de España teña catro ministros de sanidade. Iso parece normal e por iso eu creo que falta ecuanimidade.

Falta tanta ecuanimidade que vostedes din que a falta de profesionais en Galicia se resolve con douscentos millóns, pero resulta que en Estremadura non se resolve nin con todo o ouro do mundo. E non o digo eu, dío o conselleiro de sanidade —por certo, socialista— da Comunidade Autónoma de Estremadura.

E xa a última destas que intentaron e que sinceramente me parece triste —teño que dicilo— é manipular o contido dun informe para espallar sospeitas infundadas sobre un Goberno honorable.

Vostedes mesturan cuestións distintas para intentar deslizar que se están malversando cento cincuenta millóns que recibiu Galicia para a sanidade derivándoos a lugares onde non corresponde e iso é radicalmente falso, ¡radicalmente falso! O Goberno galego gastou en sanidade o que tiña orzamentado, todo o que lle enviaron dende o Goberno do señor Sánchez e algo máis. A min paréceme que isto é fortalecer a sanidade galega e intentar espallar dúbidas sobre iso paréceme certamente triste. E paréceme todavía máis triste cando vostedes teñen neste momento no Goberno do Estado tres altos cargos imputados por unha posible fraude con contratos durante a pandemia.



Nós non imos facer o que fixo vostede cando foron imputados profesionais do Servizo Galego de Saúde. Nós imos respectar a súa presunción de inocencia. Pero, de aí a vir a dar leccións sobre como proceder e sobre transparencia cando teñen tres imputados no Goberno e cando —por certo— están intentando vostedes indultar a un exministro de Sanidade, un tal señor Griñán —seguro que a vostede lle soa—, que agora nos din que é como *Dimas el buen ladrón porque resulta que nos enriqueció*.

Por certo, eu creo que temos que clarificar algúns conceptos básicos: quitarlle diñeiro aos parados para darllo aos amigos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...chámase roubar. Aquí, en Andalucía y en la China popular, jén la China popular!. (Aplausos.)

Polo tanto, señorías, eu o que pido é certa ecuanimidade. E o que se pretende noutras comunidades terá que ser válido en Galicia e o que se propón para Galicia deberían de intentar aplicalo noutras comunidades. Polo tanto, se queren un debate construtivo fagan propostas que apliquen alá onde gobernan, que iso si parece razoable. Se queren un debate sereno, eu pídolles serenidade a todos. E se queren eliminar aquel ton faltón do que vostedes se queixaban neste Parlamento...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...deixen de empregalo e respecten o Goberno que fixo o maior investimento sanitario da nosa historia.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Polo grupo autor da moción, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecerlle ao BNG o seu apoio, o BNG que acabo de escoitar que é o do non e o que se opón a todo.

Eu tiven a sensación de que non iamos falar de sanidade —non me digades por que— e tal foi a sensación como que acusaron ao BNG de ser o do non cando o BNG vai votar a favor. Eu creo que houbo alguén perdido aquí neste debate, pero imos intentar reconducilo entre todos a ver se, polo menos, conseguimos algo tan revolucionario como é falar da iniciativa, que nos últimos trece minutos e vinte non pasou nesta tribuna. (Risos.) En todo caso, imos alá.

Sobre os papeis ensinados —non había un folio máis grande— e como xa son moi previsibles as argumentacións dea quen as dea, eu xa o expliquei antes e vouno explicar outra vez aquí.



A ver se somos quen, en primeiro lugar, de incluír todos os orzamentos —neste caso da atención primaria— nos gráficos e, segundo, que interesante sería aplicar o debate que hoxe tivemos pola mañá —un pouco atropelado— sobre inflación e deflación para non comparar datos absolutos a trece anos de comparativa, igual así seríamos capaces de ser máis sensatos e dígoos porque o de ser sensatos está ben tamén aplicalo, ademais de largarillo aos demais.

Grazas ao BNG, que ademais propón unha cousa que nós defendemos durante moito tempo e que sabe a señora Carreira que compartimos iso de que a sanidade é moito máis que os médicos para non centrar o problema só nos médicos, que pode distorsionar o asunto; e, polo tanto, estamos de acordo. Tampouco ninguén dixo aquí nada nin desmentiu nada sobre o salario dos MIR, así que vouno dar por aceptado polo conxunto dos deputados.

Galicia é a comunidade autónoma que menos paga aos seus MIR. Iso tamén está ben e iso tamén ten que ver coa precariedade laboral que era parte do que fala esta iniciativa. Dígoos para que, polo menos, a señora Carreira e mais eu falemos da iniciativa, xa que non está de máis que alguén fale das iniciativas.

E, en segundo lugar, hai unha cuestión interesante sobre as comparativas. A modo reflexivo, xa que ninguén falou da iniciativa, vaise botar que non sen saber case nin sequera o que se propón. Porque se me acusou aquí de non facer propostas sanitarias e eu creo que as catro que están aquí fixéronse. Pero agora vou mencionar algo: gustoume o debate sobre a comparativa.

Eu son un humilde lector e gústame moito García Márquez. A García Márquez preguntábanlle unha vez sobre o seu pai e el contaba unha anécdota moi interesante sobre a comparativa —é que a vin reflectida hai moi pouco nun periódico—. Decía que o seu pai era especialmente humilde pero que unha vez alguén dixera que ía en terceira clase do tren e que se codeaba igual con case todo o mundo do seu pobo. En realidade, cando lle preguntaron porque ía en terceira clase o único que contestou foi «porque non hai cuarta». E digo que isto é interesante traído a Galicia porque a ver se vai ser que compararnos con outras comunidades só naqueles datos onde as outras comunidades —segundo a opinión de cadaquén— están moi mal... ¡Xa me gustaría a min ter as condicións para os MIR que teñen Asturias ou Extremadura! ¡Xa me gustaría a min ter o volume dedicado a atención primaria que ten Asturias, Extremadura, Aragón ou Valencia, por curiosidade, ou que teñen outras comunidades! E non estar no podio de abaixo como Madrid, Andalucía e Galicia no orzamento dedicado a atención primaria.

Cando un se compara ten que ser capaz de entender tamén que o feito de compararse non soluciona todos os problemas. Porque seguro que, fagamos o que fagamos, imos atopar quen o faga peor; pero tamén é posible ter un pouco de ambición. En política é importante ter ambición e incluso intentar aspirar a algo máis.

Nós defendemos que en Galicia temos a capacidade de aspirar a algo máis e, por iso, en vez de compararnos e buscar desesperadamente datos doutros que poidan xustificar a nosa posición... Nós aspiramos a facer algo máis interesante —ou cremos nós que é interesante— que é tratar de converter o noso país nun país mellor. E, polo tanto, traemos propostas que cremos que en Galicia son posibles, que —por certo— non as fai o Partido Socialista porque



si, tamén as están facendo os colexios de médicos —deben de ser tan malos e tan demagogos como somos nós—.

E, por último, por falar da iniciativa porque ninguén falou aquí —perdón, ninguén non, a señora Carreira si— e dedicáronse a discutirme a min, basicamente, a atacarme a min persoalmente —e eu non son ninguén aquí—. Eu fago a miña función de instrumento —enténdase ben—, de reprodutor, unicamente das ideas e das propostas que traemos e que tamén nos trasladan os colectivos. E é importante que o fagamos así porque neste termo o que facemos é trasladar algunhas ideas que poden ser boas. E digo que isto é importante debetelo porque non se trata de atacarme a min, ademais parece que continuando a senda do que fixo o conselleiro hai 15 días, que foi probablemente unha das intervencións máis rudas e máis desagradables que fixo ultimamente, —non llo teño a mal porque sei que probablemente non foi un bo día para el polo que fose— tratando de atacarme a min, cando eu non son obviamente nin sequera o propietario das ideas.

As ideas que estamos propoñendo son cousas que efectivamente si se están levando a cabo noutros países. Por exemplo, en Francia cando teñen un volume de intervencións moito menores contratan extras para liberar as listas de espera. A vantaxe que temos con respecto a Francia é que o noso sistema sanitario é mellor, ¡claro que é mellor!, porque durante moitos anos foi mellor; e agora, aínda que está en decadencia, é posible que aínda siga sendo mellor.

Pero, é certo que temos ese déficit e que podíamos aproveitar eses tempos. Eu non creo que sexa revolucionario pedir un informe. ¿Sabe por que non hai que pedir informes noutras comunidades autónomas onde goberna o Partido Socialista? Porque a información non é opaca —como di o Consello de Contas— ou porque —como di o Consello de Contas, que aquí ninguén fala de fraude— non se gastaron os 159 millóns de euros en sanidade que o Goberno do Estado deu en 2020 para aquí. Na conta xeral da Xunta non aparecen en Sanidade, aparecen noutros lados. E nós o que preguntamos é por que —debe ser que en sanidade xa estaba todo resolto—.

Aquí ninguén falou de fraude, polo de agora, *excusatio non petita*, non vaia ser que nos atopemos algo que non queremos. Pero falamos dun informe e falamos dun plan de continxencia do persoal e falamos incluso no primeiro dos puntos —fíxense, se leran as iniciativas que se trataban de debater— de que a proposta de contratación da atención primaria que vostedes defenden...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...non é a nosa. Pero se vostedes a defenden e queren ir por esa liña, nós dicímoslles que collan esa liña; non é a nosa, pero collan esa liña e fágana máis ampla. Estamos defendendo que vostedes fagan aquilo que din que cren que está ben pero que o fagan valentemente. Non é a nosa —repito— pero nós estámolos apoiando para que aqueles de vostedes que crean que está ben o fagan. ¡Fíxense se somos revolucionarios! Aquilo que nós cremos que non está ben pero vostedes pensan que si respectámoslles a súa lexitimidade. ¡Fágano ben! Isto é o que estamos defendendo.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Pero, aquí parece que a cuestión era vir atacarme a min —non sei por que—. Permítanme unha cousa. Polo de agora, polo ton e polas formas prefería ás outras portavoces de Sanidade, pero iso é cousa do Grupo do Partido Popular. Así que se agora vai ser debaterme a min, eu xa lles adianto unha cousa: eu non vallo para nada neste debate. Eu unicamente...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...traslado temas. Así que a ver se somos capaces de debater ideas e, polo menos, así igual conseguimos algo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Aplausos.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a situación sanitaria en Galicia, especialmente da atención primaria

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara,

presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

([<<5. Ampliar o volume de contratación para as categorías laborais xa existentes na atención primaria e incorporar categorías novas ao sistema público de saúde a través da Atención Primaria cando corresponda. Aumentar a dotación de profesionais de saúde mental para garantir a conectividade entre este servizo e os de saúde mental coa súa vinculación presente en centros de atención primaria.>>]).

Emenda de adición.

(<<[Engadir in fine: ...garantindo que a dotación extra de vehículos para unha zona determinada sexa realizada con aumento real de vehículos e sen reducir a dotación de ningún outro lugar para elo.>>])

Emenda de supresión.

[(<<Debe suprimirse o punto 7)>>]

Emenda de modificación.

([<<Reforzar a cobertura de vacantes promovendo a permanencia nos centros de atención primaria para garantir a continuidade da formación nos centros docentes]>>])



O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

No Pleno pasado, o BNG interpelaba o conselleiro pola tremenda situación da atención primaria; e dun xeito especial pola situación na área sanitaria de Pontevedra e O Salnés, convertida este verán na auténtica zona cero da desfeita sanitaria. O conselleiro díxonos que o BNG facía unha análise catastrofista, que levamos vivindo algunha situación complexa e puntual, que hai problemas en todas as comunidades autónomas e que había moitos máis profesionais que hai non sei cantos anos.

A min gustárame que —xa que non está o conselleiro— os deputados e deputadas do Partido Popular, quen veña posicionarse a respecto desta iniciativa, lle dixeran ao veciño do Grove, que hai uns días chegou ao centro de saúde por un infarto e non había médico, polo que tivo que vir o helicóptero do 061 a intentar estabilizalo, se se sentiu alarmado diante dunha emerxencia vital e non ter médico para que o atendera. Se iso é alarma —pregunto—. *(Aplausos.)*

Eu estou convencida de que se lle pasa a calquera de vostedes ou a calquera dos seus familiares si lles parecería alarma. ¡Estou máis que convencida de que lles parecería alarma! ¡E esa é a situación que viven un día si e outro tamén miles de galegos e galegas!

Facía aquí un resumo do que estaba pasando en moitos centros de saúde —fundamentalmente na área sanitaria de Pontevedra e O Salnés, que non era un caso puntual— e vimos aquí dúas semanas despois e a situación segue exactamente igual. Onte Vilagarcía, Sanxenxo e O Grove estaban nos PAC sen ningún médico en toda a tarde. Non estamos falando de cen ou duascenas persoas sen atención sanitaria. Estamos falando de case toda unha comarca —quedou alguén en Cambados—, de case cen mil habitantes, ¡case cen mil habitantes! Pero tampouco pasa nada. Igual que o sábado pasado en Vilagarcía, igual que en Sanxenxo e igual que o domingo anterior na Parada, Pontevedra, Sanxenxo e O Grove. É dicir, continuamente esta é a situación.

¿E cal é a alternativa que dá o Partido Popular? ¡Ningunha! Relato e pouco máis: reforzar con Enfermería en Vilagarcía. Como non había médicos reforzaron en Vilagarcía. ¿Saben vostedes o que di o director da Escola de Enfermería de Pontevedra nunha nova de prensa —á que logo farei referencia— a respecto desta situación? Que as enfermeiras non son mini médicos. As enfermeiras non son médicos en pequeniño. As enfermeiras teñen as súas competencias que non son facer de médicos cando o Partido Popular os elimina e fai que non haxa nos centros de saúde. ¡Esa non é a súa competencia! *(Aplausos.)*

A min, de verdade, resúltame tremendo ter que explicar continuamente o obvio nesta tribuna. E o obvio é que o Partido Popular goberna en Galiza dende hai 13 anos. O obvio é que levan 13 anos sen escoitar nin aos profesionais, nin á poboación, nin aos grupos políticos; como neste caso o Partido Popular, que lle levamos anos dicindo cal é a situación, poñendo medidas encima da mesa e presentando alternativas.



O Partido Popular o único que fixo foi mirar para outro lado. É obvio que a situación da sanidade pública está ao borde do precipicio, especialmente a atención primaria. E é obvio que hai responsables. É obvio que se un goberno que ten a competencia para solucionar problemas non o fai, ese goberno é o responsable. É dicir, o Partido Popular no Goberno da Xunta é o responsable da situación. ¡É que é así de fácil! ¡É así de sinxelo!

¿Quen é o responsable da falta de recursos? ¿Quen é o responsable de que non haxa profesionais? ¿Quen é o responsable das listas de espera? ¿Quen é o responsable dos colapsos? ¿Quen é o responsable de que un día si e outro tamén non haxa médicos nos PAC? O Goberno que ten a responsabilidade de facelo e non o fai, o Partido Popular.

¿Que fixeron para evitar que isto pasara? ¿Que están facendo para evitar que se siga producindo ou para solucionalo? Esas son as cousas que nos gustaría saber e que aquí resulta que non contestan.

E o resultado de toda esta situación e das políticas do Partido Popular non son estatísticas. Supoño que virán cos mesmos apuntes a dicir: fixemos non sei cantas miles de consultas, fixemos non sei cantas miles de probas... ¡Non! O resultado non son estatísticas. Son persoas de carne e óso, con nomes e apelidos, que sofren as consecuencias das súas decisións. ¡Iso é o que está acontecendo en Galiza!

Son as consecuencias das persoas crónicas que, ao non facerlles seguimento, se descompenzan, empeoran, rematan en urxencias ingresadas ou resulta que falecen as persoas ás que se lles diagnostican tarde e cando se chega ao diagnóstico xa non hai nada que facer. As nenas e os nenos que non son atendidos por pediatras. As miles de persoas con problemas de saúde mental que non son atendidas e que non chegan a un especialista. As 331 persoas, galegos e galegas, que no último ano se quitaron a vida en Galiza e é unha cifra que non deixa de aumentar, ¡non deixa de aumentar! E vostedes diante diso non poñen absolutamente ningunha alternativa. (*Aplausos.*)

As persoas que diante dunha emerxencia vital nin lles chega a ambulancia a tempo, as que agardan horas a ser trasladadas ao seu domicilio, a probas, a tratamentos ou a consultas. As persoas que precisan atención e día si e día tamén chegan aos PAC e atópanse con que non hai médico. As que se atopan con que non é posible pedir cita porque as axendas están pechadas. As que non teñen médico asignado. As que tardan quince días en ter esa cita e cada día as atende un profesional diferente. Todas elas consecuencias para os profesionais que levan anos poñendo a cara diante da poboación polas políticas do Partido Popular das que non son responsables, senón que o único responsable é o Partido Popular.

E diante disto precísase orzamento e cadros de persoal axeitados para que poidan os profesionais ter tempo e atender á poboación en condicións e non estar ao límite continuamente, e conscientes de que están cometendo erros e de que non atenden como deberían.

Eu supoño que o Partido Popular é o único que non está escoitando que a atención primaria non deixa de lanzar gritos de auxilio e de socorro. Os profesionais, a poboación e absolutamente todo o mundo. Por iso, o BNG hoxe volve traer aquí unha moción que se deriva da in-



terpelación, exixíndolle ao Partido Popular que rectifique a súa política sanitaria, que escoite o clamor no que se está convertendo Galiza por todos os lados, exixíndolle que rectifiquen e que poñan en marcha dunha vez por todas un novo modelo de atención primaria que escoite.

E os papeis e as conclusións ás que chegan os profesionais que non os metan nunha gabeta, senón que poñan en marcha dunha vez por todas ese novo modelo de atención primaria que garanta unha atención sanitaria á poboación e que deixen de exixirlle aos profesionais máis e máis esforzo. Non teñen límite en dicirlles que un pouco máis, cando xa é imposible que dean máis de si.

Eu tamén o que lles pido é que deixen de facer o mesmo porque o resultado está á vista. ¡O resultado das políticas do Partido Popular está á vista! E por iso pido que asuman as súas responsabilidades, exerzan de Goberno de Galiza e poñan solucións. Fagan a súa parte, que non é pouca, porque a Xunta de Galiza ten moitas competencias en materia de sanidade.

O primeiro que pedimos nesta moción que hoxe presentamos é que se faga un estudo sobre cales son as consecuencias en termos de mobilidade e mortalidade na poboación galega. ¿Por que pedimos isto? Porque resulta que o Instituto Carlos III a través do MoMo fai unha avaliación sobre a mortalidade, é dicir, sobre as estatísticas a respecto de cada momento, cal é a mortalidade previsible e cal é a que se está producindo.

Resulta que en Galiza no que vai de ano, segundo o Instituto Carlos III, hai xa unha sobre-mortalidade de 2.474 persoas a mediados de setembro, cando no ano 2021 houbo 1.579 e no 2020 en plena pandemia 1.207. Dirán que as causas son variadas. Efectivamente, non hai unha única causa. Pero, o que si din todos os expertos e os consultados do Instituto Carlos III é que estudar esta sobremortalidade é moi relevante para tomar decisións. Saber que pasa e por que está habendo esta sobremortalidade é imprescindible para saber que hai que facer e que hai persoas que están falecendo polo descontrol no manexo de patoloxías crónicas, pola baixa detección de cánceres fóra de tempo por cuestións como esta. Por iso, parécenos fundamental saber que é o que está pasando.

Igual que nos parece fundamental aumentar o orzamento da Xunta. Pode vir o Partido Popular —non está o voceiro bis de Sanidade do Partido Popular neste momento— a traernos aquí un papeliño sobre cal é o orzamento do 2009-2012 que ten a mesma fiabilidade que o informe que nos deixou o conselleiro no anterior Pleno —do que logo falarei se teño tempo, que nesta quenda non o vou ter—, sobre cal é a situación dos profesionais.

Os orzamentos están aí e os datos están nos orzamentos, non convertidos nun quesito para que veña aquí o Partido Popular e o que din é «corenta e sete millóns de euros menos no 2022 con respecto ao 2009». Isto é o que din os orzamentos, logo pode inventar o Partido Popular o que queira.

O que pedimos é un plan de retorno, captación e fidelización dos profesionais porque os profesionais seguen marchando. Esta é unha nova de hoxe (*A señora Prado Cores ensínalles unha noticia aos membros da Cámara*) e vou dicir a fonte: *A Voz de Galicia* —quero dicir, non é alguén que escriba ao ditado do BNG precisamente—. *A Voz de Galicia* fala sobre as mozas que están



facendo enfermmería e que din o seguinte: «Pensamos en traballar fóra de España aínda que aumenten as prazas que se formen a máis profesionais, moitos seguen pensando en coller a maleta hacia outros países en canto titulen». «Pensamos en traballar fóra de España porque son mellores condicións, ofrecen mellores condicións que as malas que ofrecen aquí». «Din que sabemos porque lles pasa ás compañeiras que van terminando, que en canto rematan se lles chama, pero o problema é que os contratos duran días, estás dun lado para outro, saltando dun contrato a outro, cambiando de turno, de ocupación seguido; non son boas condicións. Aquí tes que vivir pendente do teléfono e dos contratos» e podo seguir. Estas son as que están facendo enfermmería.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Hoxe traio enfermmería porque xa trouxemos moitas veces o tema dos médicos, para que vexan que é consecuencia das condicións laborais nefastas ás que as somete o Partido Popular. Esa é a causa de que marchen os profesionais: as políticas do Partido Popular. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Remato, presidente.

Logo seguirei. Teñen aí...

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois.

A señora PRADO CORES: ...a moción pero, en definitiva, o que solicitamos son medidas e que o Partido Popular na Xunta de Galiza faga a parte que lle toca, que é moita a que pode facer.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Señora Nóvoa, desculpe se lle pareceu mal. Pídlle desculpas. En realidade, foi unha broma coa señora Vispo. Desculpe. *(A señora Nóvoa Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.)* Descúlpeme se é unha broma moi pesada. Non tiña moita intención de ofender. Só era unha broma cunha compañeira de comisión coa que fago bastantes bromas habitualmente e á que lle teño ademais moito aprecio, que é a señora Vispo, como lle teño á señora Amigo, pero tamén á señora Vispo que a teño alí ao lado. Descúlpeme se lle pareceu mal. Non tiña esa intención, señora Nóvoa, de verdade.

Se eu estou encantado con que haxa moitos voceiros de Sanidade, ou poucos ou os que vostedes decidan. A min gústame debater dos proxectos de sanidade e dáme igual calquera que poida debater e o que queira aportar está ben visto. Non son sectario nese aspecto. Vostedes igual consideran que si, pero dende logo non son sectario. Se vostede o considerou eu pídlle



mil desculpas, non foi a miña intención. De verdade que non tiña esa vontade. *(Murmurios.)* Tamén lles parece mal que lles pida desculpas. ¡Estou atrapado aquí! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Ben. Xa está.

O señor TORRADO QUINTELA: Marcho entón, ¡marcho xa!

O señor PRESIDENTE: Xa está. Imos ao tema.

O señor TORRADO QUINTELA: Non sei, non podo facer máis. ¡Dimíto xa! ¿Que queren que lles faga? Non pode un nin ter unha broma. ¡Como está de crispado o ambiente!

Teño a sensación de que o que pasa é que non viñan á anterior iniciativa debater de sanidade, senón desas cousas dos 259 millóns de euros e por iso se sentiron un pouco atrapados. Porque non viñan debater diso, senón a facer unha defensa a ultranza do Goberno. Pero esa é unha opinión que teño eu para min.

En todo caso, señor presidente, grazas polo tempo prestado, non aquí, senón que non me cortara —hai que agradecer que non sempre é así—.

Sobre a atención primaria da iniciativa imos intentar ir ao concreto que plantexa a iniciativa. Nós, en termos xerais, estamos de acordo co que plantexa a iniciativa porque habitualmente tendemos a votar a favor das iniciativas que presenta o Bloque Nacionalista Galego, pero neste caso hai algúns matices que nós temos. Por iso, presentamos algunha emenda e sobre a que vou explicar un pouco a nosa posición. Non en termos xerais de atención primaria, porque creo que ata os que debatemos habitualmente de sanidade estamos xa un pouco non digo cansos, pero xa nos coñecemos todos, como din no meu pobo. Polo tanto, xa non imos explicar as cousas xerais, pero si só algunhas das cuestións específicas que plantexa o BNG.

Seguindo esta idea, —que antes ademais explicaba a señora Carreira e que nós compartimos plenamente dende hai moito tempo— nós consideramos que a sanidade non é unicamente os médicos. Parte da nosa emenda ten que ver con ordenar o plantexamento que facemos da incorporación de categorías profesionais á atención primaria. Ten que ver con que hai un problema con respecto aos recursos humanos de facultativos, pero tamén hai un problema noutras categorías. Nalgunhas porque non se están incorporando os suficientes e noutras porque aínda non están activados os mecanismos que poden incorporalos. Cando falo de non incorporar suficientes, falo de fisioterapeutas, por exemplo —un exemplo que poñemos habitualmente—, ou da incorporación de saúde mental á atención primaria. En termos técnicos, nós somos partidarios de conectar ao sistema os servizos de saúde mental coa atención primaria, pero —digamos— non de desmembrar o servizo. Digamos que desagregar uns profesionais doutros dentro do servizo de saúde mental si que é un problema, porque perdemos a conectividade do servizo completo.

A saúde mental non é unicamente os psicólogos, senón que tamén son os psiquiatras, as enfermeiras de saúde mental, os profesionais completos, é dicir, o equipo completo de saúde



mental. Polo tanto, si cremos que hai que conectar coa atención primaria pero non trasladar as figuras dentro da atención primaria. É unha cuestión formal pero, compartindo o mesmo obxectivo, outro formato de facelo.

Falaba da fisioterapia, por exemplo, como a necesidade de aumentar profesionais e algúns outros. Penso, por exemplo, nos podólogos como a posibilidade de incorporalos. A iniciativa cita tamén aos ópticos ou optometristas, que tamén sería unha boa idea. Polo tanto, cremos que a maneira de expresalo, polo menos, encaixa máis coa nosa visión. A ver se somos capaces de atopar unha formulación.

Sobre a cuestión que ten que ver coas ambulancias e os vehículos, —nós tamén vemos ben a iniciativa que plantexa— no apartado que plantexa, nese caso, o Bloque Nacionalista Galego, non se trata dende o noso punto de vista de quitar para poñer e, polo tanto, explicitamos; porque xa comprobamos o que o Partido Popular fai cando fala de aumentar a dotación de recursos.

A señora Prado e máis eu ademais de compartir comisión, compartimos comarca e sabemos o que é que na nosa comarca se vendera como un logro que Sanxenxo tivera unha ambulancia medicalizada máis en verán. A pesar de que creo que aínda nin sequera se deu conta algunha xente de que en Sanxenxo van ao Hospital de Pontevedra habitualmente, que non é a comarca de Arousa, pero ese é outro debate.

Pero, en todo caso, esa venda publicitaria de que hai unha ambulancia máis en Sanxenxo ten a ver con que a ambulancia non aparece de repente, non é un vehículo máis. Retírase do Hospital do Salnés onde está para levala a Sanxenxo. Polo tanto, o que están facendo é trasladar un vehículo dun lado a outro e non se incrementa. Coa perda dese vehículo para o Hospital do Salnés e a súa área de influencia, que —permítanme defender un pouco a comarca— non é menor, non é pouca cousa e en verán, aínda se cabe, somos un pouquiño máis. Xa sabe que aínda en verán non somos ninguén —e menos en bañador—, pero na comarca de Arousa algo máis somos en verán. Polo tanto, quítannos unha ambulancia para levala a Sanxenxo.

Nós defendemos que esa ambulancia en Sanxenxo está ben, pero nós o que defendemos é que non exista retirada doutro lugar. E en vista de que o Partido Popular parece que non quere aumentar o número de vehículos, senón trucar un pouco onde vai cada un, nós engadimos algo máis a esa parte para que puidera ser —digamos— dende o noso punto de vista máis afinada.

Xa ve, señora Prado, que é con toda a vontade de que lla aproben. ¡Fíxese que iluso son eu que teño vontade de que lla aproben! Nós dende logo imos intentar facer por iso.

Plantexamos ademais a permanencia de profesionais con vistas á formación de novos profesionais sanitarios. O BNG plantexa a obrigatoriedade da vinculación de catro anos ou así se entende dende o noso punto de vista a súa proposta. Nós plantexamos fomentar a estabilidade durante eses catro anos de formación dos que poden ser tanto os titores como os propios formandos. Pero, en todo caso, cremos que non se pode obrigar a ninguén a permanecer. Nós somos menos de obrigar, intentamos potenciar ou impulsar —estes verbos que



se utilizan moitas veces en termos de programas electorais ou de ideas globais—, pero non de obrigar, porque cremos que isto é un problema.

E si temos algunha discrepancia máis —sábeo tamén o Bloque Nacionalista Galego— sobre un punto da súa iniciativa, que plantexa —por intentar resumir— o MIR galego. Nós non compartimos esa idea. Entendemos que é unha defensa do Bloque Nacionalista Galego habitual, pero non compartimos esa idea. Nós buscamos un galeguismo astuto, no sentido de que creo que neste caso somos moito máis eficientes en global para o sistema —por tanto, para os usuarios do sistema— se o MIR é no formato estatal. Incluso, se hai algunha variación sobre isto, debese ser —aínda que estamos moi lonxe diso por varias cuestións— un MIR europeo, incluso. Pero, en todo caso, isto é máis complicado porque habería que homoloxar moitísimas cuestións con respecto aos sistemas sanitarios.

Cremos que o MIR estatal, en realidade, é bastante máis eficiente que o que sería un MIR autonómico. Non hai unha comparativa que facer porque non hai ningún modelo real, isto é certo, pero tamén é certo que non vemos ningunha vía que nos puidese levar a pensar que sería moito mellor. En realidade, estaríamos extraendo a posibilidade de intercambiar entre sistemas sanitarios que, sendo autonómicos, son parellos. Polo tanto, cremos que a formación é igual de válida nun lugar que noutro, e, se non o facemos así, impediríamos ou crearíamos unha fronteira que, dende o noso punto de vista, limitaría a nosa capacidade. Non somos autárquicos na dotación dos profesionais neste sentido e, polo tanto, non o podemos compartir. Sabemos que nisto temos unha certa discrepancia co BNG, pero non cremos na formación especializada autonómica; non a vemos nin sequera operativa por unha cuestión tamén de tamaño e por unha cuestión, ademais, da posibilidade de ser porosos no termo de intercambio de profesionais.

Nós comprendemos a posición do BNG con respecto á súa postura de concibir o mundo, pero entendan que nós, que somos un pouco máis internacionalistas, aínda quedamos no Estado; non somos internacionais, pero quedamos no Estado. En todo caso, non a vemos e, polo tanto, aí imos ter algún problema, imos chocar, pero intentaremos buscar unha solución. Isto ten que ver, en realidade, cunha intención global que plantexa hoxe o BNG, que nós temos plantexado numerosas veces e que eu creo que todos os parlamentarios e parlamentarias que están aquí o saben, que é a nosa defensa de buscar unha atención primaria máis fortalecida; atención primaria que ten hoxe, comparativamente con 2009 —aquí non hai maneira de buscar inflación e deflación—, 976 profesionais menos. As persoas non deflactan; o orzamento, si. E, polo tanto, eu creo que habería que saber —xa que nos deron moitas clases sobre deflación— comparar —que isto é bastante fácil para os que saben facelo; unha folla de Excel faino facilmente— e, se incorporamos a inflación ao orzamento de 2009 e o comparamos co de hoxe, saber se realmente estabamos investindo máis en 2009 ou estamos investindo máis hoxe como goberno autonómico. Xa lles adianto —fágolles un *spoiler*— que o investimento de 2009 era maior, aínda comparado co de hoxe. Pero, claro, comparar en termos absolutos é algo sorprendente. Aínda así, voulles dar outra sorpresa: se incorporan o persoal —que digo eu que haberá que incorporalo ao orzamento—, se incorporan o volume de orzamento que se dedica a persoal en atención primaria, ¿hoxe hai máis —en termos absolutos— cartos destinados á atención primaria que en 2009? Non, hai menos. Polo tanto, os trucos de retirar o persoal, ademais de non calcular a inflación e ademais de retirar as



partidas que non me gustan para conseguir traer aquí un folio que compare algo, ¡bah!, son trucos baratos, pero, en realidade —xa sabe, como os vendedores de tómbola que circulaban polos pobos—, non valen para moito.

Pero, en termos absolutos, segue habendo máis investimento en atención primaria en 2009 que en 2022 e, por suposto, se incorporamos a inflación, xa non lles conto, iso é espectacular. Pero hai 976 profesionais menos hoxe que en 2009; entón, é moi difícil, pasando pola década dos recortes do Partido Popular, que hoxe tivésemos unha situación mellor. Hoxe estamos pagando o problema dos recortes, e por iso o que nós plantexamos son medidas que vaian exactamente ao problema. Se tivemos un recorte e unha precarización de persoal, o que hai que devolver é o volume, pero tamén retirar ou combater a precarización, que é o que está facendo que os profesionais marchen de aquí.

Polo tanto, ante iso, nós si que imos intentar chegar a un acordo —e con isto termino—, porque eu escoitei unha e outra vez —e hoxe outra vez— que non hai que facer política coa sanidade. Permítome unha reflexión —se mo permiten— en dez segundos. A isto de dicir que coas cousas non se fai política, que a política mal e que a ideoloxía moi mal, eu dígolle que —e eu podo equivocarme— a min hoxe iso me soa en italiano. É bastante problemático que alguén estea avalando o discurso de que a política mal e a ideoloxía mal, porque iso lévamos a Italia, e hoxe en Italia hai un problema grave que imos pagar todos.

Polo tanto, eu invítoos a que intenten debater as ideas, a non atacar a ninguén —como eu sufrín hai uns minutos—, a que debatamos un pouco sobre cuestións, proxectos e plantexamentos. Porque se empezamos con isto de que a política non vale e a ideoloxía non vale, igual acabamos —e é tarde para darse conta— falando en italiano, ou incluso en idiomas peores.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes.

Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Do compromiso do BNG e do Partido Socialista Galego coa mellora da atención primaria en Galicia xa tivemos boa mostra no pleno desta mañá. Tanto os socialistas como os nacionalistas votaron en contra da lei que ten como finalidade poder contratar máis médicos e cubrir as prazas vacantes de máis difícil cobertura en hospitais comarcais e centros de saúde do rural. Ese é o seu compromiso. (*Aplausos.*)

Para vostedes, señorías, canto peor, mellor, porque, se a situación mellora, acábanselles os discursos e cáenlles as pancartas. Nós somos un partido serio, un partido de goberno, que



actúa con responsabilidade; vostedes seguen coa mesma cantinela de sempre; o seu é embarrar e confundir. É nese espazo onde se moven con facilidade. ¡Alá vostedes! Cadaquén é responsable das súas verbas.

Pero entremos no fondo do asunto. Solicitan oito puntos na súa moción aos que tratarei de contestarlles, evidentemente, no mesmo sentido que xa lles respondeu o señor conselleiro, coa verdade e a realidade.

Señora Prado, eu, desde logo, veño con apuntes; con apuntes e con notas contrastadas, non veño con ocorrencias aquí.

Antes de comezar, quería dicirlle ao señor Torrado que contraste os seus datos porque Galicia é a sétima comunidade en pagar aos seus residentes, agás as gardas. Contraste os datos: agás as gardas, en termos de soldo, é a sétima comunidade que mellor paga aos seus residentes. (*Murmurios.*)

Entrando xa no asunto, señora Prado, no punto 1, quero dicirlle que, evidentemente, temos un problema coa carencia de profesionais sanitarios, de especialistas, fundamentalmente en medicina familiar e comunitaria, e nunca o negamos. Agora, de aí a intentar ligar esa carencia de profesionais sanitarios que estamos a sufrir en toda España con presuntas consecuencias en termos de morbilidade na poboación galega é algo moi arriscado, pero, claro, xa lle digo, ¡alá vostede coas verbas que utiliza!

Mire, levamos numerosas iniciativas, debates e preguntas discutindo sobre este tema, proponendo distintas solucións, e, a pesar de todo, a vostedes ningunha lles vale. Vostedes sempre votan en contra de todo aquilo que propoñemos como solución, e hoxe volvemos velo. Tome nota, señoría. No ámbito competencial da Xunta, melloráronse as condicións salariais co acordo unánime de todos os sindicatos, establecéronse mellores condicións no que respecta á estabilidade e leváronse a cabo novas medidas organizativas.

Vostedes votaron en contra da convocatoria do concurso de médicos para dotar esas 106 novas prazas de medicina de familia de difícil cobertura; prazas que van favorecer o mellor funcionamento dos centros de saúde, que teñen unha elevada carga de traballo.

No punto número 2 fala de orzamentos —isto xa é un clásico—. Desde hai cinco anos esta petición sempre a repiten en todas as súas iniciativas sobre atención primaria. Ás veces piden por separado chegar ao 25 % do orzamento e outras meten esa muletilla dos 200 millóns de euros. Permítanme dicirlles que, segundo o Ministerio de Sanidade —e para que non dubide dos datos, no seu informe do ano 2020—, o gasto que Galicia dedica ao orzamento para a atención primaria se atopa no 28,96 %, contando a farmacia, como facían vostedes. Non quererá que aceptemos menos, a súa petición fala do 25 %.

Dende que levamos gobernando, o orzamento en atención primaria aumentou, en comparación con cando gobernaban vostedes. Este é un dato que se pode contrastar. E como a pancarta de antes era moi pequena, eu tráíolles esta para que a vexan ben (*A señora Amigo Díaz*



amosa un cartel.): 100 millóns máis en persoal, 6,2 millóns en bens correntes e servizos e 16 millóns máis en investimento. Aínda así, vostedes seguen coa cantinela dos 200 millóns.

Ademais, teño documentos contables que poden contrastar. Se queren, dígolles a páxina. É a páxina 339 dos orzamentos da Comunidade Autónoma do ano 2009, e a páxina 349 dos orzamentos do ano 2022. No punto número 3 —¿como non?— fala de estabilidade, de precariedade e de explotación; ese mantra da precariedade, señorías, que xa comeza a ser ofensivo.

A Consellería de Sanidade nin explota, nin ten nunha situación precaria os profesionais sanitarios; señora Prado, gráveo, non confunda. Médicos *low cost* parece ser que é o que hoxe predicaba a súa voceira. E, por certo, falando de voceiros, aquí pode vir vostede ou a súa compañeira Iria Carreira, pero, claro, non pode vir o señor Pazos e eu, porque, claro... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois aquí podemos vir... Somos 42 deputados e non competimos nin esperamos a que ninguén nos chame para saber o que temos que votar. (*Aplausos.*) Todos nós somos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Evidentemente, mire, temos unha rotación de persoal porque hai escaseza de persoal, pero estas vacantes son cubertas por compañeiros de centros de saúde mediante prestación adicional de xornada ou intersubstitucións. Evidentemente, as condicións económicas destes profesionais que aumentan os seus cupos e xornadas vense melloradas, tanto na atención primaria como nos PAC como nos hospitais. O Sergas paga soldo e paga seguridade social, non ten médicos *low cost*. Tome nota, señoría.

Estabilidade é realizar unha convocatoria de 106 prazas por concurso de méritos para que os médicos especialistas en medicina de familia poidan acadar unha praza en propiedade neses centros de difícil cobertura. Se convocar esas 106 prazas en propiedade non é estabilidade, ¡xa me dirá vostede que estabilidade quere!

Pero, bueno, cando se trouxo a esta Cámara o texto que habilitaba a Xunta para convocar estas prazas, vostedes votaron en contra, igual que hoxe votaron en contra da lei para cubrir prazas en hospitais comarcais de difícil cobertura. Vai ser interesante, desde logo, ver con que cara van ir vostedes visitar eses centros de saúde ou eses hospitais comarcais que ata agora tiñan problemas de cobertura e explicarlles que vostedes votaron aquí en contra da lei que permite dotalos de persoal.

Tamén fala, no punto número 4, dun plan de retorno, de captación e de fidelización, señora Prado. Todos os profesionais que queiran volver poden presentarse aos diferentes procesos, ás OPE, concursos de méritos, e acadar un posto no Servizo Galego de Saúde.

Tamén, respecto das ofertas atractivas e competitivas, tanto no ámbito económico como das condicións laborais, lémbrolle que este tema xa se tratou na Mesa sectorial de sanidade, na que o Sergas e os sindicatos abordaron o Plan de recursos humanos de atención primaria. E volvo recordarlle, falando de estabilidade, esas 106 prazas en propiedade; eses 106 profesionais que van ir a Pontearreas, a Viveiro, ao Rosal, a Sanxenxo, a Carballo, a Cambados, a Vilalba, a Vilagarcía ou a Rianxo, entre outros concellos que están gobernados polo BNG e



polo Partido Socialista e que levan meses alí organizando manifestacións. Hai unha notable diferenza, señorías: vostedes poñen a pancarta e nós poñemos a solución. *(Aplausos.)*

Por certo, está claro que cantas máis prazas estables teñamos en Galicia, menos discursos lles quedan e menos pancartas poden poñer.

Respecto do punto número 5, de incorporar novas categorías, saben que xa se está facendo, tanto en profesionais de psicoloxía clínica por área sanitaria —1 por área— como na vinculación entre a saúde mental e a primaria e a mellora da coordinación de Hado e hospitalaria.

No punto número 6 fala de redimensionar o servizo de ambulancias. Por suposto que non poderían faltar aquí tamén os recortes e o colapso. Pero o certo e verdade é que no día de hoxe Galicia conta cun servizo de ambulancias envexable. A Xunta leva anos aumentando tanto a dotación de vehículos como os servizos, e nunca antes tivo tanta actividade nin se fixeron tantos servizos.

No punto número 7 fala de solicitar do Goberno —non pode faltar o clásico— as transferencias, pero, mire, ¿cal é o obxectivo? —e díxollo o señor Torrado antes—. Vostedes presupoñen que por xestionar o MIR imos mellorar un sistema de saúde que é referencia nacional. A Xunta coincide coas organizacións médicas en opoñerse á ruptura do sistema de formación sanitaria especializada MIR, que é un dos factores que contribúen á excelencia do Sistema nacional de saúde, por iso nós negámonos; e o señor Torrado tamén llo dixo antes, o sistema MIR xunto co Sistema nacional de transplantes son dous grandes modelos de éxito da sanidade española que están recoñecidos internacionalmente.

Por último, no punto número 8, vostedes piden garantir a capacidade docente dos MIR. Pois, mire, á Xunta de Galicia non lle fai falta realizar un censo dos centros de saúde acreditados ou con condición para selo; basicamente porque no día de hoxe todo centro de saúde pode ser acreditado para iso. É máis, a Consellería de Sanidade pediulle ao Ministerio que modificara os criterios de acreditación de centros para poder incluír todos os centros de saúde que teñen menor entidade na oferta de formación —iso é verdade e sabe que é verdade—. Ese financiamento ademais fano integramente as comunidades.

Mire, cadaquén é responsable das súas obrigas. A Xunta de Galicia ten un Goberno estable que non ten nin compromisos nin débedas con ninguén, salvo cos galegos. A Xunta cumpre coa súa parte do traballo e solicita ao Goberno central que sexa responsable e que faga o seu traballo. Tanto o PSOE —que está no Goberno— como o Bloque Nacionalista Galego —que é responsable de que o señor Sánchez estea aí— deberían de dirixir os seus esforzos a que o Goberno central —os seus socios de investidura, señora Prado—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ...cumpran con Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.



(Aplausos.)

Grupo autor da moción. Señora Prado.

A señora PRADO CORES: Bueno, eu realmente lamento non ter máis tempo porque isto daría para moito.

O primeiro, o tema do aumento da morbilidade e mortalidade. Non o di o BNG, dino todos os expertos, empezando polos propios do Instituto Carlos III —poden consultalo vostedes—. E, claro, o que pretende dicir o Partido Popular con isto é que como se atreve o BNG a dicir que non teñas médico, que chegues a Urxencias e que non haxa ninguén, que non teñas cita, que che tarden meses e anos en facer unha proba diagnóstica, que logo cando che diagnostiquen xa non hai nada que facer... iso non ten consecuencias, total, ¿non?, iso non ten ningunha causa para a poboación. Pero é que ¿vostedes realmente cren que todo iso non ten consecuencias na xente que está desatendida? ¿Pero como consideran que é alarmismo dicir o que está pasando e que todos coñecemos persoas que están pasando por esta situación? Todos coñecemos persoas que están pasando por esta situación de diagnósticos tardíos, de que se chega tarde e que se cronifican enfermidades que atendidas a tempo non o serían. Esa é a realidade que vostedes queren ocultar.

O tema de aumentar os orzamentos. Miren, vostedes poden vestirse de lagarteranas... —empezando polo señor Pazos— (*Murmurios.*), do que vostedes queiran, pero a realidade é teimuda. Resulta que en Galiza aumentou nos últimos anos un pouco o orzamento en sanidade, por debaixo da media xeral do orzamento; aumentou en hospitalaria e descendeu en atención primaria. En Galiza investimos o 2,2 % menos en atención primaria que a media do Estado, que son 260 millóns de euros menos de media cada ano. En Galiza estamos no posto 14 en remuneración do persoal, 14 de 17. En Galiza estamos no 14 de atención primaria, que se inviste o 0,2 % con respecto ao PIB que no ano 2009. E podería seguir de aquí ata mañá, eses son os datos que están en calquera lado menos nas mentiras do Partido Popular. (*Aplausos.*) Esa é a realidade. (*Aplausos.*)

A realidade é que calquera pode traballar en Galiza, só que lle están dicindo que con estas condicións non. Non sei quen máis llo ten que dicir, ¡con estas condicións non! Que non soportan esta explotación. Que no día de hoxe lles sigan facendo contratos por días, que teñan que estar hoxe aquí e mañá alí e pendentes do teléfono. Que vivan exclusivamente para as necesidades do Sergas, e a xente ten vida, ¡a xente ten vida! Estanlle dicindo que así non, eu non sei como llo teñen que dicir.

E o BNG solicita incorporar novas categorías, si; pedimos que se incorporen novas categorías en atención primaria, que non é ter un profesional ponte, e por iso non imos aceptar tampouco a emenda do Partido Socialista. Queremos que haxa psicólogos clínicos nos equipos interdisciplinares de atención primaria, porque os hai para poder contratar, porque a poboación o necesita, porque melloraría a súa atención. Porque —repetimos— o 30 % dos procesos de saúde en atención primaria teñen que ver con saúde mental, claro que si. Igual que solicitamos que se inclúan outras categorías: podólogos, terapeutas ocupacionais, logopedas... Si, si que o pedimos, porque iso melloraría a calidade asistencial dunha forma impresionante, e iso pode facerse xa.



Dixo o conselleiro no anterior pleno que «estamos tomando todas as medidas posibles no noso ámbito de competencias». Mentira. Todo isto que estou dicindo está no ámbito de competencias da Xunta de Galiza e pode facelo perfectamente o Partido Popular.

Temos un sistema de ambulancias envexábel, hai uns días levamos á Comisión de Sanidade que se mellorara, que se reforzara, que se vixiara, que se inspeccionara a situación de ambulancias na área sanitaria de Pontevedra-O Salnés. O Partido Popular votou a favor. Se está tan ben e é envexábel ¿por que vota a favor de que se mellore nesta área sanitaria porque coincidiu pero tamén nas outras? ¿Por que cren vostedes que chegan media hora tarde cando hai unha emerxencia vital? É envexábel sempre que non lle toque a un, teño que insistir.

E nós pedimos, claro que pedimos, a transferencia da formación MIR, claro que si. Decía o deputado do Partido Socialista que a ver se podíamos chegar a un acordo nisto porque eles non vían isto da transferencia. Porque, bueno, eles eran intervencionalistas —eu chámolle ser subsidiarios, que decida outro por nós—, e chámanlle que son máis ben porosos. Poroso significa que Madrid é como unha esponxa que nos chucha, colle e nos chucha, apértase e chucha todos os recursos; é ao que lle chaman ser porosos. E o BNG o que dicimos é: responsabilicémonos do noso, tomemos nós as decisións. Resulta que Galiza paga a formación e resulta que nós non somos capaces de organizala. Porque a excelencia vén de España, dixo a deputada do Partido Popular: «a excelencia do sistema nola dá España»; díxoo toda tranquila. Pois non, no BNG consideramos que a excelencia nola damos nós, os galegos e as galegas, *(Aplausos.)* e que somos moi capaces de organizarnos. *(Aplausos.)*

Polo tanto, estas iniciativas que traemos aquí, igual que nós non queremos unha formación *low cost* para os profesionais, señores e señoras do Partido Popular, ¡non queremos unha formación *low cost*! É que a formación que vostedes pretenden, cando non hai titores —e outra das emendas que dicía o Partido Socialista—, nós o que dicimos é que os titores hoxe en día teñen que ter catro anos no posto para poder ser titores, e o que dicimos é que se garante que estean catro anos para poder ser titores —iso é o que dicimos— e que haxa prazas suficientes. E un profesional ¿non pode ser titor?, ¿non pode ser titora? Se resulta que ten setenta doentes, que ten non sei cantos domicilios, que ten que facer non sei cantas gardas, que ten que facer non sei cantas quendas no PAC non pode ser titor de ninguén porque non ten tempo para dar formación. ¡Non é posible! Igual que non é posible nin sequera fisicamente porque o describiu moi ben a miña compañeira Iria Carreiras, en que condicións...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...fan a formación. E por iso logo non queren saber nada da atención primaria cando acaban, porque a súa formación é un auténtico despropósito nunhas condicións que non son as desexables.

Polo tanto, esta iniciativa que trae hoxe aquí o BNG son medidas que si pode facer todas a Xunta de Galiza, que si son necesarias porque a atención primaria leva moito tempo cunha enfermidade grave cronicada. Mais a falta de atención...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora PRADO CORES: ...lévaa a estar neste momento xa non cronificada, senón autenticamente na UCI.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das mocións.

A señora PRADO CORES: A respecto da emenda...

O señor PRESIDENTE: Non, xa me dixo que non a aceptaba.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Ah! Entón hai un cambio. Entón, a ver, pero ¿acéptaa ou non a acepta? Díxome que non a aceptaba.

A señora PRADO CORES: Non.

O señor PRESIDENTE: No debate díxome que non aceptaba a emenda.

A señora PRADO CORES: Que non aceptaba eses dous puntos. Aceptámoslle o punto 6 nada máis.

O señor PRESIDENTE: Só lle aceptan o punto 6. Vale.

Grazas.

Bueno, votamos. Comezamos outra vez a votación.

Votamos a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María González Albert.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Moción do G. P. Do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María González Albert, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios forestais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

Non se presentaron emendas.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a política do Goberno galego respecto da autonomía e suficiencia financeira das entidades locais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela.

Acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O señor Pazos Couñago pide o uso da palabra.)

Si, señor Pazos, ¿para que quere a palabra?

O señor PAZOS COUÑAGO: Non, porque, como dixeron, hai coincidencia nalgún dos puntos e por iso pois esta humilde lagarterana pide a votación separada do punto 2, *(Risos.)* se fora posible, para chegar a algún acordo.

O señor PRESIDENTE: Non o mencionou a vostede. Ela falou de lagarterana en xeral e ao mellor referíase aos que son de Lagartera, *(Protestas.)* que é un municipio de Toledo, *(Murmurios.)* que non quere dicir nada con isto. *(Murmurios.)* É o que entendo eu, eu entendín municipio de Toledo. *(Murmurios.)*

¿Acéptalle vostede a votación por puntos?

(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)

A ver que punto quere separar.

O señor TORRADO QUINTELA: Este inconsistente e demagogo deputado entendeu que era tan mala a iniciativa que non ten sentido votala por puntos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Bueno, pois entón votamos tal como vai.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre o plan extraordinario de contratación de persoal sanitario nos meses de verán



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores.

Aceptouse o punto número 6 do Grupo Parlamentario dos Socialistas. E pide a votación por puntos. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Correcto.

¿Aceptalle a votación por puntos? ¿Que puntos quere separar? Diga, diga, que entendemos.

O señor TORRADO QUINTELA: *[inaudible]* ...que despois pasa o que pasa. Non vaia ser que estea Casero polo medio.

O señor PRESIDENTE: Aí agora xa queda gravado, veña.

O señor TORRADO QUINTELA: Digo que, entendendo que aceptou o punto 2 da emenda, nós propoñemos se acepta separar o punto 7 e o 8 b).

O señor PRESIDENTE: Separar o 7 e o 8 b). ¿Acepta así?

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

Pois entón votamos o punto 7 e o 8 b).

Votación dos puntos 7 e 8 b) da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre a situación sanitaria en Galicia, especialmente en atención primaria

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 56.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes dous puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos da moción... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, non sei. Bueno, quedaron rexeitados os dous puntos, ¿non si?

Bueno, agora votamos o resto dos puntos da moción.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás os puntos 7 e 8 b), xa votados, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre a situación sanitaria en Galicia, especialmente en atención primaria



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao punto 4 da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa demora que rexistran os informes do Instituto de Medicina Legal de Galicia e a insuficiencia dos seus centros e da súa dotación de persoal

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Hoxe traemos a Pleno unha demanda xeneralizada entre a comunidade xudicial. Unha demanda que responde a unha necesidade urxente como é o incremento do persoal da subdireccións territoriais do Imelga. Unha cuestión que, pola contra do que puidera parecer, non é unha cuestión que afecta unicamente a un núcleo específico de poboación, senón que afecta a un dereito de todas e todos os galegos como é o dereito a unha tutela xudicial efectiva; en concreto o dereito a un procedemento xudicial sen as dilacións indebidas. Porque creo que todos e todas os que estamos aquí coincidiremos en que para que unha xustiza sexa eficaz e efectiva require que os procedementos xudiciais sexan áxiles e non se prolonguen máis tempo do razoable, xa que isto supón, ademais dun grave detrimento dos dereitos dos xusticiables, unha perda da calidade, incluso ás veces unha perda ou un detrimento da causa ou obxecto polo que se acude á xustiza.

Dende hai anos, todos sabemos que a cidadanía está a ser moi escéptica co funcionamento da xustiza; non vou entrar aquí no fondo doutro debate, porque creo que nos levaría moito tempo, pero é necesario sinalar que este escepticismo pode vir motivado por diferentes razóns e unha delas pode ser o uso que algúns partidos poden pretender facer da mesma. E con iso refirome claramente á renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial, que, con este obstrucionismo ilegal e irresponsable que está a levar a cabo o Partido Popular, está a supoñer un desprestixio desta institución, un desprestixio corrosivo e inédito nestas catro décadas de democracia. Si, señores do Partido Popular, algo inédito en 44 anos de democracia, onde —ata o de agora— todos os diferentes Gobernos puideron facer esas designacións. E ¡ata Aznar! Ata Aznar deixara en suspenso esa designación porque se atopaba en funcións no ano 2004 e foi despois Zapatero, cando gañou as seguintes eleccións, o que fixo a proposta; o que demostra que nisto ata Aznar tiña máis responsabilidade democrática que o señor Feijóo.



Esta actitude do Partido Popular non ten parangón e está a causar, como dicía, un grave prexuízo á nosa democracia. Pero, como o debate sobre isto levaríanos moito tempo e volvendo ao que hoxe estamos a falar, dicía que a cidadanía é moi escéptica co funcionamento da Administración de xustiza. E a percepción que os galegos e galegas teñen do funcionamento da Administración de xustiza é negativa, e unha das outras razóns importantes é o tempo de duración dos procedementos.

Dende o Goberno de España, conscientes diso, están a tramitar tres novas leis, que van supoñer unha adaptación da xustiza aos tempos e con iso mellorar o tempo de resposta. Pero, como en todo, o Estado non pode camiñar só, senón que necesita a colaboración das Comunidades Autónomas, e máis naqueles eidos onde parte das competencias están transferidas, como é o caso da xustiza en Galicia.

Para solucionar este problema e reducir o tempo de pendencia dos procedementos xudiciais, dende a Xunta —con plenas competencias dende o ano 1995— se poderían implementar diferentes medidas, como o reforzo do persoal, incremento do número de xulgados ou de solicitudes de ampliación dos mesmos ao Goberno central. Pero tamén se poden tomar outras medidas como pode ser o reforzo das subdelegacións territoriais do Imelga, que hoxe debatemos.

Dende o ano 2006 leva funcionando este organismo, e son sete as subdireccións territoriais situadas nas principais cidades do noso territorio: Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

E se temos en conta as memorias anuais do Instituto de Medicina Legal dende o ano 2006 ata o ano 2020, que están publicadas ademais na páxina web da Xunta, estas mostran un incremento progresivo dos informes que este organismo leva a cabo. E nos últimos datos publicados, que son de 2020 —a verdade 2020 é un ano que non podemos tomalo como referencia porque non pode reflectir a realidade xa que temos que ter en conta que existiu unha parada de máis de dous meses da xustiza decretada no momento do estado de alarma pola pandemia da covid. E despois, unha vez se activou esta, unha ralentización polas normas anticovid que se establecían nos xulgados—.

Non sabemos os datos de 2021 porque aínda non están publicados. Sorpréndenos a estas alturas de ano, pero, ben, tendo en conta o nivel de transparencia deste Goberno tampouco é algo que nos soe raro. Non os coñecemos, pero seguramente despois da volta á normalidade coincidindo con esta progresiva volta incrementarase o número de informes. Pero xa tendo en conta estes últimos do 2019 e do 2020, neles aparece que o Imelga realizou 23.398 informes periciais en 2019 e en 2020 realizou 25.884, dos que o 92,82 % foron clínica forense.

Polo tanto, tendo en conta estes datos e poñendo por outra banda o número de profesionais que traballan neste organismo —que son 64 médicos forenses, 17 psicólogos e 17 traballadores sociais, 21 funcionarios dos corpos xerais e 15 auxiliares de autopsia—, é evidente que existe unha ausencia de persoal. E facendo así un símil cun programa dos oitenta que se chamaba «Un, dos, tres» podemos facer unha comparativa de datos. En 2020 isto tradúcese en 1.967 informes psicolóxicos para 17 psicólogos e psicólogas, ou 19.554 pericias para 64 forenses, para valorar lesións, pericias psiquiátricas, violencia de xénero ou agresións se-



xuais. Polo tanto, o resultado disto son 300 informes ao ano para cada médico forense, nun ano que ademais a xustiza, como dicía, estivo ralentizada. Creo que non fai falla ser un experto na materia para darse de conta de que o número de profesionais, como dicía, é claramente insuficiente. Esta insuficiencia, ademais, queda latente cando tes contacto con algún dos xulgados galegos en todo o territorio, nalgún proceso no que intervéñ este organismo.

E podemos poñer algún exemplo dalgún xulgado de familia ou de instancia no noso territorio. Por exemplo, un exemplo de divorcio contencioso con fillos menores, no que unha das partes solicita unha custodia compartida e a outra parte oponse á mesma. Pois ben, a lei establece que é preceptivo o informe do equipo psicosocial neste caso. ¿E que ocasiona isto? Pois que a necesidade deste informe supón que se suspenda o procedemento por un prazo de entre dezaioito meses e dous anos, e na maioría do territorio máis preto de dous anos que de dezaioito meses. A espera é insuportable para as familias por todo o sufrimento que isto implica, por non dicir para os menores, que ao final a Administración debería protexer de forma prioritaria, que na maioría dos casos, como todos sabemos, son os que levan a peor parte; e despois de dous anos teñen que volver revivir o conflito, por non falar tamén das consecuencias prácticas e económicas que isto supón.

Este é un exemplo pero poderíamos citar outros moitos: valoración dunhas lesións ou unha causa dunha morte, un procedemento por violencia de xénero. Creo que non podemos permitir que isto siga a acontecer, dende o Goberno da Xunta teñen que incrementar o persoal do Imelga e reforzar aqueles territorios onde se demande un maior número de informes. Non vale que o conselleiro no mes de xuño diga que vai desbloquear canto antes esta situación e tres meses despois non saibamos, porque non o aclarou aínda, como a vai desbloquear. Ou o director xeral hai pouco na Comisión 1ª, que tamén falou da vontade de desbloquear esta situación pero tampouco o aclarou e non quixo concretar ningunha medida. Dende a Xunta recoñecen o problema pero non aportan solucións e isto faime pensar que ao mellor non hai diñeiro; xa que agora se adican a beneficiar os galegos e galegas máis ricos a costa de diminuír os ingresos públicos, ao mellor non hai diñeiro para desconxestionar estes procedementos xudiciais e así evitar os xusticiables estas demoras de máis de dous anos.

Vostedes verán, señorías do Partido Popular, se prefiren apoiar esta iniciativa ou se prefiren seguir de costas á realidade. Nós, pola contra, creo que actuamos con responsabilidade e por iso non estamos pedindo que se amplíen estes equipos do Imelga sen ton nin son por todo o territorio, senón que o que estamos a pedir nesta iniciativa é un informe previo que valore aqueles lugares onde existe unha maior demora dos procedementos, onde existe unha maior demanda de informes do equipo psicosocial e, con base niso, poder implementar aí novo persoal a estes equipos e axilizar con iso os procedementos xudiciais, en beneficio ao final do dereito dos xusticiables. E esperemos polo tanto contar co apoio do resto dos grupos.

E por agora nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Carreira.



A señora CARREIRA PAZOS: Boa tarde, de novo.

Grazas, señor presidente.

O Instituto de Medicina Legal de Galiza foi creado en maio de 2005 e entrou en funcionamento en 2006 como un órgano da Administración encargado de prestar asistencia técnica ás fiscalías e aos órganos xudiciais, e dende 2015 tamén aos particulares lesionados en accidentes de circulación.

Sen ánimo nin pretensión de ser exhaustiva —porque tampouco corresponde aquí—, pero simplemente para ilustrar a importancia do Imelga, cómpre ter presente que o Imelga informa, na orde penal, sobre a imputabilidade das persoas investigadas, sobre o seguimento e valoración das lesións sufridas polas ofendidas —o que determinará a gravidade do delito—, así como a causa pola que se produciron estas, ou en materia de violencia sobre a muller fai unha valoración sobre o risco, un recurso valioso aínda que en moitos casos está infrautilizado; no ámbito da patoloxía forense informa sobre a existencia de morte violenta e cales son as causas desta, ou na orde civil sobre a capacidade das persoas, sobre o estado das menores a efectos de decisións sobre garda e custodia ou sobre a idade das persoas.

O informe forense emitido pode ser o punto de partida dun procedemento, como un elemento esencial para a convicción dos órganos xudiciais, ou determinante no sentido da propia resolución xudicial. O informe do Imelga poderá servir tanto para apreciar se existe delito como o alcance do mesmo, a pertinencia dunha medida cautelar ou a garda e custodia e réxime de visitas dun menor.

Salta á vista claramente cal é a importancia das funcións realizadas polo Instituto de Medicina Legal. Mais o certo é que, pese a esta importancia, o Imelga vén padecendo dende hai anos unha importante insuficiencia de medios, de persoal e de carácter organizativo, o que acaba por traducirse nunha demora considerable na emisión dos seus informes, coas consecuencias que isto ten nos procedementos xudiciais, nomeadamente de familia, garda e custodia de fillos, e de capacidade das persoas, como tamén comentou a señora Castro. Unha boa mostra disto é que nos atopamos agora mesmo debatendo unha iniciativa que foi rexistrada en novembro de 2020 e, a pesar dos dous anos transcorridos, continúa estando vixente.

Hai que lembrar o acontecido no ano 2017, cando a Xunta de Galiza se veu obrigada a, ademais de incrementar o cadro de persoal, externalizar a emisión de informes para desatascar o colapso que, como hoxe, padecía o Imelga. Colapso que se produciu a pesar do extraordinario esforzo realizado polas súas profesionais, traballadoras que unha vez máis sofren o deterioro dos servizos públicos por un empeoramento das súas condicións laborais, e pese a todo non dubidan en ningún momento en remangarse e implicarse para que o traballo saia adiante. Mais isto non sempre é suficiente.

No ano 2017 incrementouse o cadro de persoal do Imelga en dezaseis traballadoras, mais aínda quedaba por resolver o problema da longa lista de espera xerada. A solución que atopou o Goberno galego foi a externalización. A Dirección Xeral de Xustiza asinou daquela un convenio extraordinario cos colexios profesionais de Psicoloxía e de Traballo Social a fin de que



a través do Imelga se xestionase toda a lista de espera de pericias en materia de familia, que provocaba demoras en valoracións, nalgúns casos superiores a un ano.

A este convenio deriváronse as 221 pericias que se atopaban en lista de espera naquel momento, 36 da subdirección da Coruña, 45 de Lugo, 8 de Ourense, 66 de Pontevedra e 66 de Santiago.

Pese a isto, na propia memoria do Imelga do ano 2017 recóllese —e cito textualmente— «que falta un novo esforzo, o incremento de persoal vese curto para a subdirección de Pontevedra, cuxa demanda de pericias está nas mesmas cifras que Vigo ou Santiago de Compostela pero conta cun equipo menos».

Tivemos este incremento de persoal no 2017 provocado pola situación de colapso que existía, pero se xa daquela facía falta que ese incremento fose maior, máis o é cando xa pasaron cinco anos sen ningunha variación.

As carencias de persoal hai que sumar ademais as eivas organizativas pois, como xa puxemos de manifesto neste Parlamento, existen subdirección territoriais nas que é o propio forense quen ten que citar aos pacientes, noutros faise dende o propio xulgado ou noutros, como sería o normal, dende os propios servizos de tramitación do Imelga.

Na comparecencia que fixo recentemente o director xeral de Xustiza na Comisión 1ª, como xa fixera o seu predecesor, apuntou reunións cos colexios profesionais de Psicoloxía e de Traballo Social para —imaxino— solucionar a situación de colapso, sobre todo en materia de familia, e externalizar novamente a emisión de informes. A solución do Partido Popular: outra vez a externalización.

Mais neste caso estamos a falar dunha necesidade que semella estrutural e as solucións ante isto non poden ser puntuais; hai que incrementar dunha vez por todas o cadro de persoal.

Ademais na función do Imelga, e á marxe do seu carácter técnico, é esencial a declaración no xuízo de quen elabora os informes e a súa independencia e imparcialidade. Non se discute en ningún momento, pero hai que preservala e hai que garantila con persoal exclusivo da institución, mellor que con persoal externo que mesmo puido ter, ou terá, relacións profesionais coas partes ou cos seus avogados.

No ano 2015 houbo unha modificación lexislativa que despenalizou os delitos leves, as coñecidas faltas como consecuencia de accidentes de tráfico. Isto veu eliminar unha grande parte do que na altura supoñían sobre a carga total do traballo do Imelga ao non ser precisos os informes e o control de seguimento da meirande parte das persoas lesionadas nos accidentes de tráfico. As consecuencias desa redución de traballo fóronse notando nos anos seguintes, mais no 2018 xa non ten unha repercusión real na análise da carga de traballo.

Se atendemos á memoria do 2021 publicada hai poucas horas, cando xa van case nove meses completos do 2022, vemos que no ano 2021 foron solicitadas 26.910 solicitudes de pericia no ámbito da clínica forense e foron 23.999 os informes emitidos. Isto supón un incremento



do 12 % con respecto ao ano 2020 —ano da pandemia— e dun 16,2 % respecto de 2019. Cómpre ter presente que as actuacións periciais do Imelga en casos de agresión sexual se incrementaron nun 43,9 % respecto do 2019.

Como xa anticipou o propio director xeral de Xustiza, as recentes modificacións lexislativas, como son a Lei orgánica 8/2021, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, sobre a proba preconstituída de menores e discapacitados en situación de especial vulnerabilidade —que declararán só en fase de instrución e non en xuízo para evitar a súa vitimización secundaria—, tamén outra aprobación, a da Lei 8/2021, que obriga á revisión das declaracións sobre a capacidade das persoas, ou a recentemente aprobada Lei de garantías da liberdade sexual, advirten ou permiten prever un notable incremento da carga de traballo, sobre todo dos equipos psicosociais do Imelga, o que se vai evidenciar aínda dun xeito máis notorio de cara aos anos vindeiros.

Ou solucionamos e melloramos o funcionamento do Imelga ampliando os cadros de persoal, ampliando os seus recursos, ou a resolución dos asuntos xudiciais experimentará unha demora extraordinaria en temas tan sensibles como os asuntos de familia, a capacidade das persoas ou a persecución de delitos contra a integridade física e sexual das persoas.

Adianto, polo tanto, o voto favorable do BNG a esta iniciativa.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Castro, como cuestión previa, e sobre a renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial, da que vostede falou aquí, eu quero trasladarlle algo que xa sabe todo o mundo, pero, bueno, quizais sexa importante que quede en acta, que conste en acta. E xa que vostede falou dese tema, eu quero que tamén quede constancia da postura do Partido Popular.

O Partido Popular por suposto que está disposto a negociar a renovación, pero non se non se fai unha rexeneración e unha reforma; o que sería despolitizar a xustiza, señora Castro. *(Murmurios.)* Claro, non é un simple cambio de cromos nunha salita de La Moncloa. Non, non, non, señora Castro. Deixemos que os xuíces... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu estiven escoitándoos con tranquilidade. Non se poñan nerviosos. ¡Tranquilos! Eu xa sei que non lles gusta o tema, pero escoiten, escoiten, que isto vai así, primeiro un fala e escoitamos e agora eu falo e vostedes escoitan. Non pasa nada. *(Murmurios.)* Mire, deixemos que os xuíces elixan parte do Consello Xeral do Poder Xudicial. Deixémoslles tamén a eles protagonismo e engadamos tamén un requisito de idoneidade. Esta é a proposta do Partido Po-



pular; unha proposta, por certo, señoría, que é a que nos di Europa que temos que facer. O que pide Europa é que hai que cambiar o sistema de elección de goberno dos xuíces e que parte dese goberno dos xuíces ten que ser elixido polos propios xuíces.

¿Por que non lles gusta isto? ¿Prefiren un cambio de cromos, señora Castro? Pois para iso non contan co Partido Popular. (*Aplausos.*) Porque, claro, o sistema que vostedes prefiren é o mesmo que utilizaron para o nomeamento da señora fiscal xeral do Estado, que viña directamente de ser ministra de Xustiza do Partido Socialista a ser fiscal xeral do Estado, ¿verdade, señora Castro? ¡Iso é moi democrático! Todos escoitamos como o señor Pedro Sánchez dicía aquilo de: «¿De quién depende la Fiscalía? ¿De quién depende?». Pois claro, ¿de quen depende? Depende do Goberno do Partido Socialista, cando nomea como fiscal xeral do Estado unha ministra socialista, con carné socialista, señora Castro; a mesma Dolores Delgado que desvelou que xuíces e fiscais acabaron con menores durante unha viaxe a Colombia, a mesma que dicía aquilo de «información vaxinal, éxito asegurado»; a mesma que deixou o cargo acusada de favorecer nomeamentos de fiscais afíns e de supostos tratos de favor á súa parella, o ínclito Baltasar Garzón.

Pero, ben, sobre isto poderíamos escribir ata un libro, señora Castro. Sobre a señora Lola Delgado poderíamos escribir un libro. Pero como todo o mundo xa sabe o que hai, vouno deixar nesas catro pinceladas que lle acabo de dicir.

Falou vostede tamén de transparencia. Mire, ¡que veña unha socialista darnos leccións de transparencia, coa que está caendo co Goberno de España! Mire, voulle ler catro follas de periódico que tiña aí no maletín —que teño abaixo un dossier; teño un dossier—. (*Murmurios.*) Mire: «El gobierno evita la transparencia y esconde su nómina de asesores». «Moncloa se niega a facilitar los nombres y currículos de sus 127 asesores en las delegaciones» —nas delegacións, porque todos sabemos que teñen case mil asesores na Moncloa, dos cales case 500 son para Pedro Sánchez; ¡falta lle fan!—. «El Gobierno más caro en plena crisis por la pandemia». «El Gobierno elude en el Congreso más de 330 comparecencias de ministros». Nin van dar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: Se quere, déalle á súa compañeira o segundo turno de voz, que parece que quere falar tamén.

Mire: «Transparencia planta cara al Gobierno por ocultar su gestión en la pandemia». «Sánchez e Illa se han saltado 20 resoluciones que les obligan a informar sobre las medidas del covid-19 y el Consejo de Transparencia ha enviado doce advertencias el mismo día a Presidencia y Sanidad. Deben cumplir de forma inmediata».

Así que, que vostede nos veña aquí intentar dar leccións de transparencia, señora Castro, non deixa de ser sorprendente e, máis que nada, gracioso.

Ben, respecto do tema do Imelga, efectivamente, señorías, o 15 de setembro o señor director xeral de Xustiza respondeu unha pregunta na Comisión 1ª, e parece que non lles gustou o



que contestou. Dixo vostede que non contestou nada. Pois a verdade é que debemos de ver unha comparecencia distinta. Pero é que en realidade era unha pregunta con exacta redacción que esta PNL, na que explicou a realidade e as medidas postas en marcha pola Xunta no relativo ao funcionamento do Imelga. Pero vostedes ignoran as explicacións do Goberno e seguen co seu mantra, digan o que lles digan.

Miren, non sei que é o que queren vostedes, non sei se o que queren é desprestixiar o Imelga. Pois, se é para iso, non contén con nós, señora Castro. O Instituto de Medicina Legal de Galicia ten dezaseis anos de historia, avalados por continuados recoñecementos ao seu traballo e tamén á xestión que se fai dende a Administración autonómica. O Consello Xeral do Poder Xudicial recoñeceu o Instituto polo proceso de dixitalización, por exemplo. Pero o traballo diario do Imelga, efectivamente, afecta milleiros de persoas —aquí xa se ten dito—. O Servizo de Clínica Forense actúa non só en resolución de procedementos relacionados con violencia de xénero, tamén con familia, menores e outras cuestións tamén de tutela, curatelas e demais.

Vostedes traen unha iniciativa, señora Castro, debatida xa en comisión hai un ano, en xuño de 2021, e aprobada, por certo, por unanimidade dos grupos, cunha proposta de emenda do Partido Popular. E tráena sen variar unha coma. (*A señora Castro Rey nega coa cabeza desde o seu escano.*) ¿Como que non? ¿Pero como que non? Mire, vostede... ¡Vamos, é que eu non sei! Mire, mire... Non, non, ten que mirar o diario... Está publicado no *Diario do Parlamento de Galicia*. O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que:

1. A través do Instituto de Medicina Legal de Galicia se realice un estudo de tempo de atraso dos informes segundo a súa organización territorial».

Hoxe vostede introduce: «Realizar un estudo escrito de tempo de atraso dos informes elaborado polo Imelga pormenorizado por cada partido xudicial». A isto xa lle direi despois que non é por partidos xudiciais, que xa sabe vostede que isto vai por subdireccións. Resulta sorprendente que vostedes, que aprobaron isto a través da emenda, agora volvan introducir o tema dos partidos xudiciais, que sabe que non é así, señora Castro. Eu a verdade é que non entendo se é insolvencia ou mala fe. Prefiro pensar que é un despiste. Pero, ben, en calquera caso, o acordo está aquí, está publicado no *Boletín do Parlamento*.

Segundo: «Tendo en conta o resultado anterior, adoptar as medidas de persoal que require a organización territorial do Imelga de xeito consensuado coa súa dirección, e consonte as necesidades concretas de cada caso, teña en conta o número de poboación correspondente á demarcación da subdirección e o seu volume de traballo».

E terceiro: «Incrementar a formación do persoal do Imelga en materia de violencia de xénero ao tratarse dunha realidade diferenciada e atender necesidades específicas».

Isto (*A señora Prado del Río amosa un documento.*) está aprobado nesta Cámara por unanimidade.



Ben, vostedes trasladan hoxe aquí unha situación xeneralizada que non é tal. Remóntanse a datos de 2019, señora Castro, e a verdade é que estamos en 2022 —actualice os datos—, e como adiantou o director nesta Cámara, en comisión, o problema do incremento do volume de informes limítase a catro subdireccións: A Coruña, Santiago, Lugo e Pontevedra. Non é a toda Galicia, señora Castro, e vostede sábeo. Este incremento orixinouse por dous motivos: un, como consecuencia da pandemia; e, outro, polos cambios na lexislación estatal.

En primeiro lugar, en relación coa pandemia, temos que lembrar que o estado de alarma conlevou a paralización dos prazos procesuais —acordado iso a nivel estatal—. E a maiores, como é coñecido por todos os que estamos nesta Cámara, houbo un incremento de casos derivados de problemas de saúde mental. E, de feito, por primeira vez na historia —penso que é un dato determinante— o Imelga realiza máis informes de psiquiatría forense que valoración de danos corporais, nos que se inclúen os accidentes de tráfico.

En segundo lugar, a demanda incrementouse con tres normas que indican como obrigatoria e prioritaria a proba preconstituída, da que xa se falou aquí: a Lei orgánica de protección integral á infancia, a Lei orgánica da reforma da lexislación civil e procesual e a Lei de garantía integral da liberdade sexual.

E, por desgraza, señora Castro, isto non é un problema só de Galicia. Isto, por desgraza, é un problema de moitas comunidades autónomas, e, se non, explíqueme vostede o que pasa en Asturias, que gobernan vostedes. Por exemplo, o decano de colexios de avogados de Gijón: «*No son admisibles los retrasos que padecemos con los informes psicosociales*». «*Queja formal del Colegio de Abogados por retrasos en informes psicológicos*». «*La Sala de Gobierno del Tribunal Superior de Justicia de Baleares ha planteado este problema al Ministerio y dice: La situación de los equipos psicosociales no es exclusiva del archipiélago, sino que se repite en todo el territorio bajo competencia del Ministerio de Justicia*».

Señora Castro, vostede é consciente desta realidade e, se vostede a quere obviar no debate, ¡alá vostede! Nós, non.

Todas estas normas que lle acabo de dicir, coma sempre, podían vir acompañadas de orzamento. Antes tivemos un debate sobre como as competencias teñen que ir acompañadas de orzamento, ¿verdade? Pois o señor Sánchez aprobou todas estas normas sen vir acompañadas por ningunha partida orzamentaria. Sen embargo, si que lle inclúe máis competencias ao Imelga e lle inclúe máis traballo ao Imelga.

Ben, ¿que fixo a Xunta? Pois, mire, ante este incremento de actividade e respondendo ao acordo este que aprobamos no Parlamento —este que lle acabo de ler e que vostedes obvian—, tomáronse medidas, que non son unicamente as que vostedes solicitan. Moitas veces, como neste caso, son precisas medidas organizativas e de planificación que contribúan a poder abordar a situación e a axilizar a emisión dos informes.

Levou a cabo un reforzo de plantillas mediante a acumulación de tarefas e tamén se re-alizan horas extraordinarias por parte do persoal de equipos psicosociais. Ademais, buscou a colaboración de profesionais externos ao Instituto, a través dos colexios profesionais de



psicólogos e traballadores sociais, cos que a Xunta ten avanzado xa liñas de colaboración para contribuír a esa axilización. O Goberno actuou segundo as demandas previstas polo propio Imelga, acadando un total de 64 médicos forenses, 19 nas oficinas administrativas e 15 no persoal auxiliar de autopsia. E no relativo aos equipos psicosociais do Imelga, incrementáronse, dende o ano 2017, catorce novas prazas, incrementando nun 70 % o persoal desta categoría e configurando 17 equipos psicosociais en total.

Por tanto, señora Castro, a Xunta está poñendo todos os medios posibles para axilizar esta situación puntual nunhas subdireccións concretas, non en toda Galicia. O que non ten moito sentido é que pidan vostedes un estudo por partidos xudiciais, cando saben que, neste caso, a actividade se divide en subdireccións... Non, non faga así, non faga así, (*A señora Prado del Río move os ombreiros.*) porque é verdade. Vostede non pode pedir un estudo por partidos xudiciais, cando a repartición é por subdireccións, loxicamente. (*Murmurios.*) Xa que se autoemendaron, e isto é unha autoemenda, ¡home!, polo menos, puideron concretar esta cuestión e adaptarse á situación dos servizos. Xa que vostedes se autoemendan cunha iniciativa —que, probablemente, se deu conta de que estaba desfasada, aínda que non sei se obviou ese acordo, pero, bueno...—, polo menos, o que si eliminaron coa súa autoemenda é a necesidade de crear máis centros. E iso si que é algo ao que lle atendeu o director coa súa resposta, cando veu comparecer, xa que, por un lado, o regulamento polo que se crea o Instituto de Medicina Legal de Galicia fixa a sede na cidade do Tribunal Superior de Xustiza ou...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...—si— na capital administrativa da comunidade autónoma, e os sete centros ou subdireccións —¡subdireccións!— nas sete grandes cidades.

E o segundo dos motivos polo que isto non é posible é por eficiencia organizativa, como xa lle dixo o director xeral. Descentralizar sería volver ao antigo modelo das forensías, cando os médicos forenses traballaban illados, con adscrición exclusiva a un ou varios xulgados; modelo ineficaz e afastado nos tempos actuais, que requiren dunha organización moderna e eficiente do servizo público. Sendo a organización en sete subdireccións, o que permite é un maior acceso a medios técnicos, así como unha maior organización e coordinación entre os médicos forenses...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...dun territorio.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Por tanto, señora Castro, nós consideramos que a Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PRADO DEL RÍO: ...está facendo todo o posible. É certo que hai un atraso, pero cremos que con estas medidas é suficiente.



O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo.

A señora PRADO DEL RÍO: Vostede pide un estudo que xa está feito...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...e para o que xa se están poñendo medidas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas.

Señora Prado, dicía vostede na súa intervención que tiña un maletín con dosieres; espero que non sexa o mesmo maletín que ten Bárcenas ou Villarejo, *(Risos.)* espero que non manexe vostede os mesmos dosieres, *(Murmurios.)* Ademais, tendo en conta o posto orgánico que ten vostede agora mesmo, sería perigoso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, vostede falaba tamén —como cuestión previa— da postura do Partido Popular ante o Consello Xeral do Poder Xudicial. Vostedes o que están a facer é destrozarmos as institucións xudiciais con esa actitude. E ¿que pasa? Que a vostedes agora non lles interesa que un Consello do Poder Xudicial responda á realidade cidadá, á realidade das cámaras. Cando tiñan a maioría suficiente, non pretendían modificar a Constitución e o sistema de elección dos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial. E ¿isto que é? Que vostedes actúan de forma partidista e sen importarlles nada o dano institucional que están a facer dende hai catro anos incumprindo a Constitución e incumprindo a lei. Non sigan a confundir, aquí non hai equidistancias, aquí só hai un partido que pretende bloquear esta renovación, e só hai unha forza política, e é o Partido Popular, que é o único que ten a clave para desbloquear esa maioría de tres quintos no Congreso. *(Aplausos.)*

En relación co Goberno de España, dende o Goberno de España estase a legislar para adaptar a Xustiza aos tempos, pero necesítase a colaboración das comunidades autónomas. O Estado non pode camiñar só —xa o dixeran na miña primeira intervención—. Aquí o que está a facer a Comunidade Autónoma galega, como outras moitas comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular, é boicotear dende hai catro anos todas as medidas dun goberno que tivo que enfrontarse a unha pandemia e a unha das maiores crises internacionais das últimas décadas.

E o Partido Popular, mentres, pois oponse de forma sistemática a todas as medidas de carácter social, a todas as leis que avanza en dereitos. E nesta senda na que está sumido o Partido Popular a última grande idea pois é, nun momento de crise de prezos e coa inflación altísima, rebaixarlles a renda aos máis ricos, a sete mil galegos máis ricos, a custa de diminuír as arcas públicas. ¿E para compensar esa redución de 300 millóns de euros ao ano? Pois



suprimimos a tarxeta básica, non se fan contratos estables aos médicos e ao persoal sanitario para aforrarnos así as súas vacacións, ou reducimos o número de profesores, ou suprimimos as PT das escolas públicas. Esa é a política de dereitas que está a facer o Partido Popular en todo o territorio alí onde goberna.

En relación co volume de traballo destes centros, pois nós non manexamos datos que queden obsoletos, senón que eran os últimos que ata hai uns minutos estaban publicados na web da Xunta de Galicia. Hoxe, agora mesmo, hai uns minutos —¡que casualidade!—, sae a memoria do ano 2021. Pero segundo a memoria do ano 2021 —eu non teño unha bola adivinatoria na casa pero podería tela, porque acertei totalmente coa memoria—, foi un incremento notable do número de informes solicitados ao Imelga durante ese ano. ¿E que di isto? Pois que a iniciativa non está obsoleta, senón que é inasumible para o persoal que está a traballar nese momento en materias tan importantes —como lles dicía— como os abusos sexuais, a violencia de xénero, a desprotección dos menores ou incapaces ou os procedementos de familia; e está a provocar un grave atraso nos procedementos xudiciais; como dicía antes, dous anos e media de suspensión dos procedementos, co problema que isto ocasiona.

E dicía vostede que é un problema puntual derivado da pandemia, derivado das modificacións legais. Eu non sabía que as modificacións legais eran puntuais; unha modificación legal é permanente no tempo. Polo tanto, dende hai un tempo, dende que goberna en Madrid Pedro Sánchez, están a facer leis que están cunha protección especial ás persoas, como é esa nova Lei de protección da infancia e a adolescencia; como é a nova Lei que regula o procedemento de incapacitación, que require dos informes do Imelga para ratificar esa protección polos psicólogos especializados. Pois, polo tanto, estamos nun problema estrutural e non puntual. E, polo tanto, teñen que reforzar o persoal cunha modificación da RPT e non facer acumulación de tarefas, que sabe vostede —e non faga trampas ao solitario e non terxiverse a situación— que estas son unicamente por un período temporal de seis meses, prorrogables nalgúns casos. E, polo tanto, aquí temos que tomar unha decisión definitiva para un problema que é definitivo e que é estrutural.

E a Xunta non concreta. Díciolle antes: igual non hai diñeiro, como están a recortar vostedes os impostos aos máis ricos; pero a realidade é a que é; a realidade é que esta situación é insostible —que non o digo eu, que o din todos os colexios profesionais, de avogados, de procuradores—, foi un dos temas principais do discurso de apertura do ano xudicial hai unha semana polo presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que mostrou a preocupación e pediu á Xunta de forma insistente que non tomaran decisións temporais senón que optaran por decisións definitivas. E nós sabemos que isto se divide en subdelegacións, pero as subdelegacións territoriais abranguen a competencia de diferentes partidos xudiciais. E iso é o que nós queremos, que o informe valore aqueles partidos xudiciais que están máis conxestionados, como pode ser o de Vigo ou o de Pontevedra, porque son cidades que teñen un maior volume de poboación. E dentro desas subdireccións xerais pois aumenten o número de persoal que vai atender as demandas dos diferentes partidos xudiciais. Entón, non enrede vostede, non pretenda confundir.



Entón, o único que está claro é que neste momento hai menores en Galicia que están esperando ata o 2024 para saber o réxime de custodia ao que van ser sometidos ou esperando o establecemento dunha pensión alimenticia no momento de crise no que estamos a vivir.

E, polo tanto, sexan responsables e impoñan un sistema efectivo para o Imelga, incrementen o número de equipos, incrementen o número de persoal adscrito a ese equipo cun previo informe que valore aquelas situacións, aqueles territorios onde existe un maior colapso e unha maior demanda de informes de carácter xudicial.

E sen máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que defenda o sector do arrastre de fondo dos ataques que está a sufrir por parte da Comisión Europea

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista, e hai tamén unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 27682 (11/PNP-002442).

Emenda de substitución:

Proponse substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Convocar con carácter inmediato o Consello Galego de Pesca para organizar unha resposta unitaria de todo o sector do mar e de todo o tecido social do país (partidos políticos, organizacións sectoriais, sindicais, sociais, etc.) diante do grave golpe que supón a prohibición da pesca de fondo en 87 áreas do Atlántico nororiental, aprobada pola Comisión Europea.

- Defender á frota galega de artes de fondo esgotando todas as vías posíbeis e que, de acordo co sector, se consideren.

- Iniciar de inmediato o procedemento xudicial en contra da decisión da Comisión Europea.

- Instar ao Goberno español a:

a) Despregar todas as accións que como Estado membro poida exercer para lograr a anulación do Regulamento imposto pola CE.



b) Esixir no inmediato:

- *A suspensión da entrada en vigor do Regulamento.*
- *A elaboración de todos os estudos e informes científicos e técnicos necesarios que permitan iniciar un diálogo co sector pesqueiro e cos membros do Consello Europeo antes de tomar ningunha decisión definitiva ao respecto.*
- *A elaboración dun informe sobre o impacto socioeconómico que provocaría calquera decisión sobre a limitación ou eliminación das artes de fondo na nosa frota e no noso país. antes de tomar ningunha decisión ao respecto.*

c) Iniciar de inmediato o procedemento xudicial en contra da decisión da CE.”)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 27682).

Emenda de modificación:

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Dirixirse á Comisión Europea para solicitarlle:

- a) Que suspenda a aplicación do Regulamento da Comisión Europea que pecha á pesca de fondo 87 zonas sensibles do Atlántico Noroeste.*
- b) Que proceda á revisión inmediata do dito Regulamento con datos científicos actualizados, que xa están dispoñibles, e que a propia Comisión Europea ten no seu haber.*

2º) Presentar recurso ante a xustiza europea contra o Regulamento da Comisión Europea que prohibe a pesca de fondo en 87 zonas sensibles, tal e como anunciara publicamente, e, en liña co que presente o Estado e o propio sector.)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Teresa Egerique Mosquera, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei, 27682 (11/PNP-002442).

Emenda de substitución:

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia acorda:

1º.- Reiterar o acordo aprobado por unanimidade na Comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo, na sesión que tivo lugar o 6 de setembro de 2022 que di o seguinte:



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1.-Que rexeite publicamente os ataques que o sector do arrastre de fondo está a sufrir por parte da Comisión Europea.

2.-Que defenda a importancia deste sector no conxunto do sector pesqueiro e da economía marítima europea.

3. Que solicite ao comisario de Medio Ambiente que teña en conta as opinións do sector e os datos cuantitativos da súa representación sobre o total da flota pesqueira europea.”

2º.- Dirixirse á Xunta de Galicia co obxecto de que:

a) Apoie tanto o imprescindible recurso do Goberno de España diante da decisión da Comisión Europea de vetar á pesca de fondo, como todas aquelas medidas legais que adopten as empresas armadoras pola súa conta

b) Reitere ao Goberno de España a urxente necesidade de solicitar da Comisión Europea que rectifique e anule o novo Regulamento UE 2022/1614 da Comisión, de 15 de setembro de 2022, polo que se determinan as zonas de pesca en augas fondas e se establece unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan, que entrará en vigor a comezos de outubro deste ano.”

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

E ben, chegamos a onde non queriamos chegar, pero iso non nos fai desistir no empeño, non nos move dos nosos argumentos e posicionamento inicial e non nos fai tirar a toalla. Isto obriga a plantexar un novo acordo, que sumamos a todos os acordos anteriores, malia saber que as posibilidades se esgotan, malia saber que a ameaza xa é unha realidade.

Ben, neste camiño neste tempo entre debate e debate, entre pleno e pleno, acordo e acordo, vimos, escoitamos e limos cousas, e iso non o podemos esquecer, como se nada pasara, porque nesas fotos, nesas declaracións, neses artigos sobre o tema hai posturo, hai medias verdades e hai imprecisións. E claro que cada un ten unha posición política e cada un responde de declaracións e actitudes políticas, e por iso hoxe imos ver onde está cadaquén. Porque si, somos moi institucionais á hora de chegar a acordos aquí, pero é certo que isto ten un trasfondo político moi grande e un trasfondo ideolóxico moi potente.

Comezando polo final, dende o punto de vista cronolóxico, comezamos por un dos ministros dese goberno de España que non fai máis que insultar e agraviar os galegos, un goberno que ten un único tema na axenda estes últimos días, que é insultar o señor Alberto Núñez Feijóo,



e que amosa unha gran debilidade. Pero, ademais de amosar esa gran debilidade, este goberno de España amosa un gran descoñecemento, un importantísimo descoñecemento dos problemas que afectan a Galicia. Alberto Garzón, ministro de Consumo, chega a Galicia —terra onde Alberto Núñez Feijóo conseguiu catro maiorías absolutas— e vén insultar a todos os galegos; se o prefiren vostedes, vén preocupar a todos os galegos e a moitas familias que teñen o seu pan en xogo co veto á pesca dende as zonas de Cádiz ata Irlanda.

E é que Alberto Garzón, ministro de Consumo, xa quixo atacar a gandería, xa atacou directamente o sector da carne. E agora vén atacar a pesca, descoñecer tamén o que é o peixe, o que é a pesca, o que é o sector pesqueiro. Iso é unha auténtica vergoña e, como digo, é unha auténtica preocupación para Galicia e para o resto de España.

Logo de ameazas de Bruxelas, de advertencias, logo dunha decisión que terá consecuencias dunha enorme magnitude, vén a Vigo, capital da pesca, que ten a lonxa onde se comercializa o maior número de peixe para consumo humano, e o ministro de Consumo, cando lle preguntan por este tema, contesta: *«no sé, no le puedo responder porque es la primera noticia que tengo»*. Ben, isto é un ministro do Goberno de España que non ten idea deste problema, que preocupa a milleiros —como dixen— de familias galegas.

É un tema que move 9.000 millóns de euros nesta comunidade, que é un 4,8 % do PIB de Galicia, que é a cuarta actividade de Galicia e medra un 50 % dende o ano 2011, que está absolutamente ameazada, que está practicamente paralizada. E o ministro de Consumo vén a Galicia dicir que é a primeira noticia que ten. E cabe preguntarlle a Alberto Garzón se sabe el que o peixe se pesca, se sabe el que o peixe que consome se pesca, se coñece que é a pesca, se é consciente o ministro de Consumo da importancia do consumo de peixe para os seres humanos, se sabe o ministro de Consumo a inseguridade que xera estar en mans de ministros así. Ben, disto terá que responder tamén o presidente Sánchez, porque realmente é o que o elixiu como ministro e como membro da súa mesa do Consello de Ministros.

Ben, miren, deixar un barco sen posibilidades de pesca hoxe en día é pechar unha empresa, e ademais todo iso acarrea todos os problemas que ten consigo a cadea alimentaria, a cadea mar-industria para todo o consumo. O señor Garzón descoñece este tema. Decisións coma esta darán entrada a peixe de fóra, decisións coma esta axudarán economías de fóra, decisións coma esta van en detrimento de Galicia e en detrimento de España.

E isto é política, isto son decisións políticas. Un ministro de Podemos nun goberno do Partido Socialista, un ministro de Izquierda Unida ou de Sumar ou non sei de que, di en Galicia que non coñece esta prohibición, que é o problema máis importante que temos hoxe enriba da mesa.

Ben, logo de tantos debates, señorías, saberán vostedes que esta decisión, esta prohibición de artes de fondo en 87 zonas de augas comunitarias, estaba planeada. Eu xa me atrevo a dicir que isto demostra que o Executivo comunitario non revisou nada. Isto demostra que a visita da DG MARE, Charlina Vitcheva, logo da súa visita a Vigo, que tivo un compromiso, non valeu para nada. Polo tanto, o Goberno comunitario —atrévome a dicir aquí— actuou de mala fe.



Pois ben, a persoa que toma esa decisión ten bastantes paralelismos co ministro Garzón, sobre todo porque ambos teñen unha ideoloxía por bandeira, que é un ecoloxismo radical, sen coñecer tan sequera o que representa a pesca e o sector pesqueiro. Sinkevičius, lituano, de idade similar á de Garzón, de ideoloxía similar á de Garzón, de experiencia similar á de Garzón —é dicir, ningunha—, toma esa decisión. É un comisario que pertence á Alianza Libre Europea/Verdes, que, por máis que o neguen, son os socios do Bloque Nacionalista Galego en Europa; o que pasa é que nas notas oficiais agochan a barra Verdes. (*Murmurios.*) Si, si, si, mire, hai poucos días lemos unha noticia oficial na propia páxina do Bloque Nacionalista Galego cunha foto que dicía: «*unha delegación da Alianza Libre Europea visita Galiza para respaldar o escano do BNG na Eurocámara*». Brillante estratexia política eliminar /Verdes da Alianza Libre Europea, pero é o mesmo grupo. (*Murmurios.*) É o mesmo grupo, e por moito que vostedes o queiran esconder, nós e os galegos sabemos a realidade (*Aplausos.*) e sabemos o que fan vostedes en Europa. Polo tanto, Sinkevičius —ese que ten o nome tan complicado—, ese que toma a decisión tan perniciosa e tan mortal para Galicia, é do grupo ao que pertence o Bloque Nacionalista Galego en Europa. Polo tanto, o Bloque Nacionalista Galego, corenta anos igual a favor dos seus propios intereses nacionalistas e nunca a favor dos intereses de Galicia, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) nunca a favor dos intereses dos galegos. Este é un exemplo, son vostedes dentro do seu propio grupo en Europa os que deberían exixir que se anule esa prohibición, se é que realmente lles interesa que se anule esa prohibición, se é que realmente lles interesa —insisto—. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Ben, por iso digo outra vez que é importante a política, por iso é importante a política, por suposto. Pero, mire, os únicos que mantiveron a coherencia, a mesma postura sempre, os que levan dicindo sempre o mesmo e advertindo dos perigos que se aveciñan son os deputados do Partido Popular. (*Aplausos.*) E, miren, eu tomei a molestia de coller as ponencias do ano 2016 —non vou ter tempo de delas— e temos aquí deputados do Partido Popular e do Partido Socialista e veremos o que dicía cada un en cada momento.

Mire, é vergoñento tamén o papel do Partido Socialista de Galicia, non pensen que vostedes aquí non pintan nada. Porque, mire, logo do artigo que publica o señor Valentín González Formoso o domingo, cheo de imprecisións, e ademais dun cinismo eu creo que elevado á máxima potencia, a verdade é que tamén é digno de comentar, e parece que é unha situación bastante vergoñenta para o Partido Socialista de Galicia.

Miren, partimos do punto no anterior pleno de que González Formoso viña de visitar a Sinkevičius e, ben, xa criamos que tiñamos todo solucionado, porque, ben, a verdade é que tiña todo arranxado. A señora Otero dixo aquí que xa foi a Bruxelas, xa expuxo a opinión galega. Pero ¡vaia por Deus!, dous días despois, prohibición; dous días despois, prohibición de pesca de fondo en 87 zonas. Consecuencia: ¿que fai o señor Formoso? Pedirlle a Rueda que vaia solucionalo.

¡Home!, eu alégrome moito de que vostedes confíen moito máis no presidente Rueda e na Xunta de Galicia que no propio Goberno de España. (*Aplausos.*) Alégrome moito de que vostedes lle pidan a Rueda insistentemente que vaia a Bruxelas defender a pesca de fondo. Porque certamente o presidente da Xunta, se vai a Bruxelas, vai da man do sector, vai con informes rigorosos e datos, vai con toda a vontade de arranxalo, con moi boa fe, e non irá



nunca facer unha foto, que o único que fixo foi deixar nun ridículo espantoso o Partido Socialista de Galicia e o seu secretario xeral, o señor González Formoso.

Ben, pero aínda despois disto, aínda tivo máis que dicir e tivo que publicar ese artigo o domingo. E o domingo eu saco algunha conclusión: ¿renegan do seu pasado? A verdade é que, léndoo, parece que renegan do seu pasado socialista. ¿En que punto, en que día, en que momento entende o señor González Formoso que o Goberno galego non lle dá relevancia política a este tema? Mañá verémolo coa comparecencia da señora Quintana. ¿Por que di que o relator no 2016 foi Gabriel Mato, cando a relatora foi a socialista Isabelle Thomas? ¿Renegan dela tamén? Foi unha socialista. Unha imprecisión total.

Digo: 2016 —insisto: poden consultalo vostedes—, deputados do Partido Popular discrepando e advertindo do que podería pasar xa neste momento, como o señor Millán Mon ou o señor Gabriel Mato, e deputados do Partido Socialista como o señor José Blanco e a señora Clara Aguilera que dicían que fantástico, que moi ben, que a sostibilidade era fantástica e unha decisión marabillosa.

E digo eu unha cousa. Alí en Bruxelas é moi fácil, é moi doado, o doado non é discrepar e intentar defender os intereses, pero os deputados do Partido Popular fixérono sempre e —insisto— está demostrado nestas declaracións e no *Diario de Sesións* do Parlamento Europeo. Polo tanto, coherencia á hora de plasmar por escrito opinións e feitos que non se corresponden coa realidade; coherencia, por favor.

O Goberno de España ten agora a pelota no seu tellado. Señorías, esta decisión saben vostedes que se tomou desde unha argumentación medioambiental insuficiente, unha análise socioeconómica directamente inexistente e un enorme desacerto. E todos estivemos de acordo neste parlamento e chegamos a decisións unánimes para pedilo alí en Bruxelas. Pero é imprescindible...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...—xa remato, vicepresidenta— que o Executivo central se implique coa única vía que ofrece perspectivas de éxito, que é un recurso ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

E póñanse de acordo, e como dixo esta mañá o presidente, o Goberno central ten dúas opcións: ir co ministro Garzón, que non ten nin idea e non defende a pesca e non quere a pesca, ou ir co ministro Planas, ao que imos darlle un voto de confianza e esperemos que presente ese recurso, porque é a única vía que pode salvar —insisto— miles de familias en Galicia, a única vía.

Grazas.

Despois falo das emendas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



Quenda polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

A verdade é que o vergoñento foi o papel que estivo a facer agora mesmo a señora Egerique nesta tribuna. (*Murmurios.*) Porque, mire, señora Egerique, o que nos quedou moi clariño é que a Xunta de Galicia non fixo absolutamente nada e que en máis de dez minutos que estivo vostede a falar —revise a súa intervención— ningunha medida posta enriba da mesa por parte da Xunta de Galicia, ningunha proposta. E nós o que lle pedimos é que a Xunta de Galicia sexa proactiva tamén neste tema que é de vital importancia para o noso sector pesqueiro.

E nun tema que é tan importante para o noso sector pesqueiro galego vostede a verdade é que frivolidou moitísimo, porque estivo todo o tempo a falar do ministro Garzón. Pero olvidóuselle, porque a verdade é que o deixaron totalmente descolocado, a boa actuación de onte do señor Planas nese Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea. (*Aplausos.*) Iso si que é defender o sector pesqueiro español e, nomeadamente, o sector pesqueiro galego. Porque si, si, onte, novamente, novamente por petición do propio Goberno de España, tamén xunto con Francia e con Irlanda, conseguiron meter de novo na orde do día do Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea o veto da Comisión Europea á pesca de fondo, para manifestar novamente o rexeitamento por motivos de fondo e de forma dos que temos tantas veces falado nesta cámara, e tamén para pedirlle que suspenderan a aplicación dese regulamento e que revisaran inmediatamente, cos datos actualizados que xa ten a Comisión Europea no seu haber, esa decisión.

Pero parece que á señora Egerique isto lle molesta, que o ministro Planas faga o seu traballo. Porque olvidouse de dicir que onte o ministro Planas estaba aí a defender o sector pesqueiro. Algo que tamén lle botamos en cara —claro que si— ao presidente da Xunta de Galicia. Porque moito pedirlle ao Goberno central, moito pedir tamén a unidade dos grupos parlamentarios, pero dende logo non fixo nada.

E mire, señora Egerique, é certo: o secretario xeral do PSdeG estivo en Estrasburgo reunido co comisario de Pesca, sacou o compromiso de novos informes para poder revisar esa decisión do veto á pesca de fondo. Pero ¿que fixo o señor Rueda? ¿Onde estaba o señor Rueda? ¿Por que non está a defender os intereses do sector pesqueiro galego? (*Aplausos.*) Porque hoxe na súa comparecencia dicía: podo prometer e prometo que defenderei os intereses dos galegos. Pois iso, alí en Bruxelas, cos seus compañeiros, coa presidenta da Comisión, que non é do noso partido, podería estar o señor Rueda intentando reverter esta situación. Polo tanto, mire, señora Egerique, o que poden facer por parte da Xunta de Galicia.

Vostede incluso estaba a falar de que agora estabamos a achacar a un eurodeputado do Partido Popular que fora ponente nunha norma comunitaria —é verdade, señora Egerique— que trouxo estas consecuencias. Vostedes no principio da súa iniciativa dicían da preocupación do señor Gabriel Mato e do señor Mon ante esta decisión que podía adoptar a Comisión Europea. A verdade é que nós botamos de menos que esa preocupación non viñera anteriormente cando era ponente desa norma que trouxo tamén estas consecuencias.



Pero a verdade é que ultimamente nos teñen acostumados por parte do Partido Popular a estar mentindo moito. Piden unidade, piden acordos e despois ao que se dedican é a mentirlle ao propio sector.

E temos outro tema tamén moi importante enriba da mesa, na que temos que estar todos e todas xuntas tamén nunha nova loita contra as institucións comunitarias, como é a posibilidade da inclusión da quenlla no apéndice II de CITES. E aí tamén debemos de estar todos e todas xuntas.

¿E que di o eurodeputado Gabriel Mato? E vostede díxoo o outro día na comisión. Que vostedes, que o Partido Popular era o único que votara en contra da inclusión no apéndice II de CITES da quenlla. E volven mentir. Porque precisamente o eurodeputado Gabriel Mato, presente nesa Comisión de Medio Ambiente do Parlamento europeo, votou a favor desta proposta, de incluír a quenlla no apéndice II de CITES. Polo tanto, deixen de mentir, señora Egerique, se queren que cheguemos a acordos, que é para o que estamos aquí, para apoiar o sector pesqueiro nesta nova loita que teñen que afrontar ante a Comisión Europea.

Saben vostedes —e témolo falado en moitísimas ocasións— que esta ameaza vén de lonxe. Xa no ano 2013 na política pesqueira común se falaba da posibilidade de prohibir a pesca en determinados lugares especialmente sensibles de augas profundas. No ano 2016 aprobábase en Europa ese regulamento, específico de augas profundas, do Parlamento e do Consello, que sinalaba que a máis tardar o 13 de xaneiro de 2018 a Comisión Europea debería de adoptar eses actos de execución con obxecto de establecer unha lista de zonas nas que se coñeza a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou que sexa probable que existan entre os 400 e os 800 metros de profundidade.

A Comisión Europea non deu cumprimento ao contemplado nese regulamento de 2016, pero vimos como o pasado mes de xuño o comisario europeo de Pesca facía público que ían seguir adiante con esta intención, coa intención de adoptar este regulamento para prohibir a pesca de fondo en zonas vulnerables. Daquela falaban de 94 áreas de augas comunitarias. E isto todo xusto o día despois de que no debate no Comité de Pesca non se obtivera o visto e praxe a tal decisión, porque non se acadou a maioría necesaria para sacar adiante esta votación deste acto de execución. E, novamente, ¿por que non se sacou adiante esta votación? Porque precisamente España votou en contra deste acto de execución. Porque parece que a señora Egerique obvia os datos que non lle interesan. Polo tanto, vostede dicía que imos falar e imos ver onde estaba cadaquén. Pois o Goberno de España estivo dende o primeiro momento loitando para reverter esta decisión.

O certo é que eu comparto o que dicía vostede, que estamos nun momento onde non queríamos ningún estar, e o 15 de setembro a Comisión Europea adoptou esta decisión, de pechar a pesca de fondo en 87 zonas, e que foi publicada esta decisión o pasado 19 de setembro, dando como prazo para a entrada en vigor vinte días dende a súa publicación, que se cumprirán o vindeiro día 9.

Nós, dende o Grupo Parlamentario do PSdeG, e tamén o propio PSdeG, que ten tamén iniciada esa recollida de firmas para trasladarlle á Comisión Europea que estamos en contra



dese veto á pesca de fondo, dixémolo en numerosas ocasións: estamos en contra tanto pola forma en que se levou adiante esta decisión, da que temos tantas veces falado aquí, que non foi nin consensuada cos estados membros e tampouco co propio sector, ademais desa falla de maioría do ditame —como dixen anteriormente— no Consello Consultivo; a verdade é que na Comisión Europea ter só nunha reunión o pasado 26 de xullo non é unha forma seria dende logo de consultar nin os estados membros nin tampouco o sector.

E tamén estamos en contra polo fondo deste veto, porque non é verdade o que di o comisario de Medio Ambiente e de Pesca da Comisión Europea cando di que esta decisión se levou a cabo cos mellores informes científicos e cos máis actuais. Porque o informe do ICES non é nin actual nin cobre o conxunto de decisións que en base a este regulamento de execución está a adoptar a Comisión Europea. Porque, entre outros, inclúe modalidades como o palangre de fondo, que non estaban consideradas, así como medidas tamén que afectan a augas que non chegan aos 400 metros e que, polo tanto, non estaba, en principio, contemplado nese regulamento de augas profundas.

Polo tanto, son moitos máis os motivos polos que nos opoñemos ao fondo desta decisión. Ten só en conta os informes da huella de arrastre. Os informes que son actuais e que foron aportados polo IEO non foron aceptados pola Comisión Europea. Non hai un verdadeiro informe de impacto socioeconómico da medida, tal e como contempla e exige a propia política pesqueira común; e tampouco ten en conta, entre outras cousas, as medidas de protección xa establecidas polos estados membros.

Isto é algo que hai que parar, parar xa, entre todos e entre todas. É necesario que se suspenda a aplicación dese regulamento, que entra en vigor o vindeiro 9 de outubro. É necesario que se revise de inmediato este regulamento, porque hai informes científicos actuais que permiten non esperar ata novembro para revisar esta decisión. Iso é algo que nós lle pedimos tamén ao Goberno central, que lle pediu tamén o ministro Planas onte ao comisario europeo. Pedimos que a Xunta de Galicia —nese senso vai a nosa emenda— tamén traslade estas necesidades á Comisión Europea. E tamén na nosa emenda pedimos que a Xunta de Galicia sexa proactiva e que tamén interpoña ese recurso ante a Xustiza europea. E dígoo porque a propia Xunta de Galicia anunciou publicamente que presentarían persoalmente ese recurso ante os tribunais comunitarios, pero agora só que o presente o Goberno de España.

Polo tanto, nós o que pedimos é que sexan tamén proactivos. Que o presente o Goberno de España, entendemos que tamén, pero a Xunta de Galicia, xa que o noso sector está tan sumamente afectado, a verdade é que deben de deixar de botar balóns fóra e intentar tamén por todos os medios reverter esta situación.

Dicía a señora Egerique que hai acordos nesta cámara, que hai acordos por unanimidade nesta cámara en defensa da nosa pesca e para intentar reverter esta decisión da Comisión Europea. Todos os acordos que se acordaron por unanimidade son os únicos que presenta o Partido Popular, porque os que presentou o PSdeG sempre foron rexeitados por parte do Partido Popular. Esa é a vontade que ten o Partido Popular de chegar a acordos, incluso...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Otero.



A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...—remato, presidenta— vetando declaracións institucionais de apoio ao sector. Polo tanto, cremos que coa nosa emenda tamén se completaría e se melloraría a proposición non de lei que hoxe presenta o Grupo Parlamentario Popular.

E permítame unha cousa, señora Egerique. O outro día criticábannos e tamén agora mesmo criticaban a miña compañeira Paloma por autoemendar unha emenda que cría que estaba obsoleta e vostedes hoxe mesmo fan o mesmo. Está na súa lexitimidade de facelo...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Otero. Ten que ir rematando.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...pero, dende logo, ¡presentar unha autoemenda!, porque a verdade é que a iniciativa que traían era bastante obsoleta, nun tema de tanta transcendencia, e non rexistraron ningunha iniciativa dende xaneiro deste ano.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Rosana Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Señorías, boa tarde a todos e a todas.

Señora presidenta.

Faltan exactamente doce días para que os barcos, entre outros galegos, da frota de artes de fondo sexan expulsados dos caladoiros nos que tradicionalmente veñen faenando, faltan doce días. Hai neste momento, neste mesmo momento deste debate, en distintas zonas costeiras do país miles de persoas que están contra as cordas, miles de persoas; comarcas enteiros que non só dependen do que pase con eses barcos, senón tamén os seus armadores, os seus patróns, os seus mariñeiros e, como consecuencia, as súas lonxas, os seus transportistas, os seus estibadores, e, como consecuencia, o seu comercio, a súa hostalería, os seus servizos lúdicos, etc., etc., etc.

Pois ben, mentres todo isto pasa no mundo real, acabamos de asistir aquí a unha intervención do Partido Popular que, se non chega a ser pola orde do día, non saberíamos de que estaba a falar, non o saberíamos. *(Aplausos.)* Porque, de dez minutos, nove e medio falou do señor Garzón. É absolutamente penoso e en momentos coma este ata agradezo que haxa moita xente ou, ao revés, que non haxa moita xente que vexa os debates que se producen neste parlamento. Porque, en todo caso, eses miles de persoas estarán botando as mans á cabeza, señora Egerique, despois de escoitar aquí a súa intervención. *(Murmurios.)*

Pero isto non é o peor, o peor non é que isto sexa un mundo paralelo, non, non. O peor, o peor... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Tal cal é así, señor Balseiro, e vostede sábeo, porque é dunha das comarcas máis afectadas deste país, igual que eu, que tamén o



son, e a señora Egerique, por certo, tamén. (*Murmurios.*) Entón, saben que o que estou dicindo é absolutamente verdade.

Pero todo isto —insisto— non é o peor, o peor non é o mundo paralelo no que ás veces se vive neste parlamento. O peor é que temos unha decisión enriba da mesa xa absolutamente consumada. Insisto: faltan doce días para que eses barcos teñan que estar amarrados a porto, e seguimos discutindo aquí se ten que presentar o recurso un, se o ten que presentar o outro, se fixo un, se fixo outro, *si los verdes, si los rojos, si el Partido Popular Europeo de Berlusconi y la señora Von der Leyen* por exemplo, seguimos discutindo iso. (*Murmurios.*)

Mire, señora Egerique —e dicía a señora Prado na intervención anterior, afeándolle ao PSOE que era a mesma iniciativa que se estaba a debater, a mesma que hai un ano—, desde o mes de xullo, co verán polo medio, ¡eh!, esta é a cuarta vez, a cuarta vez, co verán polo medio, que debatemos este tema aquí; tres veces por iniciativa do Partido Popular e unha por iniciativa... (*Murmurios.*) —Eu, señora presidenta, cando falaron os demais, de verdade estaba atendendo absolutamente todo. E é que resulta moi complicado, ¿non?— Ben, é a cuarta vez hoxe que debatemos este tema, tres veces por iniciativa do Partido Popular e unha por iniciativa do Partido Socialista. A señora Egerique de todo o que dixo na súa primeira intervención dixo dúas cousas que son as únicas que se salvan da queima do seu discurso, que debería efectivamente queimalo tan pronto saia pola porta. E a primeira que dixo foi: isto, este tema, este asunto, ten un trasfondo político e ideolóxico moi fondo. E a segunda que dixo foi: este é o problema máis importante que temos enriba da mesa.

Pois, señora Egerique, para ser o problema máis importante que temos enriba da mesa, non vimos nós que o Goberno galego en todos estes meses —porque isto non é do día 15, que se tomou a decisión— movera absolutamente un dedo. (*Murmurios.*) Non, non, porque, mire, unha cousa é o relato como o que acaba vostede de facer agora aquí a respecto dun ministro, por certo, absolutamente indocumentado —iso é certo—, ou non se sabe que dos verdes e dos amarelos. Non. A conselleira construíu un relato, vostedes construíron un relato, que é que todos os demais non facemos nada e que, se falta a conselleira de Pesca neste planeta e neste país, resulta que imos todos ao tacho. Pois eu négolle a maior. Eu creo que a pesca deste país, entre outras cuestións, vaise ao tacho precisamente porque temos unha conselleira de Pesca do Partido Popular. (*Aplausos.*) E voulle dicir por que, señora Egerique. (*Murmurios.*) Señora Egerique, tranquilícese, tranquilícese, voulle dicir por que.

Mire..., (*Murmurios.*) señora Egerique, voulle dicir por que. No mes de febreiro —estamos en setembro—... Eu non sei por que se soliviantan desta maneira. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero, señora... Nóvoa, efectivamente, descúlpeme que non lembraba o seu apelido. ¿Vostede está neste debate agora mesmo? Entón, ¿como sabe...? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdoe un momento, ¿como sabe que o que estamos dicindo aquí é verdade ou mentira? Faga o favor e non faga como Garzón; documéntese, faga o favor. (*Aplausos.*) Documéntese e non fale do que non ten nin idea, nin idea, señora Nóvoa.

Ben, o que ía dicindo. A señora conselleira do Mar no mes de febreiro... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio.



A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...dixo publicamente —non é que mo dixera a min *en la intimidad*—, publicamente, que a Xunta esgotaría todas as vías posibles, que presentaría un recurso xudicial, que faría todo o que fixera falta. Ben, no mes de febreiro.

¡Ah!, ese relato foi continuamente mazándoo, mazándoo, mazándoo e estabamos —criamos nós— salvados, porque dicíamos: ben, pase o que pase, a conselleira do Mar vai ir a onde faga falta, vai presentar un recurso pola vía xudicial, vaise personar en Bruxelas, como cando vai de acompañante cada ano cando se negocian as cotas; aí si que está, señora conselleira; pero non tivo o valor de acompañar onte o ministro español de Pesca, non tivo o valor, sendo o país de toda a Unión Europea máis afectado neste tema. A señora conselleira segue dando roldas de prensa co mesmo discurso, e o discurso é ese: menos mal que estamos nós, é dicir, menos mal que está a conselleira do Mar, que nós somos os que realmente traballamos por este sector, polo sector da pesca, e grazas a nós está así.

Todo isto, todo este relato que construíron e machacaron e mazaron pois case nolo tiñamos crido. ¿Ata que momento? Ata o día de autos. O día de autos, que foi o día 15, cando a Comisión Europea aprobou definitivamente o que pasaba, aí cambia radicalmente o discurso da conselleira do Mar, *y ya empezamos*: nós consideramos que quen debe presentar o recurso é o Goberno central, nós cremos que está máis xustificado que o presente o Goberno de España, nós imos apoiar —¡como non! —, pero en fin....

Entón, isto é o que nos transmite o Partido Popular. E ¿en que momento nos atopamos agora? Pois no de sempre, no de sempre. Utilizar un tema do que dependen —insisto— miles de persoas e moitas comarcas do país para o confronto político. Aquel discurso da conselleira cando presentaba o manifesto do sector do mar, da cadea mar-industria e da acuicultura, para que todos nos uniramos a aquilo, aquel discurso de aquí *todos a una, que é Fuenteovejuna*, pois resulta que non ten nada que ver coa realidade. Vostedes fan de cada posición política dos demais e de cada argumento dos demais un confronto político. E aquela unión que pedía a señora conselleira do Mar acaba de exemplificala perfectamente a señora Egerique aquí co seu discurso.

Miren, ademais de ser a cuarta vez que debatemos isto, tres veces o mesmo por parte do Partido Popular, que non foron capaces nin de moverlle unha coma, a última vez a semana pasada na Comisión de Pesca, hoxe —e isto tamén dá a pauta da importancia que teñen as cousas para cadaquén— preséntannos aquí outra vez a mesma iniciativa, a mesma iniciativa que é do mes de xaneiro —¡ala que non pasaron cousas desde o mes de xaneiro, con este tema en concreto e con calquera cousa! —, do mes de xaneiro.

E, claro, como xa era absolutamente impresentábel volver á mesma iniciativa que aprobamos por unanimidade a semana pasada e a outra, e a outra máis, pois resulta que presentan unha autoemenda. E a autoemenda é, primeiro punto: reiterar o acordo aprobado por unanimidade, é dicir, tres veces antes, por unanimidade; ou sexa, aquí outra vez autoemenda, jeh!: reiterar o acordo. Vale, *reiteremos pues. (Murmurios.)*

Segundo punto da autoemenda. A min non me fai ningunha graza, dígollo de verdade. Estou debatendo este tema e a cabeza sinceramente, por máis que vostede pense o contrario, non



a teño aquí. Ben, o tema é: segundo punto da autoemenda da PNL que presentaron no mes de xaneiro. Porque este que dixo a señora Egerique que era o tema máis importante que temos enriba da mesa non mereceu ningunha iniciativa por parte do Partido Popular desde o mes de xaneiro. (*Aplausos.*) É absolutamente vergoñento, señora Egerique.

Segundo punto da autoemenda do Partido Popular. Por fin, desde meses atrás, por fin quere o Partido Popular dirixirse á Xunta de Galiza, por fin, porque ata agora era o Goberno de España...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—vou rematando, señora presidenta—, a Comisión Europea, *la liga interestelar*, pero nada que fora a Xunta de Galiza. Pois agora a autoemenda quere dirixirse á Xunta de Galiza. ¡Ah!, ¿pero para que? Primeira cuestión, para que apoie o imprescindible recurso que debe presentar o Goberno de España, e, segundo, para que reitere outra vez ao Goberno de España a urxente necesidade de solicitar que se rectifique ou que se paralice o acordo que ten aprobado a Comisión Europea.

E, realmente, se a xente coñecera con detalle o que fai aquí cadaquén...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—remato, señora presidenta— ...é que, de verdade, é para chorar.

Nós —só unha frase, señora presidenta— evidentemente presentamos unha emenda e estamos noutro momento procesual...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moi ben.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...e agora hai, porque, claro, neste país a conselleira do Mar convoca o Consello Galego de Pesca cada vez que se levanta...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...todos os días. Agora ben, para este tema, que, segundo a señora Egerique é o máis importante que temos enriba da mesa, aínda a día de hoxe non convocou o Consello Galego de Pesca, a doce días de que os barcos veñan de volta.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Pero, ademais, tampouco vai presentar o recurso...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo, señora Pérez. (*A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*)

Moitas grazas. (*A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)



Señora Pérez, van case tres minutos estendido o seu tempo. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Última quenda para o grupo parlamentario autor da proposición non de lei. Ten a palabra dona Teresa Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, vicepresidenta.

Ben, ante todas as preguntas que fixeron á señora Quintana, mañá estará aquí ela para comparecer, para dar conta de todo o que fixo a Xunta, todo, paso a paso, con total transparencia, e para que saiban dunha vez todos vostedes —é que non se enteraron— todo o que leva facendo a Xunta de Galicia.

Xa vostede di que non fixemos nada e di que a iniciativa é do mes de xaneiro. Xa polo menos dende o mes de xaneiro nós xa estabamos traballando, cando vostedes (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) aínda non trouxeron nunca ao pleno esta iniciativa.

Señora Otero, vostede tivo que falar da quenlla case tres minutos, porque non é capaz de describir ningunha iniciativa positiva, ningunha acción positiva (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) á xestión do PSOE sobre as artes de fondo. Eu falo de Garzón e falo de González Formoso porque son prexudiciais absolutamente para a pesca. E falarei de Garzón, do ministro que apoiou o Bloque Nacionalista Galego tamén, que ten a mesma ideoloxía que o Bloque Nacionalista Galego, porque atacou directamente a gandería e agora ataca directamente a pesca. ¿De que falou onte o señor Garzón con Abel Caballero polas calles de Vigo?, ¿de que falaron? De pesca non. (*Murmurios.*) De pesca, non; de pesca, non. Entón, todas as familias que hoxe están ollando este debate e o que están facendo saberán as verdades.

Señora Pérez, non vou queimar esta intervención, vou enviala a todas as familias afectadas, para que coñezan as verdades, porque dixen cousas que vostede aquí non me rebateu. Que Sinkevičius, que é quen toma a decisión, é dos Verdes e o Bloque Nacionalista Galego é dos Verdes, en Bruxelas vota e apoia as decisións dos Verdes, e prexudican a Galicia (*Aplausos.*) e prexudican a frota pesqueira, o arrastre, as familias galegas. E punto, e punto pelota.

Eu dixen claramente que chegamos a acordos unánimes. Por suposto que chegamos a acordos unánimes. Se eu non teño dúbida de que todos aquí entendemos perfectamente cal é a situación. Pero é que nós tamén a entendemos en Bruxelas e tamén damos a cara en Bruxelas.

Mire, vou ler, 2016. Millán Mon, cando estaba no regulamento do 2016, que lembrarán, polo menos as persoas que están neste tema: *Termino —di—. Demonizar las artes de pesca es un error. Para alcanzar la sostenibilidad, la solución no es prohibir sino regular bien y tener también en cuenta los intereses socioeconómicos del sector.* Francisco Millán Mon, Partido Popular.

José Blanco: *Se establecen normas más rigurosas en materia de transparencia, un sistema de sanciones justo para los casos de incumplimiento y se asegura la presencia de observadores científicos en el 20 % de las embarcaciones. En definitiva, se trata de un acuerdo importante, de un acuerdo generalmente satisfactorio para la sostenibilidad pesquera en las aguas profundas del Atlántico Noro-*



riental. 2016. Nin unha soa discrepancia, José Blanco, Partido Socialista. Encantado coas medidas tomadas. Nin unha advertencia polo que podería pasar.

Desde entón ata hoxe a Xunta de Galicia e a señora Rosa Quintana non deixaron de traballar para evitar esta situación e este tremendo desenlace, que ninguén no Partido Popular quere, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) polo menos no Partido Popular, e demostrao. Porque no Partido Socialista e no Bloque Nacionalista Galego non o demostran nin os seus ministros nin o seu secretario xeral. E, polo tanto, nós si que falamos de feitos.

E mire, o señor Garzón é ministro do Estado e vostede frivoliza, señora Pérez. Non, claro, vén aquí a señora Egerique porque a orde do día non estaba... Non me veña dicir aquí agora que non entenden vostedes, que non saben do tema cando xa falamos e tivemos moitos debates neste parlamento. Eu alégrome de que tiveramos moitos debates, alégrome moitísimo de que a maioría dos deputados que non se dedican tampouco e non están no sector da pesca coñezan tamén esta problemática, porque falamos moito diso. E é un problema que está na axenda do Partido Popular.

Ben, mire, señora Otero, despois, claro, hai diferenza, señor Sánchez, (*Murmurios.*) si, señor Sánchez, nos fondos Next Generation. Europa, Sánchez, si, o problema da pesca é da Xunta, aquí o Goberno de España non entra. Miren, hai que ter coherencia, é o principal. E insisto: a xente do mar sabe perfectamente que o Partido Popular sempre estivo do seu lado e sempre seguirá ao seu carón, sempre, sempre. (*Aplausos.*)

Vou rematando falando das emendas. Miren, sobre a emenda do PSOE teño que preguntarlles en serio. Mire, xa pedimos tres veces o que piden vostedes no primeiro punto, tres veces, xa o pedimos tres veces.

E o punto 2, o recurso. Xa dixemos que, se non o presenta o Goberno de España, a Xunta vai presentar o recurso. E mañá comprometerase aquí a conselleira de Mar dicíndoo, como o dixo xa abertamente e publicamente. Polo tanto, non aceptamos a emenda do Partido Socialista.

A emenda do Bloque Nacionalista Galego todo o que pide tamén xa está feito; é reiterar outra vez, é reiterar, é reiterar, é reiterar todos os acordos. Mire, piden un informe; xa fixemos un informe en abril, en abril, fíxese cando vostedes aínda non imaxinaban nin que se puidera facer. Xa estabamos traballando, a Xunta xa estaba facendo un informe. Xa o enviou a Bruxelas e xa traballou nel. E, polo tanto, non imos aceptar estas emendas para reiterar o que xa está feito.

Insisto, miren, xa para rematar: o posicionamento está clarísimo, as intencións están claras, pero o que dixer eu aquí, xa farta dos acontecementos, é o que fai cada un en cada situación, cada partido. Porque cando din vostedes que nós non queremos facer política, isto si que é política, son decisións políticas, trasfondo político, ideoloxía, si señor. E agora temos enriba da mesa un goberno de España e un comisario en Bruxelas que non queren defender a pesca, que están por outros intereses. E nós ata o último momento, da man dos países que queiran ir con nós, Irlanda, Francia, Portugal, se queren vir con nós, imos seguir defendendo os intereses da pesca. Porque, ademais, díganlle ao ministro de Consumo a importancia que ten o consumo de peixe, e que non sexa incongruente coas campañas que fan e coas decisións que toman.



Polo tanto —insisto—, mañá a conselleira de Mar estará aquí para render contas e para explicar exactamente todo o que fixo a Xunta e todas as intencións que hai, e nós, con toda lealdade institucional...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...apoiaremos o recurso que presente o ministro Planas, se é que o fai.

Pola miña banda, nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Pasamos ao seguinte punto da orde do día, no apartado de proposicións non de lei, concretamente á 4.3.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e as que debe solicitar ao Goberno do Estado para garantir a función pública dos activos inmobiliarios de uso residencial en mans da Sareb

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta iniciativa presentáronse emendas: a número 41827, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e a 41840, do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Eduardo Ojea Arias, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 35461).

Emenda de modificación:

Na parte resolutiva da iniciativa, o parágrafo que comeza por: “- Solicitar ao Goberno do Estado ...”, débese substituír polo seguinte texto:

“- Promover acordos coa Sareb e os bancos para a cesión das súas vivendas baleiras ás CC.AA e aos concellos para destinalas a alugueiro social.”

Emenda de adición:

Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir in fine os seguintes parágrafos:

“ - Promover a flexibilización dos requisitos de acceso ao Fondo Social de Vivenda.

- Desenvolver medidas que pasen polo impulso prioritario do parque público de vivenda en réxime de alugueiro, por acadar unha xestión moito máis eficiente do parque público de vivendas protexidas, implantando modelos que se adecúen e respondan á demanda recollida no Rexistro Único de Demandantes.



- *Habilitar liñas de axuda con maior dotación orzamentaria nos vindeiros orzamentos destinadas ao acceso a unha vivenda digna en réxime de alugueiro para as persoas en risco de exclusión e vulnerabilidade social e mocidade.*

- *Aumentar de xeito substancial o actual parque público de vivenda.”)*

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada María Begoña Freire Vázquez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei, 35461 (11/PNP-003144).

Emenda de substitución:

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

a) Demandar da Sareb así como do Goberno de España a elaboración dun informe sobre o parque inmobiliario en mans da Sareb en Galicia que inclúa, como mínimo, os seguintes datos: o número de bens, localización por concellos, estado de conservación e dispoñibilidade para o seu uso como vivenda.

b) Solicitar ao Goberno de España a cesión inmediata ao IGVS daqueles activos inmobiliarios de uso residencial propiedade da Sareb que se atopen nun estado axeitado para tal uso, entendendo como tal os inmobles que reúnan as condicións de habitabilidade esixidas pola normativa, se empracen en zonas onde exista demanda de vivenda en alugueiro e reúnan condicións adecuadas para tal uso, co fin de incrementar a oferta de alternativas habitacionais públicas e axilizar a resposta do Rexistro de Demandantes de Vivenda, sen prexuízo dos convenios que se poidan formalizar ao respecto cos concellos, e isto en cumprimento do protocolo subscrito en febreiro 2021, entre o Ministerio de Transportes e a Sareb.

c) Solicitar ao Goberno de España e á Sareb o mantemento e prórroga dos contratos de alugueiro existentes na actualidade, especialmente nos casos de rendas baixas e persoas vulnerables.”)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para defender esta proposición non de lei, ten a palabra dona Alexandra Fernández Gómez, polo tempo de dez minutos.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Boa tarde, case noite.

A Sareb forma parte dunha das maiores estafas económicas respecto da cidadanía, é unha gran fraude, un roubo, un auténtico desfalco ás arcas públicas que se intentou ocultar no seu momento baixo unha gran mentira.

Esa estafa comezou na xestión da crise do 2008. Daquela as entidades financeiras estaban cargadas de vivendas, de solo, que chegaran ás súas mans logo de ter executadas as garantías e as hipotecas de quen non puido pagar os préstamos. Ademais, acumulou tamén créditos falidos dificilmente recuperables. O Goberno central, naquela altura baixo a tutela do Partido Popular do señor M. Rajoy, decidiu salvar a banca a custa de baleirar as arcas públicas. Por-



que o Partido Popular goberna así: cando ten que escoller entre as grandes corporacións, entre o gran capital e o público, sabemos que escolle os primeiros.

E para levar esa operación de rescate á banca a custa das arcas públicas, o Partido Popular vai crear esta entidade, a Sareb, como unha entidade opaca a través da cal enmascarar unha gran transferencia de capital. Así, esta entidade vai adquirir inmobles, créditos e solo por valor de 50.781 millóns de euros. A primeira estafa desta operación comeza polo valor da propia operación, polo valor polo que se adquiriron estes activos e que a Comisión Europea xa dixo en decembro de 2012 que debían terse adquirido por 18.000 millóns de euros menos. Estamos falando da Comisión Europea, non dun organismo calquera, que recordemos que foi a propia Comisión Europea quen impuxo ao Goberno de Rajoy mediante o Memorando para o rescate de 2012 a condición da creación desta sociedade. É dicir, que o Goberno de Rajoy foi incluso máis alá das exixencias que lle puña Europa no baleirado das arcas públicas para o rescate financeiro.

A segunda estafa consistiu en entregarlles todos estes activos que o Estado adquiría a accionistas privados. O 95,31 % do total do financiamento da operación proviña de recursos públicos, pero a porcentaxe accionarial pública quedou por baixo do 50 %, en concreto nun 45,68 %. ¿Iso que significou? Que os socios privados, aportando apenas o 4 % do financiamento total, fixéronse co control maioritario da Sareb. Parece un escándalo.

Pois expoñamos agora, ademais, o contexto de fondo en toda esta trama: milleiros de persoas desafiuzadas, unha grave crise económica, unha grave crise de acceso á vivenda, e no marco desa situación o Goberno central, baixo a tutela do Partido Popular, entregoulle ao capital privado a capacidade de decisión sobre eses activos a empresas privadas, cando entre todos e todas as cidadás sufragabamos o 95 % do custo. É un tremendo escándalo.

E a terceira parte da estafa consistiu en tratar de deixar amarrada a transferencia de capitais a custa das xeracións futuras, mentres recordemos como o señor De Guindos intentaba convencernos de que non nos ía custar nin un euro esta operación.

Para lograr custear esta macroestafa, o que fixo a Administración foi fundamentalmente endebedarnos. A Sareb emitiu unha débeda por valor de 50.000 millóns de euros, que foi avalada polo Estado. Mentres asinaban esa hipoteca en nome de todos e todas, o Partido Popular tratou de ocultar a operación. Dícían, repetían dende o Goberno que todo isto nos ía saír gratis. Pero derrubóuselles a gran mentira cando o ano pasado a Unión Europea realizou unha integración contable da Sareb e Eurostat pasou a contabilizar a débeda da entidade como débeda pública que era. E así pasamos de anos de mentiras do Partido Popular a certificarse, como xa se viña denunciando, que a Sareb supón un auténtico burato negro nas contas públicas e que a día de hoxe alcanza nada máis e nada menos que 34.000 millóns de euros, o 3 % do PIB do Estado.

Señorías, as mentiras do Partido Popular saen moi caras, son mentiras de cartón pedra, porque son fráxiles e se desmoronan pronto, pero saénnos moi caras.

De feito, voulles dar outro exemplo doutra gran mentira do señor De Guindos, desas mentiras gravosas. Porque non só nos intentaba convencer de que non nos ía custar un euro esta



operación, senón que, ademais, se atreveu a dicir que obteríamos unha rendibilidade do 15 %. Pois ben, o quebranto contable en 2021 era de 14.500 millóns de euros, dos cales 12.000 millóns eran públicos. Estas son as mentiras económicas do Partido Popular.

Pero hoxe ninguén pode negar xa que a Sareb constitúe unha das maiores estafas e o quebranto ao público. Foi unha entidade creada de forma opaca co único obxectivo de socializar perdas na crise para reportar e garantir beneficios privados. Por tanto, é unha urxencia reverter este entramado baixo unha lóxica de xustiza, baixo unha idea tan simple como irrefragable. Se esa débeda é pública, eses activos deben ser públicos e deben xestionarse para beneficio do pobo. *(Aplausos.)*

E só isto xa é un argumento de peso para darlles utilidade social a estes activos, para que esas vivendas se incorporen dunha vez por todas ao parque público de vivendas. Pero se, ademais, incluimos nesta ecuación a situación que está atravesando o mercado da vivenda, cun aumento desorbitado dos prezos da vivenda no mercado libre, semella aínda máis inxustificable que ese fondo de vivendas que pagamos con cartos públicos non se poña ao servizo das necesidades sociais.

Por iso dende o BNG traemos hoxe esta iniciativa, que ten como obxectivo fundamental lograr a unanimidade deste parlamento para reclamar do Estado a transferencia dunha vez por todas de todos eses activos inmobiliarios de uso residencial propiedade da Sareb ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, dependente da Xunta, para que o Instituto Galego da Vivenda e Solo poida dunha vez por todas poñelos ao servizo das máis de quince mil persoas que están colapsando neste momento o Rexistro de Demandantes de Vivenda da Xunta. Xa é hora de devolverlle ao pobo o que lle pertence ao pobo.

E, polo de pronto, o Goberno central ten mudado o discurso respecto do que mantiña o anterior Goberno do Partido Popular. Hai un recoñecemento de que ten que haber unha función social dese parque de vivendas da Sareb, pero no plano das accións concretas reclamamos avances. O Goberno estatal anunciou xa hai máis dun ano a cesión de dez mil inmoables da Sareb ás comunidades autónomas. Porén, esa promesa, ademais de ser insuficiente, parece non avanzar. Non hai motivos, non hai xustificación para que non se leve de forma inmediata esa transferencia dos activos. Resulta incomprensible que non se actúe xa, e máis tendo en conta que dende principios do ano o Estado, mediante un real decreto, xa solventou a súa participación maioritaria no accionariado da Sareb, é dicir, que xa ten o control da entidade. Por tanto, hai meses que xa ten a capacidade de actuar e non pode demoralalo máis.

Por outra banda, tamén a Xunta de Galiza ten moito que facer no plano das súas competencias exclusivas en materia de vivenda, que tamén se inclúen nesta nosa proposición non de lei.

En primeiro lugar, que dende o Observatorio de Vivenda de Galiza debe elaborarse un informe público sobre cal é o estado e a localización do parque da Sareb no noso territorio. Este informe é fundamental, primeiro, por transparencia, para que se acabe xa dunha vez por todas esa opacidade que caracteriza a Sareb, e para poder seleccionar tamén que activos nos interesa reclamar, descartando aqueles outros que igual polo estado ou pola localización na que se atopen poderían supor un maior gasto.



En segundo lugar, que o Instituto Galego da Vivenda e Solo, con competencias exclusivas en materia de vivenda —teño que insistir permanentemente nisto, porque parece que non o teñen aínda moi asumido—, ten o deber de defender todos eses inquilinos que neste momento están sendo acosados pola Sareb. Hai centos de casos polo país de familias que están sendo acosadas (*Aplausos.*) con ameazas de desafiuzamento e acoso, por todo o país. Pedímoslle ao Instituto Galego da Vivenda e Solo que se poña do lado destas familias, que lles facilite un servizo de mediación, de protección, de asesoramento fronte aos abusos da Sareb e que solicite a subrogación deses contratos co fin de evitar esas situacións de desafiuzamento e de desamparo.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo ten deberes que facer nesta materia, pero o máis importante para nós neste momento é que se poñan á fronte desta reivindicación ao Estado da transferencia dese parque inmobiliario ao parque público de vivenda de Galiza. Son xa moitas comunidades autónomas as que están facendo presión para a transferencia dese parque, para quen debería xestionalo, que son as comunidades autónomas, e pedímoslle á consellería que asuma esta cuestión como un tema prioritario e que faga que Galiza se poña á fronte da batalla para lograr que dunha vez por todas se faga xustiza e se nos devolva o que nos pertence.

Acabo xa dicindo que temos que ser conscientes de que esta é unha oportunidade única, única, para aumentar o parque de vivenda pública. Eu quero que queden cunha cifra para que dimensionen ben o que está en xogo. O parque actual de vivenda pública de Galiza está aproximadamente nunhas 3.500 vivendas. Estímase que a Sareb pode ter aproximadamente 1.700 vivendas. Falamos dun incremento de case o 50 % do parque de vivenda pública con esta transferencia. Insisto: recorden esta cifra sobre todo mañá cando votemos e recorden que o que van votar con esta iniciativa é se apoian ou rexeitan que esas 1.700 vivendas pasen a formar parte do parque público de vivenda de Galiza e que se poñan á disposición dos galegos e das galegas que máis o necesitan e que están pasando por momentos moi difíciles co actual prezo da vivenda. Recorden: 1.700 vivendas, un incremento do 50 % do parque público de vivenda, nada máis e nada menos.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Eduardo Ojea.

O señor OJEA ARIAS: Boas tardes a todos e a todas.

O BNG, por medio da súa portavoz, presenta unha proposición non de lei na que se incide nun tema ao que, logo de dez anos, ninguén foi capaz de dar unha solución convincente nin definitiva. A exposición foi feita, por certo, cun relato potente, didáctico e con afirmacións nas que podemos estar case todos en sintonía. Iso si, unha exposición feita, como é normal, cun argumentario político do seu partido, pero si coa habilidade suficiente para poñer no mesmo parágrafo a responsabilidade do Goberno central e do Goberno autonómico.

Como vostede dixo —e dixo ben—, no 2012 o Estado español e autoridades europeas formularon un esquema para recapitalizar as entidades financeiras máis afectadas pola crise.



Non era un banco, senón unha compañía que absorbeu os activos deteriorados daquelas entidades financeiras. A idea era xestionar activos que viñan da banca e a súa misión era axudar o sector inmobiliario e financeiro. Daquela fíxose cargo de case 200.000 préstamos e inmobles adquiridos a entidades financeiras rescatadas. A súa idea era optimizar o seu valor e vendelos en prazo limitado. Esta empresa ten compromiso público, tendo un 45,9 % de capital público, a través do FROB. Resumindo: a idea desa sociedade era liquidar inmobles co fin de repagar a débeda e así o Estado poder dispoñer de máis orzamentos.

Neste mes os seus activos en Galicia podemos resumilos en que, a nivel de vivendas, hai 1.037 na Coruña, 141 en Lugo, 33 en Ourense e 438 vivendas en Pontevedra, que veñen sumar 1.649, acorde co que dicía a portavoz.

Á parte disto, tamén ten anexos, obras en curso, solo terciario, o que vén presentar cerca de 7.000 activos da súa propiedade, que se atopan en proceso de comercialización, proceso de adecuación ou cedidos a administracións públicas para o alugueiro social.

Nós, o Partido Socialista, sabemos que é necesario ampliar a oferta da vivenda, ou ben para rehabilitación ou para alugueiro. Consideramos que é prioritario impulsar un plan de actuación da Sareb para firmar convenios co Goberno central, con comunidades autónomas e con concellos que impulsen o uso das vivendas para alugueiro social e melloren o procedemento de xestión e adxudicación.

Debe quedar claro —iso si— o carácter social de vivenda pública, cunha normativa que garanta o seu uso a persoas vulnerables, evitando que sexan vendidas e explotadas por fondos voitre. O Partido Socialista pretende promover acordos coa Sareb e bancos para a cesión das súas vivendas baleiras ás comunidades autónomas e concellos para destinalas a alugueiro social.

Con isto o que se pretende é acelerar a subscripción de convenios entre esta Sareb, as comunidades e os concellos, mediante os que a Sareb cede o usufruto de vivendas para alugueiro social, en congruencia co protocolo asinado en febreiro de 2021 entre o Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana e a Sareb, para pór á disposición 15.000 vivendas en todo o Estado español. Desas 15.000 vivendas, soamente 3.400 vivendas están sendo utilizadas, e os motivos poden ser varios. Un deles é que ao mellor non hai vivendas onde hai máis demanda ou que están en mal estado, ou que os concellos nos que se presentan non teñen a capacidade suficiente para xestionalas, ou ben que non están baleiras porque xa estaban contratadas ou tiñan alugueiro de propietario anterior. Co que a maioría das administracións rexeitan eses pisos da Sareb e soamente poden presentar o vinte e tanto por cento de vivendas sendo útiles.

O Ministerio de Asuntos Económicos xa en xaneiro intentou unha reclasificación da Sareb, así como a súa situación patrimonial, mais é imprescindible modificar o seu réxime xurídico para adaptalo á situación actual, co obxectivo de adecuar de forma áxil a gobernanza á nova realidade contable e institucional. Así, o FROB poderá adquirir e manter unha participación maioritaria no capital social e tomar o control dos órganos sociais sen a necesidade de que a Sareb adquira a condición de sociedade mercantil estatal.



Isto abre a porta a que o Estado aumente a súa participación na Sareb, a custa de que o resto dos accionistas, entre eles a maioría dos bancos, reduzan o seu peso no capital da sociedade. Actualmente, o FROB é primeiro accionista, co 45,9 %; o Banco Santander, o 22 %; Caixa-Bank, o 12 %; Sabadell, etc., etc.

Aínda que o Estado se faga co control da Sareb, a sociedade disporá dun réxime societario específico para que poida manter a axilidade necesaria para levar a cabo a súa función desinvestidora.

Ata a data, a compañía viña realizando actuacións en materia de vivenda social a través da firma de diferentes convenios, mais o Goberno quere reforzar este compromiso en aras de maximizar a utilidade social destes inmobles. Esta nova estrutura seguirá mantendo o réxime de supervisión por parte do Banco de España.

Polo tanto, desde o Partido Socialista podemos asumir case todo o exposto pola voceira señora Fernández e non teremos ningún problema en podelo asumir, pero quixera incidir nalgunha cousa máis.

A problemática do acceso á vivenda en Galicia, sobre todo en persoas en situación de vulnerabilidade ou en risco de pobreza, é máis ampla que a solución que poden dar estas escasas vivendas da Sareb. No Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia hai preto de 17.000 galegos e galegas que demandan unha vivenda, e, ao ser por unidade familiar, o número aumenta bastante. Este rexistro está colapsado, polo que se buscan solucións fóra. Este colapso pon de manifesto a carencia ata este momento de política pública en materia de vivenda na Comunidade galega. En Galicia o 0,32 % da vivenda pública está destinada a alugueiro social, que veñen ser 3.534 vivendas de titularidade en réxime de alugueiro social.

No 2020 un informe da Axencia Tributaria dinos que hai 336.986 vivendas baleiras declaradas á disposición, é dicir, nin é vivenda habitual nin se destinan ao alugueiro, que vén representar o 18,6 % do máis do millón e medio de vivendas totais de Galicia.

O Goberno transferiu á Xunta xa máis de 200 millóns de euros do Plan de recuperación para a vivenda, fundamentalmente para impulsar programas de rehabilitación enerxética e construción de vivenda de alugueiro social.

No 2020, de fondos europeos recibiu 110 millóns de euros, repártense 81,1 millóns de euros no programa de rehabilitación en contornas residenciais e 29,2 millóns de euros para a construción de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes. É a máxima recibida polo sector da vivenda e supera os 107 millóns de euros do Plan estatal de acceso á vivenda.

O programa remata no 2026 e a Xunta ten que loitar coa lentitude sobre todo da tramitación das licenzas —hai licenzas que tardan máis de ano e medio en resolverse— e a ausencia dun plan para polo menos ter buscado a adquisición do solo e así facilitar o uso dos 29,2 millóns de euros destinados ao alugueiro social.

Este plan de vivenda crea sinerxías ao exixir ao Goberno central e ás comunidades autónomas unha gran coordinación no exercicio das súas competencias e necesítase unha gran corresponsabilidade no financiamento e na xestión.



O ano 2022 debería ser para a Xunta o inicio dun cambio no concepto de vivenda pública. Nunca esta comunidade recibiu un aporte económico tan elevado, aínda así cofinanciado, pero é unha parte moi importante.

Ese Rexistro de Demandantes de Vivenda está aí para indicarlles aos que teñen responsabilidade nesta materia que algo non se está a facer ben, que as prioridades non son as correctas e que dende o 2009 ata hoxe a nosa Comunidade presenta un recorte do 40 % en materia de vivenda. E, ademais desta falla de orzamentos, hai unha falla de execución coa que se pecha cada exercicio en materia de vivenda; por exemplo, no ano 2021 só se executou o 33 % do programa 451B.

A Xunta ten todas as competencias en materia de vivenda e é responsable de pór á disposición dos galegos e das galegas os programas necesarios para que todos eses demandantes de vivenda, sobre todo os máis vulnerables, teñan un futuro habitacional axeitado.

É necesario un cambio na vontade política para resolver estes asuntos e priorizar unha demanda constitucional, que no seu artigo 47 nos di: todos os españois teñen dereito a disfrutar dunha vivenda digna e axeitada.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Ojea.

Quenda polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, dona Begoña Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

Señora Fernández, vostede sempre co discurso de sempre, cos seus mantras, cun discurso totalmente demagóxico e ademais co mesmo de sempre: tentar exixir á Xunta de Galicia, que é o que plantexan na súa iniciativa, na súa proposición, o que teñen que exixir ao Goberno de España, aos seus socios de goberno.

Pero imos situarnos en contexto, imos falar de vivenda, imos falar de cesión de vivenda e imos falar da actuación da Sareb en Galicia e no resto do Estado.

A Sareb é unha sociedade creada con capital privado e público, correspondendo o capital público exclusivamente ao Goberno de España, que controla a sociedade. A Xunta de Galicia non participa nin participou nunca no capital da Sareb. Polo tanto, señora Fernández, correspóndelle ao Goberno de España, e non á Xunta de Galicia, garantir a función pública dos activos propiedade da Sareb, como vostedes propoñen na súa iniciativa.

A Xunta de Galicia saben moi ben que non ten capacidade nin competencias para determinar a política que debe seguir esta sociedade. Dito isto, isto non significa que o Goberno galego non teña manifestado repetidas veces a súa postura, totalmente contraria ao proceder da



sociedade nos últimos tempos. Certo é que dende o ano 2021 a Sareb variou a súa forma de actuación, promovendo a resolución ou a non prórroga dos contratos de alugamento que estaban vixentes, colocando moitas familias en situación de desprotección e a todas persoas que viñan ocupando vivendas da entidade nunha situación de total incerteza.

Ante tal forma de proceder e a pesar de non ter competencias, a Xunta de Galicia si actuou, e actuou demandando en diversas ocasións do Estado, como accionista maioritario e con capacidade para intervir e modificar o criterio da Sareb, que se paralizase esa forma de actuar da entidade. O presidente da Xunta de Galicia e a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda plantexaron persoalmente á ministra de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a preocupación do Goberno galego pola actitude da Sareb respecto do desaloxo de vivendas propiedade da entidade ocupadas en réxime de alugueiro e indicando que non é tolerable que unha sociedade con capital público actúe desta maneira.

No mesmo sentido dirixiuse por escrito a conselleira de Medio Ambiente á ministra Raquel Sánchez. Nas diferentes conferencias sectoriais sobre vivenda o Instituto Galego da Vivenda e Solo sempre expresou a preocupación da Xunta pola actitude da Sareb respecto das vivendas ocupadas en réxime de alugueiro, remarcando que unha sociedade con capital público non pode desalojar os seus inquilinos, como o estaba a facer. Sempre defendeu a necesidade de que a Sareb prestase máis atención aos factores sociais da vivenda e evitase agravar as dificultades de acceso á mesma.

Tamén o director xeral do IGVS mantivo diversas reunións con directivos da Sareb nas que puxo de manifesto a necesidade do cambio de política da Sareb respecto das vivendas alugadas e a urxencia de que a sociedade de capital público aplicase políticas máis sociais. Mantivo contacto telefónico e por correo electrónico coa entidade interesándose e mediando en todos os casos de problemas entre inquilinos e a Sareb dos que o IGVS tivo coñecemento; mediación que permitiu, como vostede sabe, solventar moitas das situacións dos arrendatarios, arrancar o compromiso da Sareb para que se atendese a situacións de vulnerabilidade mediante a concesión dun contrato de alugueiro social ou paralizar a venda de vivendas cuxo destino era o alugueiro social durante o período de protección.

Todo isto que lle estou a recordar, señora Fernández, foi informado en sede parlamentaria polo director do Instituto Galego da Vivenda e Solo en decembro do 2021. Polo tanto, iso que di na súa proposición, no texto da súa iniciativa, de que a Xunta non actuou, non é verdade, señora Fernández. Pídolle sinceramente un pouco de respecto pola realidade, pola verdade, polo traballo do Goberno galego e polo traballo e esforzo da dirección e do persoal do IGVS en todo este tema, en todo este asunto. *(Aplausos.)*

Pero dicía —e niso coincidimos— que ese cambio de actitude e forma de proceder da Sareb máis agresiva véñse producindo dende o ano 2021, tamén incrementando de forma notable a venda de activos, a maioría vivendas, e tentando desalojar vivendas alugadas para proceder á súa venda; forma de proceder que contrasta co anuncio que en febreiro de 2021 —atenda, portavoz do Partido Socialista— fixo o mesmo presidente do Goberno de España. En febreiro de 2021 firmouse un protocolo entre o Ministerio de Transportes e a Sareb para poñer á disposición de familias de ingresos baixos ou vulnerables vivendas da entidade a un prezo re-



ducido. Transportes asumiría parte dos gastos de cesión e a rehabilitación das propiedades. Anunciouse entón que 10.000 vivendas se poñerían á disposición das comunidades autónomas e concellos.

En resumo, Moncloa anuncia un gran plan de vivenda social en colaboración coa Sareb e ao mesmo tempo a sociedade pública estatal, controlada polo Goberno de España, cambia de criterio con comportamentos contrarios a un perfil social e promovendo a resolución e non prórroga dos contratos de alugueiro vixentes. É dicir, *donde dije digo, digo Diego*, porque a forma de actuar da Sareb foi contraria a ese compromiso.

Pero, ademais diso, estamos a finais do 2022, pasaron dous anos, e seguimos sen saber nada dese anuncio. Este titular (*A señora Freire Vázquez mostra un documento.*) dun medio de comunicación, de novembro de 2021, sen rastro da promesa de Sánchez das 10.000 vivendas sociais da Sareb, segue hoxe de plena actualidade. Non se consumou ningunha cesión á Comunidade Autónoma de Galicia nin a outras comunidades autónomas —que saibamos— nin a concellos. Mesmo nestes últimos días tamén liamos unha noticia: que se denegaba por parte da Sareb a cesión de vivendas, por exemplo, ao Concello de Mugardos.

Por outra banda, e para contextualizar a situación, señora Fernández, da situación das vivendas da Sareb na nosa comunidade, convén traer a colación algúns datos.

A Xunta de Galicia foi unha das primeiras comunidades en firmar no ano 2015 un convenio de colaboración coa sociedade para a cesión de 50 vivendas. A día de hoxe, sete anos despois, parte das comunidades autónomas aínda non recibiron ningunha vivenda cedida pola Sareb.

A Sareb indica que cedeu ás comunidades un total de 1.679 vivendas, que se suman ás 1.100 cedidas aos concellos, sumando un total de 2.789, cifra inferior ás máis de 3.000 vivendas que indica o Goberno central en resposta a algunhas preguntas parlamentarias.

Tamén segundo a sociedade, a Sareb dispón en Galicia dun total de 1.640 vivendas, distribuídas en 99 concellos. A meirande parte das vivendas da Sareb están situadas, segundo os datos da propia entidade, fóra dos ámbitos de maior demanda de Galicia, e moitas das que se emprazan nas grandes cidades non reúnen as condicións necesarias para ser destinadas a alugueiro social. Con todo, a Xunta de Galicia sempre mostrou a súa dispoñibilidade e vén reclamando que se incorporasen máis vivendas ao convenio existente para destinalas a alugueiro social. Tamén reclamou un cambio na forma de actuación e propuxo mesmo á Sareb a posibilidade de ceder solo, parte do solo do que dispón na comunidade para a construción de novas vivendas de promoción pública.

Concretando respecto dos puntos da súa proposición, garantir a función pública dos activos propiedade da Sareb, isto correspóndelle ao Goberno do Estado. A Xunta de Galicia —como dicía— non participa no capital da Sareb e, por tanto, non ten poder de decisión. Sorprende ademais que plantexen isto neste Parlamento de Galicia cando o BNG non presentou iniciativas neste sentido no Congreso dos Deputados, que é onde debería telo feito, instando o Goberno de España, que controla, efectivamente, a Sareb, a que a sociedade cambie de dirección nas súas actuacións.



En canto a impulsar dende o IGVS un servizo de asesoramento, existe xa un Instituto Galego do Consumo e da Competencia e tamén, en todo caso, o labor de mediación do Instituto Galego da Vivenda e Solo coa Sareb dá solución aos problemas dos que pode ter coñecemento.

Presentamos dende este Grupo Parlamentario Popular unha emenda que, salvo o que sinalei, mantén o texto da súa iniciativa cunhas matizacións que penso que poden ser asumibles.

O informe ao que se fai referencia debe demandarse da Sareb e do Goberno do Estado, como propietario dos inmobles; é a administración que ten capacidade de control e decisión.

Introdúcese que a cesión dos inmobles reúna as condicións de habitabilidade exixidas pola normativa e se empracen en zonas onde exista demanda de vivenda en alugueiro, facendo referencia tamén ao protocolo a que me refería, subscrito en febreiro do 2021 entre o Ministerio de Transportes e a Sareb.

E no último punto, en vez de procurar a continuidade, imos máis aló e solicitamos ao Goberno do Estado e á Sareb o mantemento e prórroga dos contratos de alugueiro existentes.

Se a intención da proposición do BNG é sumar na reiterada reclamación da cesión de vivendas ao Instituto Galego da Vivenda e Solo e solicitar que a Sareb actúe con perspectiva social e interese público, penso que non debería existir inconveniente para que poida ser asumida esta emenda, salvo que o BNG o único que pretenda con esta proposición sexa botar ao lombo da Xunta de Galicia a responsabilidade que lle corresponde ao Goberno de España e escusar os seus socios de goberno.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da proposición non de lei.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Señora Freire, quéixase de que sempre repetimos o mesmo. Eu entendo que a moleste que fagamos un repaso histórico por como se concibiu a Sareb, porque vostedes son os principais responsables da creación desa entidade, pero o pasado é o que ten: (*Aplausos.*) que sempre é o mesmo, non o podemos cambiar. Así que ao feito, peito, e asuman a súa responsabilidade na creación desa entidade.

O que si teño que dicirle é que nos sorprende positivamente que vostedes acepten a parte na que se di que hai que reclamar esa transferencia das vivendas da Sareb para o parque público, sobre todo tendo en conta —como digo— que foron vostedes os artífices de toda esta estafa que foi desmontada paulatinamente desde distintas instancias, e hoxe, cando a verdade aflora de forma irrefragable, pois o Partido Popular súmase a esta reivindicación. Benvido sexa ese cambio de posición. Oxalá puideramos ter certeza de se é un cambio conxuntural agora que vostedes non están no Goberno do Estado ou se realmente é un exercicio de arrepentimento. Pero, en todo caso, insisto en que benvido sexa ese cambio de posicionamento.



O que si que resulta bastante máis inexplicable na súa emenda é a parte na que eliminan da nosa proposta orixinal todos aqueles aspectos que son responsabilidade da Xunta; todos eses bórranos, como se non tivesen nada que dicir ou que facer. Calquera diría que vostedes no que poden actuar non queren facer. E, de feito, no punto onde reclamamos que a consellería faga un informe público sobre cal é o estado, a localización e a evolución do parque inmobiliario da Sareb, o PP propón que o informe o elabore o Goberno do Estado e incluso que o elabore a Sareb, que faga o informe a propia Sareb. Eu non sei se vostedes coñecen que existe un Observatorio da Vivenda de Galicia, que debería encargarse de coñecer e analizar o estado do parque inmobiliario de Galiza e con iso orientar as políticas públicas. (Aplausos.) Que habitualmente non faga o seu labor non significa que exime de que vostedes non coñezan cales son as competencias que ostentan. Esa consellería pode solicitar esa información ao ente, pode solicitar a información á Sareb, pero non pode delegar na Sareb a elaboración dun informe no que se valore cales son os bens inmoables que nos interesa que nos transfiran. Ten que haber unha posición, unha visión de país nunha análise feita pola propia consellería onde se vexa cal é o estado de cada inmoable, onde está localizado, establecer uns criterios para cales son os inmoables que imos solicitar, ¿non? E iso non pode —como digo— quedar delegado na Sareb, ten que ser a propia Xunta quen faga ese informe.

Ademais, é que vostedes din que necesitan solicitar a información á Sareb. Eu quero recordarlles que existe un Censo de vivendas baleiras de Galiza, no que é obrigatorio que a Sareb inscriba todos os seus bens inmoables, é obrigatorio, cun regulamento aprobado polo Partido Popular. Censo de vivendas baleiras.

Por certo, aproveito para dicirlles que levamos máis dun ano solicitándolles ese Censo de vivendas baleiras, no que están inscritos todos os inmoables da Sareb, polo artigo 9 deste regulamento e seguimos agardando, entre outras moitas cousas polas que seguimos agardando. (Aplausos.)

Entón, non sei se vostedes descoñecen que existe ese Censo de vivendas baleiras, onde teñen que estar inscritos todos os inmoables da Sareb, porque vostedes houbo un día en que meteron ese censo baixo chave nalgún caixón da consellería, e como nunca fixeron política con ese Censo de vivendas baleiras, nunca fixeron nada con ese Censo de vivendas baleiras, quizais se lles esqueceu. Ou pode ser que a Sareb non estea inscribindo nese censo, como tiña que ser obrigatorio, os inmoables que ten. Entón, tamén sería responsabilidade da Xunta non poñer as sancións pertinentes.

En todo caso, con esa información, a consellería ten que elaborar —como digo— un diagnóstico sobre ese parque e ten que decidir que inmoables e que solos vai reclamar, con que criterios, e ten que facelo dunha forma pública, para que dunha vez por todas tamén os galegos e as galegas coñezamos cal é a situación dese parque inmobiliario.

E os outros puntos que o Partido Popular propón eliminar da nosa proposta coa súa emenda son os relativos ao papel que ten que cumprir o IGVS fronte ao acoso que están a sufrir moitas familias por parte da Sareb. Neste momento hai ducias de casos por todo o país en que a Sareb está hostigando a veciñanza cun *modus operandi* agresivo. E vostede recoñecía que está *de facto* en moitos casos o propio IGVS prestando un servizo de mediación e de asistencia;



vostede recoñecía que o IGVS fai ás veces ese traballo. O que non pode ser é que o IGVS só reaccione cando eses casos saen na prensa. O que lles estamos pedindo é que ese servizo estea regulado e que haxa un servizo estable por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo para que todas aquelas familias que sufran ese hostigamento por parte da Sareb teñan onde recorrer, (*Aplausos.*) e non que vostedes actúen cando quizais na prensa lles poida saír caro non actuar.

E vostede, con esa aseveración de que *de facto* o IGVS está actuando, recoñece tamén que é unha competencia do propio Instituto Galego da Vivenda e Solo, que ten moito que dicir. Por tanto, non ten sentido que logo vostedes na súa emenda eliminan esta parte da nosa iniciativa, eliminan o que propomos de que o Instituto Galego da Vivenda e Solo medie e dea asistencia a estas familias.

Porque, ademais, recórdolle que vostedes puxeron en marcha un teléfono para denunciar ocupacións. ¿Por que vostedes non son capaces de poñer en marcha un servizo que asesore e que defenda as familias? A vostedes, que lles gusta tanto acudir ás manifestacións antio-ocupación, (*Aplausos.*) ¿por que nunca os vemos acompañando esas familias que están sendo hostigadas pola Sareb e sobre as que pesan ordes de desafiuzamento? ¿Por que nunca están aí? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, vese ben de que lado están.

Tamén pedimos que soliciten a cesión deses inmobles, porque neste tipo de casos onde hai un hostigamento por parte da Sareb non basta simplemente cunha mediación. Ten que haber tamén unha transferencia deses activos inmobiliarios ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, que o IGVS reclame eses inmobles e que se subroque nos contratos para darlles continuidade. Pedimos que vaíamos un pouco máis alá, que non sexa simplemente que o IGVS intente mediar, senón que asuma a transferencia deses fondos e que subroque os contratos, que sería o coherente, por outra parte, coa outra parte da iniciativa cando estamos pedindo a transferencia desas 1.700 vivendas en mans da Sareb.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: —Acabo xa—.

En canto simplemente á emenda do PSdeG, compartimos a maioría de puntos de carácter xeral sobre as políticas de vivenda: máis axudas, máis vivenda pública, pero entendemos que este non é o centro do debate desta lei e que non é cuestión tampouco de darlle ningunha escusa ao Partido Popular para que saia do intento de procura que facemos de chegar a unha unanimidade. Por tanto, non imos aceptar esa parte das emendas, porque son de carácter xeral.

E tampouco compartimos as emendas que eliminan a responsabilidade por parte do Estado, porque o Estado ten moito que dicir, é o responsable, quen ten neste momento a propiedade destes bens inmobles, e non podemos asumir que vostedes intenten a través das emendas eximir de responsabilidade o Estado. E, ademais, recórdolle que a xestión maioritaria do Estado xa está *de facto* dende hai uns meses en que no momento en que o Estado recuperou máis do 50 % do accionariado. Polo tanto, xa non hai máis escusas para dilatar este procedemento para que, dunha vez por todas, se faga esa transferencia de —insisto— 1.700 vi-



vendas en mans da Sareb que están neste momento no territorio galego e que supón incrementar nun 50 % o parque público de vivenda en Galiza.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Rematado o debate neste punto, suspendemos a sesión ata mañá. Que pasen boa noite.


Suspéndese a sesión ás vinte e unha horas do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pardo López, Adrián	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez Domínguez, Fernando	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez López, Daniel	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Noelia	(P)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Porro Martínez, María Corina	(P)
10. Cachafeiro Anta, Belén	(P)	48. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Prado del Río, Paula	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Prado Patiño Jesús Miguel	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Puy Fraga, Pedro	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rey Varela, José Manuel	(P)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. Gómez Salgado, Carlos	(P)	65. Salido Maroño, María Belén	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Santos Costa, Manuel	(P)
30. López Sánchez, Rosalía	(P)	68. Sanz Arias, Cristina	(P)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Seco García, Martín	(S)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Ojea Arias, Eduardo	(S)	73. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Vereza Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

